

TESE DE DOUTORAMENTO

**A MOTO-MECANIZACIÓN
DA AGRICULTURA EN
GALIZA (1939-2000):
POLÍTICAS DE INNOVACIÓN,
MERCADOS E
COMUNIDADES LABREGAS**

Bruno Esperante Paramos

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL
PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2019





DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

**A Moto-mecanización da agricultura en Galiza (1939-2000):
Políticas de innovación, mercados e sociedades labregas.**

D. Bruno Esperante Paramos

Presento a miña tese, seguindo o procedemento adecuado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.*
- 2) No seu caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.*
- 3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide ca versión enviada en formato electrónico.*
- 4) Confirmo que a tese no incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores ni de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.*

En Santiago de Compostela, 10 de outubro do 2019.

Asdo.





AUTORIZACIÓN DOS DIRECTORES DA TESE

**A Moto-mecanización da agricultura en Galiza (1939-2000):
Políticas de innovación, mercados e sociedades labregas.**

D. Daniel Lanero Táboas
D. Lourenzo Fernández Prieto

INFORMAN:

*Que a presente tese, corresponde co traballo realizado por D. **Bruno Esperante Paramos**, baixo a nosa dirección, e autorizamos á súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directores desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.

Asdo.



RESUMO

Esta tese analiza a introdución de tractores nas agriculturas familiares en Galiza entre 1939 e o ano 2000. Para iso, partimos dunha división cronolóxica en base a tres paradigmas de innovación tecnolóxica na agricultura ao longo do século XX.

En primeiro lugar, e baixo o pulo da segunda onda da industrialización a fins do século XIX, mecanízase a agricultura no marco dun paradigma liberal e de economía de mercado. Porén, o golpe de Estado militar de 1936 rompe con estas tendencias e, dende 1939, a Ditadura de Franco tenta construír un paradigma tecnolóxico baseado no fascismo agrario e na autarquía. Mais na década dos corenta e nos cincuenta, a agricultura en Galiza experimenta unha forte crise debido á falta de todo tipo de *inputs* industriais. Situación que se agrava debido á súa exclusión das políticas de moto-mecanización ata os anos sesenta. Por outra banda, a chegada dos créditos norteamericanos nos anos cincuenta á Ditadura fórzana a abandonar os postulados do fascismo agrario e da autarquía. Constrúese dende entón outro paradigma de industrialización da agricultura dende os anos sesenta. De alí en diante, as principais políticas de industrialización defínense cunha confianza cega na tecnoloxía. O éxodo rural e o fortalecemento da agro-industria incentivan unha rápida moto-mecanización da agricultura en Galiza durante os anos setenta.

Non obstante, aquela introdución masiva de tractores agudiza os desequilibrios económicos, sociais e culturais das comunidades labregas en Galiza. Factor que inflúe decisivamente no colapso da agricultura familiar na década dos oitenta e dos noventa, á vez que o Estado español afonda na democracia e se integra na Comunidade Económica Europea.

Palabras chave: Innovación, Cambio Tecnolóxico, Franquismo, Agricultura, Comunidades Labregas, Tractores.



ABSTRACT

This thesis analyzes the introduction of tractors in family farming in Galicia since 1939 to 2000. We start from a chronological division based on three paradigms of technological innovation in agriculture in the twentieth century.

In the first place, under the influence of the second wave of industrialization at the end of the 19th century, agriculture is mechanized in a liberal and market economy paradigm. However, the military coup d'état of 1936 in Spain break with the liberal innovation policies. Francoism try to build a new agrarian fascism paths for agriculture, but the Galician agriculture is in crises during forties and fifties due to the lack of industrial inputs in agriculture. Situation aggravated because their exclusion of moto-mechanization state policies until sixties. For other hand, U.S loans to the Franco Regime during fifties force to leave agrarian fascism and autarky in agriculture, and a new industrial agriculture paradigm is built over this north American influence in Galician and Spanish agriculture since sixties. Thenceforth, the main agricultural industrialization policies are then built, based on an absolute confidence in technology. Migratory movements and agribusiness encourage the moto-mechanization of Galician agriculture quickly in seventies.

However, the massive introduction of tractors will sharpen the economic, social and cultural imbalances of rural communities in Galicia. A factor that decisively influences the collapse of family farming in the 1980s, and 1990s while Spain deepens democracy and joins the EEC.

Keywords:

Innovation, Technological Change, Francoism, Agriculture, Peasant Communities, Farm Tractors.



FINANCIAMENTO

Este tese de doutoramento realizouse cun contrato de traballo concedido en concorrencia competitiva para a formación de doutores da convocatoria do 2014 (Referencia BES-2014-068021). No marco do Plan Estatal de Promoción do Talento e da súa Empregabilidade en I+D+i. Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016. Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Goberno de España. A tese formou parte dun proxecto de investigación titulado: *La Gran transformación tecnológica y social de las agriculturas ibéricas: viejos, nuevos y novisimos paradigmas. 1950-2000*. (Referencia HAR2013-47934-P). Do cal, os profesores Lourenzo Fernández Prieto e Miguel Cabo Villaverde foron os seus investigadores principais.

O investigador obtivo tamén a concesión de tres axudas en concorrencia competitiva á mobilidade de pre-doutorandos para a realización de estadias breves en centros de I+D+i internacionais nas convocatorias do ano 2015 (*Swedish University of Agricultura Science, Uppsala-Suecia*), no 2016 (*Purdue University, Indiana-Estados Unidos*) e no ano 2017 (*Trinity College Dublin, Dublín-República de Irlanda*). Todas financiadas igualmente polo Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016. Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Goberno de España.



AGRADECEMENTOS

Esta tese fíxose viaxando. Foi concibida en Santiago de Compostela no 2015. Ano no que tiven que renunciar a unha prometedora carreira como chef en Dame Street, Dublín, Irlanda (grazas Antonio Montañés e Cristina Fernández). Quizais o que comezou cunha viaxe estaba predestinado a continuar como unha viaxe perpetua. Desta forma foi como acabei pensado nalgunhas partes desta tese namentres atravesaba a rexión sueca de Småland, de camiño á pequena vila de Eksjö (grazas Carin Martiin), alí onde un se pode bañar no lago Hunsnåsen a fins dun mes de agosto do 2016. Tamén lin outras tantas cousas na cidade de Uppsala, Suecia (grazas Mats Morell e Karin Hallgren). Aínda que tamén me dou tempo a escribir moitos borradores no ferrocarril que me levou ata o fiorde de Narvik, en Noruega. Alí non había moita agricultura, mais si pescado salgado.

Volvemos a Galiza, e a tese tivo vontade de cruzar comigo todo o océano atlántico no 2017. Aterramos entón entre os campos infinitos de millo en West Lafayette, Indiana, Estados Unidos (grazas R. Hurt Douglas, Carmen Octavio e Sara Staatz). Volvemos alí a traballar en esquemas da tese a bordo doutro ferrocarril, aínda que desta vez custounos tres días chegar a California (grazas Tom Lovelock). Para o seguinte ano, no 2018 tiven a fortuna de volver sobre a cidade que viu nacer todo isto. Atravesamos o mar de Irlanda e chegamos de novo a Dublín (grazas Katja Bruinch e Victor Puñal). Alí non collemos o ferrocarril, mais si cruzamos a illa para ver o porto de Galway e discutir algunhas hipóteses (grazas Tony Varley). Mais non pensesdes que foi todo viaxar polo mundo. Tamén o fixen na península.

Partes moi importantes da tese redactáronse cruzando as Castelas case en calquera dirección. Probablemente non houbo sitio máis inspirador para facer a tese que a bordo dun tren de *Renfe* vendo pasar as distintas agriculturas da península. Nesas viaxes ao longo destes anos, teño que recoñecer que algúns dos erros leváronse mellor comendo no arroz da Albufera do País Valencià (grazas Carme Serrano). Outras frustracións e traballos intensos de redacción fixéronse á beira do monte de Montserrat, en Catalunya. Mais tamén na vila de Gràcia, en Barcelona (grazas Clàudia Cuchí). De igual forma, viaxei incontables veces a

Madrid, onde probablemente se fixo o traballo de arquivo máis importante. Mais tamén é certo que as xornadas maratonianas en Alcalá de Henares tiñan a súa recompensa (grazas Marisa Escribano, Manuel Asín, Leticia Otero, Sergio Blanco e Eloy Galván).

Xa en Galiza. A cousa ponse seria. Para facer a tese sempre foi todo moito máis doado volvendo sempre á miña aldea. Fuga e retorno. Polo futuro que me deron (grazas a meus pais, miñas irmás, miñas avoas e meus avós. Grazas a toda a familia grande). Mais tamén recibín consellos a miúdo das terras de Lugo. Dende a cidade amurallada ata as ribeiras do Sil, alí onde a matanza do porco aínda conserva todo o seu significado (grazas Telmo Outeiro, Marcos Vázquez e Elena Freire). Por último, a miña segunda casa. Só saben as pedras de Compostela canto da tese hai espallada por todo o rueiro da cidade (grazas Xacobe Rodríguez e Carlos Lixó); canto discutido (grazas Hadrián Ares e Guillerme Vidal); canto compartido (grazas Xabier Durán e Xián Liñares) e canto aprendido (grazas Daniela Ferrández, Lourdes Moreiras, Alba Díaz, Beatriz Corbacho, Bibiana Martínez, Uxía Otero e Xabier Buxeiro). Na cidade de Compostela foi onde obtiven tamén a confianza e o consello necesario (grazas Daniel Lanero e Lourenzo Fernández). Mais tamén onde recibín atención desinteresada e axuda cando a requirín (grazas Lourdes Sestao, Gustavo Hervella).

Grazas, a todas e todos vós. A tódalas persoas que fixeron posible esta tese na administración, nos arquivos, nas bibliotecas ou onde precisase.

ÍNDICE XERAL

GLOSARIO DE SIGLAS...(p – 19)

I. **INTRODUCCIÓN**...(p – 23)

II. Marco teórico: Capitalismo, Innovación e Cambio tecnolóxico na agricultura...(p – 27)

II. I. Teorías da innovación na agricultura...(p – 30)

II. II. Análise dos paradigmas de cambio tecnolóxico na agricultura...(p – 32)

II.III. Paradigma tecnolóxico na agricultura en Galiza do primeiro terzo do século XX...(p – 36)

III. Cronoloxías, xeografías e suxeitos na moto-mecanización...(p – 41)

VI. Estado da cuestión...(p – 45)

V. Metodoloxía, fontes e traballo de campo...(p – 53)

CAPÍTULO 1. FASCISMO AGRARIO E MOTO-MECANIZACIÓN NA AGRICULTURA (1939-1963)...(p – 65)

1.1. Rupturas, grupos e discursos no cambio tecnolóxico na agricultura...(p – 67)

1.2. Políticas de moto-mecanización para os grandes propietarios...(p – 70)

1.2.1. Tractores e capacitación agraria nunha sociedade militarizada...(p – 70)

1.2.2. Políticas de financiamento para a moto-mecanización...(p – 73)

1.2.3. Políticas e sistema de innovación agraria en Galiza...(p – 77)

1.3. Programa Oficial de Adjudicación de Tractores...(p – 80)

1.3.1. Lóxica dunha política reguladora da oferta...(p – 80)

1.3.2. O desigual impacto territorial do programa...(p – 82)

1.3.3. Estrangulamento da demanda de tractores...(p – 86)

1.4. Evolución e análise do mercado de tractores...(p – 89)

1.4.1. O problema da falta de combustibles...(p – 92)

1.4.2. Tractores e moto-mecanización na agricultura...(p – 94)

1.4.3. A importación de tractores...(p – 95)

- 1.4.4. A difícil produción e distribución de tractores...(p – 97)
- 1.4.5. Análise do impacto da oferta de tractores...(p – 104)
- 1.5. Balance do primeiro capítulo...(p – 108)

CAPÍTULO 2. CRÉDITOS E TRANSFERENCIAS TECNOLÓXICAS DOS ESTADOS UNIDOS ÁS AGRICULTURAS NO ESTADO ESPAÑOL (1950-1963)...(p – 113).

- 2.1.From Franco “tha fascist” to Franco “the friend”: relacións políticas da Ditadura cos Estados Unidos...(p – 116)
- 2.2.Créditos e importacións de tractores nun contexto provisional...(p – 119)
 - 2.2.1. A emenda McCarran...(p – 119)
 - 2.2.2. Funcionamento e asignación dos créditos...(p – 122)
 - 2.2.3. Importacións de tractores a cargo dos créditos do Eximbank...(p – 125)
- 2.3.Axuda americana e transferencias tecnolóxicas a gran escala...(p – 131)
 - 2.3.1. Efectos nas políticas de innovación e cambio tecnolóxico na agricultura...(p – 132)
 - 2.3.2. Importacións de tractores a cargo do FOA e do ICA...(p – 137)
- 2.4.Impacto e crecemento do mercado de maquinaria agrícola...(p – 143)
 - 2.4.1. Tecnoloxía estranxeira para o tractor español: Ford, Heinirch Lanz, John Deere e International Harvester...(p – 144)
 - 2.4.2. Articulando o mercado de distribución de tractores...(p – 152)
 - 2.4.3. A festa da modernidade: feiras e concursos de maquinaria agrícola...(p – 160)
- 2.5.Balance do segundo capítulo...(p – 164)

CAPÍTULO 3. AGRICULTURA INDUSTRIAL E MOTO-MECANIZACIÓN DA AGRICULTURA EN GALIZA (1964-2000)...(p – 169)

- 3.1.Tecnocracia e modernización no cambio tecnolóxico na agricultura...(p – 170)
- 3.2.Dominar a terra: concentración parcelaria e o cambio tecnolóxico...(p – 174)
 - 3.2.1. As primeiras concentracións: experimentais, verticais e arbitrarias...(p – 175)
 - 3.2.2. Da política de concentración á de desenvolvemento agrario...(p – 179)
- 3.3.Sistema de innovación e moto-mecanización...(p – 181)

- 3.3.1. Sección VII de Mecanización Agraria...(p – 182).
- 3.3.2. Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias...(p – 183)
- 3.3.3. Servicio de Extensión Agraria...(p – 187)
- 3.3.4. Promoción Profesional Obrera...(p – 189)
- 3.4. Políticas de financiamento para a moto-mecanización...(p – 191)
 - 3.4.1. Creación do Banco de Crédito Agrícola...(p – 192)
 - 3.4.2. Liberalización e final do Banco de Crédito Agrícola...(p – 199)
- 3.5. Evolución e análise do mercado de tractores...(p – 203)
 - 3.5.1. Tractores Barreiros para el campo español...(p – 209)
 - 3.5.2. Tractores John Deere: o caballo gañador...(p – 212)
 - 3.5.3. Tractores Ebro: aux e caída...(p – 214)
 - 3.5.4. Distribución de tractores nun mercado en transformación...(p – 217)
 - 3.5.5. Distribución de tractores en Galiza...(p – 219)
- 3.6. Balance do terceiro capítulo...(p – 225)

CAPÍTULO 4. VÍRACHE O TRACTOR NA EIRA? MOTO-MECANIZACIÓN DENDE ABAIXO...(p – 229)

- 4.1. O quen e os porqués...(p – 233)
 - 4.1.1. Pioneiros, casas fortes e atrevidos...(p – 234)
 - 4.1.2. Tractores en común...(p – 238)
 - 4.1.3. A frustración dos técnicos: os porqués...(p – 242)
 - 4.1.4. Os primeiros tractores a través do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola...(p – 247)
- 4.2. O que, o onde e o como...(p – 254)
 - 4.2.1. Que tractores mercaban?...(p – 254)
 - 4.2.2. Como pagaban os tractores?...(p – 257)
 - 4.2.3. As estratexias de venda...(p – 262)
- 4.3. Terra, traballo e capital. Os cambios no traballo labrego...(p – 270)
 - 4.3.1. Como aprendía a manexar os tractores?...(p – 270)
 - 4.3.2. Concentrar, motorizar e rozar...(p – 280)
 - 4.3.3. Sobre as transformacións do traballo labrego...(p – 283)

4.4. O atraso da modernización...(p – 297)

4.4.1. Moto-mecanización e división do traballo...(p – 297)

4.4.2. Sobre os peches e as emigracións...(p – 301)

CONCLUSIONS...(p – 307)

BIBLIOGRAFÍA...(p – 321)

ÍNDICE DE TÁBOAS...(p – 336)

ÍNDICE DE IMAXES...(p – 340)

ÍNDICE DE GRÁFICAS...(p – 342)

ANEXOS...(p – 343)

FONTES, ARQUIVOS E TRABALLO DE CAMPO...(p – 346)



GLOSARIO DE SIGLAS

<i>ACMA</i>	<i>Archivo Central del Ministerio de Agricultura.</i>
<i>AGA</i>	<i>Archivo General de la Administración del Estado.</i>
<i>ANFAMA</i>	<i>Asociación Nacional de Fabricantes de Tractores y Maquinaria Agrícola</i>
<i>AMCB</i>	<i>Arquivo Municipal do Concello da Baña.</i>
<i>AMCN</i>	<i>Arquivo Municipal do Concello de Negreira.</i>
<i>APL</i>	<i>Arquivo Provincial de Lugo.</i>
<i>BM</i>	<i>Banco Mundial.</i>
<i>BNCA</i>	<i>Banco Nacional de Crédito Agrícola.</i>
<i>BNE</i>	<i>Biblioteca Nacional de España.</i>
<i>CAG</i>	<i>Congreso Agrícola de Galicia.</i>
<i>CAMPSA</i>	<i>Compañía de Arrendataria del Monopolio de Petróleos</i>
<i>CGAT</i>	<i>Comisaría General de Abastecimientos y Transportes.</i>
<i>CSIC</i>	<i>Consejo Superior de Investigaciones Científicas.</i>
<i>CTMSL</i>	<i>Cía Tractores y Motorización SL.</i>
<i>DGA</i>	<i>Dirección General de Agricultura.</i>
<i>DGCCC</i>	<i>Dirección General de Coordinación, Crédito y Capacitación.</i>
<i>DGCA</i>	<i>Dirección General de Capacitación Agraria</i>
<i>DGEA</i>	<i>Dirección General de Economía Agraria.</i>
<i>DGG</i>	<i>Dirección General de Ganadería.</i>
<i>DGM</i>	<i>Dirección General de Montes.</i>
<i>DGMCPF</i>	<i>Dirección General de Montes, Caza y Pesca Fluvial.</i>
<i>DGPA</i>	<i>Dirección General de Producción Agraria.</i>
<i>DLF</i>	<i>Development Loan Foundation.</i>
<i>DOIES</i>	<i>Delegación del Gobierno ante las Industrias Siderúrgicas.</i>
<i>DYPSA</i>	<i>Díaz y Prieto S.A.</i>
<i>ECA</i>	<i>Economic Cooperation Administration.</i>
<i>ENESA</i>	<i>Empresa Nacional de Autocamiones S. A.</i>
<i>FAO</i>	<i>Food and Agriculture Organisation.</i>
<i>FEADER</i>	<i>Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional</i>
<i>FMI</i>	<i>Fondo Monetario Internacional.</i>
<i>FIMA</i>	<i>Feria Internacional de Maquinaria Agrícola de Zaragoza</i>

<i>FOCINSA</i>	<i>Fomento del Campo y de la Industria S. A.</i>
<i>FSE</i>	<i>Fondo Sociais Europeos</i>
<i>GSC</i>	<i>Grupo Sindical de Colonización.</i>
<i>ICA</i>	<i>International Cooperation Administration.</i>
<i>IGE</i>	<i>Instituto Galego de Estadística.</i>
<i>INC</i>	<i>Instituto Nacional de Colonización.</i>
<i>INE</i>	<i>Instituto Nacional de Estadística.</i>
<i>INI</i>	<i>Instituto Nacional de Industria.</i>
<i>INIA</i>	<i>Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias.</i>
<i>LISA</i>	<i>Lanz Ibérica S.A.</i>
<i>MACSA</i>	<i>Música y Arellano S.A.</i>
<i>MOSA</i>	<i>Motor Ibérica S.A.</i>
<i>OCDE</i>	<i>Organización de Cooperación y Desarrollo Económico.</i>
<i>OECE</i>	<i>Organización Europea de Cooperación Económica.</i>
<i>OEEC</i>	<i>Organisation for European Economic Co-operation.</i>
<i>ONU</i>	<i>Organización das Nacións Unidas.</i>
<i>OR</i>	<i>Ordenación Rural.</i>
<i>OSA</i>	<i>Organización Sindical Agraria.</i>
<i>PAG</i>	<i>Plan Agrícola de Galicia.</i>
<i>PHSA</i>	<i>Parés Hermanos S.A.</i>
<i>POAT</i>	<i>Programa Oficial de Adjudicación de Tractores.</i>
<i>ROMA</i>	<i>Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola.</i>
<i>SACA</i>	<i>S. A. Construcciones Agrícolas.</i>
<i>SEA</i>	<i>Servicio de Extensión Agraria.</i>
<i>SGT</i>	<i>Secretaría General Técnica.</i>
<i>SNC</i>	<i>Servicio Nacional de Conservación de Suelos.</i>
<i>SNCA</i>	<i>Servicio Nacional de Crédito Agrícola.</i>
<i>SNCFT</i>	<i>Servicio Nacional de Cultivo y Fermentación del Tabaco.</i>
<i>SNCP</i>	<i>Servicio Nacional de Concentración Parcelaria.</i>
<i>SNT</i>	<i>Sindicato Nacional del Trigo.</i>
<i>SOES</i>	<i>Secretaria General para la Ordenación Económico-Social.</i>
<i>TAMSA</i>	<i>Tractor Agrícola Mecánico S. A.</i>
<i>TESA</i>	<i>Tractores Españoles S.A.</i>
<i>TISA</i>	<i>Talleres Isleños S.A.</i>
<i>UNRRA</i>	<i>United Nations Relief and Rehabilitation Administration.</i>

Á miña aldea.





*"O muiño manual está asociado ao señor feudal,
o muiño de vapor está asociado ao capitalista industrial (...).
As relacións sociais son intimamente inseparables das forzas produtivas.
Ao adquirir novas forzas produtivas,
os homes cambian o seu modo de produción;
e ao mudar o modo de produción e a súa forma de gañarse a vida,
cambian todas as súas relacións sociais".*

Marx, K.: A miseria da filosofía. 1847.

I. INTRODUCCIÓN

Non cabe dúbida ningunha. O tractor converteuse dende mediados do século XX no centro simbólico das grandes transformacións nas agriculturas en Europa. Dende os anos posteriores ao final da Segunda Guerra Mundial, o tractor transformouse nunha máquina versátil e multi-funcións grazas á xeneralización do sistema hidráulico de tres enganches, e ao uso de pneumáticos e motores de explosión mellorados que revolucionaron os traballos agrarios nos campos europeos. Xunto a el, a introdución doutros cambios tecnolóxicos tales como o aumento dos fertilizantes inorgánicos, funxicidas, ou a propia electrificación do rural caracterizaron á terceira onda da industrialización da agricultura. Unha onda definida singularmente pola espectacular ruptura coa agricultura orgánica e de base enerxética solar (Moser e Varley, 2013: 21), (Auderset e Moser, 2016: 147), (Fernández Prieto, 2007: 85).

Mais cumpre concretar. Nesta tese analizamos a moto-mecanización na agricultura en Galiza entre 1939 e o ano 2000. Concretamente, a introdución de tractores nas agriculturas de traballo familiar, aínda que tamén temos en conta a incorporación doutra maquinaria como as colleitadoras ou as moto-segadoras. Mais o noso interese no tractor responde basicamente ao papel central, tanto material como simbólico, que xogou nas explotacións gandeiras

europas da segunda metade do século XX. O tractor como máquina singular forma parte do proceso de moto-mecanización. Concepto que definimos como a substitución de traballo por capital, en forma de maquinaria agrícola motorizada e auto-propulsada nos procesos de produción agraria¹. Por outra banda, os marcos temporais nos que desenvolvemos a nosa análise, son certamente un período cronolóxico complexo, onde se mesturan distintas ondas da industrialización tecnolóxica, con distintos paradigmas tecnolóxicos e, polo tanto, diferentes formas político-institucionais do Estado español ao longo do tempo. Por non esquecer tampouco as diferentes condicións do mercado en tanto que ofertante de tecnoloxía e demandante de produtos agrarios, así como ás propias transformacións das comunidades labregas e súas relación co medio ambiente. Neste marco, o noso obxectivo central foi discutir por que, e como se moto-mecanizaron as agriculturas de pequena propiedade e traballo familiar en Galiza. A que ritmos e en base a que proxectos produtivos e políticos, tratando de identificar que lóxicas seguían, a quen beneficiaban, a quen prexudicaban e a quen excluían². Todo elo, co fin último de comprender os mecanismos do desenvolvemento económico na agricultura e tratar de contribuír en parte ás explicacións do colapso da agricultura familiar en Galiza cara finais do século XX.

Os obxectivos iniciais que nos formulamos vinculámoslos á tradición dos estudos sobre innovación e desenvolvemento económico na agricultura baixo o capitalismo. Dunha forma resumida, mais útil polo do momento, pódese dicir que a innovación e o desenvolvemento económico na agricultura foi interpretado de dúas formas con respecto ao papel xogado pola pequena propiedade familiar. Por unha parte, e dende as posicións máis ortodoxas da economía convencional, as familias labregas de pequena propiedade non aparecían como actores principais. Mais ben, percibíanse como suxeitos residuais do antigo réxime no desenvolvemento do capitalismo na agricultura. Para Galiza, dende os anos setenta en diante a teorización do atraso económico dificultou máis aínda a comprensión dos papeis activos das comunidades labregas na innovación e no cambio tecnolóxico (Beiras, 1981). Isto, xa

¹ Para nós, en termos históricos a mecanización da agricultura é un proceso de cambio tecnolóxico anterior á moto-mecanización. Un cambio tecnolóxico propio da segunda onda da industrialización das agriculturas en Europa dende 1880 ata a Segunda Guerra Mundial.

² As categorías do beneficio, prexuízo e exclusión no análise histórico tomáronse do transcurso da conferencia titulada: El yo en construcción. Ideología e identidade en la historiografía actual. Impartida por Miguel Ángel Sanz e Ramiro Trullén. Moderou: Eider de Dios. En: VI Encontro Internacional da Mocidade Investigadora en Historia Contemporánea. Zaragoza, 8 de setembro do 2017.

que se interpretaba que a agricultura en Galiza mantivéranse ao marxe das dinámicas de produción capitalistas practicamente ata mediados do século XX. Por esta razón, era sinxelo definir ás comunidades labregas como refractarias, medorentas ou irracionais ao cambio técnico.

Porén, esta tese foi criticada e revisada pola propia economía nos anos oitenta (Pérez Touriño, 1983), (Colino Sueiras, 1984). Ademais, na mesma década realizáronse dende a antropoloxía e a historia diversas investigacións que discutían a tese do atraso e do perfil baixo das comunidades no cambio técnico. Pola contra, a través dunha crítica ás teorías neo-clásicas do desenvolvemento económico púñase o foco central nos suxeitos da innovación para demostrar como si actuaban ante o cambio tecnolóxico. De feito, adaptábanse, improvisaban e superaban contradicións na medida das súas posibilidades namentres se substituían as súas formas de produción polas do capitalismo. Algúns exemplos para Galiza en Iturra (1988), Fernández Prieto (1992), Cardesín (1992) ou ben e máis recentemente en Díaz Geda (2013)³.

Non obstante, no noso caso consideramos que un excesivo foco nas capacidades de superar contradicións por parte das comunidades labregas, tamén podería ocultar precisamente as súas incapacidades, que as houbo, polo que nos interesou centrarnos máis nunha análise da innovación dende un punto de vista crítico coas propias comunidades labregas. Ademais, outra das razóns que nos levou a afastar un pouco a lupa dos suxeitos na innovación, foi o risco de encubrir un problema que consideramos maior, o colapso, en tanto que o seu carácter estrutural precede e supera os problemas concretos dos suxeitos⁴. Por todo isto, entendemos necesario abordar a innovación e a moto-mecanización como parte fundamental do proceso de integración vertical das comunidades labregas no capitalismo, e como esta substitución tecnolóxica empobreceu as súas condicións xerais de vida tanto a

³ Outros exemplos para Tras os montes en Portugal en (O'Neill 1984). Para o Condado de Kerry en Irlanda (Shutes, 1989).

⁴ Para a interpretación das estruturas nos procesos históricos sempre nos resultou moi estimulante a conferencia de Braudel na UNAM (México) en 1953: "Mais esa mocidade, esa primavera, esa chama, sen todo o que se atopa de baixo só serían flores sen o chan dun xardín" (2002: 126). Por outra banda, para o concepto do colapso do capitalismo tecnolóxico, recorremos a Macías (2017). No seu libro, pregúntase por que a medida que avanza o progreso tecnolóxico vivimos peor. Segundo Macías, dende a década dos setenta do século XX o capitalismo foi incapaz de alimentar a dinámica auto-sostida de acumulación de valor real, tendo que recorrer cada vez máis á produción de capital ficticio. Desta forma foise pospondo o seu colapso, mais con elo non se fixo máis que aumentar as contradicións explosivas (tal e como vimos na crise do 2008). No medio do optimismo tecnolóxico co que nos seducen constantemente os medios de comunicación, o que se oculta, é que a produción de valor, a razón deste sistema, alcanzou o seu límite absoluto (Macías, 2017: 7-8).

nivel económico, como social como cultural. Neste contexto, o des poboamento do medio rural dos anos noventa, non sería máis que un síntoma do colapso da agricultura de traballo familiar⁵.

A nosa hipótese orixinal devén pois de considerar ao proceso de moto-mecanización como factor que contribúe, mais que soluciona, a quebra estrutural das pequenas agriculturas familiares. Fundamentalmente debido á inadecuación duns itinerarios tecnolóxicos pouco adaptados aos modos sociais de produción predominantes e ás estruturas da terra na agricultura en Galiza. Nisto, as políticas desenvoltas polo Estado español, xunto co mercado, tiveron unha responsabilidade directa en tanto que actores principais da definición das liñas de innovación para a agricultura. É por iso que nos tres primeiros capítulos analizamos fundamentalmente tanto as políticas de moto-mecanización do Estado, como a composición e evolución do mercado de tractores. Nomeadamente, examinamos as lóxicas do sistema de innovación estatal, incluíndo as relacións e impactos derivados do financiamento e das transferencias tecnolóxicas norteamericanas á Ditadura nos anos cincuenta. Por outra banda, analizamos os mercados, en plural, debido ás significativas transformacións que este experimenta tanto no tempo, como na súa organización vertical. É dicir, fixándonos tanto no mercado de tractores a nivel estatal, como a nivel rexional ou comarcal. Por último, tan só no derradeiro capítulo, o cuarto, viramos o foco cara as comunidades labregas. Neste caso, o obxectivo foi demostrar cun análise micro o escaso marxe dos suxeitos para moverse nunhas liñas xa pre-establecidas de cambio tecnolóxico na agricultura.

⁵ Para un análise cualitativo dos cambios demográficos no rural durante a Ditadura franquista e a democracia no Estado español en Collantes e Pinilla (2011).

II. MARCO TEÓRICO: CAPITALISMO, INNOVACIÓN E CAMBIO TECNOLÓXICO NA AGRICULTURA

Para discutir polo concreto as nosas hipóteses tivemos que afondar nos debates históricos de fondo entre o capitalismo e a agricultura. Discusións mantidas con especial intensidade a comezos do século XX na denominada cuestión agraria. A idea dominante daquela era que o capitalismo acabaría coas formas de produción da pequena agricultura de traballo familiar. Véxase Kautsky (1899) ou Lenin (1899)⁶. Mais foron precisamente as pequenas agriculturas de traballo familiar as que se viron reforzadas á saída da crise agraria de finais do século XIX. Dende entón, a pequena propiedade agraria espertou un maior interese analítico, sendo Chayanov un dos referentes máis destacados (1925). Porén, reprimido na Unión Soviética e esquecido dende entón, os estudos labregos non se reactivaron ata a recuperación das súas teorías por parte de Shanin (1976). A maior aportación destes estudos labregos, nos que incluímos a Servolin (1979) ou a Faure (1981), era a definición da economía labrega como unha forma de produción diferente aos modos de produción capitalistas. Iturra definía esta economía como aquelas formas económicas dos pequenos propietarios libres, e que como axentes económicos vendían a súa produción ao mercado coa finalidade de seguir producindo. Facían ademais sendo propietarios da maioría dos medios de produción, á vez que combinaban o gasto de traballo familiar co veciñal. O

⁶ Para a Kautsky e os primeiros traballos de Lenin, a pequena produción labrega era un sector produtivo residual que condicionaba o desenvolvemento económico do sistema e da industria en particular. Así, desenvolvemento agrario e crecemento económico adoitaba entenderse coo obxectivos incompatibles co mantemento da agricultura labrega. Polo que a desaparición da mesma considerábase un signo de progreso económico (Colino e Pérez Touriño, 1983: 53). Pola contra, o modelo de desenvolvemento capitalista na agricultura asociábanse ás grandes explotacións, nas que traballarían de forma asalariada os antigos labrego propietarios. Pola contra e para Chayanov, a pequena produción labrega constitúe en si mesma un modo de produción labrega diferente, e baseada na produción agraria para a satisfacción do consumo familiar. A familia labrega moveríase nun balance entre gasto de traballo e consumo familiar. Máis alá diso, nun modo de produción labrego non interesa o grado de explotación da súa forza de traballo (Pérez Touriño, 1983: 47-60).

obxectivo da economía labrega non estaba pois na produción de valores de cambio, como nunha economía de mercado, senón que na produción de valores de uso (1988:17-18).

Por iso, o paradigma da agricultura industrial intensificaba as contradicións xeradas pola maior esixencia de produción de valores de cambio, cousa que provocaba unha tensión no funcionamento da economía labrega (Iturra, 1988: 17). O que ocorría de fondo nese proceso eran as integracións verticais das producións labregas. Colino tíñao definido como un proceso desenvolto entre 1960 e 1980 en Galiza. Nese tempo, asentábase unha grave asimetría na distribución do poder de mercado no sector primario. Por unha parte, fortalecíase o valor engadido na fase do procesado, controlado pola agro-industria, así como pola distribución feita polos comerciantes. Nese marco producíase sistematicamente unha expropiación do valor xerado polas comunidades labregas cara as rexións españolas onde residía o capital obtido polas empresas que formaban o complexo agro-industrial (Colino, 1984: 75)⁷. Desta forma, o capital comercial e industrial acababa dominando completamente a produción agraria concibida como un proceso total (Banaji, 2016: 422). Deste xeito, as agriculturas de traballo familiar non se extinguían baixo o capitalismo, senón que se integraban como unidades necesarias para a propia supervivencia das agro-industrias en tanto que capitalistas industriais e comerciais. A mediatización que facían da súa produción, marcando que, e como debían producir en base a unhas pautas de calidade e seguridade alimentaria moi rixidas, acabou por imporlles ás familias labregas o uso de tecnoloxías que os convertían en meros técnicos que executaban plans de traballo. A contradición fundamental, pois, sería a relación que se creaba entre a agro-industria, a tecnoloxía que se empregaba, e as familias labregas de pequena propiedade (Banaji, 2016: 412-413)⁸.

Noutras palabras, a liquidación da autonomía das familias labregas propietarias viría certificada polas esixencias do capital, ben a través das políticas agrarias, ben a través do cambio tecnolóxico que acabaría determinando as súas producións. Por esta razón, a

⁷ Ese trasbase de capital era causa fundamental da diáspora do pobo galego, segundo Colino, xa que o drenaxe da forza de traballo era consecuencia da previa explotación da economía rural galega polas forzas dominantes do capitalismo español (Colino, 1984: 75).

⁸ Para Iturra, esta contradición reflectíase en termos abstractos pola superioridade que alcanzaba a produción de bens de cambio, sobre a produción de bens de consumo. Este, máis que outro, semellaba ser o factor de maiores relevancia para a organización da economía labrega. Dende entón, as casas labregas debían distribuír os recursos na constante contradición permanente da produción cara o consumo familiar e cara o mercado. O obxectivo sería superar as deficientes condicións materiais que se derivaban dun intercambio coa economía de mercado, á que os labregos lle vendían a produción (Iturra, 1988: 17)

producción agraria familiar experimentaba un proceso no cal o ingreso pola venda de leite, por exemplo, acabou por transformarse nunha remuneración de características salariais, por contía e constancia. En consecuencia, e aínda que as familias conservasen a nivel formal a propiedade dos tractores ou das vacas, na realidade, a súa propiedade xa non lles pertencería en tanto que traballadores asalariados⁹. Nesta situación, a propiedade formal ou xurídica dos medios de produción tan só sería unha aparencia que xoga un papel ideolóxico clave no control da súa subordinación (Pérez Touriño, 1983: 127-128)¹⁰.

Precisamente nesta conxuntura, entre a intersección dunha economía labrega a outra de mercado é onde queremos situar os análises da lóxica do cambio tecnolóxico e a moto-mecanización do traballo labrego. Punto onde se xera o dinamismo das comunidades labregas para adaptarse, improvisar e superar as contradicións ás que se ben forzadas ante un proceso de evidente subordinación ás economías de mercado (Iturra, 1988: 18). Como sinalamos, en termos históricos a moto-mecanización prodúcese de forma intensa e clara na agricultura en Galiza a partir de 1960 en diante. Polo que a introdución de tractores explicaría mellor encaixándoos no afondamento das economías labregas nas lóxicas da economía de mercado¹¹. Nese marco, o cambio tecnolóxico non sería máis que o desenvolvemento das forzas produtivas, aínda que non de tódalas forzas nun sentido xenérico, xa que si ben podíanse desenvolver unhas, non afectaba a todas por igual, podendo incluso deprimir determinadas forzas ou destruír e malgastar outras (Vence, 1995: 2-5).

Cabe destacar, por último, que a moto-mecanización é só parte concreta dun conxunto de cambios tecnolóxicos mais amplos, dado que como sinala Soto, a miúdo tense confundido algúns cambios concretos como a introdución de biotecnoloxías, ou tamén denominadas

⁹ O mellor exemplo concreto que se pode dar deste mecanismo foron as instalacións dos centros de frío para o leite. Xa que estes adoitaban ser propiedade das empresas de transformación, e logo arrendados aos labregos quen, se pechaban, tiñan que devolver o centro de frío ao seu propietario último.

¹⁰ Sobre a integración vertical fixemos referencia aos de Banaji (2016), así como ao libro de Pérez Toriño (1983). Mais na realidade, as referencias destes autores liganse aos clásicos dos estudos labregos dos anos setenta como Wolfe (1976), Shanin (1976), Servolin (1979), Faure (1981) ou Bernstein (2009).

¹¹ En termos abstractos, o cambio tecnolóxico é o mecanismo polo que se produce máis na mesma cantidade de tempo de traballo abstracto (o que constitúe a substancia do valor das mercadorías nos modos de produción capitalistas). Por esa razón é pola que o cambio tecnolóxico provoca unha caída constante do valor das mercadorías producidas. Fundamentalmente ao empregar capital por traballo e reducir así o tempo de traballo socialmente necesario implícito nas mercadorías. En consecuencia, os produtores vense abocados a unha competición cada vez maior por unha masa de volume de valor que decrece constantemente. Ante esa situación, a única maneira de compensar esa caída de valor sería a través da expansión do mercado vendendo máis, ou xa ben abaratando as mercadorías, ou xa ben fortalecendo a capacidade da demanda (Macías, 2017: 37).

Revolución Verde, co conxunto dos cambios tecnolóxicos da agricultura industrial. É por iso que o último termo resulta máis axeitado para definir ao conxunto dos cambios tecnolóxicos producidos en Galiza dende os anos sesenta (2011: 52).

II. I. Teorías da innovación na agricultura.

A innovación ímola definir en primeiro lugar no sentido *shumpeteriano* de mecanismo central do panorama da vida capitalista. Dado que é a innovación máis que calquera outra cousa a responsable da caída dos custes de produción e, polo tanto, causa directa de desequilibrios, crises económicas e competencia encarnizada¹². Polo miúdo, a innovación concrétase a través da introdución de tecnoloxías alternativas, mais tamén polo uso distinto diferente que se pode facer delas, ou ben pola aplicación variada de formas e organizacións da produción, alternando forzas produtivas ou materiais en grados variables (Vence, 1995: 108-109).

Mais para definir a innovación en relación con contextos históricos e xeográficos concretos, recorreremos aos seguintes traballos que nos serviron para fixar as singularidades do análise da innovación na agricultura. Estas investigacións foron fundamentalmente ás de Fernández Prieto (2000, 2001, 2007), Fernández Prieto e Pujol (2001) e tamén Calatayud, Pan-Montojo e Pujol (2002). Textos críticos cos análises da innovación dende as teorías neoclásicas da economía. Por exemplo, cando sinalan o problema de poñer o foco do análise da innovación nos custes de produción. Cousa que non basta para explicar os cambios técnicos na agricultura (Fernández Prieto, 2000: 239). Ademais, o instrumental econométrico adoitaba provocar algúns espellismo derivados das interpretacións feitas das taxas de crecemento e das macro magnitudes (Fernández Prieto, 2001: 23). Con todo, tamén se tendía a desatender o factor político-institucional no funcionamento do cambio técnico, á vez que xurdían confusións de forma frecuente ao obviar as diferenzas entre horizonte tecnolóxico e tecnoloxías socialmente dispoñibles¹³, así como tamén a ignorar as restricións ambientais nas que se aplican (Fernández Prieto e Pujol, 2001: 60-61).

¹² Para Shumpeter, a innovación era facer as cousas de xeito distinto no ámbito da vida económica. Un mecanismo propio do capitalismo que, por outra parte, definía como aquela forma da economía de propiedade privada no que a innovación era levada a cabo por medio de diñeiro tomado en préstamos, que en xeral, aínda que non por necesidade lóxica, implicaba a creación de crédito (2002: 193).

¹³ O horizonte tecnolóxico defínese segundo Shumpeter por ser o abanico de elección dentro do cal se escollía libremente, sendo que ademais as razóns da escolla tecnolóxica defíníanse exclusivamente en termos de

Por outra banda, sinalan estes autores, o análise da innovación na agricultura tiña outro referente na teoría dos factores de produción de Ruttan e Hayami (1989). Neste caso, baseaban a explicación da innovación na agricultura en relación á dispoñibilidade de dous factores de produción claves: a terra e o traballo. A innovación empregábase nesta liña para suplir a falta, ou ben cubrir a necesidade de producir máis con menos dispoñibilidade de traballo ou factor terra. Por exemplo, a moto-mecanización sería claramente unha innovación aforradora de traballo, polo que tería máis sentido alí onde ese factor fora escaso, por exemplo as grandes chairas norteamericanas no século XIX. Por outra banda, as innovacións biolóxicas serían aforradoras de terra. É dicir, máis aplicadas alí onde ese factor era o principal limitador da produción como no Xapón, ou ben, na Galiza de comezos do século XX (Fernández Prieto, 2000: 241). Porén, os niveis de dispoñibilidade destes factores tampouco explicaba, por exemplo, nin os ritmos nin as formas de aceptación das tecnoloxías por parte das comunidades labregas. Polo que en consecuencia non se alcanzaba unha explicación integrada de todo o proceso. Xunto ao anterior, a teoría de Ruttan e Hayami tampouco era suficiente para explicar os graos de adecuación física, ou da viabilidade económica das tecnoloxías producidas por mercados que moitas veces eran alleos ás realidades locais (Fernández Prieto, 2001: 100-101).

En último lugar, estes autores referíanse tamén ás propostas da economía evolutiva para completar o elenco teórico do análise da innovación e do cambio tecnolóxico na agricultura. Fundamentos que se viñan elaborando dende os anos noventa como alternativas ás propostas da economía máis convencional. Agora, a tecnoloxía e o marco político-institucional situábase nun punto central das explicacións do desenvolvemento económico. Ademais, engadíase á perspectiva histórica aos análises da innovación, cousa que facilitaba unha evidente relación coa Historia Agraria (Fernández Prieto, 2007: 24). Desta forma, o cambio tecnolóxico e a innovación analizábanse como variables internas da actividade económica e con dinámica propia. Rexeitábanse os análises únicos en función das dotacións existentes de recursos e prezos relativos xerados nos mercados, e engadíase ao

rendibilidade e previsión (2002: 78). Non obstante, á definición de Shumpeter habería que engadir a influencia do contexto histórico, así como do papel do Estado na configuración dos distintos horizontes tecnolóxicos. Desta forma, a definición do horizonte tecnolóxico acércase máis ao concepto das ondas de industrialización caracterizadas por un conxunto de tecnoloxías e enerxías dominantes. Mais isto non significa que sexan tecnoloxías socialmente dispoñibles, xa que estas son só o conxunto de procesos produtivos que se poden usar ou non nun determinado momento do tempo (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 15).

análise da innovación outros factores de índole institucional ou medioambiental difíciles de avaliar con indicadores económicos tradicionais (Fernández Prieto e Pujol, 2001: 60-61).

II. II. Análise dos paradigmas de cambio tecnolóxico na agricultura.

En base ás teorías anteriormente expostas, e seguindo os modelos de análise de Fernández Prieto e Pujol (2001), ou ben Calatayud, Pan-Montojo e Pujol (2002), debullamos a continuación a serie de axentes e factores que inflúen na configuración dos paradigmas tecnolóxicos na agricultura, pondo obviamente o foco nos procesos de moto-mecanización. Os paradigmas ocupan un lugar central na tese, e definen o conxunto de tecnoloxías e formas de produción agrarias, configuradas tanto pola sociedade que as adopta, como condicionadas polo medio ambiente na que se aplican, orientadas polo marco político-institucional que as define, e producidas ou mediatizadas polo mercado en tanto que as oferta ou incentiva mediante a demanda dunha determinada produción agraria (Fernández Prieto, 2007: 87). Paradigmas históricos nos que se definen os itinerarios do cambio tecnolóxico. É dicir, o conxunto de técnicas particulares que se elixen en diferentes unidades de produción ao longo do tempo, e nun contexto dinámico caracterizado pola permanente transformación das constelacións de técnicas dispoñibles (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 15).

Mais con certeza, tal e como apunta Shumpeter, hai que ter en conta tamén os factores externos que inflúen na innovación e na definición dos paradigmas. Por exemplo, catástrofes ambientais ou guerras rompen a dinámica económica. Neste sentido, a Guerra Civil española rompe coas tendencias e formas de innovación do primeiro terzo do século XX, á vez que afecta gravemente ás posibilidades das comunidades labregas para abordar a innovación dunha forma ou outra (2002: 195). Mais por fortuna, as guerras ou as catástrofes son fenómenos relativamente illados e, a innovación, como sinala Rosenberg, adoita producirse máis ben a través de minúsculas innovacións que crean os contextos nos que se producen os grandes saltos técnicos e que, na realidade, non son máis que o resultado de coñecementos acumulativos (1993: 6-7).

Mais ben, os paradigmas tecnolóxicos na historia identifícanse en primeiro lugar polo marco político-institucional. Noutras palabras, o Estado, ao que se apunta recentemente dende a economía evolutiva e a historia agraria na súa relación íntima como precursor da innovación e do desenvolvemento das formas de produción capitalistas ao longo do século

XX¹⁴. Segundo Fernández Prieto, o Estado non só forma e xera coñecemento e enxeñeiros, senón que tamén prove boa parte da innovación a través dos sistemas estatais de innovación (2007: 25). Cousa que se xera na maioría dos países europeos para afrontar os desequilibrios e quebras económicas provocadas pola crise agraria de finais do século XIX. Dende entón, o Estado complementa e incluso chega a suplantar a totalidade das forzas produtivas do mercado na innovación (Fernández Prieto, 2007: 17-19). O Estado regula ademais os sistemas de transferencia das innovacións dende o mercado, ou os centros científico-técnicos da innovación cara o campo. Un exemplo é o modelo do *Servicio de Extensión Agraria*. Se ben, tamén se considera que as propias comunidades labregas dominan parte dos mecanismos finais de adaptación tecnolóxica no campo. Polo que a definición dos paradigmas de transferencia tecnolóxica varían enormemente segundo as políticas máis ou menos intervencionistas do Estado (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 24). Por último, as políticas estatais de innovación poden amosar tamén as súas enormes carencias e ineficacias. Un exemplo especial para o período de 1939 a 1963, cando Estado subordinaba a economía de mercado e dirixe totalmente a definición e execución do cambio tecnolóxico en condicións paupérrimas e de indixencia orzamentaria (Fernández Prieto, 2007: 81-99). Bastará con coñecer o que significou o *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores* para comprender o peso do factor político-institucional nas posibilidades reais ou non de innovar.

Mais alá do Estado, o mercado é outro dos axentes fundamentais da innovación na súa dobre función de ofertante de tecnoloxía e demandante de produtos agrarios. Dende o noso punto de vista non se pode menosprezar a súa capacidade, xa que como apunta Shumpeter, a dominancia dos modos de produción capitalistas exprésase na constante transformación que o mercado de oferta tecnolóxica fixo historicamente dos consumidores. Por exemplo, os ferrocarrís non xorden por un cambio de gusto na demanda que pasa a preferilos en vez das dilixencias. Pola contra, a maioría dos cambios que tiveron lugar nas mercadorías consumidas foron impostas polos produtores aos consumidores que, a miúdo,

¹⁴ De feito, Rosenberg apunta a David Landes en 1969 en “The Unboud Prometheus”, para ollar como aborda a cuestión de explicar por que se desenvolveu máis rapidamente a tecnoloxía no Reino Unido nos séculos XVIII e XIX. Entre outros factores, apunta Landes, teríase que contar co factor político-institucional. Precisamente, debido á unha regulación política que protexía as iniciativas privadas, xunto con tamén a propia estabilidade política do país (1993: 12). Por outra banda, Carlota Pérez explica as relacións estreitas e necesarias do marco político-institucional como facilitador das canles de financiamento para a innovación na industria no século XX. Cuestión válida tamén para a agricultura. Sobre todo, veremos isto no segundo capítulo dedicado ao financiamento norteamericano (2004: 182-183).

resistíronse aos cambios e tiveron que ser convencidos a través de elaboradas técnicas de publicidade (2002: 50). Dito o anterior, compréndese á relativa dependencia da innovación con respecto ás condicións do mercado, do cal, depéndese para coñecer o grao de tecnoloxía dispoñible dentro dun horizonte tecnolóxico de calquera onda da industrialización¹⁵. Por exemplo, imos ver como o tractor forma parte do horizonte tecnolóxico das agriculturas europeas dende 1945, mais a Galiza non chega a ser, por condicións do mercado e do Estado, unha tecnoloxía dispoñible ata os anos sesenta. Polo tanto, nas condicións da oferta tecnolóxica intervén moitas veces a política reguladora do Estado. Axente que dependendo do paradigma, acompaña, domina ou confía no mercado a definición do cambio tecnolóxico e da circulación do coñecemento científico-técnico (Fernández Prieto e Pujol, 2001: 62).

Do mercado como demandante de produtos agrarios tamén depende o incentivo ou non da innovación e do cambio tecnolóxico. En Galiza, ata que non se consolida unha agro industria nos anos sesenta e se demandan produtos leiteiros, non existen incentivos para mercar tractores e arar prados. Ademais, da propia fortaleza da demanda de produtos agrarios e da remuneración máis ou menos elevada da produción, dependen os maiores ou menores ingresos das explotacións que dispoñen de máis ou menos financiamento para o cambio tecnolóxico e á innovación (Fernández Prieto e Pujol, 2001: 60). Polo concreto, imos ver como a presenza de industrias como Nestlé ou Feiraco determinan a chegada ou non de tractores a segundo que bisbarras en Galiza (Iturra, 1988) ou Lanero (2011).

E chegamos agora ao análise da innovación en relación coa sociedade e as comunidades labregas. A innovación neste caso hai que entendela en relación as particulares formas de organización social e de produción na agricultura. Cousa que marca grandes diferenzas coa dinámica da innovación dos empresarios na industria. No que ten a ver coas formas de organización social, por exemplo, imos comprobar como non foi o mesmo a práctica innovadora namentres foron legais as sociedades agrarias no primeiro terzo do século XX, que a innovación no contexto da inutilidade do sindicalismo agrario vertical do franquismo nos anos corenta en diante. A innovación depende pois da sociedade e da súa organización. Concretamente, non son iguais os procesos de adaptación tecnolóxica

¹⁵ A oferta industrial depende tamén das relacións entre industrias. Cousa que para a introdución de tractores tivo unha particular importancia debido á cantidade de materiais e industriais auxiliares que requiriron da súa fabricación. Rosenberg sinala esta cuestión como outro dos mecanismos sutís da innovación, facendo fincapé na estrutura de dependente da oferta, cos medios de transportes e a dispoñibilidade das enerxías (1993: 81-83).

individual, que por arrendo ou de forma colectiva (Fernández Prieto, 2001: 105). As innovacións que se xeran no mercado e se impulsan polo Estado, chegan ademais á sociedade a través de canles para a transferencia de cambios tecnolóxicos concretos que precisaron a miúdo de saberes codificados. Mais a innovación tamén foi posible sen a presenza do Estado nin do mercado, podendo xerarse na sociedade sen necesidade de coñecementos letrados. É dicir, a través da práctica cotiá e do traballo tradicional. Noutras palabras, a través do *know-how*, *learning by using*, *learning by doing* (Fernández Prieto, 2007: 26)¹⁶. Nesta liña, xa citamos como os modelos de transferencias da innovación do Estado varían dependendo da importancia que se lle dea aos suxeitos na adaptación tecnolóxica. Mais polo xeral, esqueceuse a miúdo ou menos valorouse a capacidade das comunidades labregas para condicionar o traballo científico-técnico dos enxeñeiros agrónomos (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 26-27).

A concreción final da innovación depende nun alto grado da capacidade ou da posibilidade da aceptación e adaptación que os suxeitos fan dela. Adaptación entendida como a estratexia das comunidades labregas para responder á penetración do capitalismo, controlando ou cando menos mediatizando o proceso, mentres teñen a capacidade e a articulación necesarias para facelo (Fernández Prieto, 1992: 187). Se non ven claras as expectativas, refusan á innovar non por un carácter refractario, senón que pola defensa das súas formas de produción que lles garante o control da reprodución social da súa familia (Fernández e Pujol, 2001: 76). Mais neste caso, tamén cumpre ter en conta relacións socioculturais do ámbito do fracaso, das envexas, dos ridículos, da reciprocidade ou do prestixio¹⁷. Sentimentos que se perciben mellor nos traballos antropolóxicos en Iturra (1988), Cardesín (1992), Díaz Geda (2013) ou Martínez Álvarez (2018).

No ámbito da sociedade é onde se pode analizar tamén os instrumentos que marcan saltos cualitativos importantes no nivel de aceptación de cambios tecnolóxicos. É por iso que analizamos os instrumentos de intermedio, incentivo e canais de transferencia dos cambios tecnolóxicos. Entre eles: os sistemas de créditos e os recursos de financiamento do cambio

¹⁶ De feito, a innovación tecnolóxica desenvolveuse durante séculos sen asistencia da ciencia e só dependendo do resultado da acumulación empírica da experiencia. Por isto, a falta de coñecemento científico non representa un obstáculo insuperable (Rosenberg, 1993: 147).

¹⁷ Factores socioculturais que non son propios das sociedades rurais, nin típicas de sociedades pretendidamente pre-capitalistas. Estes comportamento sociais tamén son propios da sociedade urbanas e pos-moderna nas que se elixe entre Mac ou Microsoft por unha cuestión de prestixio.

tecnolóxico. Ademais a innovación na sociedade depende en moitos casos da relación que teñan co mercado de demanda de produtos agrarios. Cousa que xa sinalamos, mais tamén hai que ter en conta as fontes de ingreso alternativas ás xeradas pola agro industria. Por exemplo, os movementos poboacións como a emigración facilitan o cambio tecnolóxico a través do retorno de recursos económicos. Factor este último importante como veremos para sinalar a forma da adquisición de tractores en Galiza (Fernández Prieto, 2000: 243). Por último, cabería destacar que determinadas canles da innovación contrólanas as propias comunidades a través dos concursos locais, das feiras e dos espazos de sociabilidade típicos das aldeas como a taberna ou o pallal. Destes ámbitos dependen moitas veces a consolidación dos efectos do *technology pull* de Rosenberg¹⁸. Concepto que ven a significar a hexemonía dos itinerarios tecnolóxicos, ou ben nunha definición informal, a forma na que zoan os ventos a favor de determinadas innovacións (Fernández Prieto, 2000: 259).

Para rematar, no análise da innovación non podemos obviar o marco medioambiental, xa que adoita limitar de forma significativa a dirección das innovacións (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 30). Especialmente no caso galego imos ver como o pequeno tamaño das parcelas e das explotacións constitúe un verdadeiro hándicap da moto-mecanización. Non só porque non viren os tractores nas eiras, senón porque a propia configuración e organización da produción agraria limita a capacidade de financiamento de custosa maquinaria. Por exemplo, non obtendo as comunidades unha remuneración suficiente da produción de cereais nas agras. Mais tamén, porque as propias agras dificultan a moto-mecanización tal é como se dou. É dicir, de forma individual e non cooperada. Por outra parte, o propio relevo e orografía constitúen outros elementos a ter en conta. Elementos que se acentúan se o mercado non está disposto a adaptar a tecnoloxía a eses requirimentos ambientais e produtivos. Cousa que efectivamente se da nos anos sesenta cando a tecnoloxía se impón ao factor ambiental (Fernández e Pujol, 2000: 63).

II. III. Paradigma tecnolóxico na agricultura en Galiza do primeiro terzo do século XX.

Unha vez que definimos as bases teóricas e os conceptos centrais da tese, cremos preciso definir as características do paradigma tecnolóxico que se desenvolve entre 1880 e

¹⁸ As melloras acumulativas é un concepto que se refire ás transformacións obtidas da experiencia prolongada no uso das innovacións e na súa experimentación. Cousa que adoita proporcionar información útil ao que adopta a tecnoloxía (Rosenberg, 1993: 128).

1936 en Galiza. Aínda que non forma parte do corpo central da tese, pesamos que é necesaria a súa descrición para ter en conta a historicidade dos cambios tecnolóxicos anteriores a 1939. Buscamos con isto evitar presentismos tan comúns nas percepcións que se teñen sobre a agricultura e a tecnoloxía durante o franquismo. Visións reforzadas polo mito do atraso da agricultura tan útil ao franquismo para lexitimarse no poder.

A conformación histórica do paradigma do primeiro terzo do século XX, ten a ver coa segunda onda da industrialización. Concretamente debido á introdución de cambios tecnolóxicos que facilitaron a aceleración da velocidade da circulación de mercadorías polo mundo. Por exemplo, co uso de transportes marítimos máis rápidos, o uso de frigoríficos industriais, ou ben a construción de ferrocarrís. Isto provoca unha globalización do mercado de alimentos que afecta ás comunidades labregas, quen comezan a obter prezos do mercado que non teñen nada que ver co valor do producido. É dicir, a masa de valor que reciben non depende do traballo empregado, senón que do prezo que reciben dun mercado competitivo (Macías, 2017: 73).

Da crise económica na que se afunden as agriculturas europeas confórmase segundo Fernández Prieto, os sistemas estatais de innovación co obxectivo de apoiar e fomentar a innovación produtiva (2007: 91). Xunto co marco político-institucional que apoia a creación dunha rede de centros de investigación para a innovación, outros factores que caracterizan ao paradigma tecnolóxico do momento están ligados a un cambio na orientación do mercado de maquinaria agrícola. Ofértase agora e non antes unha maior gama de maquinaria susceptible de ser adoptada non só polos grandes propietarios, senón que tamén polas medianas e pequenas familias labregas. De feito, ata o de entón a oferta de maquinaria desenvolvíase case en exclusiva nos Estados Unidos co obxectivo posto nos grandes produtores das chairas do cinto do millo¹⁹. Mais para comezos do século XX aparecen cada vez máis empresas de maquinaria en Europa que buscan situar a produción de maquinaria nos pequenos e medianos produtores. Aumentan así as producións de pequenas máquinas de mallar con motores de gasolina, vesos, sementadoras etc. (Fernández Prieto, 2001: 117). Se

¹⁹ Nas agriculturas dos Estados Unidos xa se viñan producindo cambios tecnolóxicos de importancia no período de 1790 a 1865. Caracterizáronse sobre todo por un re-emprazo dos arados de pau polos de ferro, introdución de máquinas de sega mecanizadas, gadañas, anciños mecánicos e introdución de motores de vapor. Se ben, incluso alí os farmers eran contrarios a adaptar tecnoloxías que non coñecían, polo que as empresas despregaban estratexias de publicidade en feiras, demostracións e xornais. En liñas xerais, non se mercaba máis que a maquinaria indispensable e ao prezo máis barato (Hurt Douglas, 1982: 5).

ben, cabe destacar que a consolidación do uso de enerxías fósiles na industria e no comercio durante as primeiras décadas do século XX, non repercute do mesmo xeito na agricultura. Non se rompe así coa base enerxética da agricultura orgánica, xa que só se xeneraliza a mecanización da maquinaria agrícola e de forza de tiro animal (Fernández Prieto, 2001: 38-39).

Outro dos cambios resultantes do novo período é que xa sinala o cambio da oferta de maquinaria, é a transformación dos suxeitos da innovación. Estes pasan de ser os grandes propietarios innovadores e ilustrado de mediados do século XIX, ás pequenas e medianas familias labregas propietarias, ou en vías de propietarización da terra que non centra cada vez máis parte da produción para o pago de rendas, senón que para a venda de mercadorías nun mercado. Fano ademais de maneira asociada, dado que irrompe con forza o agrarismo como un movemento social e político que posibilita a condución das innovacións pola vía da adopción colectiva mediante sociedades agrarias, mutuas, cooperativas e sindicatos (Fernández Prieto, 2000: 244). Mais cumpre lembrar, ademais, que as liñas preferentes da innovación na agricultura en Galiza durante o primeiro terzo do século XX, non son precisamente a adopción de maquinaria agrícola, senón que as innovacións biolóxicas e xenéticas dos cultivos e do gando. É dicir, innovacións dirixidas ao aforro de terra, e non tanto de traballo que, en calquera caso, emigra. Son precisamente os retornos económicos e tamén sociais e culturais da emigración un dos factores que reforzan os cambios tecnolóxicos producidos. Especialmente polo financiamento das innovacións, mais tamén pola formación organizativa que traen en moitos casos do sindicalismo en América.

O importante, en definitiva, é destacar que ao longo do primeiro terzo do século XX desenvólvese un paradigma tecnolóxico no que se mecanizan partes importantes do traballo na agricultura. Nomeadamente a malla do cereal. Polo demais, as comunidades labregas manteñen unha certa capacidade de mediatización dos cambios a través das organizacións agrarias e políticas. Facendo coexistir ademais na práctica diferentes tecnoloxías procedentes de distintos horizontes tecnolóxicos. Polo que non convén percibir os cambios tecnolóxicos na agricultura de maneira ríxida, senón que máis ben de forma dinámica e porosa. Un exemplo era o mantemento dos arados de pau, que continúan cumprindo funcións específicas nos traballos agrarios namentres se introducen vesos de vesadoiro único ou dobre (Fernández Prieto, 2007: 86-87).

No referido aos tractores, ao longo deste primeiro terzo son anecdóticos en Galiza. Mais tamén en boa parte de Europa, xa que como maquinaria non se xeneraliza nas agriculturas europeas ata o final da Segunda Guerra Mundial. En todo caso, só os países máis industrializados de Europa, e afectados pola Primeira Guerra Mundial tiñan avanzado en certa substitución de capital por traballo nas súas agriculturas. Tal é o caso de Gran Bretaña ou Alemaña, mais tamén Suíza, na que se empregaban programas de motorización na agricultura debido á demanda dos cabalos para a guerra (Auderset e Moser, 2016: 154-155). A década dos corenta marca para Europa unha división clara da segunda cara a terceira onda da industrialización definida precisamente pola motorización da agricultura (Moser e Varley, 2013: 20-21). Mais o que funciona de forma razoable para a división cronolóxica dalgúns países europeos, non encaixa para a interpretación da moto-mecanización na agricultura no caso galego ou español. E os problemas e dúbidas que se xeran teñen a ver fundamentalmente coa experiencia e impacto nas políticas de cambio tecnolóxico do Fascismo Agrario e da autarquía entre 1939 e 1963.

Co golpe de Estado militar de 1936 e a posterior Guerra Civil remátase de forma drástica coas traxectorias de cambio tecnolóxico do primeiro terzo do século XX. O cambio de paradigma certifícase nunha transformación radical de tódolos axentes involucrados na innovación. Por exemplo, paralizase e desmantéllase todo o sistema de innovación agraria do Estado que se tiña construído dende finais do século XIX (Fernández Prieto, 2007: 18). Por outra banda, o mercado tanto de oferta como de demanda afúndese nunha crise sen precedentes. Como veremos, os niveis de produción de maquinaria agrícola non se recuperan ata os anos cincuenta. Numerosos produtores e distribuidores de maquinaria pechan ante a falta constante de materias primas para a produción, polo que se encarece tamén a propia fabricación da maquinaria. Por outra banda, os suxeitos da innovación preferente pasan a ser de novo os grandes propietarios-innovadores ao estilo do século XIX, á vez que a mesma lóxica da innovación deixa de estar na produción cara a economía de mercado, e pasa a producirse cos obxectivos dunha economía autárquica. Nese contexto, as pequenas e medianas familias labregas vense afectadas pola destrución dos canais de innovación do Estado, así como pola represión exercida sobre o tecido asociativo do agrarismo do primeiro terzo do século XX. A alternativa corporativista e vertical da Ditadura, como investigou

Lanero (2011), non chega nunca a cumprir coas funcións e experiencias do agrarismo anterior a 1936.

En definitiva, cumpre destacar que o paradigma tecnolóxico do primeiro terzo do século XX parálizase e transfórmase como resultado do golpe de Estado, da Guerra Civil e do cambio político-institucional. O resultado será unha regresión técnica e produtiva total da agricultura en Galiza debido tanto á falta de fertilizantes, ou sementes selectas e outros *inputs* industriais, como polos efectos negativos dun control excesivo do Estado sobre a agricultura e a comercialización da súa produción mediante a fixación de prezos oficiais (Soto, 2006: 24-25).



III. CRONOLOXÍAS, XEOGRAFÍAS E SUXEITOS NA MOTO-MECANIZACIÓN

A tese comezámola en 1939 co final da Guerra Civil en España e a construción da Ditadura franquista. Confórmase dende entón o paradigma tecnolóxico do fascismo agrario que, en termos de cambio tecnolóxico e maquinaria agrícola en Galiza, non cambia substancialmente nada con respecto aos itinerarios tecnolóxicos que se viñan desenvolvendo dende 1880. É dicir, a mecanización da agricultura en Galiza alóngase sobre dous paradigmas tecnolóxicos distintos en tanto que marcos político-institucionais, de mercado e sociais diferentes, mais non no referido á introdución de maquinaria. Polo demais, as divisións cronolóxicas que usamos veñen definidas polos cambios de paradigma. O primeiro período sería de 1939 a 1963 e, o segundo de 1964 ata o ano 2000. Cabe destacar, que as datas usámolas como referencia e non como cortes drástico. No referido ao ano 2000, a razón desta deriva fundamentalmente dos cambios identificados no marco político-institucional, de mercado e sociais que se experimentan en Galiza e no Estado ao longo dos anos noventa.

No referido aos marcos xeográficos, estes veñen definidos pola necesidade que sinala Soto de facer viable unha análise histórica da agricultura prestando atención aos condicionantes físicos nos que se desenvolve (2006: 44). Como xa temos dito, interésanos a agricultura de traballo familiar en Galiza. Agricultura que se adoita englobar dentro das agriculturas atlánticas da península e que, se ben, caracterízase por un réxime de choivas moito máis favorable que a agricultura mediterránea²⁰, cumpre ter en conta certos problemas de seca no período estival. Outros límites biolóxicos da agricultura en Galiza son a falta de nutrientes, cousa que se acentuada por un clima que aumenta a acidez, e unha topografía que favorece a denudación dos solos con pendentes (2006: 46-51). Os condicionantes anteriores

²⁰ Soto sinala a Ramón Garrabou como o primeiro que apunta ás singularidades da agricultura do mediterráneo, e os efectos negativos de tentar comparala coas agriculturas atlánticas europeas. Garrabou apuntaba diferenzas medioambientais, substantivadas nun solo máis árido e nunha insuficiente pluviosidade. O factor limitador da escaseza de auga, apunta Soto, determina o carácter extensivo da produción de cereais xunto co mantemento dunha cabana gandeira escasa, e unha importante necesidade de estender o sistema de regadíos (2006:46-49).

teñen a ver sobre todo coa agricultura e os cultivos, mais para a moto-mecanización, o que máis nos interesa sinalar é a singularidade da agricultura en Galiza con respecto ao resto de rexións do Estado. É dicir, as dimensións das parcelas, a súa dispersión e o número total de parcelas manexadas polos propietarios.

Táboa 1. Media do número de parcelas/propietario e dimensión en hectáreas das distintas rexións do Estado español. 1962.		
	Nº parcela por propietario	Parcela media Ha.
Andalucía occidental	3,40	5,98
Andalucía oriental	4,06	2,39
Castilla la vieja	14,72	0,53
Castilla la nueva	11,26	1,07
Aragón	7,09	1,78
Levante	4,31	1,44
País Leonés.	16,36	0,47
Catalunya e Illas Baleares	3,29	2,54
Extremadura	5,74	2,84
Rioja e Navarra	11,64	0,54
Galiza	16,59	0,21
País Vasco	4,13	1,01
Canarias	5,98	1,23
Asturias e Santander	8,33	0,73

Fonte: Análisis de la situación del sector agrario. AGA²¹.

A táboa anterior é unha mostra clara do predominio en Galiza da pequena propiedade en comparación con outras rexións do Estado. Para o censo de 1972 as cifras eran as seguintes.

Táboa 2. Evolución número de explotación por tamaño en Galiza.		
	Censo de 1962	Censo de 1972
Menos de 1ha.	157,538	109,503
De 1 a 5ha.	184,957	178,635
De 5 a 10ha.	56,549	58,156
De 10 a 50ha.	32,224	37,424
Máis de 50ha.	1,272	1,366
Total Galiza	432,540	385,084

Fonte: Censo de 1972. INE.

²¹ Análisis de la situación del sector agrario. Aspectos estructurales e insituacionales. Diciembre 1962. Ministerio de Agricultura (11, 1.30, 61/13.111) AGA.

Se ben, a distribución destas explotacións non é uniforme por todo o país. Por exemplo: as explotacións de menos de 1ha eran moito máis abundantes en todas as comarcas próximas ao litoral dende Ortigueira (A Coruña) ata a Guarda (Pontevedra). No caso da provincia de Pontevedra, a concentración era maior nas comarcas do sur lindando con Portugal, mais o número alto de pequenas explotacións tamén se estendían cara as comarcas máis occidentais de Ourense. Concretamente nas comarcas do Carballiño e o Ribeiro (Casal, 1984: 59). Pola contra, as explotacións con maior número de hectáreas concentrábanse no interior da Coruña e Lugo. En concreto, as de entre 10 e 50ha que, por outra parte, era onde primeiro sei intensificaba a produción mediante a moto-mecanización (Soto, 2006: 445).

Tido as consideracións xenéricas en conta, pasamos agora a describir o espazo xeográfico onde desenvolvemos o noso traballo de campo. Centrámolo no Concello da Baña. É dicir, nas terras occidentais da provincia da Coruña, ou nas terras do interior da Costa da Morte, segundo se queira ver. En calquera caso, predominan as explotacións de pequeno tamaño, especialmente as de menos de 1ha. Alí, a especialización leiteira foi hexemónica, como veremos, polo que analizaremos o proceso de introdución de tractores nese marco produtivo específico de pequena propiedade e traballo familiar. Se ben, imos recorrer a comparacións constantes con outros puntos da agricultura en Galiza, así como a outros contextos agrícolas internacionais, mais tamén similares en termos de periferia europea e agriculturas familiares. Un caso é o da aldea de Tras os Montes (Portugal) en O'Neill (1984). E o outro é o dunha freguesía no *County Kerry* (Irlanda) en Shutes (1989).

Quédanos por último fixar a definición dos suxeitos do noso análise. Cuestión capital dada a necesidade de saber quen innova, quen rexeita ou quen adapta os cambios tecnolóxicos que nos interesan (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 29). Cumpre ter en conta que a innovación ademais ten un carácter social e colectivo, mais que individual (Rosenberg, 1993: 59-60)²². Polo tanto, ímonos centrar unicamente en tres niveis distintos da organización social labrega que nos serven para explicar a dinámica da innovación na agricultura. Estes son: dende a organización social máis básica da casa labrega, pasando polos grupos doméstico-veciñais e por último ás comunidades labregas.

²² Rosenberg comenta como Marx insistía no carácter social da tecnoloxía. Dende perspectivas sociais examinábase mellor dende só as aportacións individuais. Mais ben, recoñecía a miúdo os notables avances e contribucións individuais (Rosenberg, 1993: 59).

Por casa labrega entendemos a unidade de reprodución social básica de persoas que viven baixo un mesmo teito mantendo habitualmente algún vínculo familiar. Forma parte da casa a explotación, termo que define a faceta máis produtiva da mesma, así como as propiedades das persoas que a dirixen ou participan dela dalgún xeito. Por exemplo, as persoas de maior idade que adoitan aportar a propiedade das terras; as persoas de idade adulta que aportan a maior parte do traballo e, por último, as persoas mozas que adoitan asegurar o futuro das persoas da casa proporcionando coidados e traballo futuro (1992: 47-48). Se ben, as casas labregas non son en absoluto uniformes nin estáticas. Fórmanse e desaparecen. Fortálécense en número de membros que a compoñen, e tamén debilítanse. As divisións sociais e económicas abundan entre elas, habendo por exemplo casas que van a máis e a menos, casas ricas, modestas e outras humildes. Diferenciacións estas que cumpre ter en conta para non facer demasiado rixido o nos análise (Calatayud, Pan-Montojo e Pujol, 2002: 32).

En canto ao grupo doméstico-veciñal, entendemos ao conxunto de casas labregas que, en palabras de Iturra, requiren de relacións de entre axuda coas demais casas veciñais ou doutras coas que comparten graos familiares para poder manipular medios de produción que só serían viables grazas á cooperación para intercambiar coñecementos, técnicas e recursos (1988: 99). Cardesín remarca que o grupo doméstico pode ser tamén a rede de transferencias de recursos e traballos que unha casa labrega comparte con membros familiares que poden residir fóra da propia comunidade labrega. Por exemplo, dos vellos que viven na aldea e que comparten recursos e obteñen traballo das fillas que viven na cidade (Cardesín, 1992: 119). Por último, a comunidade labrega podería definirse como o conxunto de grupos domésticos-veciñais e que frecuentemente poden equivaler a aldeas ou freguesías. Defínense tamén pola rede de transferencias de traballo e recursos que entre os grupos domésticos-veciñais manteñen co fin de reproducirse socialmente. Díaz Geada engade ademais a notable carga cultural, de memoria e identidade que estas comunidades crean para reforzarse como conxunto (Díaz Geada, 2013: 4-15).

IV. ESTADO DA CUESTIÓN

Esta tese é debedora de varias investigacións que nos serviron de especial referencia para a concepción tanto do proxecto de tese, como para a redacción de cada capítulo da mesma. Inicialmente, como o noso obxectivo era analizar a moto-mecanización da agricultura, comezamos lendo nas interpretacións clásicas sobre a moto-mecanización da agricultura no franquismo en Naredo (1974) e Abad e Naredo (1997). Porén, non tardamos en percibir as diferenzas interpretativas existentes entre as agriculturas de traballo familiar, e aquelas outras de grande extensión de cereal e traballo asalariado. Na tese clásica de Naredo sobre a moto-mecanización das agriculturas de gran propiedade, os salarios e prezos agrícolas tiñan un peso fundamental para explicar os mecanismos de substitución de traballo por capital (1974: 82). Esta interpretación centrada nos factores produtivos repetíase sen grandes variacións noutras publicacións posteriores como a de Ortega Cantero sobre os procesos de mecanización e adaptación tecnolóxica ao espazo agrario español (1983). Perspectivas que tamén continuaban sen grandes variacións en Martínez Ruiz (2000) e Clar (2009). Se ben, nestes dous últimos casos cunha aportación cada vez maior dos factores políticos-institucionais no proceso de substitución de traballo por maquinaria agrícola. Mais como sinalamos, o problema que percibiamos destas investigacións eran basicamente que non respondía a un análise centrado nas agriculturas de traballo familiar e, menos aínda, do norte da península. Alí, a teses dos salarios agrícolas non tiñan demasiado recorrido explicativo. Tampouco o desenvolvemento da moto-mecanización para protexerse dos vaivéns do mercado de traballo, ou tamén chamado mecanización do traballo por represalia. Perspectivas de análise presentes en Garrabou (1990), cando apuntaba á función coactiva e disuasoria da mecanización fronte ás reivindicacións dos xornaleiros ou traballadores agrícolas²³.

²³ Garrabou apuntaba o mesmo fenómeno analizado por Postel Vinay, G., para o norte de Francia, ou ben Adorno, S., para a agricultura parmense en Italia. Outro dos clásicos que trataba a mecanización por represalia era Perkins, J.A., para Alemaña. Neste caso, apuntaba como a vaga de folgas de 1914 en Alemaña impulsaba máis a difusión de maquinaria moderna que vinte anos de propaganda. Para o caso español, Garrabou cita a

Para o caso galego, a moto-mecanización da agricultura tiña que abordarse dende unha perspectiva centrada no traballo familiar, non nos salarios. Tiñase que ter en conta tamén a orientación mercantil gandeira, e non cerealeira da agricultura, así como a particular distribución das terras e o seu tamaño, pondo isto en relación coa capacidade de adaptación das tecnoloxías a estas realidades. Por este motivo, un dos primeiros traballos aos que recorreremos foron aos de Fernández Prieto. Especialmente pola libro sobre o análise do Estado, do mercado e da sociedade na innovación tecnolóxica na agricultura galega entre 1850 e 1939 (1992). Neste caso, porque era unha análise da mecanización da agricultura galega no período inmediatamente precedente ao noso. Polo tanto, servíanos de orientación inicial. En segundo lugar, tamén resultaba de interese o análise concreto da introdución das malladoras na agricultura en Galiza, así como o libro sobre o apagón tecnolóxico do franquismo (Fernández Prieto, 2000, 2007). En ámbolos dous casos servían de referencia para ligar o paradigma tecnolóxico do fascismo agrario coas experiencias previas do paradigma liberal do primeiro terzo do século XX. De igual forma, tiñámoslos de referencia teórica e histórica para a nosa investigación centrada nos tractores na agricultura en Galiza.

Por outra banda, outros traballos de referencia xeral para coñecer sobre todo as características do mercado de maquinaria agrícola foron as investigacións de Martínez Ruiz, tanto sobre mecanización e produción nacional de maquinaria entre 1862 e 1932 (1995), como polo traballo clásico sobre enerxía, tecnoloxía e industria da mecanización na agricultura española entre 1867 e 1967 (2000). Neste caso, ademais, trátase practicamente da única investigación sistemática feita sobre a introdución de tractores na agricultura no Estado español nestes últimos vinte anos. Por último, outro traballo proveitoso de Martínez Ruiz foi o do análise da fabricación de maquinaria agrícola na España de posguerra (2007). Finalmente, o terceiro autor de referencia ao inicio dos traballos do proxecto de tese foi o capítulo de libro de Abad e Naredo (1997), sobre a modernización da agricultura española entre 1940 e 1995. Neste caso, tanto pola información contextual que proporcionaron para o conxunto do Estado español, como polo especial enfoque nos problemas da mecanización da agricultura.

compra de máquinas por parte de propietarios casteláns para facer fronte á folga de xornaleiros a comezos do século XX (Garrabou R, 1990: 63).

No referido ao marco teórico, xa fixemos referencia na elaboración deste ás principais obras que nos serviron para a discusión e confección do modelo de análise de innovación e cambio tecnolóxico na agricultura. Mais fundamentalmente resultáronnos significativos os traballos de Rosenberg e a caixa negra do desenvolvemento económico e o cambio tecnolóxico (1993), así como o análise económico e da innovación de Vence (1995). Estas dúas referencias axudáronnos a fixar conceptos e teorías elementais do análise da economía da innovación. Por outra banda, outro libro que marcou importante para obter os marcos históricos do debate sobre a integración da agricultura familiar no capitalismo, foi o traballo de Pérez Touriño (1983). Neste caso, porque nos facilitou o acceso a modo de guía para a situación do debate teórico de fondo do capitalismo e da agricultura en Europa dende finais do século XIX. De especial transcendencia resultaron as lecturas dos clásicos dos estudos labregos como Chayanov (1974), Wolf (1976), Shanin (1976), Servolin (1979) ou Bernstein (2009).

Xa máis recentemente, teríamos que mencionar o libro de Macías (2017), sobre o colapso do capitalismo tecnolóxico. Neste caso, aproveitámolo para entender as traxectorias históricas da innovación e o rol do cambio tecnolóxico na produción decrecente do valor nas economías capitalistas do século XX e comezos do XXI. Ou ben, sobre a consolidación das formas de produción capitalistas, e o establecemento dos marcos políticos-institucionais liberais no Reino Unido do século XVIII e XIX no clásico de Polanyi sobre a gran transformación (2016). En calquera caso, estas dúas obras foron de referencia xeral e teóricas sobre a historia e o capitalismo nos séculos contemporáneos. Por outra banda, dende a Historia Agraria servímonos de referencia para o análise do cambio tecnolóxico na agricultura no capítulo de libro de Fernández Prieto (2001) sobre os camiños do cambio tecnolóxico nas agriculturas españolas, así como no artigo de Fernández Prieto e Pujol (2001), onde ademais fan unha avaliación da historiografía do cambio tecnolóxico na agricultura en España dende os anos oitenta. Por último, tampouco nos podemos esquecer do artigo de Calatayud, Pan-Montojo e Pujol (2002) sobre os análises da innovación e do cambio técnico na agricultura.

Pasamos agora a comentar o primeiro capítulo do fascismo agrario, para o cal, as referencias básicas foron para o conxunto do Estado español, tanto o estudo sociolóxico do rural en España de Gómez Benito (1995), como o da España de Franco e o fracaso económico

do primeiro franquismo de Barciela (2001, 2003). De igual forma, tamén citamos o xa referido apagón tecnolóxico do franquismo de Fernández Prieto (2007). Outros traballos enfocados no caso galego foron o artigo sobre a investigación agronómica en Galiza no primeiro franquismo de Bernárdez Sobreira e Cabo (1996), así como o libro sobre a planificación agraria na Galiza da autarquía de Bernárdez Sobreira (1999). Por outra banda, para a destrución do movemento agrarista, e a construción do sindicalismo vertical franquista foinos de especial utilidade o artigo de Fernández Prieto (1993), así como a tese de Lanero para o segundo caso (2011).

Os traballos que nos proporcionaron perspectivas a nivel europeo entre 1945 e 1960 foron catro fundamentalmente. Por unha parte, o monográfico sobre as políticas agrarias do fascismo agrario editado por Lanero (2011a). Por outra, os tres libros colectivos e editados por Moser e Varley (2013) sobre a integración por subordinación da agricultura en Europa. Así como o de Cabo, Fernández Prieto e Pan-Montojo (2014) sobre a agricultura no fascismo e os proxectos autoritarios da tecnocracia no rural entre 1922 e 1945. En cuarto lugar, outra referencia foi o libro de Brassley, Martiin e Pan-Montojo (2016) sobre a agricultura na Europa capitalista entre 1946 e 1960. De feito, neste último caso merece destacar os capítulos de libro de Auderset e Moser sobre mecanización e motorización na agricultura europea nos séculos XIX e XX (2016), así como o de Herment (2016) sobre a introdución de tractores en Francia entre (1945-1955). Por último, para o mercado de maquinaria agrícola e tractores durante o paradigma do Fascismo Agrario, a principal referencia, alén do xa citado libro e artigo de Martínez Ruíz (2000, 2007), foi o artigo de Clar (2009), sobre as políticas reguladoras do cambio tecnolóxico e as barreiras administrativas á difusión de tractores en España.

Para o segundo capítulo da tese sobre os créditos norteamericanos e as transferencias tecnolóxicas ás agriculturas no Estado español, usamos fundamentalmente dúas obras como referencias clave para vertebrar o capítulo. Un dos libros foi o análise colectivo editado por Viñas, Viñuela, Eguidazu, Pulgar e Florensa sobre a política comercial exterior en España entre 1931 e 1975 (Viñas et al, 1979). Concretamente no volume dous obtivemos un achegamento xeral ao contexto xeopolítico da Ditadura con respecto ás súas relacións comerciais no período que nos interesa, é dicir, entre 1950 e 1963, así como un análise concreto da axuda americana, a súa composición, características e volume con respecto a

outros programas de axuda americana a países europeos ou ben, con respecto ao volume total do PIB español. Por outra parte, servímonos da tese de Álvaro Moya (2011) sobre investimentos directos estranxeiros e o seu impacto, con especial atención nos Estados Unidos nas empresas españolas entre 1918 e 1975. Neste caso trátase dunha tese feita dende o enfoque da Historia das institucións económicas e empresariais, e que nos foi de utilidade dada a coincidencia de intereses de investigación. De forma específica, no análise das inversións directas dos Estados Unidos á Ditadura entre 1950 e 1974. Outra das coincidencias ten a ver co análise das empresas norteamericanas como *International Harvester* e *John Deere* entre 1926 e 1975 en España.

Máis alá destas dúas obras de referencia. Botamos man doutros traballos de investigación para obter perspectivas comparativas con outros casos de axuda norteamericana. Tal foi o caso do capítulo de libro de Fernanda Rollo sobre a Ditadura de Salazar en Portugal (2011), e o programa de asistencia técnica americana que actuou tamén nas agriculturas en Portugal entre 1948 a 1956. De forma similar ao caso español, Rollo destaca a relación directa que se establece entre os Estados Unidos, a súa asistencia orzamentaria e a subordinación completa da agricultura en Portugal aos modelos de industrialización da produción agraria (2011: 113). Por outra banda, outro traballo que nos aportou perspectiva comparativa sobre os procesos de modernización das agriculturas no franquismo e no salazarismo, foi o capítulo de libro de Freire e Lanero (2013). Nomeadamente ao preguntarse pola asistencia técnica e o papel xogado polas Ditaduras ibéricas na súa aceptación e modernización das agriculturas no contexto dunha Europa socialdemócrata (2013: 183). Relacionado precisamente coas transferencias norteamericanas á Ditadura, o artigo de Díaz Geada e Lanero (2015) serviunos para analizar o influxo das propostas norteamericanas na definición das políticas industriais da agricultura no Estado español.

Pasamos agora ao terceiro capítulo sobre a moto-mecanización no paradigma tecnolóxico da agricultura industrial. Para o mesmo, recorreremos frecuentemente ao traballo sobre as transformacións produtivas da agricultura galega en Soto (2006). Así como tamén ao capítulo libro sobre o proceso de industrialización da agricultura galega (Soto, 2011), no que ademais, efectúa un repaso historiográfico sobre as interpretacións que se teñen feito en Galiza sobre a industrialización da agricultura. Tanto a nivel teórico como tamén empírico


foinos de especial relevancia os traballos de Colino e Touriño (1983) sobre a evolución da agricultura galega entre 1960 e 1980. Así como o libro de Colino (1993) sobre a integración da agricultura galega no capitalismo co horizonte posto na Comunidade Económica Europea (CEE). No que respecta ao apartado que lle dedicamos á concentración parcelaria, resultounos de proveito o traballo de González Vázquez sobre a concentración parcelaria no Val de Barcala (1997). Sobre todo, pola maneira clara coa que distingue o fondo ideolóxico da citada política da Ditadura, póndoa en relación ademais con proxectos políticos da II República e a Restauración. Inclúe ademais análises sobre as formas de produción labregas e as lóxicas das estruturas da terra e dos cultivos anteriores ao período da modernización. Para o mesmo capítulo sobre a concentración, tamén traballamos co capítulo de libro de Cabana Iglesia (2011). Sobre todo, pola distinción entre o que é memoria colectiva construída, e sobre o que foi. Na mesma liña, a tese mailo artigo de canto vale o leite de Díaz Geada (2013, 2016) tamén foron relevantes á hora de para abordar este primeiro apartado do capítulo terceiro.

Para o referido ao sistema de innovación do Estado, as referencias volven a repetirse en varias obras xa mencionadas. Para o INIA o libro de Fernández Prieto (2007). Para o SEA o artigo de Díaz Geada e Lanero (2015) e, máis novidoso, para o programa de *Promoción Profesional Obrera* (PPO) no artigo de Bunes Portillo (2000). Máis información obtivemos para as cuestións de financiamento e crédito agrario. Sobre todo polo traballo de Tarrafeta Puyal (1979) sobre a capitalización da agricultura española entre 1962 e 1975. Mais tamén polas publicacións *Banco de Crédito Agrícola* (BCA). Unha delas sobre investimentos na agricultura, e outra sobre o perfil histórico do BCA (1972, 1990). Por último, quedaríanos tratar o referido ao mercado de tractores en España dende 1960 cara o ano 2000. Mais neste caso, e salvo coa excepción do libro dos cen anos do tractor en España de Luís Márquez (2015), a falta de traballo historiográfico dificultou o acercamento bibliográfico a esta cuestión²⁴.

Queda por último referirnos ao capítulo cuarto sobre o análise da moto-mecanización dende abaixo. As referentes principais foron Iturra (1988), tanto polo seu carácter teórico da

²⁴ Teño que agradecer moi especialmente a Eloy Galván pola atención e axuda que me prestou, tanto para entrevistalo en calidade de xubilado da empresa John Deere Ibérica, como polas obras que me agasallou e que me serviron para traballar nesta tese. Entre elas: Beiras (1981), Colino e Touriño (1983), Casal (1983) e Márquez (2015).

economía labrega, como polo traballo de campo desenvolto en Vilatuxe (Lalín-Pontevedra). De igual forma, o traballo de Cardesín (1992) na freguesía de San Martiño, en Castro de Rei (Lugo), así como pola tese xa citada de Díaz Geda (2013) e o seu traballo desenvolto na mariña lucense sobre os porqués do tractor. Alén destes tres casos, outros traballos foron os de Sixirei no seu traballo de campo en Xavestre, Trazo (A Coruña) (1982), así como o de Fidalgo Santamariña en Friol (Lugo) (1987). Neste capítulo, os traballos comparativos a nivel internacional foron dous basicamente. Por unha parte, o traballo de O'Neill na aldea de Fontelas, en Tras os Montes (Portugal) (1984). Por outro, o de Shutes (1989) nunha freguesía do *County Kerry* (Irlanda)²⁵. Estes análises axudáronnos en ambos casos a obter marcos comparativos relativamente similares ao caso galego. Aínda que tamén foi de interese outro traballo antropolóxico sobre agriculturas de sequeiro. Como o feito por Hardin en Ibecas (Aragón-España), e que completou a visión comparativa (1999).



²⁵ De novo, neste caso tamén teño que agradecer ao profesor Tony Varley (Galway University-Irlanda) o agasallo do libro no que se recolle o capítulo de Shutes: Ireland from below. Social Change and Local Communities. Neste caso editado por Curtin e Wilson (1989).



V. METODOLOXÍA, FONTES E TRABALLO DE CAMPO

Para a elaboración desta tese recorreremos a unha variada tipoloxía de fontes. Alén das de tipo bibliográfico, obtivemos información de todo tipo procedente de varios arquivos públicos e privados. Buscamos máis información que nos puidera ser de utilidade en bibliotecas públicas. Tamén en internet, en hemerotecas dixitais, contidos audiovisuais, coleccións fotográficas e información procedente do traballo de campo. Todo, co obxectivo de elaborar os catro capítulos que conforman esta tese. Desta forma, nos tres primeiros capítulos as fontes principais que usamos foron de arquivo, dado que o obxectivo era reconstruír as políticas de innovación do Estado, as grandes liñas de financiamento das políticas de cambio estrutural na agricultura, así como analizar a composición e evolución do mercado de maquinaria agrícola e tractores. Mais con respecto ao cuarto capítulo, as fontes de arquivo perden importancia, dado o cambio de enfoque máis antropolóxico e micro co que actuamos. Desta forma, as fontes principais pasaron a ser os datos recollidos no traballo de campo, conxunto ás coleccións fotográficas, e outra información de arquivos municipais e hemerotecas. Desta forma, abordamos o obxectivo de tentar explicar o proceso de moto-mecanización dende unha perspectiva posta nas comunidades labregas.

Se comezamos a analizar as fontes usadas nos tres primeiros capítulos da tese, teríamos que sinalar a importancia do *Archivo General de la Administración del Estado* (AGA). Dende o ano 2016 realizamos tres estadias breves en Madrid para poder consultar a documentación depositada no AGA. O obxectivo alí foi localizar toda a información posible acerca das políticas directas e indirectas do Estado en materia de innovación e moto-mecanización na agricultura. Centrámomos sobre todo na documentación xerada pola Ditadura franquista dende 1939 en diante. Consultamos de forma preferente os fondos nº 11 de Agricultura. Máis especificamente traballamos coa documentación xerados pola *Dirección General de Agricultura (DGA)*. Xa que de alí proveñen as principais políticas que podían ter relación coa introdución de tractores. Ata 1952 a pouca documentación relativa ás políticas de moto-mecanización, concursos do POAT, ou informes varios sobre vendas de

tractores e outros organismos de innovación do Estado, emítense de forma directa pola DGA, ou ben, a través da *Sección V* da mesma. Mais dende 1952, coa creación da *Sección VII de Mecanización Agraria*, percíbese un aumento da dispoñibilidade de información sobre políticas de moto-mecanización. Consultamos tamén unha variada información sempre illada dos concursos do POAT. Polo que foi complexo tratar unha aproximación sistematizada do impacto real dese programa na introdución de tractores na agricultura. A través da *Sección VII* tivemos pois todo tipo de información sempre relacionada coa moto-mecanización, mais non sempre útil. Entre a que si nos resultou de interese, foi por exemplo a correspondencia que mantiñan coas *Jefaturas Agronómicas Provinciales*. Mais de novo, o desorde da súa localización imposibilitaba calquera análise á fondo.

Na mesma documentación do *Ministerio de Agricultura*, consultamos tamén caixas da *Secretaría General Técnica (SGT)*. Neste caso, adoitamos obter valiosa información sobre estatísticas, correspondencia xeral, política económica, así como informes sobre investimentos varios na agricultura. De forma específica, atopámonos na SGT con numerosa información relativa ás partidas dos créditos norteamericanos, o que nos serviu como paso para continuar afondando nos organismos e mecanismos de financiamento ao longo dos anos cincuenta. Analizamos deste xeito partidas de investimentos, a súa orixe, e o seu destino cara as principais institucións da política de innovación do Estado para a agricultura. No SGT localizamos tamén numerosa documentación de empresas de distribución e tamén de produción de tractores, relacionadas, mais non sempre coa cuestión dos créditos norteamericanos. Finalmente, outra fonte importante de información foi a xerada pola *Sección de Relaciones Agronómicas con el Extranjero*. Especialmente debido ao seu papel activo nas relacións políticas da Ditadura cos Estados Unidos a través da *Oficina Agronómica* na embaixada española en Washington D.C.

Outro dos nosos obxectivos no fondo de agricultura do AGA era atopar información na *Dirección General de Coordinación, Crédito y Capacitación Agraria*. Concretamente para abordar os temas relacionados coas ensinanzas, cursos e calquera cuestión vinculada coas transferencias tecnolóxicas do Estado ás comunidades labregas, mais sen moito éxito. Do mesmo xeito, buscamos no *Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias* ou no *Servicio de Extensión Agraria*. Mais polo xeral, tampouco obtivemos os resultados previstos nestas pescudas. Principalmente pola desorganización das caixas e a falta de información

directamente relacionada coa introdución de tractores na agricultura. Por último, no fondo de agricultura do AGA tamén traballamos coa *Dirección General de Producción Agraria*. Neste caso, tamén con escasa produtividade debido á falta de documentación dos anos setenta depositada no AGA. Cuestión que afectou á nosa capacidade para coñecer tanto as relación do Estado co mercado de tractores, como ás políticas de innovación do *Instituto de Reforma y Desarrollo Agrario*.

Sen saírnos do AGA, tamén consideramos de interese os fondos nº 10 de Asuntos Exteriores. A idea era consultar documentación xerada pola embaixada española en Washington D.C que tivera relación coas políticas de créditos e transferencias tecnolóxicas nos anos cincuenta. Atopámonos efectivamente con moita correspondencia centrada especialmente nos anos 1948 a 1955 relativa ás relacións políticas e económicas cos Estados Unidos. Concretamente, correspondencia oficial do embaixador, máis tamén moita documentación compartida co SGT do *Ministerio de Agricultura* en Madrid. De igual forma, tamén nos resultou útil a correspondencia da *Oficina Agronómica de Washington D.C* como parte da embaixada española dende 1939. En xeral, toda a documentación do fondo nº 10 do AGA permitiunos en gran medida a elaboración do capítulo dous desta tese.

Finalmente, no AGA tamén consultamos os fondos nº 13 de Industria e nº 6 de Comercio e Sindicatos para tentar buscar, por unha parte, información relativa ás industrias de produción de maquinaria agrícola e, por outra, para facer sondaxes de documentación relacionada coa *Organización Sindical Agraria (OSA)* da Ditadura en relación coas políticas de moto-mecanización. No caso do fondo nº 6, atopamos efectivamente algunha información interesante sobre a celebración de cursos e concursos nacionais de tractoristas organizados polas *Hermandad Nacional de Labradores y Ganaderos*. Ao igual que outra información relacionada coas *Secciones de Crédito Local* das *Hermandades* dalgúns concellos galegos nos que estabamos interesados. Por outra parte, no mesmo fondo de Comercio e Sindicatos tamén traballamos con outra información da *Dirección General de Comercio Exterior* sobre licencias de importacións de maquinaria agrícola. Así como tamén da *Subsecretaría de Economía Exterior*. Neste caso, serviunos esta información para contextualizar os mecanismos administrativos das importacións que se estaban dando co financiamento norteamericano nos anos cincuenta. Por outra banda, no relativo ao fondo nº 13 de Industria. A documentación que solicitamos tiña a ver co *Instituto Nacional de Industria (INI)*. Neste

caso, solicitamos expedientes relativos á disolución de empresas de tractores como SACA. De igual xeito, tamén consultamos información da SGT do *Ministerio de Industria*, así como caixas que podían ter relación con licencias de importacións de maquinaria. En xeral, o obxectivo nestes casos sempre foi tratar de completar o que coñecíamos sobre o mercado de tractores, mais que cuestións relacionadas coas políticas de innovación e cambio tecnolóxico.

En conclusión, e no que ten a ver coa documentación proveniente do AGA, en xeral non cabe dúbida de que os fondos de agricultura, asuntos exteriores, comercio e sindicatos e industria, aportáronnos unha gran cantidade de información sobre as políticas de cambio tecnolóxico na agricultura, así como sobre a composición do mercado de tractores e a súa evolución. Mais a nivel metodolóxico, toda esta información presentou sempre moitas preguntas e problema de interpretación. Especialmente a relacionada coa información cuantitativa, sempre tan atractiva por contundente, mais preñada de problemas e falsas aparencias. Non foi estraño atoparnos con táboas erróneas ou con contradicións. Por este motivo, algunha da información estatística que amosamos no corpo da tese terá que ser tida en conta como orientación. Especialmente a información de censos, matriculacións e parques nacionais de maquinaria agrícola, dado que neste caso a variedade de información é especialmente aguda. Para un mesmo ano podíamos obter unhas catro ou cinco cifras distintas de tractores censados para toda Galiza e tamén para todo o Estado²⁶. En calquera caso, as cifras absolutas de tractores censados tampouco foron de gran utilidade explicativa, xa que como sinala David Soto, non é importante saber o número de máquinas censadas, dado a diversa variedade de potencias dos tractores e hectáreas dispoñibles en cada rexión. Mais tampouco basta con coñecer o número de hectáreas labradas por tractor. Pola contra, o índice máis axeitado para avaliar a incidencia da moto-mecanización en termos comparables, é a través do coñecemento do número de cabalos de vapor, por hectáreas de Superficie Agraria Utilizada (SAU) (Soto, 2006: 445).

²⁶ Por exemplo, para 1955 localizamos ata catro cifras distintas de tractores en España. Unhas 24,537 unidades segundo o parque de tractores no informe de: Análisis de la situación del Sector Agrario. Aspectos estructurales e institucionales. Sección V. SGT. Ministerio de Agricultura (11, 1.30, 61/13.111) AGA. Por outra banda, para Clar son 27,658 unidades segundo a evolución do parque de tractores (2009: 131). Para Martínez Ruíz son 27,671 segundo o Registro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) (2000: 175). En cuarto lugar, tamén se estiman unhas 29,418 unidades segundo o parque de tractores no: Plan de Inversiones y Gastos Anuales en la Agricultura (1958-1960). DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.06 61/6681) AGA.

Continuando co traballo de arquivo que levamos a diante estes anos, tamén fomos tanto ao *Archivo Central del Ministerio de Agricultura*, como ao *Archivo del Ministerio de Agricultura en San Fernando de Henares*. No primeiro caso accedemos a fondos fotográficos do *Instituto Nacional de Colonización (INC)* sobre as provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Na maioría dos casos eran fotografías de actuación como a construción de cuadras para porcos, ovelas, galiñeiros, así como alpendres para o esterco etc. Cousa que nos valeu para reforzar o contexto das transformacións técnicas da moto-mecanización. Tamén accedemos á *Mediateca do Ministerio de Agricultura* onde accedemos a vídeos do *Servicio de Extensión Agraria (SEA)*, así como do *Departamento Cinematográfico del Ministerio de Agricultura*. Todos os contidos audiovisuais dos anos sesenta e setenta eran de carácter divulgativo, ao redor do mantemento dos tractores, concursos de tractoristas etc. Este material foinos de utilidade para elaborar os apartados sobre o sistema de transferencia de coñecementos no paradigma da agricultura industrial. Por outra banda, no referido ao *Archivo de San Fernando de Henares del Ministerio de Agricultura*, puidemos consultar basicamente proxectos de intervención do INC en Galiza. Vimos documentación relacionada con proxectos de obras nas freguesías de San Xoán de Barcala (Concello da Baña) e Santa María de Cobas (Concello de Negreira). En ambos casos, esta información serviunos para completar os datos, anotacións e entrevistas realizadas no traballo de campo. De igual forma, no mesmo arquivo consultamos fondos pertencentes ao *Servicio Nacional de Concentración Parcelaria*. Nese caso, sobre os proxectos de concentración parcelaria na freguesías de San Lois, no Concello da Baña. Onde realizamos o nos traballo de campo.

Outro traballo de arquivo que levamos a diante foi nos Arquivos Históricos Provinciais en Galiza. Fomos ao da Coruña, Pontevedra e Lugo, aínda que foi este último no que atopamos máis información relevante. O problema en xeral destes arquivos era a imposibilidade de acceder a fondos sen catalogar relacionado coas *Jefaturas Agronómicas Provinciales*. Se ben, é certo que no Arquivo do Reino de Galiza puidemos acceder a información da COSA provincial da Coruña, mais con pouca información referente a cuestións relativas coa moto-mecanización. No Arquivos Histórico Provincial de Lugo atopamos a colección fotográfica de Juan José Vivancos Fuentes, quen foi fotógrafo contratado pola empresa de maquinaria agrícola *Díaz y Prieto S.A.*, e que cubriu eventos da empresa nos anos setenta e oitenta. As fotografía fóronnos valiosas para coñecer máis das

actividades da empresa. Por exemplo, sobre as feiras e exposicións, demostracións de maquinaria agrícola ou as propias instalacións da distribuidora.

Seguindo cos arquivos, tamén fomos aos propios da Xunta de Galiza. Dirixímonos ás Delegacións Territoriais da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense para acceder aos Rexistros Oficiais de Maquinaria Agrícola (ROMA). Cabe lembrar que estes rexistros comezaron a funcionar en 1946, polo que tiñan unha información especialmente importante para coñecer quen, cando, como e onde rexistran os tractores. Trátase pois de información moi detallada, mais de difícil tratamento unha vez que os rexistros comezan a ser moi frecuentes. É dicir, máis alá dos anos sesenta. De tódolos xeitos, tanto a información do ROMA, como dos Arquivos Históricos Provinciais fóronos de utilidade para completar a información que utilizamos tanto nos tres primeiros capítulos, como tamén, no derradeiro cuarto capítulo de perspectiva micro. No referente a este último capítulo, a documentación dos arquivos municipais foi de especial importancia. Se ben, a dispoñibilidade da información era bastante variable. Polo que por exemplo o arquivo do Concello de Negreira case non nos resultou de utilidade. Pola contra, o arquivo do Concello da Baña si que nos aportou unha importante información para abordar cuestións ligadas ao traballo de campo. Analizamos na Baña información sobre estatísticas agrarias de cultivos de 1944 e 1946. Así como outros censos de gando, carros e vehículos de 1956 para coñecer máis detalles sobre os cultivos nas freguesías do concello, así como a reconstrución de casas labregas nas freguesías que estudamos. Tamén utilizamos información do Concello da Baña sobre as subvencións e programas de axuda para obras públicas do IRYDA nos anos setenta. Neste caso, serviunos para completar a información que non atopabamos no AGA. É dicir, sobre políticas de subvencións para o desenvolvemento rural.

Máis ala das fontes de arquivo, tamén fomos buscar información á *Biblioteca Nacional de España* (BNE) en Madrid. Nese caso, o material obtido alí axudounos a completar polo xeral os catro capítulos da tese. Isto, dado que localizamos un importante conxunto de revistas de maquinaria agrícola editadas na maioría dos casos polas propias empresas de produción ou distribución. Tal é o caso por exemplo das *Revista Barreiros e Revista Rural*. Ambas da empresa Barreiros. Tamén a *Revista Campo y Mecánica*, editada primeiro polo grupo *Ricardo Medem y Cía* e logo, por *John Deere Ibérica*. De igual forma a *Revista Díaz y Prieto* da empresa homónima e finalmente a *Revista Biela de Finanzauto*. Ao

marxe das revistas de empresas, tamén consultamos outras revistas de información agrícola e especialmente centradas na maquinaria agrícola. Estas eran, por unha parte as revistas *Día*, e que posteriormente se denominou *Tría*, así como a revista *Laboreo*. Cabe destacar que tivemos acceso primeiro á revista *Día/Tría* no *Archivo Central del Ministerio de Agricultura*. Polo que con posterioridade consultamos os números seriados na BNE. En tódolos casos, a información atopada nestas revistas foinos de gran utilidade tanto para completar información, como para contrastar datos e obter perspectivas do mercado de maquinaria sobre o que estaba a acontecer no campo.

Outra información obtida na BNE foron as memorias das empresas presentadas aos accionistas. Concretamente as do grupo MOSA nos anos 1968 a 1970, de 1976 a 1977 e 1980. Do grupo *Ajuria* as memorias de 1972 e 1973. De *Finanzauto* as dos anos de 1958 a 1962, así como 1964, 1967 e de 1970 a 1971. En tódolos casos a información das memorias tamén nos foron de proveito para comparar datos con outras fontes de información principais, así como para coñecer máis a fondo a evolución interna das empresa nos anos consultados.

Na tese tamén nos servimos doutros recursos de apoio á investigación como o buscador de lexislación do *Boletín Oficial del Estado (BOE)*, así como o Diario Oficial de Galiza (DOGA). Neste caso, para buscar a lexislación que estaba vinculada ás políticas de innovación e investimentos que íamos vendo nos arquivos. De igual xeito, de forma auxiliar usamos datos estatísticos do *Instituto Nacional de Estadísticas (INE)*, así como do Instituto Galego do Estatística (IGE). No caso do INE consultamos os Censos Agrarios dispoñibles de 1962, 1972 e 1989 e, no caso do IGE, usamos datos de poboación para o Concello da Baña. Outros recursos utilizados proviñeron de contidos colgados en internet. Nalgúns casos xerados polas administracións estatais como o informe sobre o programa de *Promoción Profesional Obrera (PPO)*. Outros informes internacionais que usamos foi o *Agricultural Resource Survey* sobre o Condado de Kerry, feito neste caso polo *Kerry Committe of Agriculture* (Irlanda). Outros contidos de internet, mais de carácter audiovisual foron os vídeos da concentración parcelaria ou do *Servicio de Extensión Agraria* que se puideron consultar na *Filmoteca Española*. Por outra banda, no referido aos contidos de internet xerados por empresas privadas. Temos que citar por exemplo os libros conmemorativos de empresas de maquinaria agrícola. Por exemplo, o libro polo 50 cabodano de *Finanzauto S.A.* Mais tamén o libro sobre a historia de *Parés Hermanos S.A.* Neste caso, editada polos seus

sucesores corporativos, *International Trucks & Tractors*. Por último, e xa ao marxe dos contidos de internet, cabe destacar a utilización que fixemos dalgúns conxuntos documentais de carácter privado. Neste caso, os informes que nos cedeu Eloy Galván datados de entre 1979 e 1983, cando era responsable de vendas de *John Deere Ibérica* en Galiza.

Na tese usamos tamén a información que puidemos localizar nas hemeroteca histórica dos xornais galegos *La Voz de Galicia*, xunto con *La Noche*, así como outros xornais norteamericanos como *The Wall Street Journal*, *Chicago Tribune* ou *The New York Times*. No caso dos xornais galegos servíronnos especialmente para ver a concreción das políticas de cambio tecnolóxico nos concursos celebrados. Por exemplo, concursos de tractoristas, ou información relativa á constitución de cooperativas e compra de tractores. Tamén nos serviu para seguir os concursos de formación relacionados co PPO. De igual xeito, tamén nos foron de utilidade para conseguir exemplos de publicidade de maquinaria e distribuidoras da mesma en Galiza. No caso dos xornais norteamericanos, utilizámoslos para obter referencias sobre a política de créditos dos Estados Unidos coa Ditadura de Franco nos anos cincuenta. Sorprendeunos neste caso a ampla cobertura que se lle proporcionou a todo o proceso de negociación, así como outra información en forma de artigos sobre a agricultura española e, tamén, galega.

E chegamos finalmente a tratar a información que recollemos no noso traballo de campo. O obxectivo neste caso era tratar de achegarnos ás dinámicas sociais do cambio tecnolóxico. Coñecer as traxectorias das casas labregas e as súas formas de reprodución social. Comezamos así botando man da colección fotográfica de Lloveras Vilamanyà e Piñeiro Andión. Ambos enxeñeiros do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) nos anos setenta, cando precisamente realizaron as fotografías de alto valor e interese para nós, xa que nos permitiu ollar prácticas e técnicas de produción agrícola hoxe en día desaparecidas. Esta colección fotográfica axudounos, xunto con tódalas fontes que vimos ata o de agora, a abordar de forma máis eficaz o traballo de campo. O espazo xeográfico que eliximos para isto foi o do Concello da Baña (A Coruña), onde realizamos tanto a recolección de datos e anotacións, como a serie de entrevistas de Historia Oral que realizamos. Nese traballo de campo, enfrontámonos en primeiro lugar á memoria construída polo franquismo. É dicir, a memoria do atraso aínda persistente en amplas capas da sociedade actual galega. Mais esa memoria, como todas, ten uns límites, unha fragilidade froito da súa

manipulación, onde se poden detectar a miúdo algúns baleiros, contradicións e informacións discontinuas froito da erosión do tempo, da acumulación de experiencias, e da imposibilidade de reter tódolos feitos (Cuesta Bustillo, 1998: 206). Ademais, un hándicap importante neste caso foi o evidente esquecemento da protesta durante o franquismo nos lugares da memoria colectiva na actualidade. Cousa que analiza Cabana no referido á esquecida protesta contra a concentración parcelaria, e á forma positiva na que se percebe hoxe en día (2011: 191-192).

Tido en conta o anterior, fixemos un total de 10 entrevistas. Non todas feitas a persoas do Concello da Baña, nin todas feitas a gandeiros/as, senón que tamén as fixemos a técnicos do Estado, e a axentes do mercado. Concretamente, unha entrevista a un xubilado do SEA. O cal, traballou na oficina do Concello de Negreira (A Coruña) entre 1956 e 1963. Outras catro entrevistas a axentes do mercado. Concretamente, a un xubilados da empresas *Díaz y Prieto*, e outra á dun xubilado de *John Deere Ibérica*. A terceira das entrevistas gravadas realizámola ao Director-Xerente dunha empresa actual de maquinaria agrícola situada en Tordoia (A Coruña). Por último, a cuarta das entrevistas a axentes do mercado non foi gravada, mais si gardada en forma de anotacións e outra información que compartimos co entrevistado en distintos diálogos e contacto que mantivemos ao longo do ano 2018. Este foi o caso doutro xubilado da empresa *Parés Hermanos*, residente en Barcelona. As restantes entrevistas de Historia Oral fixémoslas a gandeiros/a ou labregas/os do Concello da Baña. Coa excepción dun único gandeiro da aldea de Trasliste, Láncara (Lugo). Neste caso, por ser tamén o propietario do Museo Integrado de Maquinaria Agrícola Clásica, onde obtivemos información tanto relativa ao mercado de tractores como da organización da súa explotación gandeira. O resto das entrevistas centrámolas no Concello da Baña. Concretamente, entrevistamos a un gandeiro da freguesía da Laiosa, outro gandeiro xa xubilado da freguesía de Santo Antón e, por último, outras entrevistas non gravadas a varias persoas da freguesía de San Lois. Neste caso, a persoas da aldea de Nocedo. Cabe destacar que os nomes reais dos lugares, freguesías e persoas entrevistadas do Concello da Baña foron substituídos por outros ficticios. A razón, preservar a intimidade das persoas que me confiaron os seus problemas e expectativas en tempos tan recentes.

O traballo que realizamos na aldea de Nocedo foi o de intentar indagar na súa evolución dende 1955 ata o ano 2000. Traballamos con información auxiliar de arquivo.

Tanto do Concello da Baña como procedente por exemplo dos planos de concentración da aldea depositados no *Archivo del Ministerio de Agricultura en San Fernando de Henares* (Madrid). Recollemos información de tódalas casas da aldea e centrándonos na particular evolución das mesmas perante o cambio tecnolóxico, a moto-mecanización e a industrialización da agricultura. Cabe mencionar, ademais, que tivemos a oportunidade de acceder a unha entrevista gravada dunha veciña da aldea de Nocedo feita en 1993. A mesma atópase conservada no Instituto da Lingua Galega (Santiago de Compostela). Se ben, aínda que os obxectivos da entrevista eran outros, puidemos sacar da gravación algunhas notacións referentes aos cambios agrarios da aldea, referidos tanto a cultivos como gando e evolución da fisionomía da propia aldea. Toda esta información foi completamente vital para completar o cuarto capítulo da tese.

Xa para concluír, algúns apuntamentos formais sobre a tese. O idioma da mesma é o galego, aínda que decidimos respectar os nomes das institucións do Estado no idioma orixinal. É dicir, no español, así como a lexislación estatal. Para iso, marcamos en cursiva e só no corpo da tese as veces nas que conservamos o idioma orixinal tanto de institucións como de leis e cargos do Estado. Polo demais, as transcripcións das entrevistas fixémoslas tamén respectando tanto formas como o idioma empregado polos entrevistados. Usamos (P) para sinalar a pregunta do entrevistador e (R) para a resposta. Por último, apuntar tamén que tódalas táboas, imaxes e gráficas están numeradas e poden consultarse en índices ao final da tese. Ao igual que as táboas que forman parte dos anexos.





*“El caudillo estima el sudor del campesino,
tanto como la sangre que se derrama por España”*

*Propaganda franquista da Organización Sindical Agraria.
Anos cincuenta²⁷.*

CAPÍTULO 1

FASCISMO AGRARIO E MOTO-MECANIZACIÓN DA AGRICULTURA (1939-1963)

Neste capítulo analizamos as políticas de moto-mecanización e mercado que se enmarcan no paradigma tecnolóxico do Fascismo Agrario entre 1939 e 1963. Facémolo tendo en conta a ruptura violenta e drástica das tendencias políticas, dos mercados e da sociedade que caracterizan a paradigma tecnolóxico liberal de 1880 a 1936. Dende o golpe de Estado militar de 1936 e como resultado da posterior Guerra Civil en España que dura ata 1939, a Ditadura franquista tenta construír ao longo dos anos corenta un novo paradigma tecnolóxico sustentado ideoloxicamente polo fascismo agrario. As liñas básicas das políticas agrarias, de mercado e sociais vincúlanse agora aos obxectivos dunha economía de autarquía. Regúlase por iso tanto a produción, como a distribución de alimentos, marcando prezos bonificados a determinados cultivos, mais tamén eliminando o dereito de libre sindicación das comunidades labregas. Mais no tocando aos itinerarios tecnolóxicos de maquinaria agrícola, nada cambia substancialmente para a agricultura familiar en Galiza. A Ditadura non considera prioritaria a moto-mecanización das agriculturas gandeiras atlánticas da península,

²⁷ 1955-1985: La Gran Transformación. El Servicio de Extensión Agraria y la modernización del campo español. Data da consulta (02/10/2019):
https://www.mapa.gob.es/es/ministerio/archivos-bibliotecas-mediateca/mediateca/expo-sea_tcm30-90352.pdf

polo que se exclúen das políticas de moto-mecanización. Ademais, esta situación vese agravada polas propias dificultades políticas e económicas da Ditadura ao longo dos anos corenta, cousa que prexudica ás agriculturas do Estado para sumarse ás tendencias tecnolóxicas da terceira onda da industrialización, na que se enmarca precisamente a difusión do tractor nas agriculturas europeas logo da Segunda Guerra Mundial (Moster e Varley, 2013: 20-21). En consecuencia, en Galiza seguíase ao longo dos anos corenta e cincuenta cos procesos de mecanización do traballo como formas dominantes de cambio tecnolóxico (Fernández Prieto, 1992: 330-331).

Desta forma, o paradigma tecnolóxico do Fascismo Agrario ímolo definir, segundo Lanero, como o paradigma sustentado por unha ideoloxía de mercado discurso ruralista, subordinación do sector agrario a un programa económico de industrialización, defensa dos intereses dos diferentes segmentos sociais da propiedade da terra, reformismo agrario de natureza técnica, intervención da economía agraria nunha dirección autárquica, encadramento institucional da agricultura e da poboación rural nas estruturas corporativas, reforzamento do papel do Estado no deseño e implantación da política agraria e, por último, predominio dos técnicos agrónomos na defensa desta (2011a: 15).

O contexto cronolóxico do capítulo está marcado polo final da Guerra Civil en 1939 e a construción da Ditadura franquista. Un período que para Fernández Prieto foron de apagón tecnolóxico (2007). Para Soto, de auténtica regresión na agricultura en Galiza (2006: 280). Por outra banda, se ben as interpretacións historiográficas clásicas de Gómez Benito (1995) ou Barciela (2003) poñen o horizonte final deste período para o ano 1959, tamén os hai que sinalan o fin do ciclo autárquico e do fascismo agrario en 1955, como son os casos de Berárdez Sobreira (1999), (Pan-Montojo, 2012) ou ben (Díaz Geada e Lanero: 2015). O ano 1957 tamén se apunta como cambio de tendencia debido á aprobación do *Plan de Pre-Estabilización* e o fin do mandato de Rafael Cavestany á fronte do *Ministerio de Agricultura* (Fernández Prieto, 2007: 214-215). En calquera caso, son datas que de enmarcan na década dos cincuenta onde se adoita sinalar o cambio efectivo da segunda á terceira onda da industrialización na agricultura (Moser e Varley 2013: 20-24). Do mesmo xeito, reconécese en Brassley, Martiin e Pan-Montojo (2016).

Tendo en conta o anterior, o capítulo alongámolo un pouco máis ata 1963. Unha escolla adaptada estritamente aos cambios relacionados coa moto-mecanización na

agricultura en Galiza. Fundamentalmente porque se pon fin ao *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores* (POAT), e aumenta a oferta maquinaria moto-mecanizada proveniente da produción española de tractores, máis tamén das importacións. Consolídase por outra banda as grandes políticas de cambio estrutural na agricultura como as da concentración do *Servicio Nacional de Concentración Parcelaria* (SNCP); así como as forestais do *Patrimonio Forestal do Estado* (PFE); e as de transferencia tecnolóxica como a do *Servizo de Extensión Agraria* (SEA). Os efectos do éxodo rural comezan a ser visibles namentres se asentan as especializacións produtivas leiteiras para as agriculturas atlánticas de traballo familiar, e coa participación de potentes agro-industrias.

1.1. Rupturas, grupos e discursos no cambio tecnolóxico na agricultura.

Unha das primeiras cuestións que cumpre sinalar é a magnitude da ruptura que se produce na dirección das políticas agrarias e tecnolóxicas entre as experiencias da II República e a Ditadura de Franco. Ao respecto, adóitase chamar á atención sobre esta cuestión para non menos valorar os efectos da Guerra Civil e da represión exercida polos vencedores da mesma sobre os cadros políticos e profesionais implicados nesa cuestión²⁸. A percepción da ruptura, segundo Fernández Prieto, pode chegar a ser ata en extremos asombroso cando se observan cortes na memoria familiar, ou esquecementos completos das experiencias de traballo agronómico anteriores a 1936 (2007: 207). Por outra banda, Bernárdez e Cabo amosan como a percepción da continuidade podía ser ilusoria ao analizar o grado de represión no corpo dos servizos de innovación agronómica (Bernárdez e Cabo, 1996: 122). Cousa na que volve incidir o propio Bernárdez Sobreira sobre a magnitude da ruptura que supón o período de 1936 a 1955 en Galiza (Bernárdez Sobreira, 1999). Por outra banda, a nivel económico os efectos e rupturas producidas, tamén os sinalan Barciela xunto con López, Melgarejo e Miranda, sobre o abandono da economía de mercado e a instauración duns novos alicerces da política económica da Ditadura baseados en obxectivos autárquicos. Entre outras cousas, unha economía baseada na intervención, defensa da propiedade, colonización e control da man de obra (Barciela et. al., 2001: 98).

²⁸ Sobre a depuración dos enxeñeiros agrónomos do Ministerio de Agricultura entre 1936 e 1942 ver (Pan-Montojo, 2005, 2009).

No medio dese comezar *ex-novo* identifícanse ademais dous grupos políticos que operan dentro da Ditadura e que definen, durante unha permanente disputa polo control do poder, as liñas políticas para a agricultura nos primeiros anos. Sen afondar demasiado, podemos definilos como *nacional-católicos* os ligados á tradición social católica española e, por outra parte, os *nacional-sindicalistas* achegados aos presupostos fascistas de *Falange*²⁹. Estes últimos dominarán ao longo dos anos corenta, actuando sobre todo en termos de encadramento político do campesiñado a través da *Ley de Unidad Sindical* de 1940, o que supuña unha derrota histórica do *nacional-catolicismo* coa derogación en 1941 da *Ley de Sindicatos Agrícolas* de 1906³⁰. Porén, os falanxistas comezan a debilitarse logo de 1945, dada a derrota militar de Italia e Alemaña. De feito, Pan-Montojo identifica nas chamadas *ofensivas nacional-sindicalistas*, un intento de recuperación da forza perdida ante a súa progresiva debilidade (Pan Montojo, 2011: 253)³¹. Cara a década dos cincuenta e debido ás importantes mudanzas políticas a nivel internacional, os falanxistas perden posicións en favor dos *nacional-católicos* que, de feito, acabarán cambiando non sen resistencias, non sen demoras nin de maneira drástica, os cimentos ideolóxicos do falanxismo das políticas agrarias da Ditadura (Pan-Montojo, 2012: 76).

Estes cambios na dirección das políticas agrarias tamén se perciben nun análise discursivo dos proxectos políticos para a agricultura durante o período. Ao respecto, Velasco Murviedro ten identificado dúas fases temporais ao longo dos anos corenta. En primeiro lugar estarían os anos da guerra e os da inmediata posguerra entre 1936 e 1945 (1982: 234). Anos no que domina o falanxismo e a retórica ruralista propia do fascismo agrario, e con recorrentes referencias ao que Sevilla Guzmán denominou como a teoría da *soberanía del campesinado*. Con este concepto quería representarse unha terceira vía fronte ao capitalismo e ao socialismo, ambos conceptos ligados ás cidades, e ás dicotomías entre a burguesía e o

²⁹ A distinción dos dous grupos obtémola de Gómez Benito, quen os define disputándose permanentemente cotas de poder orgánico na Ditadura durante este período. Aínda que, Gómez Benito sinala que salvando o período do Ministro de Agricultura J. Benjumena (1939-1941), hai un predominio falanxista no sector das políticas agrarias ata 1957 (1995: 50-51). Sobre os nacional-católicos, Tussell ten unha máis complexa caracterización dos mesmos ligados coa tradición do catolicismo social español (Tussell, 1984: 13-14).

³⁰ Lanero sinala que en realidade, o contencioso entre nacional-católicos e falanxistas a conto da Ley de Unidad Sindical, resolveuse razoablemente ben para os primeiros. Formalmente dependentes da Organización Sindical Española (OSE), mantiveron estruturas orgánicas a parte (Lanero, 2011a: 64).

³¹ Con isto, Pan-Montojo define unha serie de actos que organizan para facer demostracións de forza a través de multitudinarias asembleas nacionais das Hermandades en 1946, 1947 e 1949. Ofensivas nas que tamén se enmarca a celebración do Congreso Sindical de la Tierra de 1948 (Barciela, López Ortiz, 2013: 149).

proletariado, ou á loita entre a esquerda e a dereita. Así, entre os efectos prácticos deste discurso, Gómez Benito sinala a aposta do franquismo pola promoción da explotación directa da terra, xunto cunha crítica ao arrendamento. Crítica, que se xuntaba cunha desarticulación e supresión completa da reforma agraria republicana, e á definición dunha alternativa en forma de política de colonización e concentración parcelaria, xunto coa creación de figuras protexidas como as explotacións exemplares (1995: 43, 56). Os obxectivos a nivel político sería atraer ao réxime a masa social do pequeno campesiñado, xa que os grandes terratenentes xa eran parte impulsora do franquismo (Gómez Benito, 1995: 61).

As políticas do fascismo agrario caracterizábase tamén, segundo Velasco, polo feito de ser levadas a diante por dirixentes mozos cunha falta flagrante de preparación para a comprensión económica das políticas agrarias. Por esta razón, a miúdo sufríriase de espellismos cunha agricultura que en realidade debería ir por outro camiño. Ademais, cumpre ter en conta que estas políticas respondían en parte á lóxica dunha débeda moral da Ditadura contraída durante a guerra co campesiñado. A retórica falanxista da revolución do campo contra a cidade, reforzaría ese compromiso. O nacionalista español axudaría a amalgamar, xunto coa Igrexa, todo o repertorio retórico idealista do campo durante eses anos (1982: 272). Se ben, ese discurso comeza a retroceder dende 1945 en diante cara unhas políticas cada vez menos idealistas e máis tecnocráticas do campo percibido como espazo para pantanos, colonización e regadíos (Velasco, 1982: 234).

Finalmente, os anos cincuenta e a chegada dos créditos norteamericanos cambian o panorama das políticas agrarias e dos discursos empregados na agricultura. Se ben, mantéñense en liñas xerais moitas políticas que tan só se adecúan ao novo contexto. Por exemplo, as de colonización. Simbolicamente, mais tamén na práctica, sinálase á chegada de Rafael Cavestany ao *Ministerio de Agricultura* en 1951 como o reforzamento dos cambios, conscientes, da ineficacia e do camiño sen saída das posturas autárquicas na agricultura (Fernández Prieto, 2007: 213).

*“Ya no hay que temer ni los soles ni las lluvias.
El hombre ha conseguido una nueva victoria sobre la naturaleza (...)
El labrador no recibirá ya la ley de los nómadas gallegos,
ni aceptará las condiciones de la fuerza bruta”*

***Exposición agrícola de Madrid. 30 de novembro de 1857.
(Garrabou, 1990: 51).***

1.2. Políticas de moto-mecanización para os grandes propietarios.

As políticas de cambio tecnolóxico dos anos corenta e cincuenta para a agricultura estiveron marcadas pola precariedade e falta xeneralizada tanto de tractores, como tamén de materias primas fundamentais para a fabricación ou uso de maquinaria motorizada. A capacitación agraria ligada aos tractores estivo fundada sobre un militar por parte do Estado, cousa que se explicaba polo contexto internacional belixerante dos anos corenta. Aínda así, a pouca capacidade que tivo o Estado de promover a moto-mecanización da agricultura, dirixiuna como imos ver a un sector agrario moi particular. Concretamente, aos medianos e grandes propietarios de cereal do interior da península. Marcadamente as provincias de Lleida, Zaragoza, Toledo e Sevilla. O sistema de financiamento que se retomou dende 1947 estivo igualmente enfocada cara os seus intereses, ao igual que o estaba a política reguladora da oferta. Unha escolla consciente da Ditadura para administrar uns recursos escasos ata practicamente os anos sesenta.

1.2.1. Tractores e capacitación agraria nunha sociedade militarizada.

Outra das cuestións a ter en conta para entender as políticas de moto-mecanización da agricultura nos anos corenta, é o feito de que a Ditadura considerase ao tractor máis unha tecnoloxía militar que agraria. Consideración que era compartida por boa parte dos países do mundo entre 1939 e 1945. Incluso, anos en diante.

Nese contexto, a Ditadura encadraría as competencias sobre ensinanzas e capacitación no emprego de técnicas e máquinas agrícolas en mans do *Ministerio de Educación Nacional* e, dentro del, na *Dirección General de Enseñanza Profesional y Técnica*. Concretamente, os cursos de formación profesional canalizaríanse a través da *Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos y Peritos Agrícolas* de Madrid. Aínda que si ben, esta atopábase total ou parcialmente destruída debido á guerra, os traballos de recuperación, polo menos nominalmente, comezan en 1942 cando se aproba a creación dunha *Casa de Máquinas y Tractores Agrícolas para Enseñanza y Práctica de Alumnos*³². Mais como advirte Barciela isto podía ser tan só un espellismo resultado da práctica nominalista da Ditadura nos anuncios do BOE. De feito, aínda á altura de 1949 non se tiñan rematado, segundo Barciela, os traballos de reparación da *Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos* (Barciela e Camprubí, 2018: 146-147). Sexa como for, o caso é que atopamos algunhas execucións económicas comezar a dotar de maquinaria e aparellos á *Casa de Máquinas de la Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos* en 1942³³.

Mais ben, o interesante deste período era o carácter militarizado dos obxectivos da formación técnica e profesional no manexo de tractores. As referencias son constantes, por exemplo, no anteproxecto de creación da *Escuela Central de Mecánicos Agrícolas* onde se xustificaba a creación da mesma debido á experiencia histórica que se viña obtendo dende a Primeira Guerra Mundial. A necesidade de formar mecánicos agrícolas, sinalaban, era urxente debido á falta de brazos no campo e ao requirimento de incrementar o moto-cultivo. Literalmente dicíase:

*“También de forma disimulada se formaba al agricultor soldado por si el tractor se convertía mas adelante en carro de combate. El mismo camino seguía Rusia con su doble programa de fortalecimiento mecánico de su agricultura y su ejército”*³⁴.

No anteproxecto citábanse as experiencias de Alemaña, Italia, Francia ou Reino Unido ao respecto. Por tal motivo, apuntábase, a Ditadura encomendaba ao *Ministerio de Educación Nacional* e ao *Ministerio de Agricultura* a crear de forma urxente numerosos cursos de tractoristas. Mais tamén chamaban á consecución dese obxectivo ás deputacións,

³² 11 de outubro de 1942 (BOE nº 284).

³³ Concretamente unha partida de 484,715pts. Fonte: 20 de decembro de 1942 (BOE nº 354).

³⁴ Vicesecretaría Técnico Administrativa. DGA. Ministerio de Agricultura. (11. 1.6, 3273) AGA.

sindicatos, cooperativas, así como aos participantes do *II Consejo Sindical* ou aos da *II Asamblea de Hermandades* en 1945³⁵. Porén, neste último caso e como analizou Lanero (2011), o aparato sindical agrario franquista tería ao longo da Ditadura un papel discreto na formación técnica.

Finalmente, o 1 de maio de 1947 publicábase o decreto onde se recollían as ensinanzas mecánicas agrícolas no *Patronato de la Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos*. No artigo primeiro, sinalábase a creación da *Escuela Central de Mecánicos Agrícolas*, no seo da *Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos* para contribuír a ensinanza profesional de obreiros rurais no manexo de tractores, motores e máquinas agrícolas. No artigo dous, subordinábase á *Escuela Central* tódolos centros rexionais de mecánicos agrícolas. No artigo terceiro, indicábase que sería o *Ministerio de Agricultura*, xunto co *Ministerio de Educación Nacional* os que aportarían os orzamentos necesarios para o funcionamento da escola. No artigo quinto, establecíase que o director da *Escuela Central* fôra o enxeñeiro profesor de motores e máquinas agrícolas da *Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos*³⁶. Dende ese ano, comezan entón a organizarse cursos de formación profesional na *Escuela Especial*, aínda que hai que ter en conta que de momento non eran destinados a labregos, senón que á formación de mecánicos, técnicos e peritos agrícolas do estado³⁷.

O *Ministerio de Agricultura* comeza tamén a organizar cursos de formación en 1948 e céntrase igualmente na *Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos* onde celebra cursos destinados a enxeñeiros agrónomos escollidos previamente pola DGA. Por outra parte, encoméndase dende o *Ministerio de Agricultura* á *Junta Nacional de Hermandades* para que organizaran cursos de tractoristas a través dos seus organismos provinciais. Todas estas actividades de 1948 incluíríanse nos *Cursillos de Capacitación y Divulgación Técnico-Agrícola en todos sus aspectos: Agronómico, Forestal y Ganadero a vista de la propuesta del Servicio de Capacitación*³⁸.

Mais ben, a partir de 1950 as actividades do Estado nos cursos de formación técnica cambian substancialmente debido á chegada dos créditos americanos. Os obxectivos militaristas irán desaparecendo dos plans de estudos e dos anteproxectos de leis, aínda que si

³⁵ Vicesecretaría Técnico Administrativa. DGA. Ministerio de Agricultura. (11. 1.6, 3273) AGA.

³⁶ Vicesecretaría Técnico Administrativa. DGA. Ministerio de Agricultura. (11. 1.6, 3273) AGA.

³⁷ 30 de marzo de 1947 (BOE nº 89).

³⁸ 11 de maio de 1948 (BOE nº132).

ben, estes cursos resisten sobre todo no primeiro lustro dos cincuenta como mera propaganda do réxime para lexitimarse a través da introdución dunha maquinaria que era percibida como revolucionaria. Igualmente, a multiplicidade de organismos implicados na organización de cursos de tractoristas non diminuíría ata os anos sesenta. Pola súa banda, o falanxismo aínda se resistirá a abandonar os cursos organizados na lóxica da mobilización de masas do fascismo. Como por exemplo, os cursos organizados pola *Delegación Nacional de Sindicatos - Junta Nacional de Hermandades*, a través do *Plan Nacional de Capacitación Agropecuaria*. Nese ano sabemos que se reparten subvencións para a realización de cursos en tódalas provincias do Estado. Mais sen saber concretamente que tipos de cursos se desenvolveron, ou ben, si se chegaron a celebrar, tampouco podemos aventurarnos demasiado na utilidade dos mesmos, e menos, na súa función ligada á moto-mecanización. En calquera caso, todo parece indicar que dada a data, os cursos de tractoristas serían escasos e, en todo caso, celebrados nas provincias de especial atención para o Estado. De feito, si que sabemos que o *Ministerio de Agricultura* celebraba en 1950 cursos de tractoristas agrícolas en Valladolid, Madrid e nas localidades de Carmona, Ecija, Lora del Río e Lebrija (Sevilla)³⁹. Polo demais, os cursos da *Delegación Nacional de Sindicatos* facíase coincidir cos aniversarios da fundación do *Frente de Juventudes* como referente da mocidade organizada do partido único *FET de las JONS*. Todo parece indicar que se trataba máis ben de propaganda do réxime, xa que, como sinala Pan-Montojo, este tipo de cursos irían ademais acompañados de campamentos de verán con eventos deportivos, excursións e cursos de manexo de tractores con distintas competicións organizadas pola *Sección Central de Rurales* para clausurar os actos que se adoitaban celebrar na Casa de Campo en Madrid (2012: 87)⁴⁰.

1.2.2. Políticas de financiamento para a moto-mecanización.

Analizaremos nesta punto as políticas de financiamento da moto-mecanización neste período. Cuestión que a Ditadura franquista, no seu proceso de construción dos anos corenta,

³⁹ De 115 cursos que se declaran no Plan Nacional de Capacitación Agro-Pecuaria de 1950, invístense 1,433,300pts en subvencións para tódalas provincias do Estado. A provincia con máis cursos é Oviedo con 30. Namentres que a provincia con máis subvencións é Madrid con 139,800pts para 19 cursos. Para Galiza, concédese 35,000pts para 11 cursos en Coruña. 10,000pts para 2 cursos en Lugo. 17,500pts para 7 cursos en Ourense e 7,500pts para 11 cursos en Pontevedra. Fonte: Plan Nacional de Capacitación Agro-Pecuaria. Ministerio de Agricultura (11. 1.21, 61/11,816) AGA.

⁴⁰ Plan Nacional de Capacitación Agro-Pecuaria. Ministerio de Agricultura (11. 1.21, 61/11,816) AGA.

establece como punto inicial na lei do 17 de xullo de 1946 coa que se facilitan fondos e reforza a organización do que viña sendo dende 1925 o *Servicio Nacional de Crédito Agrícola (SNCA)*. A través del, a Ditadura esperaba artellar os programas de subvencións e créditos á agricultura a través dos recién creados organismos estatais como O SNT ou o INC. Porén, no noso caso imos analizar especialmente os créditos que se proporcionaban a través dos organismos que compuñan a *Organización Sindical Agraria* do franquismo. Nomeadamente os *Grupos Sindicales de Colonización (GSC)* creados en base á *Orden del Ministerio de Agricultura* do 11 de xuño de 1941; así como as *Secciones de Crédito Agrícola* creadas o 15 de abril de 1948 no seo das *Hermandades*. De igual xeito, cumpre apuntar por último que o SNCA tamén se abría á posibilidade de conceder créditos a través de entidades colaboradoras con algunhas Caixas de Aforro (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 26-27).

Polo xeral, o impacto real destes instrumentos de financiamento na agricultura en Galiza foi escaso ou practicamente nulo. E iso, que Martínez Ruíz estima que entre 1947 e 1961 adquiríanse uns 10,695 tractores con axudas do SNCA. É dicir, o 15% do total, correndo a cargo dos particulares e de institucións de financiamento privado o pago do 85% restante (2000: 176). Unha distribución territorial dos créditos do SNCA durante eses anos deixa ben claras a dirección e atención do Estado en materia de políticas de crédito á agricultura.

Táboa 3. Créditos do SNCA para a compra de tractores e colleitadoras en millóns de pesetas e unidades (1947-1961).

Rexión	Importe créditos	Tractores	Colleitadoras
Castilla la Mancha (sen Albacete) e Madrid	410	2.849	380
Andalucía	348	1.851	168
León, Palencia, Salamanca, Valladolid e Zamora	177	1.423	130
Aragón	168	1.062	109
Catalunya	140	839	46
Extremadura	132	818	53
Ávila, Burgos, Cantabria, Rioja, Segovia e Soria	95	598	64
Albacete e Murcia	83	532	29
País Valencià	72	394	34
País Vasco e Navarra	44	263	11
Canarias	9	40	n.d
Galiza	5	16	1
Baleares	0.9	7	n.d
Asturias	0.3	3	n.d

Táboa de elaboración propia a partir de (Martínez Ruíz, 2000: 177).

Tendo en conta as cifras anteriores poderíamos reforzar a afirmación da escasa participación do SNCA nas agriculturas de Galiza, mais tamén de Asturias, Baleares,

Canarias ou País Vasco. De feito, Martínez Ruíz sinala tan só 16 tractores financiados en Galiza, cousa que contrasta cos 92 tractores censados só no período de 1946 a 1955⁴¹. Polo que concluímos que as porcentaxes de financiamento real do SNCA tiveron que ser realmente baixas en Galiza. Non así para o resto do Estado, onde o número de préstamos evolucionou dende os preto de 1,900 créditos emitidos en 1951, aos 29,076 préstamos de 1961⁴².

En calquera caso e, alén dos créditos do SNCA, ao longo deste período tamén se comezaban a financiar a compra de tractores a través dos *Grupos Sindicales de Colonización* (GSC). Os GSC defíníanse como agrupacións de produtores dotados de capital propio e afecto ao cumprimento duns fines específicos. Integrábanse de forma obrigada nas *Hermandades*, mais coa posibilidade de manter o seu propio patrimonio, tal e como acontecía coas UTECO. Como asociacións, podían acceder ás axudas económicas contempladas na *Ley de Colonización de Interés Local*, por *Orden de la Presidencia del Gobierno* o 23 de marzo de 1945. Polo que unha vez realizada a mellora pola cal foran creadas, por exemplo, a compra dun tractor, desaparecían. (Lanero, 2011: 524). Como veremos no derradeiro capítulo da tese, os GSC tiñan especial utilidade para a compra de maquinaria. Mais ao igual que acontecía coas *Hermandades*, o seu uso parecía estar ligado a propietarios con certos recursos económicos ou influencia política local. Ademais disto, como sinala Lanero para a provincia de Pontevedra entre 1952 e 1969, cabería certa precaución para analizar o impacto real dos GSC, dado que algúns destes non pasarían de ser proxectos sobre o papel. Vexamos as cifras na seguinte táboa (2011: 525).

Táboa 4. Número e porcentaxe de melloras realizadas a través dos GSC en Pontevedra (1952-1969).		
Concepto	Número de actuacións	Porcentaxe de gasto
Electrificación de freguesías e lugares	19	46%
Captación de auga, canles, fontes, lavadoiros e regadíos.	9	23%
Maquinaria agrícola	12	31%
Total	30	100%
Porcentaxe do número de concellos afectados	18	28%

Táboa de elaboración propia a partir de (Lanero, 2011: 538).

⁴¹ Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA). Xunta de Galiza.

⁴² Análisis de la situación del sector agrario. Aspectos Estructurales e Institucionales. Diciembre de 1962. Ministerio de Agricultura (11, 1.30 61/13.111) AGA.

Máis alá dos GSC, outra vía de concesión de créditos era a través das propias *Hermandades*, mais tamén das COSA ou das UTECO⁴³. Organismos estes últimos que, se ben, con pouco éxito, viñan a re-emprazar a estrutura asociativa labrega de antes da guerra. De forma especial, as *Hermandades* creaban en 1948 as *Secciones de Crédito Agrícola Local*. O seu obxectivo era o de fomentar o aforro, estimular o espírito solidario e de previsión social entre os labregos e, tamén, combater a usura (Lanero, 2011: 183-184)⁴⁴. Nacían para poder solicitar créditos ao SNCA ou a outras entidades bancarias. Non obstante, o propio Lanero que analiza o funcionamento da *Organización Sindical Agraria* en Galiza defíneas como un fracaso, sinalando ademais que na maioría das solicitudes de crédito, o concepto adoitaba ser moi xenérico. Por exemplo, o das melloras das explotacións. Se ben, recoñécese que dentro dese concepto poderían haber obxectivos concretos como o da compra de gando -as maioritarias-, sementes, fertilizantes ou ben, compra de maquinaria agrícola (Lanero, 2011: 187).

Por último, e ao igual que acontecía coas *Secciones de Crédito*, tanto as COSA como as *Cooperativas del Campo* tiveron un papel moi modesto na promoción da motomecanización da agricultura. Polo menos, nas dúas primeiras décadas do franquismo. En consecuencia, pode dicirse que en termos de cambio tecnolóxico, a *Organización Sindical Agraria* do franquismo non logrou equipararse ao que o asociacionismo do primeiro terzo do século XX tiña feito. Ademais, o contexto especialmente deprimido da economía nos anos corenta, provocaría que nas *Hermandades* se dedicasen no mellor dos casos ao repartir dos escasos *inputs* segundo dispoñibilidade, e non tanto por solicitudes dos membros. Isto, ademais, tendo en conta a magnitude do mercado negro de combustibles, fertilizantes ou sementes, así como o uso para beneficio propio que moitos dirixentes das *Hermandades*

⁴³ As *Hermandades* eran as unidades básicas de organización sindical labrega por cada por cada Concello. Dependían a nivel xerárquico das Cámaras Oficiais Sindicales Agrarias (COSA), as cales, tiñan un forte control sobre as *Hermandades* e servían para exercer de intermediarios entre a administración do Estado (Ministerio de Agricultura, Jefaturas Agronómicas...) e os labregos. Eran encargados ademais da implantación de determinadas políticas como o crédito agrícola, a mellora gandeira ou a promoción de novos cultivos... Non obstante, a súa labor viuse obstaculizada tanto pola competencia do cooperativismo católico como polo sector agro industrial máis tarde. (Lanero, 2011a: 70). Por último, as *Cooperativas del Campo* integrábanse a nivel provincial nas Uniones Territoriales de Cooperativas del Campo (UTECA). Reguladas pola Ley de Cooperativas de 1942 e que non difería moito da Ley de Sindicatos Agrícolas de 1906. (Lanero, 2011: 208-209).

⁴⁴ Como sinala Lanero, os obxectivos das *Secciones* eran idénticos ás das vellos Caixas Rurais Católicas de antes da guerra (2011: 184).

facían destas. Por exemplo, beneficiándose dos contactos e das influencias ás que podían acceder para a comercialización precisamente de maquinaria agrícola (Lanero, 2011a: 73).

1.2.3. Políticas e sistema de innovación para a agricultura en Galiza.

A última cuestión que temos que considerar para comprender o período que tratamos, é o que ten a ver coas políticas de innovación agraria que o Estado aplicou en Galiza nos anos corenta. En termos xerais, as liñas básicas das mesmas non mudaron substancialmente dende o período anterior á Guerra Civil. Mudaron iso si as circunstancias nas que se tentaron levar a cabo.

O punto inicial das políticas agrarias do franquismo en Galiza adoitase relacionar coa celebración do *Congreso Agrícola de Galicia* (CAG) de 1944, así como do *Plan Agrícola de Galicia* (PAG) de 1946 (Bernárdez e Cabo, 1996., Bernárdez, 1999., Fernández Prieto, 2007). En ámbolos dous casos, os temas centrais que se trataron estaban relacionadas co desenvolvemento produtivo gandeiro e forestal. No CAG de 1944, por exemplo, os temas tratados estaban relacionados efectivamente con melloras xenéticas de gando, problema de pragas e cuestións forestais. (Bernárdez, 1999: 85)⁴⁵. En canto ao PAG, pretendía ser un ente autónomo de orzamentos propios que, sen parangón noutras rexións do Estado, tiña como obxectivos a coordinación das diversas entidades involucradas na investigación agronómica e de cambio técnico en Galiza. Mais na realidade, como na maioría dos proxectos e institucións de innovación agraria da Ditadura nos anos corenta, esta iniciativa quedou eivada gravemente tanto pola incapacidade política do réxime como polas limitacións orzamentarias (Bernárdez e Cabo, 1996: 130-131., Fernández Prieto, 2007: 279). Ante as dificultades atopadas, o PAG ficaría reducido á labor experimental centrado no ensaio e divulgación de variedades pratenses. Relaciónase así coa Granxa da Coruña, coa que trataría de implantar un modelo de desenvolvemento leiteiro a partir da raza rubia galega. Finalmente, o PAG é re-estruturado en 1950 para pasar a ser un mero servizo agronómico de orientación gandeira (Bernárdez e Cabo, 1996: 130,131).

Outra das vías de acción do Estado era a través do recentemente creado *Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias* (INIA) en 1940. O INIA viña a substituír ao *Instituto*

⁴⁵ No referido á produción forestal, cabería destacar a creación en 1943 en Pontevedra, do Centro Regional de Enseñanzas e Investigaciones Forestales de Lourizán. Dende alí, desenvolveranse as políticas forestais de poboación masiva de pinus pinaster e pinus insignis nos anos cincuenta (Bernárdez e Cabo, 1996: 134).

de Investigacións Agrarias (IIA) da II República e, como institución, tiña o obxectivo de realizar e coordinar todas as actividades de investigación e experimentación agronómica que competeran ao Estado. Mais na realidade, sabemos que ata ben entrado os anos sesenta, segundo Fernández Prieto, a provisionalidade das instalacións, a mala continuidade dos traballos de investigación con respecto ao período republicano, a desorganización e a falta de presupostos crónicos apenas cubrirían custes ordinarios da propia institución (Fernández Prieto, 2007: 217-225). Nese contexto, os centros de innovación existentes en Galiza intégranse no INIA cunha nova xerarquía. A preeminencia será para os centros da Coruña organizados nun *Centro Galicia*, do cal dependerán a *Estación de Praticultura y Cultivos de Vega*, xunto coa *Estación de Fitopatología Agrícola*⁴⁶. Por outra banda, a Misión Biológica de Galicia⁴⁷ pasará a depender do CSIC (Bernárdez e Cabo, 1996: 133). Como no INIA, a falta crónica de orzamentos suficientes provocaría unha parálise xeneralizada dos traballos de investigación nos anos corenta e cincuenta. Mais o imporante sen dúbida durante eses anos, foi a clausura nos anos corenta dos *Campos de Demostración Locales* que viñan funcionando dende comezos do século XX. Esta factor eivou de raíz calquera posibilidade no futuro de difusión tecnolóxica ás comunidades labregas. Imposibilitou tamén a solución de fórmulas cooperativas públicas, ou de arrendo de maquinaria ao estilo francés⁴⁸. E é que os campos de demostración, tal como analizou Fernández Prieto, tiñan demostrado a súa eficacia no achegamento de novas tecnoloxías aos espazos locais. Porén, a Ditadura non dubidou en clausuralos. Os que sobreviviron, ademais, non conseguiron de igual xeito nova maquinaria e orzamentos suficientes ata finais da década dos cincuenta (Fernández Prieto, 2007: 276-277).

Máis alá pois da precariedade orzamentaria e do peche de instalacións, tanto a estrutura produtiva da agricultura en Galiza, como as políticas agrarias que se aplicaban antes

⁴⁶ A Estación de Praticultura y Cultivos de Vega era a nova denominación da antiga Granja Agrícola de La Coruña fundada en 1888. Por outra banda, a Estación de Fitopatología Agrícola, compartiría espazo con esta, mais cun funcionamento independente (Bernárdez e Cabo, 1996: 121).

⁴⁷ A Misión Biológica de Galicia fúndase en 1921 a iniciativa da Institución Libre de Enseñanza.

⁴⁸ Clar vincula o desenvolvemento da moto-mecanización na agricultura en Francia ao impulso estatal dese cambio tecnolóxico con posterioridade á Segunda Guerra Mundial. Especialmente debido á creación do Centre National D'Etudes et D'Experimentation du Machinisme Agricole, así como á instalación de cooperativas de uso de maquinaria agrícola que, para 1966 alcanzaban xa os 13,000 tractores usados (Clar, 2009: 100). Por outra banda, as bases para a instalación de cooperativas para uso de maquinaria agrícola xa foran postas polo ministro de agricultura Tanguy Prigent, no goberno de Charles de Gaulle en 1946. Fonte en: Agro-alimentarias Cooperativas. (Data da consulta 23/09/2019) en: <http://www.agro-alimentarias.coop/ficheros/doc/01416.pdf>

e despois da Guerra Civil, non parecían requirir dun cambio tecnolóxico dirixido a moto-mecanizar o traballo labrego. Si ben, esta situación non xustificaba nin o empobrecemento do aparato de innovación do Estado na agricultura, nin a política preferente que o Estado lle outorgará claramente ás grandes propiedades do cereal. O Estado limítase entón a excluír dos investimentos en innovación e moto-mecanización ás pequenas agriculturas de propiedade e traballo familiar como as de Galiza. Cuestión que cumpriría relativizar se temos en conta a escasa oferta tecnolóxica, a propia orientación produtiva gandeira e forestal, así como a particular disposición das estruturas da terra en Galiza. En conclusión: o tractor non estaba nin antes, nin despois da Guerra Civil, dentro do horizonte tecnolóxico da maioría dos técnicos do Estado e das propias comunidades labregas en Galiza.



*“Por otro lado debe considerarse que hoy,
En casi todas las regiones de España y con posible excepción,
limitada sólo a las provincias del Noroeste (Galicia),
son consumidoras de tractores”.*

*Memoria Ricardo Medem y Cía S.A.
12 de xuño de 1952⁴⁹.*

1.3. Programa Oficial de Adjudicación de Tractores.

A principal política de moto-mecanización da agricultura do período foi sen dúbida a creación do *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores* (POAT) en 1941. Un factor político-institucional que regulou a oferta de tractores ata 1960 (Clar, 2009: 115). As súas bases definíronse o 28 de xaneiro de 1941 no que se regulaba a distribución de tractores a agricultores que no sucesivo se importasen⁵⁰. Como veremos de seguida, a súa interpretación, lóxica e características esperta unha serie de cuestións importantes, dado que como política reguladora necesariamente beneficiaba a uns solicitantes e excluía a outros.

1.3.1. Lóxica dunha política reguladora da oferta.

A lóxica do POAT hai que pola en relación con varios elementos. Loxicamente ten a ver cos obxectivos da autarquía e a convicción reguladora do mercado por parte da Ditadura nos anos corenta e cincuenta, mais tamén coa realidade dunha oferta tecnolóxica superada claramente pola demanda. Na década dos corenta había que ter en conta tanto as dificultades para importar tractores, como pola débil ou inexistente capacidade de producir tractores por parte das industrias no Estado (2009: 115). Clar danos un primeiro adianto do funcionamento do POAT, sinalando o carácter restrinxido das adxudicacións de tractores nos anos corenta. Cuestión, que pouco a pouco vai mudando cara a década dos cincuenta, tanto pola apertura

⁴⁹ Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España. Ricardo Medem y Cía S.A. 16 de xuño de 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/03126) AGA.

⁵⁰ O 28 de xaneiro de 1940, (BOE nº 31).

económica da Ditadura, como pola instalación das dúas fábricas de tractores en España en 1955 e 1956. Dende entón, dicía Clar, sería máis fácil obter tractores adxudicados de produción española. Outra opción para os solicitantes ao longo destes anos era recorrer a tractores de marcas de importación por parte de compañías dedicadas á distribución dos mesmos. Por exemplo, os tractores *Fordson Major* distribuídos por parte de *Motor Ibérica S.A.* Respecto ás demais marcas e, salvando a *Steyr* de Austria, a inseguridade da concesión dependía do estado conxuntural da importación. De feito, moitas das adxudicacións rexeitadas, di Clar, estaban relacionadas con tractores difíciles de conseguir no mercado estranxeiro. A concesión resultaba máis difícil aínda se o tipo de tractor era eiruga. Entre os de rodas, tíñanse ademais menos posibilidades de adquirir un tractor se este superaba os 40cv de potencia, dado que na maioría das importacións as potencias oscilaban entre os 20 e 35cv (2009: 117).

En canto a prezos e modelos, o Estado fixábaos en última instancia, aínda que dependía da posibilidade de importar en cada momento a prezos ademais moi variables debido á inestabilidade da oferta. O prezo era distinto si o tractor era de importación ou de produción española, dependendo tamén segundo a modalidade de pago da operación de importación. Por outra banda, Clar conclúe que polo xeral, as agriculturas e propietarios máis favorecidos polo POAT eran aqueles que tiveran un mínimo de 30ha de cultivo; preferentemente cereais panificables como o trigo, ou ben outros estratéxicos coma o arroz ou a remolacha azucreira. Adoitaban conseguir as adxudicacións os que solicitaban tractores de produción española, así como os que tiveran a certificación de *finca ejemplar* ou *manifestamente mejorable*, así como os que tiveran propiedades obxecto de transformación de regadío, ou resultado dunha concentración parcelaria (Clar, 2009: 117).

Si ben, Clar recoñecía que o POAT deixaban fóra a unha gran cantidade de pequenos campesiños, o sistema favorecía en realidade aos grandes propietarios e, dentro deles, aos dedicados a cultivos directos de secaño ou regadío como os cereais, arroz ou remolacha. Tamén se beneficiaba do POAT empresas, propiedades eclesiásticas, concellos así como tamén *Hermandades* ou cooperativas (Clar, 2009: 122). Por outra banda, o POAT tamén podía solicitarse en colectivo por varios propietarios, aínda que si ben, o propio Clar recoñecía que este tipo de solicitudes non eran as de maior éxito. Ademais, a concentración deste tipo de solicitudes dábase nas provincias de Barcelona, Lleida, Navarra, Valencia ou

Alacant (Clar, 2009: 122). Cabe sinalar, por último, que as adxudicacións realizábanse nunhas condicións moi vantaxosas aos propietarios. Segundo Martínez Ruíz, entre 1947 e 1955 os concursos do POAT ían acompañados dun sistema de préstamos para o financiamento das compras. Nos anos sinalados, Martínez di que se outorgarían préstamos por valor de 151,7 millóns de pesetas. Os créditos financiarían un 70% do prezo da adxudicación a un interese do 3,75% a pagar en catro anos. Con este proceso adquiríronse no período referido un total de 925 tractores, 778 colleitadoras e 187 trilladoras (2000: 171). Mais aos créditos habería que xuntar os trámites, certificando a propiedade, o valor de renda e extensión de fincas a moto-mecanizar, xunto cun oficio de adxudicación do tractor e factura da casa subministradora á que había que abonar por adiantado o 40% do prezo (Clar, 2009: 121).

1.3.2. O desigual impacto territorial do programa.

Agora ben, unha das cuestións que nos parece relevante do POAT e o seu desigual impacto territorial. Cuestión que para Clar, non tiña relación nin só, nin principalmente cun pretendido dirixismo do réxime, senón que estaba máis ben relacionado coa cantidade e calidade das solicitudes. Para Clar, pedir moito e facelo ben, tiña moito máis a ver á hora de determinar o distinto impacto do POAT polo territorio. E puña como exemplo o feito de solicitar a aceptación de varios modelos, cuestión que aumentaba as posibilidades da concesión. Tamén sinalaba que o achegamento do visto bo dunha empresa de distribución tamén aumentaba as posibilidades, así como dispoñer de recomendacións por parte dalgúns autoridades que encomendaban á DGA adxudicar con présa un tractor (2009: 118). A estes factores, Clar xúntalle outros factores que para nós, si que teñen máis capacidade explicativa do distinto impacto territorial do POAT. Por exemplo: a facilidade para pedir por parte daquelas provincias familiarizadas cos tractores dende había décadas. Cuestión que faría que os propietarios coñeceran e se moveran mellor polo mercado de maquinaria, equipos, marcas, representantes, normativas e outras cuestións. Por último e, nesta liña, consideramos lóxica a hipótese que formula Clar ao preguntarse pola relación causal que podería haber entre provincias como Lleida que, sendo altamente favorecida polo POAT, tiñan tamén unha elevada concentración de concursos de tractoristas gañados nos anos corenta (2009: 123).

Aceptamos por tanto os efectos da traxectoria da dependencia que actuarían beneficiando a segundo que provincias do Estado, mais non podemos estar acordo coa inexistencia dun carácter dirixista do POAT. De feito, para nós, o programa representa un instrumento político do réxime para xestionar a escasa oferta tecnolóxica dirixida cara uns obxectivos concretos. E podémolo comprobar ademais analizando polo concreto tanto os concursos convocados, como pola distribución territorial das adxudicacións finais.

Mais ollemos agora polo miúdo algunhas das claves que se repiten nas convocatorias dos concursos do POAT dende 1941. Aínda que inicialmente puntual, as convocatorias do POAT pasan a ser anuais dende 1945 ata 1963. O programa executábase dende o *Ministerio de Agricultura* dende onde se ditaban as normas para os concursos de tractores que no sucesivo se importaran. Estas publicábanse no BOE e, a partir de aí eran enviadas ás *Jefaturas Agronómicas Provinciales*, dende onde recibían a publicación e se remitían aos *Boletíns Provinciales*. Dende alí, por último, os concursos pasaban aos xornais locais.

No referido ás superficies mínimas de cultivo, estas adoitaban ser moito máis elevadas que as superficies medias das parcelas cultivadas en Galiza, ou xa ben, do conxunto das parcelas en propiedade en moitas agriculturas do Estado. Por exemplo, no primeiro concurso de 1941 só podían participar cooperativas, asociacións de produtores e particulares que cultivasen máis de 150 ha a cereal⁵¹. Superficie que se reduciría no terceiro concurso convocado en 1941 a 75ha⁵². Dende entón ata o final da Segunda Guerra Mundial non volven haber concursos debido á imposibilidade da Ditadura para conseguir máis tractores. Mais dende 1945 en diante comezan a convocarse anualmente concursos que, logo de 1947 parecen celebrarse en condicións menos precarias. Aumenta por exemplo a oferta de tractores e, aínda que as superficies a cereal se manteñen nas 75ha, establécense novas superficies mínimas logo de 1948 para a pataca, o arroz e a remolacha azucreira nas 50ha. Si ben, no mesmo concourse suben as superficies mínimas requiridas a 150ha a oliveira⁵³.

⁵¹ O primeiro concurso convócase o 22 de febreiro de 1941 (BOE nº53). Nas bases da convocatoria anúnciase a distribución de tractores das marcas internacionais Deering, International e Caterpillar. Todos de tipo eiruga e con potencias comprendidas entre os 30 e os 80cv.

⁵² 11 de setembro de 1941 (BOE nº 254), anúnciase outra distribución de tractores das marcas Lanz e Hanomag para uso agrícola. A maioría de tipo eiruga.

⁵³ O 28 de marzo de 1948, (BOE nº 88) A oferta de tractores a importar aumentaba a Deering, International, McCormik do tipo Farmall, John Deere de diversos modelos, Case, Fordons Major e Massey Harris.

Non todos os concursos son iguais, hainos por exemplo que se convocan para adxudicar tractores que non puideron importarse con anterioridade. Tal é o caso por exemplo do concurso convocado en novembro de 1948 para propietarios con máis de 300ha en cultivo⁵⁴. Outros, outorgaban preferencias aos propietarios que entregasen maiores porcentaxes de trigo ao SNT do esperado⁵⁵. Ademais, nalgúns concursos a orde de adxudicación das solicitudes aceptadas estaban marcadas pola maior superficie declarada de sementado ou colleita⁵⁶. Por outra banda, outros concurso eran específicos para asociacións como as COSA provinciais⁵⁷. En calquera caso, queda demostrado o carácter restrinxido do POAT durante estes anos. Superficies mínimas, bonificacións especiais e cultivos preferencias que exclúen a grandes conxuntos de comunidades labregas do Estado, mais especialmente ás de Galiza, Asturias, Cantabria ou o norte do País Vasco.

Exclusión que se percibe claramente nas seguintes táboas de solicitudes recibidas en cada *Jefatura Agronómica Provincial*, así como a clasificación segundo a tipoloxía da agricultura en 1957.

Táboa 5. Relación de peticións de tractores recibidas polas Jefaturas Agronómicas Provinciales ata o 16 de xaneiro de 1957.

Provincia	Nº	Provincia	Nº	Provincia	Nº
Áraba	103	Girona	114	Oviedo	5
Albacete	107	Granada	304	Palencia	254
Alacant	289	Guadalajara	187	Pontevedra	4
Almería	20	Guipuzkoa	2	Salamanca	259
Ávila	246	Huelva	65	Santander	3
Badajoz	415	Huesca	490	Segovia	149
Baleares	76	Jaén	302	Sevilla	615
Barcelona	142	León	41	Soria	154
Burgos	243	Lleida	679	Tarragona	181
Cáceres	89	Logroño	212	Teruel	78

⁵⁴ 9 de novembro de 1948 (BOE nº314) para satisfacer operacións frustradas de importacións de tractores de 1941. Concretamente a importación de tractores Caterpillar entre xuño e outubro de 1941. Fonte: Correspondencia de la Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10, 26.01. 54/8.895) AGA.

⁵⁵ Concursos do 16 de xaneiro de 1946 (BOE nº 16) para tractores de importación John Deere de pneumáticos con potencias entre 12 e 35cv, e concurso do 19 de setembro de 1953 (BOE nº 262) para tractores de rodas dende 55cv de potencia de distintas marcas de importación.

⁵⁶ Concurso do 19 de setembro de 1953 (BOE nº 262) para tractores de rodas dende 55cv de potencia de distintas marcas de importación.

⁵⁷ Concurso do 2 de maio de 1949 (BOE nº 122), onde se importarían tractores especificamente para as COSA. Hai que dicir que neste momento todas as Hermandades, xunto coas Diputaciones podían solicitar logo os tractores ás COSA. No concurso distribuíriáanse un bo feixe de marcas: Allis Chalmers, Case, Caterpillar, Deering, International, McCromick, John Deere, Massey Harris, Fordosn, Ferguson, Bristol, Volvo, Bolinder-Munktel, Map e Continental.

Cádiz	280	Lugo	9	Toledo	704
Castelló	83	Madrid	481	València	514
Ciudad Real	273	Málaga	235	Valladolid	747
Córdoba	335	Murcia	260	Bizkaia	1
Coruña	25	Navarra	539	Zamora	183
Cuenca	395	Ourense	1	Zaragoza	861

Fonte: Jefaturas Agronómicas Provinciales. Ministerio de Agricultura⁵⁸.

Táboa 6. Distribución territorial das peticións de adxudicacións recibidas polas *Jefaturas Agronómicas Provinciales* ata o 16 de xaneiro de 1957.

Agricultura atlántica ⁵⁹	Agricultura interior ⁶⁰	Agricultura mediterránea ⁶¹	Total, España	Total, Galicia
50	8,830	2,874	11,715	39

Fonte: Jefaturas Agronómicas Provinciales. Ministerio de Agricultura⁶².

A táboa anterior deixa clara a distribución desigual das adxudicación de tractores segundo agriculturas atlánticas, mediterráneas ou do interior⁶³. De feito, o propio Clar reconece particularmente para Galiza que, a escasa presenza do POAT no país, podería ter máis a ver coa dependencia que a difusión de novas tecnoloxías tiña do sistema de innovación. Polo tanto, a clausura dos campos de demostración locais, así como a pobreza orzamentaria na que se atopaban os centros de investigación galegos podería ser para Clar, un factor que prexudicaría ás comunidades labregas en Galiza para accederen ao POAT (2009: 123).

⁵⁸ Ignorase dende cando comezou a contar a DGA o número de solicitudes de adxudicación de tractores. No documento aparece literalmente “Relación de peticiones de tractores enviadas por las Jefaturas Agronómicas hasta la fecha”. Polo tanto, non o podemos asegurar, mais semella probable que sexan o numero de solicitudes sen atender ata ese momento. A información procede dunha solicitude de crédito da DGA ao Development Loan Fundation para adquirir tractores e atender así ás 11,715 solicitudes de adxudicación. Fonte: Jefaturas Agronómicas Provinciales. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.118) AGA.

⁵⁹ Inclúe Galicia, Asturias, Cantabria e as provincias vascas de Bizkaia e Gipuzkoa.

⁶⁰ Inclúe a provincia vasca de Áraba, Navarra, Aragón, Castilla León, Madrid, Castilla la Mancha, Extremadura e a provincia catalá de Lleida, así como as provincias andaluzas de Granada e Jaén.

⁶¹ Inclúe as provincias andaluzas de Huelva, Sevilla, Córdoba, Cádiz, Málaga e Almería. Inclúe tamén a Murcia, País Valenciano e as provincias catalás de Tarragona, Barcelona e Girona.

⁶² Jefaturas Agronómicas Provinciales. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.118) AGA.

⁶³ Sobre os criterios para a clasificación dos tres tipos de agricultura, podemos reconecer de cote a agrupacións das provincias do norte peninsular como parte dun conxunto que denominados as agriculturas atlánticas. Este tipo de agricultura reconece a xeógrafo Ortega no seu análise da adaptación tecnolóxica dos espazos agrarios españois (1983: 90). Faino o historiador Soto en distintas ocasións para o conxunto agrario conformado por Galiza, Asturias, Cantabria e País Vasco. Faino de novo Soto, ademais, para sinalar índices de mecanización similares para o conxunto da agricultura atlántica diferenciada co resto do territorio do Estado (2006: 447). Agriculturas atlánticas tamén identificadas por Domingo Gallego cando fala da pauta del norte (2006: 269). Polo demais, o propio Estado reconece na administración esas diferenzas, dada as numerosas referencias ás particularidades da agricultura atlántica con respecto á agricultura mediterránea ou do interior.

1.3.3. Estrangulamento da demanda de tractores.

Concordar igualmente con Clar cando indica que o POAT foi sobre todo unha política desordenada do réxime. Esta cuestión é sobre todo evidente cando comeza a converxer a oferta coa demanda despois de 1957. Segundo Clar, un simple cálculo amosaría como o número de tractores tería sido moito maior en 1960 sen o estrangulamento da oferta. E é que entre 1955 e 1962 o parque de tractores incrementaríase en algo menos de 54,600 unidades. Só entre 1957 e 1959 as solicitudes de tractores aumentarían en máis da metade da cifra anterior. Polo que considerando que a importación xunto coa produción española de tractores suma unha cifra de 42,335 unidades entre 1961 e 1962, o aumento do número de tractores segundo Clar tería superado claramente as 55,000 unidades si a maioría das solicitudes foran feitas efectivas (2009: 116).

Mais pola contra, o feito que indica Clar é que a maioría das solicitudes de tractores non se resolvían favorablemente. Na seguinte táboa vemos as porcentaxes que nos proporciona Clar do éxito das solicitudes de adxudicación entre 1957 e 1959. Usamos os datos para Galiza, así como das cinco provincias con maior e menor porcentaxe de éxito.

Táboa 7. Solicitudes de tractores por provincias, así como total galego e español entre 1957 e 1959.					
	1957	1958	1959	Adxudicados de xaneiro de 1957 a xaneiro de 1958	% Adxudicados sobre peticións de 1957
Coruña	14	39	-	5	35,7%
Lugo	8	19	-	0	0,0
Ourense	1	-	-	0	0,0
Pontevedra	6	6	-	0	0,0
Total Galiza	29	64	-	5	17,2
5 Provincias con maior %					
Albacete	135	620	252	111	82,2
Tarragona	102	-	-	64	62,7
Barcelona	122	294	130	60	49,2
Zamora	133	201	164	59	44,4
Oviedo	7	10	-	3	42,9
5 Provincias con menor %					
Lugo	8	19	-	0	0,0
Ourense	1	-	-	0	0,0
Pontevedra	6	6	-	0	0,0
Áraba	93	89	43	9	8,2
Cádiz	232	244	137	27	11,6
Total España	10,356	11,157	6,303	2,944	28,4

Táboa de elaboración propia a partir de (Clar, 2009: 130)⁶⁴.

⁶⁴ Na táboa de Clar aparece tódalas provincias do Estado sen Bizkaia, Palma e Santa Cruz de Tenerife.

Resultar bastante ilustrativa a táboa anterior. Do conxunto do total español, só Albacete e Tarragona superan o 50% das solicitudes aprobadas. Se ben, hai unha gran variación no número de solicitudes entre as provincias de todo o Estado. A media española de aprobación destas descende a un 28,4%. Para o caso galego, só se adxudican 5 tractores do total de 64 solicitudes feitas entre 1957 e 1958. O que representa un éxito do 17,2% para o conxunto galego, e un 35,7% para Coruña sobre 53 solicitudes resultantes da suma de 1957 e 1958. Por outra banda, segundo Clar, o éxito das solicitudes en Lugo, Ourense e Pontevedra reduciríase a 0,0%. A cousa mellora sensiblemente, mais non moito, se falamos de adxudicación de tractores a asociacións de produtores en Cooperativas ou *Hermandades*. De novo, na seguinte táboa mostramos o conxunto galego, xunto coas cinco máis beneficiadas e as seis con menos adxudicacións. Neste caso nun séxtuplo empate dun único tractor.

Táboa 8. Adxudicación de tractores divididas por organismo e ano entre 1953 e 1958.											
	Segundo tipo de asociación ⁶⁵				Distribución anual de 1953 a 1958						Total
	Coop	Her	Caixas	Outros	1953	1954	1955	1956	1957	1958	
Coruña	2	1	-	-	-	-	1	-	-	2	3
Lugo	-	-	-	3	-	-	-	-	-	3	3
Ourense	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d	n.d
Pontevedra	1	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1
Total Galiza	3	1	0	3	0	0	1	1	0	5	7
5 Provincias con maior nº											
Barcelona	2	44	-	-	-	4	5	4	15	16	46
Lleida	20	24	-	-	-	8	1	2	11	22	44
Navarra	34	3	4	-	5	12	9	4	5	6	41
Valencia	22	9	-	-	1	4	6	3	6	11	31
Alicante	16	2	10	-	2	7	6	4	4	5	28
6 Provincias con menor nº											
Pontevedra	1	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1
Cáceres	1	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1
Almería	-	1	-	-	-	-	-	-	1	-	1
Oviedo	-	1	-	-	-	-	1	-	-	-	1
Granada	-	1	-	-	-	-	-	-	-	1	1
León	-	1	-	-	-	-	-	-	-	1	1
Total España	190	160	38	5	13	51	58	41	81	149	393

Táboa de elaboración propia a partir de (Clar, 2009: 132)⁶⁶.

⁶⁵ Coop (Cooperativas), Her (Hermandades), Caixas e Outros (Clar, 2009: 132).

⁶⁶ Na táboa de Clar aparece tódalas provincias do Estado sen Bizkaia, Palma e Santa Cruz de Tenerife.

De novo, Coruña sae favorecida xunto con Lugo e seguida de Pontevedra cunha única adxudicación en seis anos. Non habendo datos para Ourense, sabemos que se adxudican un total de 7 tractores en Galiza dos 393 que representan o conxunto do Estado (Clar, 2009: 132).

Os datos expostos pensamos que son suficientes para demostrar o feito de que o principal instrumento de cambio tecnolóxico do Estado para moto-mecanizar as agriculturas entre 1941 e 1960, excluía de forma sistemática ás agriculturas atlánticas. O final do POAT semella ter sido en 1960, xa que dende entón non se volven a convocar máis concursos de adxudicación de tractores. Os tempos mudaban, e os compromisos contraídos pola integración da Ditadura no concerto dos países capitalistas forzábana a unha apertura da súa economía. Nese marco, a política reguladora perdía sentido ao abandonarse os obxectivos autárquicos e, ademais, como sinalou Clar, era evidente que o programa representaba xa máis unha barreira administrativa á difusión de tractores para todo o conxunto do Estado. Isto, debido ao aumento da oferta de tractores debido tanto á instalación de fábricas de tractores a mediados dos anos cincuenta, como ao aumento das importacións.

*“Y los viejos países agrícolas hace cincuenta años,
necesitaban poco de la industria, porque no lo demandaba su demografía,
y producían en casa todo lo que necesitaba,
desde el mulo al carro y al arado romano.
Hoy la agricultura exige cada día más esfuerzos, pide tractores,
máquinas, arados modernos, exige abonos químicos.
Y todo este que antes se sustituía por lo producido en nuestra Patria,
hoy hay que comprarlo al extranjero o producirlo en nuestra nación impulsando la industria”.*

*Discurso de Franco en Aranjuez. 27 de xuño de 1951.
(Murviedro, 1982: 262-263).*

1.4. Evolución e análise do mercado de tractores.

Neste derradeiro apartado describimos e analizamos a evolución do mercado de maquinaria agrícola e tractores ata os anos sesenta. Se ben, como advertimos ao comezo deste capítulo, un excesivo foco nesta tecnoloxía concreta provoca certos problemas de comprensión do período. Como sinalamos, o tractor non forma parte do horizonte tecnolóxico da agricultura de traballo familiar en Galiza ata os anos sesenta. Polo tanto, se analizamos o mercado, necesariamente temos que tratar o mercado de maquinaria agrícola mecanizada. É dicir, vesos, sachadoras, sementadoras e máquinas de mallar. E non só, xa que ademais os propios censos de gando especializado no traballo agrícola dende 1955 a 1965, non amosan un decrecemento claro que puidera axudarnos a soste unha posición optimista con respecto aos niveis de moto-mecanización. Os cabalos, por exemplo, mostran unha tendencia á alza en Galiza dende 1955 a 1965. Xusto ao contrario da tendencia do conxunto do Estado. Se ben, non son así tan claros os datos referentes ás mulas e aos burros. Por unha parte, o número de mulas decrece ata 1960, e volve a subir cara 1965. No referido aos burros medran ata 1960 e decrecen cara 1965, mais non ao ritmo español no que se baixa case á metade do censo en 1965 con respecto a 1960. Se ben, as previsións do Estado, que non tiñan por que cumprise nas cifras estimadas par 1971, amosaban loxicamente unha tendencia

xeneralizada á baixa de cabalos, burros e mulas. Precisamente debido ao aumento previsto da moto-mecanización na agricultura. Vexamos os datos na seguinte táboa.

Táboa 9. Censo gando equino provincial de 1955, 1960 e 1965. Inclúe previsións para 1971.				
Cabalos	1955	1960	1965	1971 Previsión
A Coruña	-	-	18.925	18.639
Pontevedra	-	-	6.069	5.967
Lugo	-	-	14.937	14.709
Ourense	-	-	5.412	5.330
Galiza	42.318	43.803	45.343	44.655
España	564.399	505.502	320.665	270.665
Mulas	1955	1960	1965	1971 Previsto
A Coruña	-	-	752	301
Pontevedra	-	-	529	196
Lugo	-	-	2.349	850
Ourense	-	-	3.958	1.437
Galiza	8.157	6.636	7.588	2.784
España	1.070.716	1.158.041	745.130	395.130
Burros	1955	1960	1965	1971 Previsto
A Coruña	2.378	2.563	-	-
Pontevedra	7.391	7.973	-	-
Lugo	14.395	16.556	-	-
Ourense	2.047	2.154	-	-
Galiza	26.211	29.246	20.896	-
España	683.024	685.591	370.385	-

Fonte: I Plan de Desarrollo Económico y Social. AGA⁶⁷.

Por outra banda, Fernández Prieto ten analizado especialmente a evolución do mercado de maquinaria agrícola en Galiza para o período de 1928 a 1945. A través del sabemos que a guerra e o paradigma do Fascismo Agrario non transforma os itinerarios de cambio tecnolóxico referido á maquinaria en Galiza. Os vesos, sachadoras e malladoras continúan mercándose durante a guerra e logo desta. Se ben, os ritmos de introdución de maquinaria son máis baixos, á vez que se experimentan problemas xeneralizados de falta de combustibles e materias primas para a reparación e mantemento da maquinaria.

⁶⁷ Fonte: II Plan de Desarrollo Económico y Social: Informe de marzo de 1967 feito pola comisión de agricultura, grupo: factores de produción; subgrupo: gando de labor AGA (11) 1.30, 61/13.133.

Táboa 10. Vendas de maquinaria agrícola de Ajuria S. A. (1928-1945).				
	Total, Arados	Motores Gasolina	Malladoras	Total, vendas ⁶⁸
1928	4475	52	74	6239
1929	5366	61	73	7982
1930	4685	60	82	6431
1931	3807	64	73	4933
1932	4119	76	110	5458
1933	2293	53	94	4157
1934	1444	36	72	3624
1935	1797	30	53	2847
1936	1623	36	55	2747
1937	681	4	28	1161
1938	2070	28	49	3259
1939	1808	10	17	2019
1940	2823	-	32	4038
1941	2065	5	33	3350
1942	1501	-	41	2215
1943	2005	-	37	3213
1944	1490	-	70	2239
1945	832	-	70	1636
Total	15275	47	377	24130

Táboa de elaboración propia a partir de (Fernández Prieto, 1992: 330-332).

Como vemos, a guerra só detén de golpe o cambio tecnolóxico no ano 1937, volvendo a retomarse a innovación dende entón. Esta situación explícase en primeiro lugar, polo illamento de Galiza ao comezo da guerra e, para 1938, á intensificación da produción agraria que se tivo que experimentar en Galiza ao ser usada como despensa de alimentos por parte dos militares rebeldes.

Polo demais, e atendendo ás cifras de vendas da empresa Ajuria S.A, cabe destacar que probablemente os niveis máis altos de mecanización da agricultura se tiveran producido entre finais dos anos vinte e comezos da década dos trinta. Dende entón e ata 1936 mantivéronse uns ritmos decrecentes, mais estables, do número de compras de maquinaria. Logo a guerra e, xa na posguerra, exceptuando os motores de gasolina moi prezados en contextos belixerantes; as vendas de arados e malladoras recupéranse na posguerra aínda que sen manter nin a estabilidade dos anos trinta nin os altos números de vendas (Fernández Prieto, 1992: 330-332). En calquera caso, hai que ter en conta que as cifras que vimos só representan as vendas dunha única, mais importante empresa do momento. Unha parte importante da maquinaria empregada no horizonte tecnolóxico da segunda onda da

⁶⁸ Inclúe Grades, sementadoras, sachadoras, debulladoras de millo, cortapallas, cortaraíces, empacadoras, prensas, aventadoras e correos Fernández Prieto (1992: 330-331).

industrialización fabricaríase en pequenos talleres e ferreiros locais. A excepción quizais dos vesos de dobre vesadoiro e as malladoras.

A mecanización da agricultura en Galiza tivo que verse afectada seguramente polo afundimento das vendas que se aprecian en 1945 e que, con moita seguridade, tiveron que continuar ata os anos cincuenta. Isto seguramente pola crítica situación da Ditadura no panorama internacional e, polo tanto, debido ao seu afundimento económico. As vendas de Ajuria caen en 1945 como caeron en 1936, mais sen guerra. Con posterioridade, a situación empeorou entre 1947 e 1948 pola crise espectacular de falta de combustibles deses anos. Ademais, para toda a provincia de Lugo, Fernández Prieto demostra como caen polo xeral o número de malladoras en tódolos partidos xudiciais entre 1948 e 1950 (Fernández Prieto, 1992: 341). Ante tal panorama, os créditos norteamericanos dos anos cincuenta tiveron que ser como a auga de maio para a Ditadura.

1.4.1. O problema da falta de combustibles.

Un dos problemas clásicos aos que se xa se ten referido por exemplo Martínez Ruíz, foi o da escaseza crónica de combustibles nos anos corenta (2000: 158-160). Hai que ter en conta que as cotas de combustible agrícola estaban completamente reguladas. Cada *Jefatura Agronómica Provincial* elaboradas unha estimación en base aos cabalos de potencias inscritos no *Registro Oficial de Maquinaria Agrícola*. Calculábanse as necesidades de tractores, *trilladoras* e motores de rego en función dos traballos agrícolas previstos, así como tamén as actividades na provincia do INC ou doutra institución, de ser o caso. As cotas variaban por provincia e dependían da tipoloxía de labor agrícola a desenvolver. Por exemplo, a sega do cereal para SNT, ou a recollida de patacas constituían necesidades de combustible diferentes, mais tamén distintas bonificacións segundo os intereses produtivos do Estado. As solicitudes das cotas provinciais enviábanse á V Sección da DGA, onde o *Director General* respondería coas asignacións que en última instancia establecía CAMPSA.

Neste marco regulado, a falta de combustibles convertíase nun motivo de protesta no ano de 1948, cando localizamos unha vaga de airadas protestas por parte de moitas *Jefaturas Agronómicas* do Estado contra os incumprimentos da entrega de combustibles prometidas

por CAMPSA⁶⁹. As protestas eran xeneralizadas por parte dos *Ingenieros Jefes Provinciales* quen, no caso de Oviedo, solicitaban combustible para cubrir as labores máis alá da trilla por parte dos dous únicos tractores inscritos na provincia. Un de propiedade individual de 25cv de potencia e outro, máis pequeno, de 6cv de potencia e propiedade dunha UTECO que o destinaba a labores de demostracións gratuítas. En Segovia, queixábanse de que só tiñan recibido no mes de xullo un total de 18,000l., sendo as súas necesidades de 33,000l. En Barcelona, as cotas que recibían só cubrían as necesidades de rego, non podendo repartir combustible entre o resto de propietarios. En Valladolid, queixábanse ostensiblemente dos 103,500l., recibidos para o mes de outubro de 1948. Na provincia, declaraban, existían 207 tractores cuns 5,334cv, polo que non correspondían nin 20l. de carburante por cabalo, o cal, considerábase insuficiente en extremo⁷⁰.

A situación de crise xeneralizada pode observarse na seguinte táboa onde podemos ver a diferenza entre as solicitudes e concesións de combustible por cada provincia en 1948. Véxase como exemplos comparativos as provincias de Sevilla como a provincia de maior cota e, por outra parte, a de Bizkaia representando á provincia de menor cota do conxunto Estado⁷¹.

Táboas 11. Solicitudes de combustible por parte das Jefaturas Agronómicas Provinciales e os litros concedidos por CAMPSA. Agosto de 1948.

Provincia	Gasolina			Diésel		
	Solicitada	Concedida	Déficit	Solicitada	Concedida	Déficit
Coruña	200,000	125,000	75,000	2,000	2,000	-
Lugo	299,000	110,000	189,000	1,800	1,200	600
Ourense	75,000	68,500	6,500	-	-	-
Pontevedra	90,000	74,000	16,000	5,000	5,000	-
Total Galiza	664,000	377,500	286,000	8,800	8,200	600
Provincias con máis e menos concesións						
Sevilla	900,000	700,000	200,000	700,000	700,000	-
Bizkaia	9,250	7,500	1,750	1,000	1,000	-
Total España	11,028,775	7,498,600	3,528,175	3,859,330	3,870,550	339,780

Fonte: Solicitudes combustibles por parte de las Jefaturas Agronómicas. AGA⁷².

⁶⁹ A Compañía de Arrendataria del Monopolio de Petróleos (CAMPSA) era un monopolio do Estado creado por Real Decreto Ley o 28 de xuño de 1927.

⁷⁰ Sección V da DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.3, 61/1710) AGA.

⁷¹ Ver táboa I en anexos para: Solicitudes combustible polas Jefaturas Agronómicas Provinciales e litros concedidos por CAMPSA en tódalas provincias do Estado (agosto 1948).

⁷² Sección V da DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.3, 61/1710) AGA.

Conclúese entón que a falta de combustibles era xeneralizada e, polo tanto, esta situación limitaba enormemente a aplicación real das políticas de cambio tecnolóxico ata a apertura económica da Ditadura na década dos cincuenta.

1.4.2. Tractores e moto-mecanización da agricultura.

En primeiro lugar, habería que destacar que a nivel técnico, o tractor como máquina versátil para a realización de múltiples tarefas agrícolas non se desenvolveu ata o primeiro terzo do século XX. Nisto, tivo moito que ver, segundo analiza Márquez, unha serie de factores. Por exemplo, a redución de custes de produción dos tractores ao reducir e estandarizar os modelos producidos polas empresas. Os custos de produción abaratáronse tamén co progresivo descarte dos tractores tipo eiruga, máis custosos e menos prestos á súa adaptación que os tractores que usaban calzas pneumáticas. Por outra parte, a introdución de motores diésel acabou sobreponéndose a outros tipos de combustible como a gasolina, ou outros derivados do petróleo que non só eran carburantes máis custosos, senón que ademais provocaban maior número de avarías no motor. Por último, adoitase destacar como un fito a difusión do sistema de control de carga *Ferguson*, ou gancho hidráulico de tres puntos (2015: 27).

Toda esta cuestión ao redor do estadio técnico dos tractores non é un factor que haxa que ignorar, dado que entendemos que entra en directa conexión coas posibilidades da súa fácil replica en distintos contextos industriais. Ademais, a maior ou menor adaptabilidade técnica dos tractores ao terreo será, no noso criterio, unha cuestión fundamental para entender a aceptación dos tractores por parte das comunidades labregas. Outra das cuestións que temos que mencionar aquí, ten a ver cos efectos catalizadores da guerra no mercado e na oferta tecnolóxica. Para o caso español, os tractores italianos das marcas *Pavesi* e *Oto Melara*, ou xa ben, os populares vehículos norteamericanos da marca *Jeep*, son só un exemplo da presenza de vehículos ou tractores militares retirados na agricultura. Mais outro exemplo concreto témolo na empresa italiana *Fiat*, quen informaba ao *Ministerio de Agricultura* en 1953 que dos tractores *Fiat* existentes en España, o 80% tiña unha idade superior aos 10 anos. Non dispendo de maiores datos concretos, lembraban ao ministerio que continuaba existindo

no Estado un importante lote de material procedente do CTV e abandonado ao rematar a “guerra de liberación”⁷³.

1.4.3. As importación de tractores.

As importacións de tractores tenas analizado Martínez Ruiz para o primeiro terzo do século XX en España. De forma concreta, examina como se vai conformando o mercado de importación, especialmente dende a chegada de *Ford & Co.* a España en 1920 (2000: 141). Porén, dende 1936 ata 1945 todo o proceso de importación de tractores estivo afectado tanto polos efectos da Guerra Civil, como logo da Segunda Guerra Mundial. Ademais, a propia orientación política da Ditadura illouna comercialmente durante boa parte da década. A depresión económica da que xa temos tratado, imposibilitou tamén a importación de tractores por falta de divisas estranxeiras.

Así, o minguado nivel de importacións durante estes ano estivo sempre mediado polo *Ministerio de Agricultura*. Máis concretamente pola *Sección V* da DGA. A nivel fiscal e administrativo tamén interviñan no proceso os *Ministerio de Industria y Comercio* para autorizar os permisos de importación. En liñas xerais, foi case imposible ou difícil a importación de tractores con fins agrarios entre 1936 e 1945. Mais con posterioridade a esa data, as importacións regularizáronse pouco a pouco cos socios tradicionais de antes da guerra como os Estados Unidos, Reino Unido ou Francia en menor medida. De forma puntual, establecéronse tamén outros acordos con países como Italia, cos que se firmaron acordos bilaterais para importar maquinaria agrícola en 1947⁷⁴.

Na seguinte táboa podemos ver a evolución en perspectiva do número de importación de tractores e a súa procedencia entre 1920 e 1955.

Táboa 12. Número de tractor importados a España por países de orixe (1920-1955)			
Ano	Gran Bretaña	Estados Unidos	Francia
1920	303	-	-
1921	118	19	-
1922	27	463	-

⁷³ Carta do 25 de novembro de 1953 no que se informa ao Ministerio de Agricultura sobre o estado do mercado español. Informan concretamente á Sección VII da DGA que, baixo o seu coñecemento, non circulaban en España ningún tractor de rodas de ferro, tan só dous de calzas pneumáticas e 17 eiruga. Fonte: Sección VII. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.3, 61/1452) AGA.

⁷⁴ Italia exportaría por valor de 3,000 millóns de pesetas maquinaria agrícola e tractores a España. Fonte: 20 de agosto de 1947 (BOE nº232).

1923	47	517	-
1924	12	226	-
1925	27	114	-
1926	34	779	-
1927	14	896	-
1928	6	408	-
1929	9	370	-
1930	2	230	-
1931	6	90	-
1932	0	15	-
1933	90	42	-
1934	8	100	-
1935	60	102	-
1936	51	29	-
1937	0	0	-
1938	0	1	-
1939	0	69	-
1940	0	49	-
1941	0	388	-
1942	0	0	-
1943	0	0	-
1944	0	7	-
1945	0	151	-
1946	259	429	-
1947	398	367	-
1948	1177	509	5
1949	522	537	139
1950	699	28	84
1951	1382	564	505
1952	1026	486	354
1953	1258	527	305
1954	1705	158	338
1955	2040	599	525

Táboa de elaboración propia a partir de (Martínez Ruiz, 2000: 219-220).

Cabe destacar algunha que Martínez Ruiz proporciona datos de importacións de tractores representados en quintais métricos (qm.), mais non os expresamos na táboa para non facer máis confusa a súa interpretación. Baste dicir ao respecto, por exemplo, que Francia importa tractores puntualmente nos anos de 1928 a 1939. Impórtanse tractores tamén dende Hungría para 1933 a 1935, de Suecia para 1928 a 1932 e, por último, de Alemaña dende 1926 ata 1943. Si ben, interrómpanse estas entre 1944 a 1949, volven a reactivarse dende 1950 en diante (Martínez, 2000: 219-220).

Cabe destacar da táboa anterior a interrupción das importacións de tractores dende o Reino Unido para o comezo da Guerra Civil. Cousa que non ocorre coas importacións dos

Estados Unidos. Si ben, as importacións deste país parálanse máis tarde durante os anos centrais da Segunda Guerra Mundial. Só unha vez decidida a guerra, as importacións de Estados Unidos volven aparecer. Pola súa banda, Francia activa a exportación de tractores a España unha vez pasado o peche de fronteira coa Ditadura. Cabe destacar, en calquera caso, a aceleración producida logo de 1950. O aumento prodúcese especialmente cos tractores chegados do Reino Unido, cuestión que se explica pola maior oferta dispoñible, así como o destino das compras por parte dos créditos norteamericanos que veremos no seguinte capítulo.

Outra táboa que corrobora a importancia do mercado de oferta de tractores do Reino Unido vémosla na seguinte táboa de importacións de tractores.

Táboa 13. Países de procedencia dos tractores importados entre 1952 e 1954.			
De outubro 1952 a outubro 1953		De outubro 1953 a outubro 1954	
País	Unidades	País	Unidades
Inglaterra	973	Inglaterra	1,193
Alemaña Federal	836	Alemaña Federal	1,742
Estados Unidos	942	Estados Unidos	688
Francia	199	Francia	58
Austria	140	Austria	44
Suecia	144	Suecia	38
Italia	2	Italia	-
Suíza	13	Suíza	-
TOTAL	3,249	TOTAL	3,763

Fonte: Informes do SGT ao ICA. AGA⁷⁵.

A información provén da documentación xerada polas importacións de tractores a cargo dos créditos americanos, que analizaremos máis a fondo no seguinte capítulo. En calquera caso, a táboa énos útil neste caso para esbozar a procedencia dos tractores importados a mediados dos anos cincuenta. Destaca de novo o Reino Unido, seguido da Alemaña Federal, Estados Unidos e Francia.

1.4.4. A difícil produción e distribución de tractores.

A capacidade de produción de tractores por parte das industrias do Estado era moi reducida. Ademais, como sinala Martínez Ruíz, a capacidade produtiva mantíñase aínda moi reducida incluso a finais da década dos cincuenta. De feito, aínda á altura de 1957 a maior

⁷⁵ Informes do SGT ao ICA. Número de tractores importados de outubro de 1952 a outubro de 1954. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,151) AGA.

produtora de maquinaria agrícola do Estado continuaba sendo *Ajuria S. A.* Unha coñecida fabricante de maquinaria esencialmente mecanizada e que se tivera especializado na fabricación de máquinas de mallar dende antes da Guerra Civil. O seu peso fora totalmente determinante na mecanización de moitas agricultura do Estado dende os anos dez do século XX. Tivera a ver ademais coa expansión dos vesos, sachadoras, sementadoras e sobre todo malladoras en Galiza durante os anos vinte e trinta (Fernández Prieto, 1992). Igualmente, xa tiña traballado tamén coa importación e distribución de tractores dende antes da guerra (Martínez, 2000: 7, 16).

En calquera caso, Martínez Ruíz insiste nos seus análises sobre as dificultades que a industria de maquinaria agrícola do Estado tiña para recuperar os niveis de antes da guerra. Véxase a seguinte táboa na que se pode ver a depresión da capacidade produtiva na inmediata posguerra.

Táboa 14. Estado da produción de máquinas e apeiros agrícolas en España.		
Tipo de maquina	Censo de maquinaria agrícola de 1932 (unidades)	Produción estimada en 1942/1943 (unidades)
Vesos	1,262,567	40,315
Sachadoras	119,771	7,189
Sementadoras	26,972	2,492
Aventadoras	88,937	3,185
Trilladoras	5,063	266
Empacadoras	5,954	486

Táboa de elaboración propia a partir de (Martínez Ruíz, 2000: 166).

Outra das investigacións que nos parecen interesantes para este período é a de Mikel Buesa sobre a produción de maquinaria e fertilizantes entre 1939 e 1963 (Buesa, 1983). Buesa bota man do traballo xa citado de Velasco Murviedro para comprender o transfundo dos proxectos industriais da Ditadura nos corenta. Desta forma, a Ditadura amosaba, segundo Buesa, unha clara vontade industrial en base a tres leis. En primeiro lugar, a lei do 24 de outubro de 1939 pola que se establecían as industrias de interese nacional cunha serie de beneficios fiscais e económicos. En segundo lugar, a lei do 24 de novembro de 1939 pola que se ordenaba e defendían as industrias de interese nacional a través da declaración de mercados cativos para a produción nacional. En terceiro lugar, a lei do 25 de setembro de 1941 pola que se creaba o *Instituto Nacional de Industria* (INI) (1983: 224).

Para Buesa, o Estado tiñan entre os obxectivos a creación de industrias de produción de maquinaria agrícola e de fertilizantes nitroxenados como unha vía segura para superar unha serie de problemas. Entre eles, a parálise do comercio internacional debido á guerra, así como a insuficiente capacidade do Estado para xerar divisas do seu sector exportador (1983: 224-225). Porén, Buesa non cita os problemas políticos do Estado, tanto internos como externos, á hora de falar sobre as posibilidades de consolidar tales obxectivos. De feito, visto os nulos resultados conseguidos na fabricación de tractores, os proxectos industriais parecían un exemplo máis do nominalismo da Ditadura, aínda que é certo que entraban na lóxica dos proxectos autárquicos⁷⁶.

Un dos límites que vemos no análise de Buesa é a ausencia dunha reflexión sobre a capacidade científico-técnica do Estado, ou ben doutras empresas para producir maquinaria como era o caso da experimentada *Ajuria S. A.* Só cita a escasa eficacia para estimular a produción, debido tanto a un deseño deficiente dos proxectos, como aos problemas derivados da conxuntura bélica. Por esta razón, comenta Buesa, ao marxe das experiencias puntuais como a produción de tractores con ENASA, habería que esperar ata 1953 para a declaración de interese nacional do sector da industria de tractores (1983: 225-226).

Máis alá da perspectiva do traballo de Buesa, Barciela mantén unha posición moito máis negativa sobre a capacidade económica e tecnolóxica das industrias no Estado español. Segundo Barciela, a produción industrial non recupera os niveis de antes da Guerra Civil deica 1950. España, comenta Barciela, retrocede en termos de produción industrial e tamén tecnolóxicos. A autarquía de Suances priva a economía do Estado da influencia tecnolóxica estranxeira durante toda a década, non permitindo o adecuado subministro de produtos de reparación e renovado de equipos. En definitiva, a industrialización do país só culminaría finalmente na década dos sesenta (Barciela e Camprubí, 2018: 144).

Os intentos por fabricar tractores nos anos corenta, ou ben eran magnificados pola propaganda, ou ben eran experiencias escasas e puntuais. Algúns exemplos represéntaos *S. A. Construcciones Agrícolas (SACA)*, unha empresa creada polos grandes propietarios do

⁷⁶ Buesa cita o decreto do 10 de febreiro de 1940 (BOE do 25), onde se cita a normativa para o establecemento de industrias do automóbil en España. Entre os obxectivo, no artigo primeiro, especificase a vontade de producir dous tipos de tractores á razón de 1.000 unidades/ano nunha planta que había de construírse nos seguintes catro anos. Os tractores sería un con motor de gasolina e aceites lixeiros de 10 e 25cv de potencia en barra, e outro de aceite pesado e de potencia aproximada de 50cv en barra (Buesa, 1982: 225).

val do Guadalquivir en 1939, e nacionalizada polo INI o 7 de decembro de 1945 (Buesa, 1983: 227). Ao parecer, o rescate do INI era debido á grave crise económica e orzamentaria da empresa ao tratar de por en marcha a produción de maquinaria en 1943. Volvendo a Buesa, debido á falta de asistencia crediticia e de materiais primas para a construción. Por ese motivo, o INI intervén o grupo adquirindo o 22,2% do seu capital, mentres que a *Empresa Nacional Elcano* obtiña o 15,8%. Para 1953, o INI aumentaría aínda máis o control do grupo SACA ao obter o 77,5% do capital social (Buesa, 1983: 228). O resumo da experiencia produtiva de SACA reduciríase á produción de pequenas liñas de tractores en serie (Martínez, 2000: 175). Mais ben, outro exemplo con aínda menos peso na produción de tractores agrícolas sería o caso da *Empresa Nacional de Autocamiones S. A.* (ENESA). Esta, fundada en 1946 produciría de forma anecdótica algúns tractores tipo eiruga. Xa para rematar, outro exemplo anecdótico sería o da empresa *Tractor Agrícola Mecánico S. A. (TAMSA)*. Fundada en 1948 en Getxo, Bizkaia (País Vasco), producirían tractores de baixa potencia con moi pouco éxito comercial nos seguintes anos.

Este último caso, quizais sexa representativo dos problemas da industria española de produción de tractores. En 1948 comezan a producir en Bizkaia dous modelos de tractores de 8 e 15cv. Porén, en 1950 escribían unha carta á DGA para pedir axuda urxente. Na misiva, exprésase que despois de producir con éxito pequenos tractores, a súa demanda era case nula, non podendo sobrevivir así no mercado. Enumerábanse a continuación unha serie de razoamentos sobre o presunto carácter refractario das agricultores, ou sobre a mentalidade de atraso dos mesmos, que consideraban sempre o fabricado no estranxeiro mellor que o español. TAMSA criticaba tamén o papel do Estado, propóndolle a necesidade de prohibir importacións de tractores con características similares, á vez que recomendaban ao Estado o fomento do consumo do tractor español usándoo nas súas instalación de divulgación e investigación. Por último, sinalaba a necesidade de “elevar a cultura” labrega realizando máis cursos de tractoristas, ou ben, creando bonificacións do combustible utilizado.

Porén, a resposta do Estado non secunda os desexos de TAMSA. Sinalan que a demanda de tractores, especialmente dos grandes produtores andaluces, seguían decantándose polos de tipo eiruga. Coa excepción destes últimos, remarcaban, non tiña desaparecido en moitas zonas do Estado o rexeitamento dos agricultores a pagar grandes sumas de diñeiro pola compra de tractores cuxa eficiencia descoñecían. Apuntaban dende a

DGA, ademais, que non estaban de acordo co suposto carácter refractario ou atrasado dos agricultores. De feito, entre eles coñecíanse aos pequenos tractores de 8cv que fabricaban como *mulas mecánicas*. A resposta da DGA defendía logo o sentido certo dos agricultores españois á hora de escoller a maquinaria que precisaren, aínda que aceptaban a necesidade de continuar e aumentar os esforzos por parte do Estado en materia de formación e divulgación entre as comunidades labregas. Finalmente, rematábase o escrito aclarando que o Estado compraba moi poucos tractores para os seus campos de demostración e experimentacións ao seu cargo. Se ben, podían aceptar doazóns de varios tractores con destino ás instalacións do INIA para ser usados en tests de resistencia, demostración e arrendo a agricultores⁷⁷.

O final de TAMSA acabaría sendo o peche anos despois e, a resposta da DGA sírvenos para confirmar varias cuestións. Para comezar, a dificultade dos produtores españois para producir tractores en liña de maior potencia. En segundo lugar, a pouca adaptación técnica dos tractores producidos ás realidades agrícolas do Estado. Cuestión que explicaría a falta de demanda que sofre a compañía. Terceiro e último punto, que efectivamente o Estado non mercaba tractores para os seus campos de demostración e experimentación agraria.

A situación pois da capacidade de produción de tractores e outra maquinaria agrícola no Estado mantívose nun estadio moi precario ata a chegada dos créditos e da asistencia técnica norteamericana nos anos cincuenta. Nese contexto, Martínez Ruíz acredita que a fabricación de tractores en España só se iniciou de forma estable a partir do decreto do 15 de febreiro de 1952. A partir deste, declarábase de interese nacional a fabricación de tractores de rodas de potencia media, convocándose un concurso para a concesión de licencias de produción cos beneficios correspondentes (Martínez Ruíz, 2000: 172)⁷⁸. Á súa vez, Buesa especifica ademais que tal estímulo cinguíase só á produción de tractores de rodas con motor diésel ou gasolina, e cunha potencia entre 25 e 30cv de potencia (Buesa, 1983: 226)⁷⁹.

En calquera caso, o Decreto do 15 de febreiro de 1952 establecía as bases que darían como resultado a concesión de dúas licencias para a produción de tractores, tanto con capital

⁷⁷ Sección V. DGA. Ministerio de Agricultura. (11. 1.3, 61/1716) AGA.

⁷⁸ 17 de marzo de 1952. (BOE nº 77).

⁷⁹ Segundo Buesa, porque en España xa se tiña comezado a produción de tractores eiruga en ENASA, así como outros de baixa potencia (Buesa, 1983: 226). Se ben, como vimos no caso TAMSA non temos moi claro o éxito deste tipo de fabricación de tractores. Ademais, tendo en conta tamén que se importaban tractores de baixa potencia.

como con tecnoloxía estranxeira. O contido das negociación para a concesión das licencias descoñécese, mais non é desatinado pensar no seu carácter opaco. Buesa, nesta liña, apuntaría á ampliacións de prazo das presentación de solicitudes precisamente como síntoma das laboriosas negociacións de intereses estranxeiros, bancos, distribuidores e produtores de aceiro españois (1983: 226).

Finalmente, a primeira empresa declarada de interese nacional establécese en base ao decreto do 9 de xaneiro de 1953. Concédese a *Lanz Ibérica S.A.* (LISA), quen comeza a produción de tractores na planta de Getafe (Madrid) en 1956. O grupo LISA, na liña desas complexas negociacións para a concesión da licencia, era resultado dunha sociedade que tiña obtido a licencia do concurso en primeiro lugar. Esta sociedade estaba conformada por un consorcio encabezado polo *Banco Santander*, na que participan tamén as empresas de distribución de maquinaria *Ricardo Medém y Cía*, así como unha sociedade vinculada ao negocio do aceiro como *Nueva Montaña Quijano S. A*⁸⁰. Por outra banda, o peso do capital estranxeiro estaría representado polo grupo alemán *Heinrich Lanz A. G.* (Buesa, 1983: 228), (Martínez, 2000: 172).

Pola outra parte, a segunda licencia obtida en primeiro lugar a filial de *Ford Motor & Co.* en España denominada *Ford Motor Ibérica S. A*⁸¹. Se ben, o intervencionismo da Ditadura provocaría a retirada do grupo norteamericano, quen vende a súa participación a accionistas españois. Constitúese entón o grupo *Motor Ibérica S. A.* (MOSA), a quen se outorga a licencia de forma definitiva e se declara industria de interese nacional o 11 de agosto de 1953. Instalan a fábrica en Barcelona e comezan a produción en 1955, con asistencia técnica e capital estranxeiro procedente de *Ford Motor & Co.* (Buesa, 1983: 227, 228), (Martínez, 2000: 172).

Sen afondar moito máis na traxectoria destas empresas, cuestión que trataremos nos seguintes capítulos, basta destacar que para finais dos anos cincuenta o grupo SACA obtén tamén unha licencia de produción de tractores para o 22 de febreiro de 1957. Pecharía este ciclo o grupo Barreiros S.A. quen consegue a licencia de produción en 1959.

⁸⁰ Segundo Buesa, a vinculación bancaria manteríase na empresa longo tempo, dado que para 1967, tres postos do seu consello de administración estarían ocupados por conselleiros bancarios (Buesa, 1983: 228)

⁸¹ A filial de Ford en España fora creada en 1920 co nome de Ford Motor Co. S.A.E. A partir de 1929 pasaría a chamarse Ford Motor Ibérica S.A. (Márquez, 2015: 91-92).

Virando agora o análise cara a distribución de tractores, pódese dicir que a rede de distribución de maquinaria agrícola móstrase relativamente densa e articulada a nivel estatal, rexional e local. Un bo estado, sobre todo comparado coa precaria situación da fabricación de tractores ou maquinaria agrícola. Isto, dado que na realidade a maioría das empresas dos anos corenta eran superviventes dos cambios producidos pola Guerra Civil. Tal é o caso por exemplo da rede de distribución da empresa *Ajuria S.A.* Sen dúbida a empresa de maquinaria agrícola máis importante e tamén mellor estudada pola historiografía española (Fernández Prieto, 1992, Ojeda San Migue, 1999 e Martínez Ruíz, 2000). Outras casas de distribuidoras que analizaremos máis a fondo nos seguintes capítulos serían as de *Finanzauto S. A.*, ou Parés Hermanos S. A (PHSA). Esta última con sede en Barcelona e a primeira en Madrid, cidade na que tiñan sede tamén outras distribuidoras como *Agromecánica S. A* ou *Motocar S. A.* Por outra banda, en Barcelona terían sede tamén os grupos *Motor Ibérica S. A.* ou *Talleres Isleños S.A.* Xa por último, outra das casas importantes do momento sería *Múgica y Arellano y Cía. S.A.* con sede en Pamplona.

Como destacamos, todas estas casas de distribución de maquinaria son na súa maioría continuadoras dunha experiencia no sector anterior á Guerra Civil. A súa actividade nos anos corenta, como veremos máis adiante na tese, limitaríase a recuperar as vellas redes de contactos a nivel rexional e local con todo tipo de talleres, ferreiros e ferraxerías de confianza e de maior e menor tamaño. De igual forma, dedicaríanse tamén a conseguir novos contratos de representación con grupos internacionais de produción de maquinaria, así como sobre todo facerse con contratos do Estado, dado o escaso movemento do mercado de compra venda de tractores nos anos corenta.

O mercado de distribución de tractores sería aínda para a década dos cincuenta moi superior ao mercado de produción de tractores. Incluso logo da instalación das fábricas de MOSA e LISA en 1955 e 1956. De feito, como veremos, a chegada dos créditos americanos representará sen dúbida unha aceleración no volume de negocio deste mercado. Ademais, os grupos de distribución de maquinaria agrícola participarían dun contacto continuo co Estado para compartir todo tipo de información: prezos internacionais e nacionais, permisos de importación de tractores, modelos, partes e informes variados sobre pneumáticos, aceites e todo tipo de ferramentas relacionadas co mantemento técnico dos tractores. A comunicación adoitárase manter entre as xerencias centrais das empresas e a *V Sección* da DGA, así como

coa SGT. Con posterioridade, xa creada a *VII Sección* da DGA, a comunicación manteríase co xefe desta, con Luís Escrivá de Romaní, como novo director da sección⁸².

Por último, o propio Estado serviríase destas empresas para solicitar constantes informes sobre o estado, evolución e novidades do mercado de maquinaria agrícola a nivel internacional. Por exemplo, unha vez recibidos os créditos americanos, serían constantes as solicitudes por parte da SGT de maquinaria susceptible de ser importada. Concretamente, chegarían ao Ministerio numerosos informes e folletos de publicidade empresas de maquinaria de todo o mundo⁸³. Ampliaremos máis información en todo caso nos seguintes capítulos da tese.

1.4.5. Análise do impacto da oferta tractores.

Una fonte interesante para coñecer polo miúdo o impacto do tractor na agricultura obtémolo a través do análise do ROMA⁸⁴. Comezaremos relatando as súas limitacións. Entre elas está o seu alto grado de variabilidade da información que pode aportar segundo o seu estado de conservación. Por exemplo, só o libro da Coruña proporciona información sistematizada sobre a orixe do tractor. É dicir, si é novo, de adxudicación oficial ou de segunda man, así como o propio distribuidor que vendeu o tractor. Non aportan esta información os rexistros de Lugo, Ourense e Pontevedra. Como sabemos, o rexistro comeza a funcionar en 1946, porén, esta información non aparece ata finais da década dos cincuenta.

Entre os positivos, está o feito de que proporciona nomes e apelidos das persoas que rexistran o tractor. Lugar e concello onde se rexistra, así como o modelo, marca e potencia do tractor. Chégase a especificar tamén a orixe e tipoloxía de compra, xa ben de segunda man ou por poxa ou adxudicación, entre outras. Indícase tamén ás veces a casa distribuidora do tractor. A través do análise estacional dos rexistros, pódese chegar a probar si hai ou non correlación entre o maior e menor número de rexistro de tractores coincidindo con segundo que estación do ano. Cuestión que sería interesante para coñecer a fondo as lóxicas de compra

⁸² Orden de 24 de mayo de 1952, pola que se nomea a Luís Escrivá de Romaní y Roca de Togares como Jefe de Sección VII de Mecanización Agrícola da DGA (BOE N° 154).

⁸³ Entre outros: Austria, Bélxica, Francia, Inglaterra, Suíza, Suecia, Israel, Holanda ou os Estados Unidos envían catálogos de maquinaria para distribuír. Fonte: Tratados de importación de maquinaria dende distintos países entre 1952-1954. Ministerio de Agricultura (11. 1.03. 61/01781) AGA.

⁸⁴ Outras investigacións que se teñen feito análises en base ao ROMA noutras rexións do Estado en Binimelis e Ordinas (2005, 2015, 2016), Sergelles Serrano (1988).

dos tractores. É dicir, probar en que estación do ano se rexistran máis e menos tractores, e si teñen a ver cos ciclos agrarios.

Nun primeiro análise do rexistro para 1945 a 1955, obtivemos os seguintes resultados con conclusións ben claras. A oferta de tractores era sobre todo de importación ao longo da década dos corenta e boa parte dos cincuenta. Hai que ter en conta, iso si, que só dispomos de información para as provincias da Courña e Lugo, dado a imposibilidade de analizar seriamente os libros de Ourense e Pontevedra.

Táboa 15. Orixe, marca e número de tractores totais inscritos en Coruña 1945-1955.	
Estados Unidos	Unidades
CASE	4
Caterpillar	4
Fordson	3
International Harvester	3
Jeep	1
Total	15
República Federal da Alemaña	Unidades
Staub	2
Allgaier	2
Lanz	1
Unimog	1
Total	6
Gran Bretaña	Unidades
Land Rover	1
Ferguson	1
Massey Harris	1
David Brown	1
Total	4
Italia	Unidades
Oto Melara	3
Fiat	1
Total	4
Francia	Unidades
Renault	2
Delahaye	1
Total	4
España	Unidades
Ebro	1
Total	1
Total, absoluto	34

Fonte: ROMA, A Coruña. Xunta de Galiza.

No referido ao estado á provincia de Lugo, habería que ter en conta o descoñecemento da marca de 4 tractores. O resultado tendo en conta este hándicap sería o seguinte.

Táboa 16. Orixe, modelo e número de tractores inscritos en Lugo 1945-1955.	
Estados Unidos	Unidades
Caterpillar	4
Ford	3
Fordson	1
CASE	1
John Deere	1
Total	10
República Federal da Alemaña	Unidades
Hanomag	1
Deutz Otto	1
Lanz	1
Unimog	1
Total	4
Italia	Unidades
Pavessi	1
Oto Melara	1
Total	2
Gran Bretaña	Unidades
Ferguson	1
Total	1
Austria	Unidades
Steyr	1
Total	1
Descoñecido	Unidades
-	4
Total	4
Total, absoluto	22

Fonte: ROMA, Lugo. Xunta de Galiza.

Como se pode ver, os modelos norteamericanos son maioritarios tanto en Coruña como en Lugo a través do que eran as grandes multinacionais de maquinaria agrícola⁸⁵. Xa por último e por outra parte, a oferta tecnolóxica de orixe española reduciríase nas táboas que vimos a un único tractor *Ebro* inscrito na Coruña en 1955. Cuestión normal debido ao estadio temperán da produción de tractores.

Isto ocurría no moi reducido mercado galego ata mediados dos anos cincuenta. Mais para o conxunto do Estado, outra maneira de coñecer o impacto da oferta de tractores obtémola a través da información analizada do POAT. Oferta que podemos coñecer a través da seguinte táboa. Certo que se trata só das distribucións no ano 1959, mais pódenos dar unha

⁸⁵ Casas de maquinaria norteamericanas establecidas case todas elas en Illinois como: CASE e International Harvester na cidade de Chicago, xunto con Caterpillar e John Deere nas cidades máis pequenas de Peoria e Moline respectivamente. A excepción é a dun Jeep (Ohio) inscrito en Valdoviño-Coruña en 1950. Neste caso e como xa mencionamos, proviñan de materiais de guerra retirados como os pertencentes ao CTV (Corpo Truppe Volontaire).

idea xeral. Ademais temos acceso aos modelos concretos dos tractores, cabalos de potencia e número total de unidades distribuídos.

Táboa 17. Resumo das adxudicación de tractores realizadas durante todo o ano 1959.

Marca	Modelo	CV. potencia	Número distribuído
Lanz Bulldog	D-3806	38	2.825
Ebro	-	40	1.125
Hanomag-Barreiros	R-545	60	604
Zetor	Super 42	42	551
Massey Ferguson	65	50	476
Ursus	C-451	42	465
Renault	D-30	30	349
Zetor	25-A	25	281
International	B-250	28	266
Zetor	25-K	25	225
Lanz Bulldog	D-6006	60	149
Steyr	-	36	106
Mineapolis Moline	5 Estrellas	55	85
Kramer	KB250	25	77
Fordson Major	-	40	77
Oto Melara	-	45	76
Utos	-	45	75
International	B 450	53	72
John Deere	-	68	68
International	D-430 sin agr	41	41
Total	-	-	8.503

Fonte: Resumen Adjudicaciones. AGA⁸⁶.

Como se pode ver, o POAT aseguraba para finais dos cincuenta o mercado cativo para os produtores españois de tractores. As marcas *Lanz*, *Ebro* e *Barreiros* copan os tres postos en número de distribucións, en harmonía coa súa importancia na produción de tractores. Polo demais, as marcas estranxeiras máis importantes estaban lideradas pola checa *Zetor*, seguida da norteamericana *Massey Ferguson*, a polaca *Ursus* e en cuarto lugar a francesa *Renault*. Por outra banda, si ollamos as potencias dos modelos, estas oscilaban entre os 68 cabalos dos *John Deere*, aos 25 cabalos dos máis pequenos modelos de *Kramer*, xunto

⁸⁶ Como na táboa anterior, a suma total que realizamos non coincidía coa suma expresada na fonte. Un problema estatístico común noutras estatísticas. Polo que os datos hai que tomalos de maneira orientativa. Fonte: Resumen de adjudicación de tractores. DGA, Ministerio de Agricultura (11. 1.41 61/7610) AGA.

cos tamén moi populares modelos *Zetor 25-K* e *Zetor 25-A*⁸⁷. Na seguinte táboa expresamos a mesma información, mais ordenando as marcas pola súa orixe de produción.

Táboa 18. Resumo de distribución de tractores agrupados por país de orixe en 1959.

País	Unidades
España ⁸⁸	4,703
Checoslovaquia - Zetor	1,057
Estados Unidos ⁸⁹	1,008
Polonia - Ursus	465
Francia - Renault	349
Austria - Steyr	106
Alemaña Federal - Kramer	77
Reino Unido - Fordson Major	77
Italia - Oto Melara	76
Romanía - Utos	75

Fonte: Resumen Adjudicaciones. AGA⁹⁰.

Destacan en primeiro lugar os tractores españois, seguido logo da importante presenza de Checoslovaquia e, por último, dos Estados Unidos. Destacan a presenza tamén das Repúblicas Socialistas de Polonia e Romanía.

1.5. Balance do primeiro capítulo.

Ao longo deste capítulo quedou claro que tanto as políticas de innovación, como de mercado estiveron moi condicionadas pola constante crise económica e política na que se mantivo a Ditadura ao longo dos anos corenta e mediados dos cincuenta. Cuestión máis agravada aínda pola ineficacia das políticas orientadas cara a autarquía. Queda comprobado como o fascismo agrario transformou o marco político-institucional, de mercado e social, mais non definiu un itinerario tecnolóxico distinto da mecanización para as agriculturas de traballo familiar como as predominantes en Galiza ao longo deste período. Unha afirmación asentada no feito da continua introdución e dominancia da maquinaria mecanización e de tiro animal que, por certo, non deixa de medrar nos censos de gando equino en Galiza ata os anos

⁸⁷ De feito como veremos máis adiante na tese, volveremos sobre os modelos Zetor por serán moi populares en Galiza dada a súa fiabilidade, fácil manexo e bo mantemento. Fonte: Entrevista a Marcos Vázquez. Feita por Bruno Esperante (11/06/2018).

⁸⁸ 2,974 Lanz; 1,125 Ebro; 604 Hanomag-Barreiros.

⁸⁹ 476 Massey Ferguson; 379 International Haverster; 85 Mineapolis Moline; 68 John Deere.

⁹⁰ Como na táboa anterior, a suma total que realizamos non coincidía coa suma expresada na fonte, un problema estatístico común, os datos hai que tomalos de maneira orientativa. Fonte: Resumen de adjudicación de tractores. DGA, Ministerio de Agricultura (11. 1.41 61/7610) AGA.

sesenta. Por outra parte, semella claro que a Ditadura excluíu conscientemente ás agriculturas atlánticas, entre ela a galega, das políticas de moto-mecanización. Xa que como vimos, a maioría dos propietarios en Galiza non podían participar do *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores* (POAT).

Mais se houbera algunha oportunidade para promocionar a introdución de tractores en Galiza neses anos, esta botouse a perder definitivamente pola desarticulación dos campos de demostración locais. Centros especialmente útiles para contextos de pequenos propietarios moi interesados no uso e experimentación cooperativa coa custosa maquinaria agrícola. Situación máis agravada tamén pola eliminación da libre asociación das comunidades labregas. Pola contra, o sindicalismo vertical franquista non chegou nunca a ocupar as funcións que tiña asumido o agrarismo na innovación e no financiamento do cambio tecnolóxico.

Todo isto explica os índices tan baixos que podía haber da moto-mecanización da agricultura en Galiza. Onde ademais dos poucos datos dos que dispomos, tiñan en xeral unha mala calidade estatística. Aínda así, podemos tomar como orientación a seguinte táboa. As cifras son tan baixas para o caso galego que reflicten sen necesidade doutro cálculo o escaso impacto dos tractores na súa agricultura.

Táboa 19. Evolución do número de tractores nas provincias do Estado español (1948, 1955 e 1962).

Provincia	1948	1955	1962	Provincia	1948	1955	1962
Albacete	170	554	2.200	Logroño	41	396	1.106
Alicante	101	391	1.500	Lugo	2	19	343
Almería	7	57	322	Madrid	301	1.135	2.391
Araba	25	158	843	Málaga	71	290	881
Ávila	4	189	897	Murcia	70	286	343
Badajoz	164	977	2.203	Navarra	306	1.445	3.005
Baleares	101	213	756	Ourense	2	11	108
Barcelona	475	1.226	3.309	Oviedo	0	46	183
Bizkaia	6	20	55	Palencia	61	607	1.619
Burgos	66	461	1.908	Palmas	2	58	252
Cáceres	51	329	786	Pontevedra	2	22	120
Cádiz	316	868	1.775	Salamanca	38	409	1.500
Castelló	81	173	1.504	Santa Cruz	-	23	176
Ciudad Real	257	789	2.977	Santander	10	44	87
Córdoba	260	1.033	2.513	Segovia	12	94	710
Coruña	62	23	273	Sevilla	694	2.274	4.697
Cuenca	158	559	2.595	Soria	32	214	887
Gipúzcoa	6	16	102	Tarragona	250	512	2.041
Girona	373	990	2.263	Teruel	61	215	996
Granada	48	357	1.018	Toledo	244	1.189	3.941
Guadalajara	48	319	902	Valencia	269	991	3.026

Huelva	46	247	609	Valladolid	157	1.009	3.037
Huesca	620	1.414	3.271	Zamora	16	221	1.308
Jaén	61	675	1.628	Zaragoza	727	2.375	4.815
León	10	105	538	-	-	-	-
Lleida	474	1.632	6.148	Total, España	7.358	27.658	82.246

Táboa de elaboración propia a partir de (Clar, 2009: 131)

En definitiva, a táboa é ben significativa do que tentamos explicar ao longo do capítulo. En Galiza non hai tractores practicamente ata a década dos sesenta. Un rasgo que a diferencia da maioría dos territorios do Estado, coa excepción das provincias cantábricas como Gipuzkoa, Bizkaia, Santander ou Ovideo.







*“A agricultura para poder pasar do grao de desenvolvemento do período feudal ao actual,
e para participar dos continuos progresos realizados na esfera técnica e económica,
necesitou e necesita diñeiro, moito diñeiro (...).
Sen diñeiro é imposible a explotación agraria moderna, ou o que é o mesmo, sen capital”*

Kautsky, K. A Cuestión Agraria, 1899.

CAPÍTULO 2

CRÉDITOS E TRANSFERENCIAS TECNOLÓXICAS DOS ESTADOS UNIDOS ÁS AGRICULTURAS NO ESTADO ESPAÑOL (1950-1963)

Este capítulo concíbese co obxectivo de analizar e comprender a orixe das inversións económicas necesarias para xustificar os cambios tecnolóxicos introducidos nas agriculturas do Estado español nos anos cincuenta. Asíumese unha incapacidade tanto política como económica da Ditadura para abordar por si mesma as inversións económicas necesarias para acelerar o proceso de moto-mecanización das agriculturas no Estado. Nese contexto, outorgamos aos Estados Unidos un papel determinante, xa que basta ver algún dos NO-DO da época para ollar o papel dos norteamericanos nas visitas oficiais á Ditadura, onde supervisaban a correcta aplicación dos seus investimentos⁹¹.

Outro dos obxectivos deste capítulo deriva da necesidade de ir máis alá da asumido pola historiografía española sobre os cambios producidos polas inversións norteamericanas. Sábese que houbo cambios, si; cambios orgánicos no Estado, tamén; mais para os cambios

⁹¹ NO-DO do 18 de novembro de 1957, polo XXV cabodano do INC: “Norteamérica y España. El secretario de agricultura de Estados Unidos en Madrid. La labor realizada por nuestro Instituto Nacional de Colonización” Mediateca, Archivos, Bibliotecas y Mediateca, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

tecnolóxicos na agricultura e máis concretamente no referido á introdución de maquinaria agrícola, pouco ou nada se sabe polo miúdo. Por este motivo, quixemos analizar os impactos concretos dos créditos americanos representados no número de tractores que chegan aos labregos, ou ben nas inversións millonarias recibidas polos órganos do Estado. É certo que outra parte importante das transferencias tecnolóxicas non foron cousas que se poidan cuantificar de xeito concreto. Referímonos ás transferencias de coñecemento, prácticas de traballo non reguladas, experiencias e impresións das persoas que estiveron involucradas dalgunha forma nalgunhas das inversións que se realizaron nos trece anos que durou a axuda directa norteamericana. Isto, porque sabemos a través das fontes de arquivo que houbo innumerables intercambios, viaxes, bolsas e contratos de traballo, así como proxectos de investigación que intercambiaron persoas e por tanto coñecemento dende os Estados Unidos a España e viceversa. Por esta razón, imos adiantando que a importancia dos créditos americanos irá máis alá da maior ou menor contía económica. Ás veces tratarase tan só de sinalar os efectos favorables nas tendencias macroeconómicas que facilitarán a introdución dos tractores na agricultura. Por exemplo, o reforzamento das relacións empresariais e a consolidación de grandes grupos de distribución de tractores por todo o territorio.

Un dos conceptos centrais que temos que definir neste capítulo é o que se entende de forma xenérica por “axuda americana”. Por este concepto, entendemos os créditos e distintos programas de financiamento económico e transferencias tecnolóxicas dos Estados Unidos á Ditadura de Franco entre 1950 e 1963⁹². Período e definición na que coincide a maior parte da historiografía española. Si ben, enténdese unha diferenciación pequena para o primeiro período. O que vai de 1950 a 1954 e que ten relación coa aprobación e a execución dos tres primeiros créditos do *Eximbank* á Ditadura de Franco. Dende a firma dos Tratados de Madrid en 1953 ata 1963 desenvólvese o segundo período xa propiamente dito da “axuda americana”. A principal diferenza derivaría dos pactos políticos e económicos firmados. Os créditos, transferencias e investimentos xa non se realizarían nun marco de provisionalidade (Viñas, 2003), (Álvaro Moya, 2011).

No conxunto da tese este capítulo funciona a modo de bisagra entre dous paradigmas de cambio tecnolóxico na agricultura. Por unha parte, políticas, mercado e sociedade do

⁹² Incide na importancia dos anos cincuenta Barciela recentemente no marco do debate con Camprubí, para comprender a magnitude dos cambios alí producidos. Segundo Barciela, o Plan de Estabilización de 1959 só se entende polo proceso de acumulación de capital iniciado en 1950 (2018: 173).

fascismo agrario e da autarquía e, xa logo nos anos sesenta en diante, o mesmo baixo a tecnocracia autoritaria franquista e a agricultura industrial. En canto á estrutura do capítulo, comezaremos por tratar de forma breve o contexto inmediatamente previo ao comezo das relacións políticas e económicas dos Estados Unidos coa Ditadura. Isto será importante na medida na que nos proporcionará unha comprensión completa da importancia dos créditos americanos, por pequenos que fosen, en comparación coa axuda recibida por outros países europeos. Reforzarase así tamén a lóxica dos créditos no contexto da tensión entre os Estados Unidos e a Unión Soviética como auténticas potencias tecnolóxicas posteriores a 1945. De feito, para nós a cuestión da hexemonía tecnolóxica norteamericana determinará todo o demais⁹³. Por exemplo, a ruptura do horizonte tecnolóxico das agriculturas en Europa, dado que a Segunda Guerra Mundial supón un salto cualitativo no establecemento de novas tecnoloxías motorizadas. O tractor, aínda tendo unha traxectoria que se remonta a fins do século XIX, non se converte nunha tecnoloxía realmente dispoñible ata a aceleración innovadora da guerra que acaba convertendo ao tractor nunha máquina versátil e polifuncións que revolucionará o traballo labrego (Moser e Varley, 2013: 20-21). O novo escenario tecnolóxico requiría de fortes investimentos en capital, polo que o recurso ao crédito faríase cada vez máis necesario en tódolos niveis.

Analizar os créditos americanos significa afondar por último na verticalidade do cambio tecnolóxico na agricultura en España. Demostraremos como a Ditadura tivo que aceptar, en aras da propia supervivencia, todo un modelo de innovación e cambio tecnolóxico alleo para as agriculturas no Estado. Finalmente, o capítulo pecharémolo dez anos despois do comezo das relacións económicas e políticas cos Estados Unidos. O final virá marcado por outra serie de factores resultantes de todo o proceso anterior. Entre eles, os máis salientables: a liberación do mercado de tractores, e a completa dominación do capital estranxeiro sobre o mercado da oferta de tractores.

⁹³ Para Rosenberg, os anos posteriores a 1945 e ata finais dos anos sesenta, foron sen dúbida a época da hexemonía tecnolóxica dos Estados Unidos (Rosenberg, 1993: 277).

2.1. From Franco “the fascist” to Franco “the friend”: relacións políticas da Ditadura cos Estados Unidos (1945-1950).

Sen dúbida, os cambios a nivel xeopolítico adóitanse sinalar como un dos factores fundamentais para explicar as transformacións da conxuntura política da Ditadura entre 1945 e 1950⁹⁴. Lanero no recente repaso historiográfico que fai sinala que eses cambios xeopolíticos prodúcense substancialmente entre 1947 e 1948, é dicir, cando se consolida o escenario da Guerra Fría (2018: 271). Estes anos de feito, son os mesmos nos que se produce a maior carestía de combustibles no Estado, xunto cunha vaga de malas colleitas na agricultura (Viñas et al: 1979: 480). Para o seguinte bienio de 1949-1950 a situación política internacional da Ditadura segue cambiando en termos de progresiva estabilidade relativa. A Guerra Fría ven a salvar simbolicamente os vimbios da maltreita situación internacional da Ditadura. Situación que segundo Viñas provócase debido ao triunfo da revolución comunista en China, así como á consecución da bomba atómica pola Unión Soviética en 1949. En terceiro lugar e, só un ano despois, o estalo da Guerra de Corea en xuño de 1950 (Viñas et al: 1979: 585).

No contexto da escalada militar dos Estados Unidos, a península ibérica gaña valor e, por tanto, a Ditadura de Franco consegue pretextos para volver a negociar a súa posición xeopolítica no marco europeo. Quizais por iso os primeiros en facer presión nos Estados Unidos será o Pentágono. Especialmente a *US Air Force* e a *US Navy* (Viñas, 2003: 51). Xunto aos intereses militares, toma relevancia nos Estados Unidos o que se dou por chamar o *Spanish Lobby*. Un grupo de presión heteroxéneo promocionados polo embaixador español José Felix de Lequerica en Washington D.C. (Álvaro Moya, 2011: 119-120). Entre eles, os intereses militares citados, mais tamén, a propia Igrexa Católica nos Estados Unidos que xa viñera xogando un papel destacado dende a Guerra Civil⁹⁵. Outros grupos colaborando co *Spanish Lobby* serían os sectores políticos decididamente anti-comunistas representados en políticos coma o senador demócrata Pat McCarran. Por último, outros grupos interesados en

⁹⁴ United Press emitía a seguinte nota de prensa o 16 de novembro de 1950: “American Loans to Spain today gave the Franco Government, a financial boost and a political victory. Four years ago, the US was calling on the Spanish people to depose Franco “the fascist”. Now, the US is preparing to lend 62,5 millions of dollars to Franco “the friend”. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10.26.01 54/12,668) AGA.

⁹⁵ Unha das liñas da axuda americana sería executada especificamente pola National Catholic Welfare Conference (Álvaro Moya, 2011: 120).

establecer relacións coa Ditadura serían os produtores de trigo e algodón norteamericanos desexoso de localizar mercados estranxeiros para dar saída á sobre produción da posguerra norteamericana. Segundo Viñas, este último grupo ademais tería unha importancia especialmente relevante nas primeiras asignacións de crédito a través do *Eximbank* (Viñas, 2003: 60). A propósito, sabemos que o 3 de abril de 1949, o encargado norteamericano de negocios en Madrid, Paul T. Culberston, redactaba informes sobre a posibilidade de darlle capacidade ao *Eximbank* para habilitar créditos a grupos empresariais españois. Facíanse eco destes movementos a *Oficina de Economía Exterior*:

*“Productores interesados en productos con superproducción como el trigo, algodón, aceite de soja o tabaco vienen ejerciendo gran presión sobre representantes y senadores de los estados productores para dedicarlos fuerte actuación cerca del Departamento de Estado y el gobierno americano con fin autorizar Eximbank u otros medios crediticios faciliten adquisición referidos productos por España. Entre otros productores el “National Cotton Council”. Solicitase saber como sería el crédito de centeranes de millones de dólares y como España podría afrontar el pago de la amortización”*⁹⁶.

De certo, na Oficina Comercial da embaixada española en Washington D.C., o senador demócrata James A. Eastland tamén viña mantendo reunións co agregado comercial Francisco Javier Elorza para manifestarlle o interese de conservar o mercado español para as exportacións dos excedentes agrarios norteamericanos⁹⁷. Algúns xornais, como o *The New York Times* facíanse eco das presións dos produtores algodoeiros buscando saídas en Europa⁹⁸. Pola contra e ante esa situación, ao *Spanish Lobby* habería que contrapor a outros grupos reticentes a proporcionar a Franco lexitimidade a través de créditos e axudas económicas. En primeiro lugar teríamos que mencionar ao propio executivo norteamericano encabezado polo presidente Truman quen, como veremos, firmaría sempre os créditos do *Eximbank* co *“in the discretion of the president”*. Xunto a el, estarían en contra outros sectores políticos que seguían mantendo posicións hostís a Franco e de irmandade co exilio republicano nos Estados Unidos.

⁹⁶ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/8.535) AGA.

⁹⁷ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.535) AGA.

⁹⁸ Titulaban o 18 de marzo de 1949: “Europe need our cotton: but lacks dollars for its purchase”. De feito, en liñas xerais tanto o *The New York Times*, como o *The Wall Street Journal* amosaba liñas editoriais favorables á concesión dos créditos do *Eximbank*. Unha actitude máis activa aínda a mantiña o *Chicago Tribune*. . ProQuest Historical Newspapers.

Queda por último destacar un feito transcendental para comprender a excepcionalidade das axudas económicas dos Estados Unidos a Franco. É dicir, a condena política internacional da ONU de 1946 e a exclusión da Ditadura do Plan Marshall (1948-1951). Xa para finalizar, reproducimos a continuación unha táboa resumo dos distintos órganos de axuda e cooperación económica norteamericana que tiveron algunha relación coa axuda americana recibida pola Ditadura.

Táboa 20. Principais organismos e leis que interviñeron nos investimentos nas agriculturas na Ditadura de Franco.	
Organismo	Vixencia
Eximbank	1934
Economic Cooperation Administration (ECA)	1948-1951
Mutual Security Act.	1951-1961
Foreing Operation Administration (FOA)	1953-1955
Internacional Cooperation Administration (ICA)	1955-1961
Development Loan Foundation (DLF)	1955-1961
Public Law 480.	1955
Agency for International Development (AID)	1961

Táboa de elaboración propia a partir de (Álvaro Moya, 2011: 78).

Achegamos tamén as cronoloxías nas que se aproban ou desenvolven as actividade de cada axencia ou lei que definiron o programa de créditos e asistencia financeira. De forma concreta, os principais organismos que interviñeron foron, por esta orde, o *Eximbank*⁹⁹, xunto ca ECA o FOA e o ICA. Estas tres últimas administracións, encargadas da administración das axudas, fóronse sucedendo ao longo da década dos cincuenta.

⁹⁹ Este banco fora creado coma un banco estatal en Washington D.C o 12 de febreiro de 1934. Era un banco creado especificamente para coordinar e efectuar pagos de préstamos e créditos coa finalidade de exportar ou importar mercadorías dos Estados Unidos con outros países del mundo. Despois da Segunda Guerra Mundial o goberno norteamericano reorganizou as funcións do banco en base á lei Export Import Bank Act of 1945. Desta forma a función do banco pasaría a ser similar á doutras institucións bancarias para aceptar depósitos, comprar, vender e garantir fondos etc. Pasaría a ser considerado una corporación para-estatal do goberno dos Estados Unidos. Matizábase tamén que as súas funcións non debían servir de competencia ao capital privado, buscando servicios que ofreceran seguridades razoables de devolución en base ao fomento do comercio de importación e exportación dos Estados Unidos. Fonte: Correspondencia de la Oficina del Agregado Comercial. Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.634) AGA.

*“Hot Senate debates are expected on three issues
-whether Spain should get aid,
whether countries which continue to nationalize their Industry
should be cut off from aid,
and whether the ECA countries should be required
to buy a fixed amount of surplus US farm crops”.*

The Wall Street Journal. 25 de xullo de 1949¹⁰⁰.

2.2. Créditos e importación de tractores nun contexto provisional.

Como se apuntou no contexto previo, a actitude dos Estados Unidos cara a Ditadura de Franco cambiou definitivamente cando a Unión Soviética conseguiu a bomba atómica no verán de 1949. A Ditadura pola súa banda usaba isto para reforzar a súa presión exterior. Nos Estados Unidos, o Pentágono especialmente viraba definitivamente ás costas á política de illamento do presidente Truman sobre España (Viñas et al, 1979: 484). Na ONU debatíase de novo sobre a cuestión española. Ademais, xa se sabía do relativo éxito dos acordos comerciais bilaterais que a Ditadura mantivera con distintos países dende 1946. Como guinda, no mesmo ano de 1949 o banco privado norteamericano *Chase National Bank* comezaba a autorizar créditos a España (Viñas et al, 1979: 596). Por último, en setembro de 1949 visita España unha comitiva de senadores norteamericanos representando un amplo abano de intereses financeiros, militares e agrarios (Viñas: 2003: 68).

2.2.1. A emenda McCarran.

A comezos de 1950 as posibilidades da Ditadura para conseguir financiamento por parte dos Estados Unidos seguen aumentando. Con tal propósito viaxa aos Estados Unidos o *Director General de Política Económica*, Mariano Yturralde. (Viñas et al, 1979: 596). Dende a primavera débátese no congreso e no senado norteamericano os créditos e axudas económicas ao estranxeiro para o ano fiscal 1950-1951. Concretamente o 27 de abril de 1950

¹⁰⁰ Hemeroteca do The Wall Street Journal. ProQuest Historical Newspapers.

o *Spanish Lobby* obtén nese marco a súa primeira vitoria destacada. O senador Pat McCarran xunto co senador Brewster conseguían incluír unha emenda á totalidade do programa de axuda para conceder á Ditadura un crédito de 50 millóns de dólares a través do Plan Marshall. Porén, esa primeira emenda sería rexeitada (Viñas, 2003: 77). E non só iso, senón que ademais acordábase o fin do mesmo Plan Marshall que se substituiría polo novo marco legal da *Mutual Security Act* (MSA) vixente ata 1961. Polo demais, continuaría operando provisionalmente a ECA, organismo que viñera administrando as axudas do Plan Marshall dende 1948.

No mes de xullo de 1950 o presidente Truman solicitaba unha nova ampliación de 4,000 millóns de dólares para axuda exterior. Desta volta, o senador Pat McCarran engadía de novo unha emenda para conceder un crédito á Ditadura de Franco por 100 millóns de dólares a través do *Eximbank*. Esta vez si, o Senado acabaría aprobando a emenda McCarran por 65 votos a favor e 15 en contra (Viñas: 2003: 78). A aprobación do crédito beneficiaba tanto os intereses xeopolíticos dos Estados Unidos como a necesidade de lexitimación da Ditadura¹⁰¹. De forma concreta, o crédito era un triunfo tamén dos intereses económicos norteamericanos ávidos de atopar mercados para os excedentes agrarios norteamericanos.

“That the enemy of your enemy is your friend is the theory which gives plausibility to the Senate resolution to lend 100,000,000 dollars to Franco’s Spain. (...) A wing of the Catholic Church has never ceased to plug financial aid for Franco, though Vatican-Madrid relations are not exactly cordial. For the last year cotton interests, thinking of business with Franco, have joined the backers. Finally, sparking the whole campaign, a Spain lobby has been subjecting Members of Congress to tremendous reassurance, centering of late upon the Republicans¹⁰²”.

O éxito da segunda emenda McCarran votada o 1 de agosto de 1950 non estivo exenta de oposición. Tanto senadores como o executivo de Truman opúñanse de forma resolta á decisión do senado¹⁰³. De feito, o 24 de agosto o presidente Truman lograba rebaixaba a cifra de 100 millóns de dólares a 62,5 millóns finais, logo de presentar una emenda

¹⁰¹ Alberto Martín Artajo, Ministro de Asuntos Exteriores felicita en carta aos senadores Pat McCarrane, e a Owen Brewster pola aprobación da emenda McCarran o 10 de agosto de 1950. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.276) AGA.

¹⁰² Extractor dun dos discursos do senador Pat McCarran xullo-agosto de 1950. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.273) AGA.

¹⁰³ Entre eles, os senadores demócrata Herbert H. Lehman ou o republicano Wayne Morse defendían posicións contrarias á concesión do crédito. Xunto a eles, tamén o secretario de Estado Dean Acheson. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.668) AGA.

presidencial á comisión conxunta da Cámara de Representantes e o Senado (Viñas, 2003: 79-80). A aprobación final facíase efectiva o 6 de setembro de 1950, cando Truman firma a Lei nº 769 relativa a lei de empréstito correspondente ao ano 1951 (Viñas et al, 1979: 600). No capítulo XI ordenábase un crédito de 62,5 millóns de dólares co propósito de axuda a España a devolver en 20 anos cun xuro do 3%. A partir deste primeiro crédito, sucederíanse outros créditos anuais do *Eximbank* ao longo da década dos cincuenta. Na seguinte táboa podemos ver a evolución das primeiras tres asignacións de crédito ata a firma dos Tratados de Madrid.

Táboa 21. Primeiros créditos concedidos á Ditadura a través do Eximbank entre os anos 1950-1953.

Ano fiscal	Cantidade
1950-1951	62,5 millóns de dólares
1951-1952	100 millóns de dólares
1952-1953	25 millóns de dólares

Fonte: Varias caixas. AGA¹⁰⁴.

Os primeiros créditos do *Eximbank* tiveron unha elevada importancia no plano político. Mais a nivel económico os créditos funcionaron tamén como dinamizadores de sectores produtivos longamente atrofiados pola falta xeneralizada de investimentos e de importacións de calidade. Na seguinte táboa Viñas danos unha comparativa da importancia relativa dos créditos comparando as cantidades cos créditos de Arxentina.

Táboa 22. Créditos concedidos por parte da República Arxentina 1947 e 1949. E créditos concedidos polo Eximbank entre 1950 e 1953 á Ditadura de Franco.

Concepto	Millóns de dólares
Crédito República Arxentina 1947	92,400,000
Crédito República Arxentina 1948	98,300,000
Crédito República Arxentina 1949	73,600,000
Eximbank 1950-1951	62,500,000
Eximbank 1951-1952	100,000,000
Eximbank 1952-1953	25,000,000

Táboa de elaboración propia a partir de (Viñas, 2003: 141).

Como se pode ver na táboa os créditos concedidos pola Arxentina de Perón superaban os concedidos polo *Eximbank* tres anos despois. E non só iso, senón que ademais España ingresaba máis divisa pola exportación de froitos agres que as cantidades recibidas nos

¹⁰⁴ Para 1950-1951 en: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.668) AGA. Para 1951-1952 e 1952-1953 en: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.669) AGA.

créditos. Concretamente, 75 millóns, 81 millóns e 91 millóns de dólares respectivamente entre 1951, 1952 e 1953. Xunto isto, parece lóxico aceptar no que insiste Viñas: que os créditos do *Eximbank* serían insignificantes en comparación coas cantidades percibidas por outros países no Plan Marshall (Viñas, 2003: 141, 745, 751).

2.2.2. Funcionamento e asignación dos créditos.

O funcionamento dos créditos do *Eximbank* era complexo e con varias fases de negociación e execución. Unha vez aprobados pasábase a negociar as distintas asignacións destinadas a compras de bens de consumo (trigo, algodón etc.), ou ben destinados á compra de bens en capital (fertilizantes, tractores etc). Nesta fase producíase a viaxe do diplomático Tomás Suñer Ferrer¹⁰⁵ para negociar nos Estados Unidos as asignacións, o 21 de novembro de 1950. Na seguinte táboa vemos a primeira proposta de Madrid trasladada por Suñer ao *Eximbank*.

Táboa 23. Proposta de Tomás Suñer Ferrer para a execución do crédito de 62,5 millóns de dólares. 1950.		
Mercadoría	Dólares	Toneladas
Trigo	8,500,000	15,000
Algodón	20,000,000	15
Millo	6,500,000	100,000
Fertilizantes	7,500,000	150,000
Tractores	5,000,000	2,000 (unidades)
Carburantes	15,000,000	450,000
Total	62,500,000	-

Fonte: Embajada española en Washington D.C. AGA¹⁰⁶.

A Ditadura pretendía na súa primeira proposta importar preto de 2,000 tractores a cargo de 5 millóns de dólares. Porén, esta solicitude inicial sería rexeitada polos norteamericanos. Cuestión que, segundo Viñas, podía responder a problemas políticas que ademais explicaban a dilatación no tempo de todo o proceso (1979: 745, 751). Con certeza, esa tensión políticas e desconfianza reflectíase efectivamente nos contidos da correspondencia que atopabamos da embaixada española en Washington D.C. Sobre todo,

¹⁰⁵ Tomás Suñer Ferrer (Ripoll, Catalunya 1895 – Mendoza, Argentina 1972). Cónsul español en Tetuán en 1936, xa tiña experiencia e a confianza de Franco cando participara na negociación da axuda da Alemaña de Hitler a través do testafarro HISMA. Tivo igual participación nas negociacións do protocolo Franco-Perón. Sería embaixador a partir de 1951 en Perú, logo Brasil, Chile e Venezuela (Viñas, 2003: 87).

¹⁰⁶ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/12.668) AGA.

en cartas como a dirixida polo *Ministro de Industria* Juan Antonio Suanzes, a Stanton Griffin como novo embaixador norteamericano en Madrid o 14 de marzo de 1951. Na misiva, Suanzes mostraba a decepción do goberno de Franco por ver rexeitada a súa primeira proposta. O goberno norteamericano, alegaban, limitaba o total da subministración que se citaba a un total de 11,5 millóns de dólares, cantidade inferior ao 20% do total do crédito. Ademais, protestaban por ter recibido un crédito cunha cantidade menor á esperada. A lista de queixas de Suanzes non remataba. Xunto ao anterior, pretendían gastar como mínimo o 40% do crédito nas materias primas citadas por Suñer, cando sabían que os beneficiarios do *Plan Marshall* puideran gastar máis do 50% dos créditos nas materias primas referidas. Por último, Suanzes apuntaba a tres cuestións. Primeiro, remarcaba o agravio comparativo dos puntos anteriores e, segundo, criticaba o feito de que o crédito a España non contemplase ningunha cantidade a fondo perdido como así o tiñan desfrutado os países incluídos no *Plan Marshall*. En terceiro lugar, lembraban que se lle acababa de conceder unha cantidade económica maior en forma de donativo á Iugoslavia socialista de Tito, que a suma económica do crédito a España¹⁰⁷.

Semella claro pois que o proceso de negociación do crédito non beneficiaba os intereses da Ditadura ao nivel esperado. Finalmente, as asignación dos primeiros créditos dependentes da emenda McCarran quedarían fixadas en maio de 1951.

Táboa 24. Primeiras asignacións aprobadas do crédito de 62,5 millóns de dólares. Maio de 1951.	
Primeiro grupo de asignacións aprobados	Millóns \$
Trigo	5,000,000
Algodón	5,000,000
Fertilizantes	3,500,000
Tractores	3,000,000
Sociedad Ibérica del Nitrógeno	700,000
Segundo grupo de asignacións aprobados	Millóns \$
Carbón (500,000 toneladas)	12,500,000
Ampliación trigo	10,000,000
Ampliación algodón	2,000,000
Ampliación SIN	250,000
Total, primeiro e segundo grupo	41,950,000 \$

Fonte: Embajada española en Washington D.C. AGA¹⁰⁸.

¹⁰⁷ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/8.650.) AGA.

¹⁰⁸ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.650.) AGA.

Como vemos na anterior táboa, as primeiras asignacións do crédito foron destinadas á compra de excedentes de trigo e algodón norteamericano. Destinábanse iso si, tres asignacións á adquisición de fertilizantes, tractores e á inversión nunha fábrica de fertilizantes. No segundo grupo de asignacións desaparecían as compras destinadas a tractores e ampliábanse a compra de trigo, algodón e a inversión na fábrica de fertilizantes. Aparecía tamén unha nova asignación para a importación de carbón.

A velocidade na execución destas autorización finais de compra a cargo de cada asignacións era lenta. Viñas destacaría a mesma impresión. Por exemplo, para fins de 1951 non se tiña importado totalmente o algodón e o trigo mercado. En 1953 quedaban aínda 12 millóns de dólares sen usar e, aínda para 1954 quedarían autorizacións sen executar para a importación de tractores que comezaran en 1951 (1979: 751, 754). Na seguinte táboa podemos ver o montante total das cantidades de crédito asignadas a conceptos de importación aparecidos na documentación. Cabe destacar que na realidade, tal e como sinalaba a documentación, a área de agricultura eran tractores e fertilizantes.

Táboa 25. Informe investimentos por áreas do crédito de 62,5 millóns de dólares. 30 de novembro de 1955.		
Áreas de investimento	Importe crédito	Saldo sen usar
Bens de consumo	19,991,132.46	35,646.57
Agricultura	9,949,583.38	14,758.74
Instalacións de fertilizantes	6,340,000.00	3,708,461.34
Minería	8,211,137.00	489,077.85
Ferrocarrís	8,263,000.00	92,227.63
Instalacións de Enerxía Eléctrica.	8,517,000.00	120,800.96
Prancha construción. Buques Tanque.	875,000.00	31,296.74
Varios.	325,000.00	1,398.40
Total.	62,471,852.84	4,493,668.23

Fonte: Embajada española en Washington D.C. AGA ¹⁰⁹.

Na seguinte táboa podemos ver unha desagregación do número de asignacións de créditos por cada área. Cabe destacar que cada asignación tiña un modelo legal de acordo de 16 artigos que podían experimentar lixeiras transformacións. Porén, non localizamos ningún acordo legal específico dos créditos dos tractores. Obtivemos iso si, o modelo marco legal de 16 artigos¹¹⁰.

¹⁰⁹ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.535) AGA.

¹¹⁰ Artigos do modelo de acordo: Art. 1. Constitución do crédito, afirmase a constitución dun crédito en función das mercadorías ou servizos necesitados de acordo ao proxecto; Art. 2. Uso dos fondos do crédito. As cantidades

Táboa 26. Informe investimentos por grupos de mercadorías do crédito de 62,5 millóns de dólares. 30 de novembro de 1955.

Grupos de mercadorías	1951	1952	1953	1954	Total
Bens de consumo	3	2	-	1	6
Agricultura	2	1	-	-	3
Instalacións de fertilizantes	1	2	-	-	3
Minería	-	7	6	1	14
Ferrocarrís	1	-	-	-	1
Instalacións de Enerxía Eléctrica	3	3	-	-	6
Prancha construción. Buques Cisterna	1	1	-	-	2
Varios	-	-	2	-	2
Total, acordos Eximbank	11	16	8	2	37

Fonte: Embajada española en Washington D.C. AGA¹¹¹.

A partir da táboa anterior podemos ver o reparto final do número de asignacións distintas, mais non necesariamente teñen que coincidir cun maior volume de inversión. Por exemplo, os bens de consumo só suman 6 asignacións pero representan case 20 millóns de dólares, na mentres que a minería son 14 asignacións e representan só 8,2 millóns aproximadamente de 62,5 millóns de dólares en total. Compre dicir por último que do total de asignacións concedidas, só unha única empresa de maquinaria agrícola chegou a recibir financiamento deste crédito. Trataríase de *Aranzabal S.A.* Unha empresa relativamente pequena de produción de apeiros que recibiu un total de 84,738.13 dólares¹¹².

2.2.3. Importacións de tractores a cargo dos créditos do Eximbank.

Imos ver agora polo miúdo a importación de tractores a través dos primeiros créditos concedidas. O 27 de abril de 1951 firmábase en Washington D.C a primeira asignación de compra para tractores. Na firma aparecía como beneficiarios o agregado agrónomo Miguel Echegaray representando á DGA. O encargado de negocios Eduardo Propper de Callejón firmaría polo el *Banco de España* como ente bancaria supervisora e, finalmente, o agregado

asignadas usaranse cos fins aprobados en España; Art. 3. Prezos; Art. 4. Transporte marítimo; Art. 5. Seguro marítimo; Art. 6. Reembolso ou indemnización; Art. 7. Xustificación dos anticipos; Art. 8. Anticipos; Art. 9. Cartas de crédito comercial; Art. 10. Información e dereito de inspección; Art. 11. Prioridades, permisos ou licencias de exportación; Art. 12. Impostos sobre pagares; Art. 13. Rexistro dos pagares; Art.14. Cambio dos pagares; Art. 15. Disponibilidade dos créditos e dereitos de suspensión e conclusión; Art.16. Autoridade dos representantes e ditames xurídicos. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.534) AGA.

¹¹¹ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.535) AGA.

¹¹² Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.535) AGA.

da *Oficina de Economía Exterior* Luís García de Llera, firmaría polo *Ministerio de Hacienda*¹¹³. Os procesos de compra estarían supervisados polo *Banco de España* e polo *Eximbank*, quen ademais controlaba en última instancia os *inputs* industriais obxecto de financiamento por un total de 3,450,000 millóns de dólares. A aprobación da firma da primeira asignación de tractores sería publicado finalmente o 14 de xuño de 1951. Xunto a este, outra segunda asignación para a importación de tractores sería publicado o 16 de novembro de 1952.

As cantidades asignadas e datas dos acordos que nos interesan podemos velas na seguinte táboa. Tamén temos unha aproximación do saldo sen gastar por parte das dúas asignacións a tractores. Para o primeiro crédito a cantidade aproximaríase aos 5,000 dólares e, no segundo caso, sería de 9,700 dólares. Un total de saldo sen gastar duns 14,700 dólares e novembro de 1954¹¹⁴.

Táboa 27. Informe de situación a do Estado do crédito norteamericano de 62,5 millóns de dólares. 30 de novembro de 1954.

Agricultura	Data de acordo	Importe crédito dólares
Fertilizantes	7/6/1951	3,499,583.38 \$
Tractores	14/6/1951	3,450,000 \$
Tractores	16/11/1952	3,000,000 \$
Total.	-	9,949,583.38 \$

Fonte: Embajada española en Washington D.C. AGA¹¹⁵.

Descríbimos agora o procedemento de importación de tractores unha vez aprobadas as asignacións. En primeiro lugar, a DGA convocaba un concurso público para crear unha lista de importadores oficiais de maquinaria agrícola para o *Ministerio de Agricultura*. Logo, previa licencia de importación do *Ministerio de Comercio*, abríanse prazos de recepción de ofertas de importación de tractores. A DGA adoitaba especificar modelos e potencias preferentes. Chegaban entón á DGA moitas e variadas ofertas de importación a cargo da autorización de compra do crédito. O número de compras finais podía ser moi elevado. Para facernos unha idea, identificamos un total de 317 informes de compras emitidos só de xuño a outubro de 1954 en concepto de fertilizantes, abonos ou tractores. Estes ademais, tiñan que ser preferentemente de fabricación norteamericana, aínda que tamén era posible a

¹¹³ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.634) AGA.

¹¹⁴ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.535) AGA.

¹¹⁵ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.535) AGA.

importación de tractores doutra orixe como a República Federal Alemá, Italia, Reino Unido ou Francia entre outras (Viñas, 2003: 140). Xunto cos tractores, era posible solicitar autorizacións de compra de pneumáticos, recambios de todo tipo, carburantes, aceites, materiais de reparación, ferramentas, motores para máquinas agrícolas e todo tipo de servizos de asistencia técnica de maquinaria agrícola.

Incluso antes de ser aprobado o primeiro crédito, o Estado elaboraba o 15 de febreiro de 1951 unha lista de criterios para preparar as compras e importacións de tractores en base ao financiamento norteamericano. Dende a *Sección de Relaciones Agronómicas Internacionales* dependente do *Ministerio de Agricultura* informábase vía telegrama ao agregado agrónomo Miguel Echegaray en Washington D.C., sobre os criterios citados e instrucións precisas para que informara a súa vez ao *Eximbank*¹¹⁶. As ofertas ao Estado para importar os primeiros tractores non tardaron en chegar dada a urxencia da publicidade¹¹⁷. O grosor delas foron chegando a Madrid entre 1951 e 1955, acumulándose unha importante oferta de maquinaria por parte de grandes e pequenos distribuidores. Entre as grandes, non tardaron en aparecer ofertas de *International Harvester*, *Ford Motor* ou a alemá *Heinrich Lanz*. A modo de exemplo, *General Motors* anunciábanse co seu carácter de “*world wide dealer and service coverage*”. Describían as delegacións ao redor do mundo e presentaban a súa franquía en España co nome de *General Motors Peninsular S.A*, con sede en Barcelona¹¹⁸.

Todas estas empresas enviaban catálogos e documentación en español para obter a atención da nova demanda xerada ao amparo das asignacións crediticias. Ademais, actuando como intermediarios estarían as grandes compañías de distribución de maquinaria agrícola en España. Estas farían así de representantes, exclusivos ou non dependendo do caso, das compañías internacionais de maquinaria agrícola. Por último, estas grandes distribuidoras como *Finanzauto S.A*, *Parés Hermanos S.A (PHSA)* ou *Música y Arellano & Cía S.A (MACSA)* terían á súa vez outras pequenas casas rexionais ou locais de distribución de

¹¹⁶ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.300) AGA.

¹¹⁷ Xa o 26 de febreiro de 1951, Luís García Llera como Consejero de Economía Exterior remitía a Madrid folletos dunha pequena distribuidora americana que ofrecía 500 tractores da marca Ford modelo S e N por un prezo total de 13,897.70 \$. O nome da distribuidora era: Saudera Co. Situada en Blount and Davie Street, na cidade de Raleigh (Carolina do Norte). Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.650) AGA.

¹¹⁸ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/8.669) AGA.

maquinaria. É dicir, o mercado español de maquinaria agrícola vertebrábase ao amparo destes primeiros créditos americanos.

Finalmente, entre a documentación do AGA logramos atopar o que parece ser as resolucións de compra, con data do 24 de setembro de 1954, do segundo crédito de tractores. Isto, dado que nas seguintes dúas táboa podemos ver unha suma total aproximada de 3 millóns de dólares. As compras estaban firmadas por Luís Escribá de Romaní como xefe da *VII Sección de Mecanización Agrícola* da DGA, xunto con tamén José Batuecas Blanco, como *Secretario Técnico General*. Como matización, observar que pola data na que se executan as compras, as autorizacións van mediadas polo FOA.

Táboa 28. Resolución de compra de tractores de rodas con cargo de créditos FOA o 25 de setembro de 1954				
Distribuidor	Tractores de 30 a 40cv	Prezo \$	Nº unidades	Prezo total
MOSA ¹¹⁹	Fordson Major 30-40cv	1,331,54	200	266,308
Distribuidor	Tractores de 40 a 50cv	Prezo \$	Nº unidades	Prezo total
Trema Osnur	Nuffield Universal Diesel	1,761,63	50	88,081,50
Parés Hermanos	Massey Harris Perkins Diesel	2,039,80	50	101,990
MACSA	McCormick Int. Farmal	1,979,60	50	98,980
Vidaurreta Cia	Case D	2,410	25	60,250
Finanzauto	Oliver OC-6-D	3,000	25	85,000
CTMSL	Caterpillar D2	4,330	30	129,900
MACSA, Javier Molina y CIMA	International TD6	3,975	30	119,150
Vda.Serafín Balnaco	Allis Chalmers HD 5B	5,200	6	31,200
AJURIA S.A.	Allis Chalmers HD 5B	5,200	15	98,000
Distribuidor	Tractores de 50 a 60cv	Prezo \$	Nº unidades	Prezo total
CTMSL ¹²⁰	John Deere R	3,499	50	174,950
Oficina Agrícola S.A.	Hanomag R 55	3,000	50	150,025
Total, absoluto	-	-	581	1,315,753

Fonte: Informe FOA. AGA¹²¹.

Táboa 29. Resolución de compra de tractores eiruga con cargo de créditos FOA o 25 de setembro de 1954				
Distribuidor	Tractores eiruga de máis de 70cv	Prezo \$	Nº unidades	Prezo total
Vda.Serafín Blanco	Allis Chalmers HD15 AC	12,880	10	129,800
CTMSL	Caterpillar D8	16,648	20	332,960
CTMSL	Caterpillar D7	11,879	12	142,548
CTMSL	Caterpillar D6	8,700	20	174,000
CTMSL	Caterpillar D4	5,495	44	241,780
MACSA	International TD 24	18,628	15	279,420

¹¹⁹ Motor Ibérica S.A.

¹²⁰ Cía Tractores y Motorización SL.

¹²¹ Compra con Nº 52-830-00-4226. Fonte: Informes FOA. SGT. Ministerio de Agricultura. (11. 1.30, 61/13,064) AGA.

MACSA	International TD 18A	9,867	14	138,138
MACSA	International TD 14A	7,630	15	114,450
MACSA	International TD 9	5,014	30	150,420
Total, absoluto.	-	-	180	1,703,516

Fonte: Informe FOA. AGA¹²².

Cabe destacar que as importacións de tractores de tipo eiruga correspondentes á segunda táboa eran segundo a documentación maioritariamente destinados ao INC. Por outra parte, o resto dos tractores de rodas e especialmente de menos de 60cv serían destinado a agricultores particulares¹²³.

Mais así as cousas, a inflamación belixerante da Guerra Fría neses anos limitaba as compras de tractores de orixe norteamericano. O 22 de marzo de 1951 informaba o agregado agrónomo Miguel Echegaray a Madrid sobre as dificultades para a súa importación debido a mobilización da industria de guerra naquel país. Echegaray facía referencia sobre todo á imposibilidade de importar tractores de tipo eiruga¹²⁴, á vez que informaba das respostas obtidas das distintas empresas de produción de maquinaria agrícola norteamericanas. Tendo en conta as limitacións no consumo de aceiro, cobre e zinc naquel país, as cotas de produción de tractores reducíanse un 25%. Por todo isto, Echegaray indicaba que habería dilación nos prazos de entrega dos tractores. Entre as compañías produtoras de tractores das que obtivo resposta Echegaray estarían *Allis Chalmers*¹²⁵, *Case*¹²⁶, *Ferguson*¹²⁷ e *John Deere*¹²⁸. Pola

¹²² Compra con N° 52-831-00-4227. Fonte: Informes FOA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,064) AGA.

¹²³ Política Económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,064) AGA.

¹²⁴ Echegaray indicaba na correspondencia a Madrid que o exército norteamericano compra grandes cantidades de tractores eiruga, sobre todo os de forza maior de 40cv. E indicaba literalmente: “Se piensa ejército comprará hasta 20,000 unidades representa el 60% de tractores q se fabrican en EE.UU. Si esto continua así será casi imposible conseguir tractores de esta clase”. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.300) AGA.

¹²⁵ Podían entregar tractores en 30 días para 300 tractores dispoñibles para exportar dos modelos G; 90 días para 50 unidades do modelo B, 10 unidades modelo CA e 1 unidade do modelo eiruga HD5; 150 días para modelos Standar Modelo CA e WD. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/12.300) AGA.

¹²⁶ Podían entregar 100 tractores modelo VA con arados, entregados a pe de fábrica en abril e maio. Tamén podían entregar 50 modelo SX a pe de fábrica en abril e 50 unidades a pe de fábrica en xullo. Indicaban que non podían ofrecer máis tractores para o mercado español, tendo que ser solicitados pronto. Ministerio de Asuntos Exteriores. Embajada española en Washington D.C. (10. 26.01 54/12.300) AGA.

¹²⁷ Pode entregar dos 2 modelos que fabrica aos 4 meses da petición. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/12.300) AGA.

¹²⁸ Podían entregar 20 tractores ao mes aos 90 ou 120 días de ter recibido a petición de distintos modelos que fabrica sen dar máis distinción. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/12.300) AGA.

contra, non recibía ou seguía esperando resposta das casas *Caterpillar, International Harvester, Ford e Massey Harris*.



*“Bueno, hay tienen Villar del Río. 1,642 habitantes está haciendo su lista de peticiones.
Todos tienen derecho a pedir, cualquiera que sea su edad. Varones o hembras.
Todos tienen derecho a pedir una sola cosa. Una sola.
Y esto es tan difícil. Francamente difícil. ¿Ustedes se imaginan?
(...) De pronto uno se da cuenta de que en realidad prefiere otra cosa.
De que, en vez del arado o el cabezal,
lo que le hace falta de verdad es un traje para bailar los domingos.
¿Como se puede saber lo que uno desea?
Está uno trabajando la tierra durante 30 años,
Y resulta que en el fondo lo que se quiere son unos prismáticos.
(...) Bien, este es el momento de meditar sobre las peticiones,
Ahora es cuando uno piensa en las ventajas de la trilladora,
O en el arado que debió pedir en vez de la motocicleta”.*

**Escena: “La lista de los regalos”.
Bienvenido Mister Marshall, 1953.**

2.3. Axuda americana e transferencias tecnolóxicas a gran escala.

A firma dos Tratados de Madrid entre a Ditadura e os Estados Unidos en 1953 supoñen o fin da provisionalidade. A partir de agora os investimentos e transferencias tecnolóxicas responderían a plans preconcebidos de medio e longo prazo. E isto, porque a situación da política exterior da Ditadura mudaba rapidamente durante estes anos. Dende setembro de 1950 tíñase derogado na ONU a resolución do illamento diplomático que viña de 1946 (Viñas, 2003: 82). En consecuencia, en xaneiro de 1951 instalábase en Madrid un embaixador norteamericano. Poucos anos despois, o *Ministro de Comercio* Miguel Arburúa íase de xira aos Estados Unidos do 4 ao 14 de abril de 1954 nunha visita histórica oficial. Por suposto, alí visitaría as fábricas de *Detroit Motors*, *General Motors*, *Ford* e *International Harvester*¹²⁹. Non obstante, na Ditadura aínda persistían sectores falanxistas e nacionalistas que desconfiaban da apertura económica e política da Ditadura. Habíaos quen consideraban que España non podía ser tratada como unha colonia explotada polos intereses financeiros e económicos norteamericanos (Viñas 2003: 67).

¹²⁹ Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores. (10. 26.01 54/12.670) AGA.

Para Álvaro Moya así como para Díaz Geada e Lanero, dende 1953 ábrese unha etapa na que xa se podería falar de axuda americana. Entenderíase pola mesma un conxunto de distintas liñas de crédito, investimentos e transferencias tecnolóxicas xunto con tamén os créditos do *Eximbank* propiamente ditos (2011: 119), (2015: 75). As negociacións para chegaren a eses pactos foron intensas e complexas. Os xornais nos Estados Unidos como o *Washington Post* mantiñan aínda liñas editoriais críticas ao respecto das relacións do poder lexislativo americano con Franco (Viñas, 2003: 131-133)¹³⁰.

A través de Álvaro Moya e Viñas fúmonos facendo unha idea das distintas vías de axuda que se estableceron logo de 1953. A Ditadura recibiría axuda militar e económica a través da *Mutual Security Act* pola que se foron aprobando de forma anual partidas económicas con destino a investimentos civís e militares en España. Estas últimas de forma específica a través do *Defense Support Program*. Viñas, diría que o obxectivo final das axudas anuais vinculadas á *Mutual Security Act* terían como obxectivo final o reforzamento dunha base agro-industrial en España (Viñas, 2003: 147). Outra liña de axudas establecíase a través do *Technical Exchange Program*, dende o cal, recibiríase asistencia técnica de todo tipo. Completaban por último o elenco de canles abertas a aprobación da *Public Law 480*. Con esta lei, establecíanse os marcos legais para regular toda a exportación de excedentes agrarios norteamericanos á Ditadura. Por último, continuarían aprobándose algunhas partidas económicas extras a través de distintas emendas McCarran ao longo dos cincuenta, á vez que se manterían anualmente os créditos do *Eximbank*. Neste caso, Viñas sinala que o destino último destas axudas estaría especialmente dirixidos á compra de bens de equipo e industrias agrarias. Finalmente, tampouco deberíamos esquecer as doazóns outorgadas por parte do *National Catholic Welfare Conference* (Álvaro Moya: 2011: 120) (Viñas, 2003: 288-289).

2.3.1. Efectos nas políticas de innovación e cambio tecnolóxico na agricultura.

Os créditos americanos tamén influíron nos cambios orgánicos que a Ditadura aplicou en materia de políticas de cambio tecnolóxico na agricultura. A historiografía adoitou facerse eco destes cambios referíndose sobre todo ao nomeamento do enxeñeiro agrónomo Rafael Cavestany á fronte do *Ministro de Agricultura* en 1951. Outra das mudanzas que se adoitan

¹³⁰ Sen ánimo de ser redundar na información outorgada, seguíronse as novas relacionadas cos créditos americanos do *Eximbank* ata os anos sesenta con algúns dos principais xornais norteamericanos. Entre outros: *The Wall Street Journal*, *The New York Times* ou *Chicago Tribune*. Fonte: ProQuest Historical Newspapers.

sinalar é a creación no mesmo ano da cuarta *Dirección General* destinada a *Coordinación, Crédito y Capacitación Agraria* (DGCCC). Con isto, tratábase de reforzar o aparato formativo dos agricultores nas novas técnicas de produción transferidas en moitos casos directamente dende os Estados Unidos. Outros cambios pequenos mais significativos era a recuperación das ensinanzas de mecánicos e condutores de maquinaria agrícola, no marco dos cursos da *Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos* de Madrid en base ao Decreto do 7 de setembro de 1951. Menos dun ano despois, o 24 de maio de 1952 ampliábanse seccións internas na DGA e creábase a sétima *Sección de Mecanización Agrícola*. Unha sección que, como veremos, terá un importante papel para a importación de tractores con cargo á axuda americana.

Mais non obstante, o que mellor representaba o cambio dos anos cincuenta era a creación en 1953 do *Servicio Nacional de Concentración Parcelaria (SNCP)*¹³¹. Esta institución recibiría de feito un importante volume de financiamento. Na documentación e na desagregación das axudas económicas anuais aparecerá de forma repetida con tanto impacto nalgúns zonas de Galiza nesa década e nos sesenta. Fundamentalmente usarían as inversións ao igual que as dirixidas ao INC. É dicir, para importar custosa maquinaria pesada que logo destinarían a realizar as obras de concentración. Outra das vías de actuación do SNCP neses anos era a través do establecemento de axudas á compra de tractores. Por exemplo, en marzo de 1958 Santiago Pardo Canalis e Antonio Bartual Vicens solicitaban ao ICA financiamento para adquirir medios de produción para ser postos en disposición dos labregos mediante venda directa. Solicitaban para iso uns fondos do redor de 24 millóns de dólares para atender un número aproximado de 26,000 solicitudes que manifestaban existir en 1958¹³². Porén, entendemos que estes requirimentos nunca foron aceptados polo ICA, dado que non atopamos asignacións crediticias destinadas con tal fin nin con tal cantidade.

¹³¹ Sen dúbida, este é o servizo máis significativo para entender os obxectivos industriais do Estado con para a estrutura das terras en Galiza. Xunto a ela, habería que mencionar outras leis que completan o marco legal do momento. Entre outras, aprobada o 3 de decembro de 1953, a Ley de Fincas Manifestamente Mejorables. Un ano máis tarde, o 20 de xullo de 1954, a Ley de Unidades Mínimas de Cultivo.

¹³² Outra liña de actuación do SNCA en 1958 era a xestión do redor de 4,000 millóns de pesetas para investir nas seguintes áreas: para préstamos individuais de necesidades a corto prazo, abonos, ganado e gastos en cultivo 1,730 millóns de pts; para préstamos individuais para obras e melloras permanentes nas súas fincas 1,050 millóns; para préstamos colectivos, cooperativas, sindicatos, grupos de colonización para explotación de maquinaria en común, parcelación, obras, regadíos, bodegas uns 495 millóns; para préstamos individuais para compra de maquinaria agrícola, tractores e colleitadoras uns 190 millóns. Por último, para préstamos por imprevistos, xeadas e inundacións uns 430 millóns de pesetas. Fonte: Política Económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,066) AGA.

Outra das institucións concibidas baixo influxo claro norteamericano foi o *Servicio de Extensión Agraria* (SEA)¹³³. Un organismo creado en 1955 a imaxe e semellanza do *Extensive Service* norteamericano, xa que a propia proposta de creación viña da Misión Económica dos Estados Unidos en España. O propio ministro Cavestany viaxara aos Estados Unidos xunto con dous técnicos españois para ver en directo o funcionamento da axencia norteamericana (Fernández Prieto, 2009: 160), (Díaz Geda e Lanero, 2015: 77). Dende entón, o SEA expandiuse rapidamente polo territorio ampliando oficinas ata 1971¹³⁴. As súas funcións ideolóxicas serían fundamentais para entender os cambios sociais e económicos nas comunidades labregas. Sobre todo, debido á proximidade da súa actuación como ao éxito dos seus cursos de formación, excursións e charlas (Díaz Geda e Lanero: 2015: 87).

Por último e sen perder o fío do SEA, nestas transformacións orgánicas e políticas nas que se consolidaban as bases do cambio de paradigma na agricultura, tampouco conviría esquecer a transferencia de coñecementos, filosofía e prácticas innovadoras a través da formación de enxeñeiros agrónomos e técnicos do Estado. Nas distintas asignacións de axuda económica identificamos distintos programas de formación e intercambio de enxeñeiros españois aos Estados Unidos¹³⁵. Os bolseiros irían integrados agora nun plan maior de transferencia de coñecementos e técnicas de produción concretas inspiradas no paradigma da modernización. A importancia destes programas non cabe menos valorala, xa que logo serían estes técnicos os encargados de dirixir as políticas agrarias nos anos sesenta. Na documentación localizamos varias promocións de enxeñeiros mozos que viaxaron aos centros de innovación agraria promocionados polos Estados Unidos. Alí formaríanse nas técnicas e políticas do paradigma industrial para a agricultura. Entre outros destinos, Díaz Geda e Lanero destacan en Holanda o centro de innovación agraria da *Wageningen University* (2015: 77). Mais tamén atopamos referencias recorrentes a centros norteamericanos como a *Purdue University* en Indiana, ou a *Oklahoma State University*-

¹³³ Un análise do SEA como instrumento da Revolución Verde en España en (Fernández Prieto, 2009).

¹³⁴ O SEA aumentou o número de axencias das 44 en 1957, ás 85 en 1959, 135 en 1961, 364 en 1965, 500 en 1968, 615 en 1969 e 755 en 1971 (Díaz Geda e Lanero, 2015: 82).

¹³⁵ Aínda que en realidade nunca deixaron de existir bolseiros do Estado nos Estados Unidos. Por exemplo Antonio Bermejo Zuazúa, futuro agregado agrónomo en Washington D.C., sería bolseiro nos Estados Unidos dende 1946 a 1948. Durate eses anos, sabemos que visita as máis importantes universidades do país, así como as principais fábricas de maquinaria agrícola. Fonte: Sección de Relaciones Agronómica con el Extranjero. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.28/17,844) AGA.

*Stillwater*¹³⁶. Relacionado de forma específica coa maquinaria agrícola, as referencias como centro de experimentación de maquinaria agrícola e tractores sería a *University of Nebraska-Lincoln*¹³⁷.

A axuda americana tivo como colofón as inversións realizadas nos *Plan de Pre-Estabilización* de 1957 e no *Plan de Estabilización* de 1959. En ambos dous programas, as inversións americanas tiveron como obxectivo a consolidación do proceso de industrialización da agricultura. O obxectivo concreto sería aumentar a produtividade por medio da elevación da capacidade de produción en España de fertilizantes, insecticidas, pensos e maquinaria agrícola¹³⁸. As referencias á motorización da agricultura sería constante ao longo destes anos. Por exemplo, no *Plan de Inversiones y Gastos Anuales en la Agricultura (1958-1960)*, firmado en agosto de 1957, dicíase o seguinte no apartado da política para a modernización da agricultura:

*“Mecanzación: Nuestra agricultura es de las menos mecanizadas de Europa. Parques de tractores: 1940 (5.300) 1950 (10.000) 1955 (29.418) 1956 (32.947). Las facilidades crediticias concedidas para la adquisición de tractores y maquinaria agrícola, han creado el ambiente preciso para que pueda acometerse un proceso de mecanización más intenso. Se ha avanzado en la instalación de fábricas de tractores nacionales”*¹³⁹.

No relacionado co *Plan de Estabilización*, o máis importante sería o Decreto para inversión de capitais estranxeiros en España do 27 de xullo de 1959. Proporíase a capacidade de ampliación do capital estranxeiro nas empresas españolas por un total do 50% de participación no capital social. Porcentaxe que podería subir incluso ao 100% previa autorización do *Consejo de Ministros*. Este decreto sería fundamental por exemplo para o traspaso completo en 1962 do grupo *Lanz Ibérica S.A. (LISA)* a *John Deere*, así como tamén da compra de Barreiros por *Chrysler* en 1968. En definitiva, todos estas transformacións orgánicas no Estado representan para nós un síntoma evidente dun cambio de paradigma de

¹³⁶ Entrevista a Amador Rodríguez Troncoso. Feita por Bruno Esperante (12/05/2017).

¹³⁷ Cadro resumo ICA 54-60. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.07, 61/3,879) AGA.

¹³⁸ Un resumo dos obxectivos a alcanzar segundo Artajo e presentados ao Eximbank o 6 de xuño de 1959 era o seguinte: 400,000 ha., de novas de regadío, 750,000 ha., de concentración parcelaria, 150,000 ha., de mellora de solos, 500,000ha., de repoboación forestal, 135,000 tn., de produtos do campo, Mellora censo gandeiro e avícola, 10,000 tractores de produción nacional anual. Fonte: Embajada española en Washington D.C. Ministerio de Asuntos Exteriores (10. 26.01 54/12.671) AGA.

¹³⁹ *Plan de Inversiones y Gastos Anuales en la Agricultura. 1958-1960*. DGA. Ministerio de Agricultura (1.06 61/6681) AGA.

innovación e cambio tecnolóxico na agricultura ao longo da década dos cincuenta. Cambios que analizamos aquí a nivel Estado e mercado. Mais ben, como nos lembra Díaz Geada e Lanero, non todo foron novas económicas positivas para a Ditadura. Alén dos grupos políticos interiores reticentes á apertura cos norteamericanos, a inclusión do país na ONU en 1955, así como en 1958 no *Banco Internacional de Reconstrucción y Fomento* (BIRF), no *Fondo Monetario Internacional* (FMI), e na *Organización Europea de Cooperación Económica* (OECE), tamén con levou críticas internacionais e recomendacións para a reestruturación da agricultura en España. O máis sonado, o informe do Banco Mundial de 1962 (Díaz Geada e Lanero 2015: 76).

Sinalamos ata aquí a influencia creativa dos créditos en termos lexislativos, mais non así a destrutiva. E é que o aumento das importacións de tractores dende 1950 tivo efectos ao comezo nun maior dinamismo do *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores (POAT)*. Mais para finais da década, esa política reguladora comezaba a ser máis un obstáculo que unha solución. Ademais xa non tiña sentido nunha economía que tendía ao libre mercado e abandonaba a autarquía. E sobre todo, porque o aumento da oferta de tractores de importación recomendaba unha liberación completa da súas vendas. Ademais, dende 1955 e 1956 funcionaban xa as fábricas de tractores de *Motor Ibérica S.A.* (MOSA) e *Lanz Ibérica S.A.* (LISA). O propio Estado era consciente das dificultades de atender a acumulación de solicitudes. Por esta razón, pedía o 16 de xaneiro de 1957 máis préstamos ao DLF para a adquisición de tractores:

“Sobre el acusado bajo índice de mecanización y del parque de tractores en España. En la actualidad, existen en este organismo unas 12.000 peticiones de tractores sin que puedan ser atendidos. Para hacer frente a esto solicitamos un crédito de 17.612.400 millones de dolares, suficientes para cubrir por lo menos el 50% de las solicitudes”¹⁴⁰.

Os propios axentes do mercado como as empresas queixábanse xa abertamente ao *Ministerio de Agricultura* da manifesta ineficacia do POAT para fins dos cincuenta. Máis que regular, estrangulaba a oferta ao paralizar durante meses os tractores producidos por MOSA e LISA nos almacéns coa conseguinte acumulación de xuros¹⁴¹. Por todos estes

¹⁴⁰ Créditos ao Development Loan Fundation para a adquisición de tractores agrícolas. 16 de enero de 1957. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.118) AGA

¹⁴¹ Informe LISA para a protección arancelaria. Informes OCDE / ICA 1958-1959. 6 de outubro de 1958. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,093) AGA

motivos o POAT deixaba de convocarse en 1960. Só un ano máis tarde, liberábanse as importacións de tractores de forma conxuntural, volvendo ás cotas de importación para protexer o mercado español de produción de tractores en 1963 (Martínez Ruíz, 2000: 176).

2.3.2. Importación de tractores a cargo do FOA e do ICA.

Si os primeiros créditos do *Eximbank* non remataron a súa execución ata 1954, a denominada axuda americana continuou de forma ininterrompida dende 1953 ata 1963. Resultou complexo identificar créditos específicos para importación de tractores durante estes anos. Aínda que ás veces fragmentario, logramos reunir as seguintes inversións do FOA e do ICA para a importación de maquinaria de todo tipo, entre eles tractores, dirixidas de forma xenérica ao *Ministerio de Agricultura* entre 1953 e 1959. Na seguinte táboa temos uns resumo dos plans de axuda anual.

Táboa 30. Asignacións crediticias a cargo do FOA e do ICA para a importación de maquinaria agrícola por parte do Estado (1953 - 1959).		
Ano fiscal	Millóns de dólares	Órgano
1953-1954	8,425,000	FOA
1954-1955	3,330,000	FOA
1955-1956	4,290,000	ICA
1956-1957	5,000,000	ICA
1957-1958	2,158,506	ICA
1958-1959	3,614,000	ICA
Total (FOA e ICA)	26,487,506	-

Fonte: Varias caixas. AGA¹⁴².

As asignacións anuais do FOA e do ICA neste segundo período superan claramente ás asignacións anuais que tiñamos do *Eximbank* para 1950-1954. Estas sumaban entre as dúas primeiras asignacións un total de 6,450,000 millóns de dólares. Ademais, se para os créditos do *Eximbank* atopamos desagregado as compras autorizadas do segundo crédito, para este caso coñecemos a desagregación de tódolos créditos destinados a institucións do Estado. Cousa que nos permite coñecer polo concreto o impacto real dos créditos.

Sobre o proceso de importación de tractores, sabemos que o SGT determinaba sempre os prezos finais de venda a propietarios. O resto das inversións ían dirixidas a adquisicións

¹⁴² Para 1953-1954 en: Axuda FOA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,147) AGA. Para 1954-1955 en: Axuda FOA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,151) AGA. Para 1955-1959 en: Axuda FOA e ICA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.098) AGA.

de maquinaria pesada con destino basicamente a todo tipo de institucións dependentes do *Ministerio de Agricultura*. Sobre todo o INC, mais tamén o INIA, SNCP, SEA, SNC¹⁴³, PFE, DGA e DGM¹⁴⁴ etc¹⁴⁵. No proceso de importación participan tanto casas de produción americanas como distribuidoras españolas. Entre os produtores destacan: *John Deere, International Harvester, Massey Harris-Ferguson, J-I. Case, Minneapolis-Moline, Allis Chalmers, Oliver e Caterpillar Tractor*. Pola parte das distribuidoras, volvían a aparecer as grandes casas de distribución como *MACSA, Vidurreta Cía, Parés Hermanos, Finanzauto, Ajuria, MOSA* ou *Vda. Serafín Blanco*¹⁴⁶.

A continuación ollamos a desagregación das inversións anuais do FOA e do ICA. De novo, limitámonos a plasmar a información atopada na SGT do *Ministerio de Agricultura*. A información mestúrase entre asignacións a organismos e material con destino xenérico ao Ministerio. Como apunte metodolóxico, os conceptos expresámoslos de forma idéntica á forma na que se expresa a documentación. No ano 1957-1958 non dispomos de desagregación por tipoloxía de maquinaria. Só desagregación por órganos. Noutros casos, hai conceptos que se repiten tódolos anos, mais tamén os hai que experimentan lixeiras transformacións. Por exemplo, o INIA recibe partidas para material científico de forma explícita no bienio 1954-1955, xunto co 1955-1956, mais non sabemos si o concepto “material científico” do ano 1958-1959 vai dirixido efectivamente ao INIA, dado que non se especifica. En calquera caso, reproducimos as táboas de seguido. Achamos que a información expresada nelas é o suficientemente clarificadora.

Táboa 31. Desagregación das inversións do FOA do ano 1954-1955.	
Concepto	Millóns de dólares
INC ¹⁴⁷	1,400,000
Tractores eiruga de máis de 50cv para agricultores	350,000
Tractores eiruga e outra maquinaria pesada para o SNC ¹⁴⁸	150,000
Tractores de rodas	400,000

¹⁴³ Servicio Nacional de Conservación de Suelos.

¹⁴⁴ Dirección General de Montes.

¹⁴⁵ Informes OCDE / ICA 1958-1959. 6 de outubro de 1958. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,093) AGA

¹⁴⁶ Política Económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,065) AGA.

¹⁴⁷ As inversións desagregadas para o INC serían: 650,000 \$ para maquinaria pesada para movemento de terras para transportes e para talleres do INC; 600,000 \$ para tractores eiruga de máis de 50cv; 150,000 % repostos para maquinaria do INC.

¹⁴⁸ As inversións desagregadas para o SNC serían: 100,000 \$ Tractores eiruga de máis de 50cv; 50,000 \$ Equipos de Angledozers, traillas e niveladoras para tractores eiruga.

Maquinaria Agrícola diversa	210,000
Colleitoras de cereal	150,000
Repuestos varios para tractores e maquinaria agrícola diversa	200,000
Material científico para o INIA	20,000
Sementes selectas	5,000
Gando selecto	20,000
Materiais e maquinaria diversa ¹⁴⁹	425,000
Total FOA 1954-1955.	3,330,000

Fonte: ICA. AGA¹⁵⁰.

Táboa 32. Desagregación das inversións de crédito aos distintos organismos do Estado e bens capital de inversión do ICA en 1955-1956.	
Concepto	Millóns de dólares
INC ¹⁵¹	1.860.000
Tractores eiruga de máis de 50cv para agricultores.	750.000
Colleitoras de cereais	300.000
Tractores de rodas para agricultores	425.000
Equipos de sondaxe e material complementario.	155.000
Repuestos varios tractores e maquinaria agrícola	700.000
Material Científico INIA	10.000
Gando Selecto	50.000
Incubadoras e Material Avícola	40.000
Total ICA 1955-1956.	4,290,000

Fonte: ICA. AGA¹⁵².

Táboa 33. Desagregación das inversións de crédito aos distintos organismos do Estado e bens capital de inversión do ICA en 1956-1957.	
Concepto	Millóns de dólares
INC ¹⁵³	1,449,000
Tractores eiruga de máis de 50cv ¹⁵⁴	484,000
Maquinaria para o movemento de terras ¹⁵⁵	550.000
Repuestos varios tractores e maquinaria agrícola ¹⁵⁶	830,000
Maquinaria agrícola varia.	60.000
Maquinaria para centrais leiteiras	800.000

¹⁴⁹ Desagregado en: 300,000 \$ Equipos de sondaxe para auga completo e con repostos; 100,000 & tubeiras de aceiro para entubado de pozos; 20,000 \$ Maquinaria para Factorías de Demostración e Cardado de Algodón.

¹⁵⁰ ICA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1,30. 61/13,151) AGA.

¹⁵¹ As inversións desagregadas para o INC serían: 1.147.000 Maquinaria pesada para movemento de terras, para transporte e para talleres do INC; 350.000 Tractores eiruga de máis de 50cv para o INC; 187.000 Equipo de sondaxe, material complementario e tubeira para INC; 176.000 Repostos de maquinaria para o INC.

¹⁵² Comisión Internacional de ayuda americana. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.098) AGA.

¹⁵³ Especificamente: 550.000 \$ Repostos para o INC; 358.000 \$ Contratistas do INC; 161.000 \$ Contratistas do INC; 330.000 \$ Equipos de sondaxe e material complementario para o INC e contratistas; 50.000 Tractores de rodas para o INC.

¹⁵⁴ Especificamente: 229.000 \$ Tractores para o Servicio Nacional de Conservación de Suelos (SNC); 140.000 \$ Tractores para Cámaras Oficiais Sindicales Agrarias; 115.000 \$ Tractores para o PFE.

¹⁵⁵ Non especifican cantidades, mais si destino: Servicio Nacional de Conservación de Suelos, INC, contratistas do INC e agricultores particulares.

¹⁵⁶ Especificamente sería: 810.000 \$ Maquinaria de Agricultores; 20.000 \$ Equipos Aéreos de Extinción de Pragas do Campo.

Maquinaria para secado de forraxes	223.000
Material de transporte	60.000
Maquinaria de taller	86.500
Grupos electro bombas somerxibles	2.500
Fretes	455.000
Total ICA 1956-1957.	5,000,000

Fonte: ICA. AGA ¹⁵⁷.

Táboa 34. Desagregación das inversións do ICA aos distintos organismos do Estado 1957-1958.	
Organismo	Millóns de dólares
INC	1,382,600
SNC	630,906
INIA	30,000
DGM ¹⁵⁸	115,000
Total ICA 1957-1958.	2.158.506

Fonte: ICA. AGA ¹⁵⁹.

Táboa 35. Desagregación das inversións de crédito aos distintos organismos do Estado e bens capital de inversión do ICA en 1958-1959.	
Ano fiscal	Millóns \$
INC ¹⁶⁰	2,112,000
Partes para montaxe de maquinaria agrícola e recambios para tractores.	750,000
Equipos, material e maquinaria variada para agricultores ¹⁶¹ .	562,000
Material científico	160,000
Recambios para equipos aéreos de tratamento de pragas	30,000
Total ICA 1958-1959.	3,614,000

Fonte: ICA. AGA¹⁶².

A execución das compras era similar ás do período do *Eximbank* de 1950-1954. Interviñan unha axencia norteamericana. Xa ben o FOA ou o ICA posteriormente. Pola parte española, interviña a SGT do *Ministerio de Agricultura*, xunto co *Ministerio de Comercio* que autorizaba as licencias de importación. Cada autorización de compra ía acompañada dun número de compra de identificación. O SGT era o encargado de elaborar os anuncios, darlle publicidade e delimitar os prazos de admisións de ofertas¹⁶³. Cada ofertante proporcionaba

¹⁵⁷ Comisión Internacional de ayuda americana. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.098) AGA.

¹⁵⁸ Dirección General de Montes.

¹⁵⁹ Comisión Internacional de ayuda americana. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.098) AGA.

¹⁶⁰ Especificamente sería: 1,281,700 \$ Repostos para agricultores e contratistas do INC; 830,300 \$ Recambios e material para o Parque de Maquinaria Agrícola do INC.

¹⁶¹ Non hai cifras desagregadas, mais sabemos que o destino do material sería para de novo para o INC, a DGM e agricultores particulares.

¹⁶² Comisión Internacional de ayuda americana. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.098) AGA.

¹⁶³ Exemplo encabezamento dun anuncio oficial: “Presentación de ofertas de mercancías con destino a Agricultura, a importar por convenio económico de España con los Estados Unidos de Norteamérica. Proyecto

no caso dos tractores a marca e modelo, prezo en dólares, número de unidades a adquirir e suma total do coste. A resolución das compras decidíase nun comité de representantes dos distintos órganos do Estado¹⁶⁴.

Os investimentos ao longo dos anos cincuenta sucédense en toda a documentación que consultamos do SGT do *Ministerio de Agricultura*. Mais un problema desta documentación era precisamente o exceso de cifras e números distintos non sempre fiables, xa que ás veces eran contraditorios, parciais ou difíciles de interpretar. Por exemplo, na seguinte táboa temos a información dos investimentos entre 1954 e 1963, divididos en tres grupos. Neste caso, os case 37 millóns de dólares recibimos polo *Ministerio de Agricultura* non se contradín necesariamente cos case 27 millóns de dólares vimos na táboa número 30. Para comezar, porque amosan anos distintos. Mais tamén porque na táboa 30 refírese a anos fiscais e, na seguinte táboa que imos ver non temos a mesma certeza debido ao xeito no que expresan os investimentos. En calquera caso, de novo a información segue a sernos útil pola idea que nos proporciona acerca da dirección dos investimentos. A axuda americana dirixida a adquisicións en bens capitais foi nun 53% enfocada a particulares. Namentres que o 44% foi para organismos do Estado e tan só un 2% dirixido á investigación agronómica.

Organismo	Millóns de dólares	%
DGA	18,661,683.95	-
Outros ¹⁶⁵	1,047,940.9	-
Particulares	19,709,624.85	53,15 %

número 52-13-173-9-70,108. Código de Mercancía 780. De acuerdo con los términos, condiciones, listas y especificaciones contenidas en esta convocatoria, las ofertas en sobre lacrado se recibirán en la Oficina de Registro de Documentación de la Secretaría General Técnica del Ministerio de Agricultura, sita en Paseo de Atocha, 1. Madrid. España, hasta el día 6 de febrero de 1959, a las 12 de la mañana, hora española; después de cuyo tiempo no se recibirán ni se considerarán otras ofertas, aclaraciones o modificaciones. Las ofertas serán válidas hasta el 31 de marzo de 1959”. Fonte: Ministerio de Agricultura. ICA. SGT (11. 1,30. 61/13,151) AGA.

¹⁶⁴ Exemplo de acta de reunión, 21 de outubro de 1959, 18:10 da tarde en Madrid: “Se han reunido en el Salón de Actos de la Secretaría General Técnica de Agricultura (...) bajo presidencia del Excmo. Sr. D. Esteban Martín Sicilia, Secretario General Técnico de Agricultura y con la asistencia de los señores, D. Miguel Angel Guembe Despau, por la Dirección General de Agricultura; D. Guillermo Santa Cruz Tobalina, por el Servicio de Concentración Parcelaria; D. Jesús Aguirre y Ortiz de Zárate, por el Instituto Nacional de Colonización; D. Antonio López Balazote y D. Eduardo Gutiérrez Maza, por la Dirección General de Montes, Caza y Pesca Fluvial; el Sr. Oriola, en representación del Sr. Van Haefen, de la Division de Agricultura de la Misión Norteamericana en Madrid y los Sres. Morón y Peralta, de la Oficina del Sr. Millel de USOM. Han delegado su representación en D. José Batuecas, OCON e INIA. Ha actuado de secretario, D. Pablo Picazo, de la Sección 1ª de esta Secretaría General, auxiliado por las Srtas. Manuela Garzón y Mª del Corpus González”. Fonte: ICA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1,30. 61/13,151) AGA.

¹⁶⁵ Ordenados de maior a menor inversión: Contratistas do INC, Centrais Leiteiras.

INC	14,972,434.13	-
Outros ¹⁶⁶	1,610,006.19	-
Órganos oficiais	16,582,440.32	44,73 %
INIA	580,576.46	-
Outros ¹⁶⁷	202,174.1	-
Investigación e Ensinanza	782,750.56	2,11 %
Total	37,074,815.73	100%

Fonte: ICA. AGA¹⁶⁸.

Segundo a táboa anterior, a DGA e os créditos con destino á importación de tractores e maquinaria agrícola a particulares sería a partida de maior importancia. Só seguida iso si, dos investimentos recibidos polo INC¹⁶⁹. Por último e nese apartado. Podemos ver a desagregación dos fondos da DGA na seguinte táboa.

Táboa 37. Distribución da axuda americana destinados á particulares a través da DGA. Entre 1954 e 1963.	
Ano	Millóns de dólares
1954/1955	4,324,809.89
1955/1956	1,289,007.68
1956/1957	1,975,738.61
1957/1958	1,455,559.44
1958/1959	222,339.77
1959/1960	2,394,578.11
1960/1961	6,541,087.25
1961/1962	458,563.20
1962/1963	n.d
Total	18,661,683.95

Fonte: ICA. AGA¹⁷⁰.

Semella claro pois o papel directo do financiamento norteamericano no cambio tecnolóxico das agriculturas no Estado español. De igual xeito, que todos os órganos do Estado implicados na innovación agrícola recibiron financiamento e transferencias tecnolóxicas de orixe norteamericano.

¹⁶⁶ Ordenados de maior a menor inversión: SNC, SNCP, Instituto Nacional para la Producción de Semillas Selectas, Instituto de Fomento para la Producción de Fibras Textiles, PFE, DGM, DGCCC, DGG, Servicio Estadístico e SEA.

¹⁶⁷ Ordenados de maior a menor inversión: Instituto Nacional Agronómico, Escuela Técnica Superior de Ingenieros de Montes, Centros de Investigación adscritos á DGA.

¹⁶⁸ ICA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,147) AGA.

¹⁶⁹ Para facernos unha idea, sabemos que o INC dispuña en 1956 dun parque total de 692 tractores. Deles, 340 eran de 70cv ou máis. Fonte: Plan de Inversiones y Gastos Anuales en la Agricultura 1958-1960. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.06 61/6681) AGA.

¹⁷⁰ ICA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,147) AGA.

*“El tractor así construído en España llevará la marca “LANZ”
y lo habrá sido bajo el control técnico total y completo
de quien aporta su colaboración y asesoramiento técnico.
Por consiguiente,
los tractores Lanz gozarán de todas las garantías que la Fábrica Lanz de Mnnheim
concede a los tractores por ella construídos en Alemania”*

***Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España¹⁷¹.
16 de xuño de 1952.***

2.4. Impacto e crecemento do mercado de maquinaria agrícola.

Xa viñemos dando algúns datos sobre o impacto que a axuda americana tivo sobre o mercado e o tecido empresarial no Estado. Beneficiáronse de todos os créditos que fomos vendo as empresas de produción de tractores, mais tamén todas as empresas derivadas do sector: dende as grandes e medianas distribuidoras de tractores ata os ferreiros locais que viron como se lle incrementou a demanda de traballo. Álvaro Moya ten claro igualmente os beneficios que as empresas españolas de maquinaria agrícola obtiveron dos créditos americanos (2011: 241). De feito, sinala que a axuda americana creou un contexto de novas oportunidades de negocio, ampliación das conexións empresariais e reforzo das xa existentes entre as multinacionais americanas e os seus socios españois (2011: 128-129).

Os primeiros créditos para importar tractores a cargo do *Eximbank* en 1951 marcaron un antes e un despois na capacidade do Estado para acelerar o cambio tecnolóxico na agricultura. Mais esta afirmación non pode ocultar o fracaso doutras estratexias de produción de tractores no Estado español. Xa vimos no capítulo anterior a experiencia do grupo TAMSA. Agora e na mesma liña, Álvaro Moya analiza os casos das empresas *Talleres Isleños S.A* (TISA), e *Tractores Españoles S.A.* (TESA). Ámbalas dúas reclamarían ao *Ministerio de Industria* cambios ao igual que fixera TAMSA. Cambios que reclamaban ao

¹⁷¹ Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España. Ricardo Medem y Cía S.A. SGT. Ministerio de Agricultura (11, 1.30. 61/03126) AGA.

ministro Suanzes cando se anunciaba a aceleración da importación de tractores a cargo dos primeiros créditos do *Eximbank* (2011: 257)¹⁷². O problema para ámbalas tres empresas era que producían tractores de baixa potencia, e ámbalas tres protestaban polas dificultades para facerse con espazos no mercado de maquinaria agrícola. As súas demandas pasaban por limitar a importación de tractores de baixa potencia para non prexudicar así a súa produción. Chegarían a participar da *Comisión Asesora de Maquinaria* no seo do *Consejo de Industria* para realizar informes nos que se recollerían as propostas de limitación das importacións segundo modelos, creación de cotas de combustible, ou imposición de cotas de consumo de tractores españois por cada tres de orixe estranxeiro (Álvaro Moya 2011: 257-259). Mais así, ningunha das tres empresas chegaría a satisfacer a protección demandada para a súa produción de tractores fronte aos créditos do *Eximbank*. Isto, xa que como sinala Álvaro Moya, a estratexia do goberno franquista para facer chegar tractores á agricultura sería moi distinta a partir da firma dos Tratados de Madrid de 1953. O obxectivo do goberno pasaba dende entón pola consolidación de fábricas de produción de tractores diésel e gasolina con potencias medias de 25 e 30cv de potencias en España. Liberalizábase pola contra, a comercialización de tractores con potencias inferiores aos 20cv de potencia¹⁷³.

2.4.1. Tecnoloxía estranxeira para o tractor español: Ford, Heinirch Lanz, John Deere e International Harvester.

Imos repasar aquí a evolución de catro grupos de produción de tractores que tiveron unha relación directa cos efectos dos créditos americanos no mercado de tractores no Estado¹⁷⁴. Por unha parte as casas norteamericanas *Ford Motor*, *John Deere* e *International Harvester*. Tres empresas relacionadas cos grupos españois MOSA, LISA e SACA. Por outra parte, o grupo alemán *Heinirch Lanz*. Empresa que tivo participación destacada na instalación da fábrica de Getafe do grupo LISA.

Imos comezar polo caso máis característico e tamén menos estudado na historiografía española. Cuestión importante dado que se trata da multinacional de máis lonxeva actividade

¹⁷² Un caso, a empresa TAMSA.

¹⁷³ *International Trucks & Tractors*. ITT 1878. Contents Editors, Barcelona, 2014.

¹⁷⁴ Aínda que non vamos analizar o caso polo miúdo neste capítulo, non nos esquecemos do terceiro grupo produtor de tractores en España, só por detrás de MOSA e LISA. Este é o grupo Barreiros Diésel S.A., quen comeza a producir tractores coa asistencia técnica de Hanomag A.G. en Villaverde (Madrid), dende 1959.

no Estado. Concretamente dende os anos vinte do século XX (Márquez, 2015: 91). Mais para o que nos interesa, a relación de *Ford* con MOSA non se analiza nin no traballo de Martínez Ruíz sobre o análise da tecnoloxía e da industria na agricultura española (2000), nin tampouco na tese de Álvaro Moya (2011). Unicamente temos algunha información a través de Márquez e a seu traballo sobre os 100 anos do tractor en España (2015)¹⁷⁵. Desta forma sabemos dos problemas que mantiña *Ford* co goberno da Ditadura nos anos corenta polas súas políticas de intervención no mercado. No concurso de tractores de 1952, o goberno invita a *Ford*, xunto con outros grupos a participar e no que se lle acaba concedendo finalmente a primeira licenza para a produción de tractores¹⁷⁶. Porén, *Ford* abandonaría o proxecto pouco despois debido aos continuos desacordo co goberno en materia de intervención e grados de nacionalización da produción. Concretamente mantiña continuas disputas co INI sobre os requirimentos de participación de capital español na nova fábrica. O resultado sería a venda por parte de *Ford* da súa participación na histórica franquía que mantiña dende 1920. O novo grupo, xa sen a participación directa de *Ford* pasaría a chamarse *Motor Ibérica S.A* (MOSA) (Márquez, 2015: 92).

O retiro de *Ford* non significou o desligamento total do proxecto. Manteríase dende 1955 un apoio técnico da multinacional norteamericana a MOSA. Os modelos fabricados en Barcelona ata 1965 serían modelos case idénticos aos tractores producidos por *Ford* na súa factoría de Dagenham (Reino Unido)¹⁷⁷. En maio de 1955 saíra de Barcelona o primeiro tractor Ebro de 38cv de potencia. Unha copia case exacta segundo apunta Márquez, dun modelo *Fordson New Major E1As*. Polo demais, os modelos Ebro serían os únicos que se producirían en Barcelona ata 1961, momento no que se comezaría a liña dos *Super Ebro*. A diferenza deste novo modelo residía nun cambio radical na imaxe externa do tractor, exactamente igual ao que se producía nos tractores de fabricación británica *Fordson Super Major*. A asistencia técnica de *Ford* á factoría de Barcelona remataría en 1965, cando segundo Márquez, nin o grupo MOSA nin *Ford* manterían o interese por continuar co apoio técnico (2015: 95).

¹⁷⁵ Non atopamos tampouco moita información do grupo MOSA no AGA.

¹⁷⁶ Álvaro Moya lémbra-nos que o Ministerio de Agricultura prefería outorgar en virtude do Decreto do 15/02/52 unha soa autorización en orde de preferencia a: Ford, Renault e Heinrich Lanz (Álvaro Moya 2011: 259).

¹⁷⁷ Marcos Vázquez cóntanos que polo xeral trataríanse de versións de baixo custo. Modelos tecnicamente iguais, mais prescindindo das innovacións e dos extras destinados a comodidade ou luxo. Fonte: Entrevista a Marcos Vázquez. Feita por Bruno Esperante (11/06/2018).

Si pasamos agora a analizar o caso de LISA, teríamos que referirnos primeiro á relación que mantiñan coa compañía alemá *Heirinch Lanz A.G.*¹⁷⁸. Ao contrario que á falta de información que temos co caso de MOSA, para LISA, unha das claves da súa mellor análise foi a localización da memoria para a fabricación de tractores que presenta ao *Ministerio de Agricultura* en 1952. O informe entregao a distribuidora *Ricardo Medém y Cía*, quen facía de socio principal do grupo alemán *Heirinch Lanz A.G.* A partir pois da memoria, consultada tamén por Martínez Ruíz previamente, resáltase de forma categórica a importancia do grupo alemán para o desenvolvemento técnico dos tractores do grupo LISA. *Lanz* comprometíase a outorgar apoio técnico, colaboración, enxeñería e experiencia ao servizo da futura factoría de Getafe. Especificaban ademais que o apoio alongaríase en todas as cuestións relacionadas coa innovación introducida nos modelos que no futuro se fabricasen¹⁷⁹. É máis, a influencia do grupo alemán era tanta que a memoria era tan só unha versión traducida e resumida do orixinal en alemán¹⁸⁰.



Imaxe 1. Un dos tres modelos de Lanz-Bulldog previstos para fabricación en Getafe. 1952¹.

O grupo alemán comprometíase ademais a manter sempre o mesmo nivel de innovación nos tractores alemáns e españois. É máis,

¹⁷⁸ Con fábrica en Mannheim, tratábase dunha empresa líder nos anos trinta co seu modelo Bulldog, mais dende a posguerra da Segunda Guerra Mundial comezara a enlazar unha serie de mediocres resultados económicos. Cuestión que non lle permitiu facerse cunha das licencias de produción de tractores en España (Álvaro Moya, 2011: 247). Tamén en: Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España. Ricardo Medem y Cía S.A. 16 de xuño de 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/03126) AGA.

¹⁷⁹ A dependencia tecnolóxica chega ata tal punto que Heirinch Lanz A.G intervéñ tamén nas modificacións que se realizan nas instalacións de Nueva Montaña Quijano S.A., como socio fundador do grupo LISA e encargado da produción dos motores que montarían os tractores saídos da planta de Getafe (Martínez Ruíz, 2000: 174). Tamén en: Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España. Ricardo Medem y Cía S.A. 16 de xuño de 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/03126) AGA.

¹⁸⁰ Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España. Ricardo Medem y Cía S.A. 16 de xuño de 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/03126) AGA.

permitirían tantas veces como fose preciso que o persoal da factoría de Getafe fora a Alemaña para adquirir alí a instrución e perfeccionamento dos seus coñecementos prácticos para a construción do tractores e dos seus accesorios. De igual forma, desprazaría a España o persoal técnico necesario para seguir instruindo alí aos seus traballadores¹⁸¹. Como contrapartida, o grupo alemán recibiría unha serie de bonificacións económicas en forma de accións liberadas do grupo LISA, xunto cun canon sobre o valor en fábrica dos tractores construídos. En total, a participación no capital social de LISA por parte do grupo alemán limitábase a un máximo do 20% (Martínez Ruiz, 200: 174).

O primeiro tractor *Lanz* do grupo LISA saíu da fábrica de Getafe o 10 de xullo de 1956, non sen retrasos e contratempos. Entre eles, a necesidade de importar os motores das primeiras 1,500 unidades debido ás dificultades para producir os motores na fábrica de Santander de *Nueva Montaña Quijano S.A* (Martínez Ruiz, 200: 174). Ademais, para 1956 a norteamericana *John Deere* xa tiña mercado o grupo alemán *Heirinch Lanz A.G.* En consecuencia e como sinala Álvaro Moya, *John Deere* adquiriría tamén a súa participación no grupo LISA (Álvaro Moya, 2011: 285-286). A chegada de *John Deere* a Getafe¹⁸², significou unha transformación importante na maneira de operar da fábrica madrileña de tractores. Álvaro Moya analiza polo miúdo esta cuestión, e sinala como a compañía norteamericana comezaba un programa de inversións en formación dos traballadores, técnicas de venda, xestión por obxectivos, seguridade laboral etc. Xunto a iso, destaca Álvaro Moya, non só se producían inversións en Getafe, senón que tamén inverterían en facer chegar dende os Estados Unidos executivos do grupo vidos expresamente dende a súa sede central en Moline (Illinois) (Álvaro Moya, 2011: 290). De igual forma, os traballadores de LISA viaxarían aos Estados Unidos para visitar as instalacións de *John Deere* (Álvaro Moya, 2011: 293). Cuestión que nos confirmaría Eloy Galvan, xubilado da empresa *John Deere* en Getafe e entrevistado por nós¹⁸³.

¹⁸¹ Memoria descriptiva del proyecto para la fabricación de tractores Lanz-Bulldog en España. Ricardo Medem y Cía S.A. 16 de xuño de 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/03126) AGA.

¹⁸² Cabe destacar que para *John Deere*, este era o seu primeiro desembarco en Europa. Isto, contrastaba con outras experiencias como a de *International Haverster*, quen á altura de 1956 xa contaba con fábricas en Suecia, Francia, URSS e Alemaña. Se ben, á larga *John Deere* acabaría tendo unha implantación maior en España que a súa inmediata competencia de *International Haverster* (Álvaro Moya, 2011: 245).

¹⁸³ Entrevista e Eloy Galván. Feita por Bruno Esperante (18/09/2018).



Imaxe 2. Á esquerda: Aspecto da entrada ás oficinas da fábrica de LISA en Getafe, 1958¹⁸⁴.

Imaxe 3. Á dereita: Operarios na fábrica de LISA en Getafe, 1958¹⁸⁵.

A participación norteamericana e o seu peso no grupo LISA aumentaría para 1961 aproveitando os decretos de liberalización do *Plan de Estabilización*. Nese ano, aumentarían a súa participación do 15% ao 42,5% aproveitando a ampliación de capital de LISA¹⁸⁶. Finalmente, o peso norteamericano certificaríase completamente ao comezaren a producirse tractores co nome propio de *John Deere*, modelo 505, en 1963 (Álvaro Moya, 2011: 287).

Por último, quedaríanos por relatar o caso das relacións do grupo SACA con *International Haverster*. Un exemplo neste caso de fracaso da implantación territorial dunha multinacional norteamericana. Certo que tamén partilla boa parte da responsabilidade do fracaso industrial co grupo SACA. Exemplo este paradigmático das iniciativas industriais da autarquía. Para o análise de *International Haverster* seguimos o traballo de Álvaro Moya para coñecer en primeiro lugar, as reticencias que o propio grupo mostraba polo mercado español debido ao perfil político autoritario da Ditadura. Mais dende o Estado, ao igual que fixeran con *Ford* mostrábanse moi interesados na participación de *International Haverster*

¹⁸⁴ Memoria Lanz Ibérica S.A. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/13093) AGA.

¹⁸⁵ Memoria Lanz Ibérica S.A. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/13093) AGA.

¹⁸⁶ Xunto aos norteamericanos, aumentarían tamén a participación a familia Medém dun 35,5% a un 42,5%¹⁸⁶. Os bancos manterían a súa participación nun 10% o Santander e un 5% o Central (Álvaro Moya, 2011: 287).

no concurso de fabricación de tractores de 1952. *International Haverster* rexeita nese momento a participación no concurso, mais implícase para fins dos cincuenta co grupo SACA outorgándolle unhas licencias de produción de tractores en 1959¹⁸⁷. Para Álvaro Moya, o cambio de decisión estaría provocado polos efectos do financiamento norteamericano que espertarían de seguro o interese de *International Haverster* por facerse cunha cota do crecente mercado en España. Tamén, debido á constatación de que *Ford* e *John Deere* xa operaban abertamente na península dende mediados dos cincuenta. Ante esta situación, a compañía norteamericana *International Haverster* mostrou cada vez máis interese en producir tractores en España da man do grupo SACA¹⁸⁸. Non obstante, o grupo español con sede en Sevilla viña arrastrando unha difícil situación case dende a súa fundación en 1939. Entre outros factores, segundo Álvaro Moya tiña mala fama no mercado, sufría de sobre dimensión das súas instalacións, pésima localización da fábrica e unha pobre oferta. O INI, que a fins dos cincuenta aínda mantiña a maioría da participación de SACA dende 1945¹⁸⁹ ofrecíalle a *International Haverster*, xunto coa distribuidora pamplonesa MACSA a creación dun novo grupo para a produción de maquinaria agrícola e tractores. *International Haverster* acabaría aceptando logo de varias negociacións e crearía a súa franquía oficial co nome *International Haverster España S.A.* en marzo de 1965¹⁹⁰. O resultado da experiencia de *International Haverster España* sería tan breve como pobre, dado que acabarían abandonando o proxecto de fabricación para 1967, logo de ter comprobado que, alén doutros problemas, a inversión necesaria para a mellora das instalacións era maior da prevista. Remataba así a experiencia de produción de tractores SACA (Álvaro Moya 2011: 275-282).

Vimos ata aquí a evolución con distintas traxectorias de dous grupos de produción con éxito, MOSA e LISA. O primeiro desligándose do apoio de *Ford* en 1965, para pasar a relacionarse posteriormente con *Massey-Ferguson*. Por outra parte, o grupo LISA acaba finalmente controlada pola multinacional norteamericana *John Deere*. O grupo SACA, pola

¹⁸⁷ Dende entón, producen unhas series breves de tractores SACA S455 e SACA 2432. Fonte: SACA, INI. Ministerio de Industria (13. 1.10, 71/9221) AGA.

¹⁸⁸ Previamente xa tiña establecido negociacións coa distribuidora de maquinaria MACSA de Pamplona. MACSA fora ademais o seu distribuidor oficial dende os anos vinte ata Guerra Civil (Álvaro Moya, 2011: 265).

¹⁸⁹ O INI intervéñen por decreto a empresa o 7 de decembro de 1945. Fonte: SACA, INI. Ministerio de Industria (13. 1.10, 71/9221) AGA.

¹⁹⁰ Capital Social formado por *International Haverster* con 48,75%, INI con 30%, MACSA con 11,25%, Crédito Navarro con 3,75%, Unión Industrial Bancaria con 3,75% e Banco Europeo de Negocios con 2,5% (Álvaro Moya 2011: 275-277).

contra, é unha historia de fracaso conxunto a *International Haverster*. Semella claro pois a importancia que toma o capital norteamericano a través destes tres exemplos, xa ben en forma de inversións directas, transferencias tecnolóxicas ou de coñecemento. Todo isto ademais, ligado á apertura económica e dos créditos norteamericanos.

Mais todo o anterior, cremos necesario tratar igualmente os límites e problemas que a industria de tractores aínda experimentaba a fins dos cincuenta. Algúns destes aspectos limitadores da súa capacidade de produción coñecemos a través de informes propios do grupo MOSA e LISA. Concretamente a través dos informes que atopamos das propias industrias no transcurso do debate das propostas de protección arancelaria correspondentes á produción de tractores para o bienio 1958-1959¹⁹¹. Entre outros, aqueles relacionados coa irregularidade do subministro das necesarias materias primas e da súa calidade defectuosa. Cuestión que analizou abondo Martínez Ruíz no seu libro (2000). Neste sentido, destacaba como aínda en 1957 as empresas de maquinaria agrícola apenas recibían 16.000tm de lingotes e laminados de ferro, cando en 1943 pedían do redor de 25,000tm á *Delegación del Gobierno ante las Industrias Siderúrgicas (DOIES)*¹⁹². Isto, loxicamente impedía toda programación ou planificación normal para construír con calidade series económicas. Cuestión que se agudizaba ao sinalar o grao insuficiente do abastecemento por parte da industria auxiliar. Neste último punto, incidían ademais que os prezos medios da industria auxiliar española eran un 70% máis elevados que os seus competidores estranxeiros. Outro límite, xa manifestado por *John Deere* cando chega á Getafe, era a baixa cualificación dos traballadores. Para LISA e MOSA especialmente, a formación de especialistas de todos os niveis era escasamente notoria¹⁹³. Todo esta situación de falta de competitividade dos grupos LISA e MOSA compensábase coa intervención final do prezo dos tractores. Na seguinte táboa, podemos ver os prezos oficiais dos primeiros modelos producidos por *Lanz e Ebro*, así como a diferenza de prezo cos seus modelos homólogos de importación fabricados en Alemaña e no Reino Unido.

¹⁹¹ Informe LISA para a protección arancelaria correspondente ao grupo XVII. Capítulo 87, posición 87,01. Tractores. Data: 6 de outubro de 1958. Fonte: Memoria Lanz Ibérica S.A. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/13093) AGA.

¹⁹² Tratábase dun organismo encargado da distribución de material siderúrxico

¹⁹³ Informe LISA para a protección arancelaria. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/13,093) AGA.

Táboa 38. Prezos de tractores de fabricación nacional. 6 de outubro de 1958.			
Marca	Prezo fábrica	Prezo aproximado	Prezo por CV
Lanz D3806 38cv	181,000pts	200,000	5,260
Ebro 35 cv	180,000pts	200,000	5,718

Fonte: Informe LISA. AGA¹⁹⁴.

Táboa 39. Diferenza de prezos de tractores de fabricación nacional e estranxeiros. 6 de outubro de 1958.			
Marca	Orixe	Pts/CV	Diferenza %
Lanz D3806 38cv	España	5,260	63%
Farmall 440	Alemaña	3,220	
Ebro 35 cv	España	5,718	90%
Fordson Major	Reino Unido	2,947	

Fonte: Informe LISA. AGA¹⁹⁵.

Os datos das táboas que acabamos de ver conclúen dúas cuestións. O balance do prezo por cabalo de potencia era desfavorable á produción nacional, cuestión que como dixemos compensábase intervindo completamente o prezo final de venda do tractor de produción española. Isto lígase coa segunda conclusión. E é que a industria de produción de tractores en España era débil. Polo menos inicialmente e polos problemas xa citados: falta xeneralizada de subministro e materiais industriais, prezos das mesmas elevados e de baixa calidade, prezos da industria auxiliar igualmente elevados e baixo nivel de cualificación dos traballadores. Problemas todos estes relacionados coa falta de innovación e este, relacionado á súa vez co receso político e económico que supón a autarquía e o devalo xeral dos índices e calidades de produción industrial que se experimentan no Estado dende 1936. Problemas que se manifestaban coa primeira liberalización do mercado en 1959, cando nas memorias dalgunhas empresas de maquinaria agrícola se mencionaban as graves deficiencias e problemas estruturais que algunhas empresas experimentaban ao seren expostas a unha economía de mercado¹⁹⁶.

¹⁹⁴ Segundo a documentación, o prezo oficial era o baseado na fabricación mixta con pezas de importación e produción española. O prezo aproximado corresponderíase ao prezo final regulado. Fonte: Informe LISA para a protección arancelaria. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,093) AGA.

¹⁹⁵ Informe LISA para a protección arancelaria. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,093) AGA.

¹⁹⁶ Memoria del Consejo de Accionistas de Finanzauto S.A Ejercicio 1960. Fonte: BNE.

2.4.2. Articulando o mercado de distribución de tractores.

Vimos ata aquí comprobada a influencia tecnolóxica e do capital estranxeiro nas empresas de produción de tractores en España. Neste apartado, o obxectivo será analizar o impacto do capital estranxeiro e das transferencias tecnolóxicas nas empresas de distribución de maquinaria agrícola. Con tal obxectivo, cremos interesante retrotraernos á historia dun mozo nado en 1929 en Agramunt (Lleida), que por acaso comeza a traballar en 1950 na empresa barcelonesa de distribución de maquinaria agrícola *Parés Hermanos S.A.* (PHSA). Facíao para atender o traballo que se prevía coa chegada inminente dun continxente de tractores *Massey Harris* procedentes dos Estados Unidos. Acompañaba a ese lote de tractores unha partida de pezas de reposto necesarias para atender o mantemento inmediato e futuros dos tractores. O envío consistía nun total de 200 unidades de distintos modelos¹⁹⁷. O obxecto do contrato laboral, comentábanos o protagonista, era ser o responsable da sección de repostos de máquinas agrícolas, colleitadoras e tractores da marca *Massey Harris* e da que o grupo PHSA, era o seu distribuidor exclusivo para o territorio do Estado español¹⁹⁸.

A historia de vida que vimos de relatar escenifica perfectamente o que supón para as empresas de distribución a chegada dos primeiros créditos do *Eximbank* para a importación de tractores. Engadimos a continuación a seguinte táboa coas importacións anuais de tractores para darnos conta do volume de negocio que manexaron as casas de distribución entre 1951 e 1957.

Ano	Unidades
1951	3,000
1952	3,000
1953	3,421
1954	2,521
1955	5,358
1956	3,000
1957	2,000
Total	22,300

Fonte: Informe LISA. AGA¹⁹⁹.

¹⁹⁷ 100 unidades Massey Harris 44 Diésel; 50 unidades Massey Harris 55 Diésel; 30 unidades Massey Harris 30 Diésel; 30 unidades Diésel e por último 22 unidades 22 Gasolina. Fonte: Diálogos mantidos con Joan Artigas. Trabajo de campo (2018).

¹⁹⁸ Diálogos mantidos con Joan Artigas. Trabajo de campo (2018).

¹⁹⁹ Informe LISA para a protección arancelaria. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,093) AGA.

Ao longo da década dos cincuenta xérase un volume de documentación no *Ministerio de Agricultura* con numerosas referencias a contratos de representación e distribución de maquinaria agrícola. A través destes, apreciamos como se consolida de novo todo o mercado de distribución de maquinaria agrícola no Estado²⁰⁰. Aquí imos centrarnos sobre todo en dúas casas grandes de distribución de maquinaria agrícola como foron *Finanzauto* e PHSA, mais existe unha longa lista de casas igualmente importantes de distribución, así como outras medianas e outras non tanto que participaron igualmente de todo o proceso que imos a analizar de seguido. Por outra banda, outra das cuestións que identificamos a través da documentación e que atopamos tamén na tese Álvaro Moya, é que as multinacionais da maquinaria agrícola escollían basicamente entre dúas estratexias diferenciadas de implantación no territorio. A fórmula máis entendida era a das distribuidoras independentes que podían traballar con máis dunha marca. Pola contra, moi poucas escollían a fórmula da franquía oficial ou a dos axentes exclusivos. O motivo era a rixidez do modelo de actuación das franquías e a maior dificultade de entender unha rede de distribución oficial por todo o Estado (Álvaro Moya 2011: 244). A modo de exemplo e sen vontade de ser sistemáticos, achegamos a seguinte táboa na que mostramos a vinculación das principais distribuidoras de tractores en España coas principais multinacionais de tractores entre 1948 e 1965.

Táboa 41. Principais distribuidores de tractores e multinacionais que representan entre (1948-1965).

Distribuidora	Multinacional
Finanzauto S.A	David Brown/Oliver/Caterpillar
Parés Hermanos S.A (PHSA)	Massey Harris/ Massey Ferguson
Música y Arellano & Cía S.A (MACSA)	McCormick/ International Haverster
Vidaurreta y Cía S.A.	Case
Montalbán S.A.	Zetor
Ford Motor Ibérica S.A.	Ford
Motor Ibérica S.A. (MOSA)	Massey Fergsuon
Vda.Serafin Blanco	Allis Chalmers
General Motors Peninsular S.A	General Motors
S.A. Construcciones Agrícolas (SACA)	International Haverster
International Haverster España	International Haverster
Ajuria S.A.	International Haverster /Allis Chalmers
Lanz Ibérica S.A. (LISA)	Heinrich Lanz A.G /John Deere
John Deere Ibérica S.A.	John Deere
Ricardo Medém y Cía S.A.	Heinrich Lanz A.G /John Deere
Fiat Hispania S.A. ou Tractor Fiat S.A.	Fiat
Barreiros S.A.	Hanomag/Chrysler

²⁰⁰ Dicimos “de novo” porque ata 1936 xa existía un mercado de distribución de maquinaria agrícola consolidado. Verémolo máis adiante neste apartado o por que da afirmación.

Renault S.A.	Renault
Agromecánica S. A.	Normag Zorge
Motocar S. A.	Allgaier

Fonte: Varias caixas. AGA²⁰¹.

Pasamos a analizar agora a evolución das dúas grandes distribuidores de tractores de escala estatal. Veremos a través dos dous exemplos evolucións similares e tamén nalgúns aspecto distintas. O obxectivo é demostrar a relación directa do seu crecemento e consolidación no mercado de maquinaria agrícola coa chegada dos créditos americanos e a importación de tractores. O primeiro dos casos que imos ver é a empresa *Finanzauto*²⁰². Sabemos que se funda en 1930 cun capital social de 500,000pts para a distribución de maquinaria, automóbiles e servizos pos venda. Na súa primeira etapa (1930-1936), desenvolve unha actividade de financiación de operación a prazos para venda de automóbiles. Actividade que se vincula coa *Banca López-Quesada* dende 1934, ano no que foi adquirida por esa entidade bancaria. Continúan coa súa actividade de distribución de automóbiles alemáns *DKW* á vez que van mantendo igualmente as actividades de servizos de financiación a prazos. As memorias máis antigas das que dispón a compañía son os beneficios obtidos dos anos 1936, 1937 e 1938²⁰³.

Dende 1939 a 1946 a empresa realiza pequenos movementos de consolidación da súa rede de delegacións en fábricas de camións e talleres tanto en Barcelona como en Madrid. A partir de 1948 especialízanse na venda de camións *Pegaso*²⁰⁴, así como de tractores e maquinaria agrícola por outra parte. Firman segundo citan, importantes acordos de representación coa marca *Continental* pola cal, dende 1948 conseguen a representación tres modelos de tractores. Importan dende entón o primeiro continxente de tractores por un total de 30 unidades de 48cv con licencia concedida polo *Ministerio de Industria y Comercio* e

²⁰¹ Fontes: (Álvaro Moya, 2011: 271). Tamén en: Representantes de maquinaria 1951-1960. Ministerio de Agricultura (11. 1.07, 61/3,438) AGA

²⁰² A maior parte da información que manexamos da empresa procede dunha memoria editada polo seu cincuenta cabodano: 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/> Algúns dos datos que usamos da memoria están contrastados igualmente pola información que recolleemos de forma illada no fondo nº11 de agricultura do AGA.

²⁰³ O primeiro é de 132,509,45 pts. Fonte: 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/>

²⁰⁴ Fabricados por Empresa Nacional de Autocamiones S.A. Fábrica en Barcelona.

posteriormente adxudicados pola DGA²⁰⁵. Loxicamente e como supoñíamos, os acordos que cita *Finanzauto* a partir de 1948 seguramente tiveron a ver cos efectos dos primeiros acordos comerciais bilaterais que citamos no capítulo anterior.

Para unha rápida comprensión da evolución da empresa no primeiro franquismo tamén podemos observar a súa evolución na disposición de capital social dende 1942 a 1963. As datas de ampliación de capital son ben reveladoras.

Ano	Millóns de pesetas
1942-1949	4,000,000
1950	6,000,000
1951	8,000,000
1952-1953	10,000,000
1954-1955	12,000,000
1956	15,000,000
1957	25,000,000
1958	27,500,000
1959-1962	30,250,000
1963	100,750,000

Fonte: Memorias Finanzauto. BNA²⁰⁶.

Outra das características das grandes distribuidoras de maquinaria agrícola será a integración vertical doutras distribuidoras máis pequenas e de carácter máis rexional. No seu caso, a modo de exemplo, integran ao grupo *Hijo de Angel Moreno* radicada en Egea de los Caballeros (Zaragoza) para distribución de material agrícola. Neste sentido, veremos para o seguinte capítulo as distribuidoras que operarán a nivel Galiza.

²⁰⁵ 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/>

²⁰⁶ Memoria Consejo de Accionistas año 1967. Finanzauto S.A. BNE.

Xa en 1949 *Finanzauto* consegue ser nomeado distribuidor oficial de *Pegaso* para 25 provincias do Estado. Comeza entón, senón antes xa durante a guerra, unha longa traxectoria ligada aos negocios da Ditadura. Para o ano 1950 firman acordos de representación oficial con *David Brown*, cos que venden centenas de tractores nos primeiros anos. Seguramente, ao igual que a anécdota de Joan Artigas con PHSA, serían tractores financiados polos créditos do *Eximabank*. En 1952 volven firmar outro contrato de representación coa norteamericana *Oliver*, polo que se consolidan definitivamente como unha das grandes distribuidoras de maquinaria agrícola do Estado²⁰⁷.

As seguintes gráficas que imos ver só reforzan a idea do que supón o mercado de maquinaria agrícola en España antes e despois de 1950. Apréciase tamén a división das importacións en dous claros bloques temporais ligados á execución do primeiro e do segundo crédito do *Eximabank*.

¡Se liberaron los TRACTORES!!

Puede Vd. adquirir el tractor que más le convenga en libre competencia

Finanzauto, S.A.

le ofrece los tractores

DAVID BROWN y PORSCHE-DIESEL

de indiscutible calidad y prestigio


CERCIORESE de la prestación de un buen SERVICIO y de un suministro continuado de REPUESTOS LEGITIMOS

¡Es la garantía de su tractor!


Juan Flórez, 65 - LA CORUÑA
Ronda de Castilla, 18 - LUGO Luis Taboada, 2 - VIGO

Imaxe 4. Anuncio en La Voz de Galicia, 4 de agosto de 1961¹.

²⁰⁷ 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/>



Gráfica 1. Fonte: 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar²⁰⁸.




Gráfica 2. Fonte: 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar²⁰⁹.

A partir de 1955 a empresa continúa ampliando instalacións e a dispor de máis e mellores almacéns con pezas de reposto para atender a demanda no mantemento da maquinaria. Créanse novas sucursais a parte das centrais de Madrid, Barcelona e Sevilla, así

²⁰⁸ 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/>

²⁰⁹ 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/>

como outras axencias e delegacións por todo o territorio. Entre elas, unha sucursal central para a rexión de Galiza en Coruña, cunha axencia en Lugo e unha delegación en Ourense.



Imaxe 5. Instalacións de Finanzauto en 1953²¹⁰.

Entre 1955 e 1963 *Finanzauto* operará aínda nun mercado de demanda creando en 1957 máis filiais como *Finanzauto Servicios S.A.* Un sub-grupo especificamente dirixido á atención crecente do volume de negocio na área de repostos, reparacións e servizo xerais ao cliente²¹¹. O nivel de vendas seguiría aumentando ata que en 1963 pechan un contrato de distribución coa multinacional *Caterpillar* (Peorina-Illinois)²¹². Co acordo finalízase un período tanto para o criterio da empresa como para o noso propio punto de vista, xa que nas propias memorias dos consellos de accionistas de *Finanzauto* se desprende a idea de que o mercado de maquinaria agrícola transformárase a partir do *Plan de Estabilización* de

²¹⁰ Teño que agradecer ao xeógrafo Rubén Fajín as tardes que botou connigo para axudarme a facer os mapas. Polo demais, os contidos do mesmo son de: 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blaetterkatalog/>

²¹¹ Memoria Consejo de Accionistas do ano 1958. Finanzauto S.A. BNE.

²¹² Un acordo firmado polo seu presidente Carlos López Quesada Bourbon, quen fóra proclamado presidente do grupo en 1942 e o director de Caterpillar, Harmon S. Eberhard.

1959²¹³. Ante a nova situación, citan, requírase un cambio de estratexia da empresa ante a liberalización próxima do mercado de tractores. Dende entón, van pechando rapidamente o negocio da maquinaria agrícola á vez que amplían capital e pasan a converterse en 1964 en *Finanzauto Caterpitallar S.A.* Convertidos en franquía, dedícanse a partir dese momento cada vez máis ao negocio da maquinaria pesada de obra civil, beneficiándose dos *Planes de Desarrollos Social y Económico*.

A segunda e última distribuidora que vamos analizar xa saíu tamén ao longo deste capítulo. Trátase da barcelonesa *Parés Hermanos S.A.* (PHSA)²¹⁴. A súa historia é máis antiga que a de Finanzauto. Retrotráese a 1902, cando un mozo nado no Prat del Llobregat, Pere Parés Serra, entra a traballar nunha empresa de maquinaria agrícola en Barcelona chamada *Ahles y Cia*²¹⁵. O noso protagonista, Pere Parés, comeza de mozo de almacén, de aí pasa a mecánico-montador e finalmente traballa de comercial recorrendo todo o territorio do Estado. En 1919 merca a central da empresa de Barcelona e continúa en solitario obtendo a representación da empresa alemá *Fahr* en 1925²¹⁶. Comercializan dende entón a súa maquinaria, sobre todo segadoras, máis tamén tractores *Fordson* dende 1928, así como trilladoras e tractores *Lanz*, e tractores eiruga *Hanomag* dende 1931. Para os anos trinta a empresa de Pere Parés está completamente consolidada no sector da distribución de maquinaria agrícola e de importación de tractores. Porén, o golpe de Estado de 1936 ven a cortar esa progresión. A actividade da empresa paralizase e as sucursais despregadas polo territorio cortan as súas comunicacións entre 1936 e 1939.

²¹³ Memoria del Consejo de Accionistas do ano 1959. Finanzauto S.A. BNE.

²¹⁴ De novo, a maior parte da información que manexamos provén doutra memoria para celebrar o centenario do grupo que actualmente herda a traxectoria de PHSA. De igual forma, parte dos datos que usamos das memorias están cotexados por outra información procedente do AGA. Fonte: International Trucks & Tractors. ITT 1878. Contents Editors, Barcelona, 2014.

²¹⁵ A historia desta empresa a súa vez enraíza en 1878, cando Alberto Ahles, vicecónsul alemán en Madrid, abre un negocio de compra-venta de maquinaria agrícola en Barcelona. Representante en 1884 da casa Ruston, importante fabricante británico de locomóviles e motores a vapor portátiles. En 1900 asociase co seu compatriota Felix Schlayes e a compañía pasa a chamarse Ahles y Cía. Dende entón van tendo éxito coa comercialización de maquinaria agrícola dende a súa sede central en Barcelona para todo o Estado. Alberto Ahles retirase en 1910. Para ese momento, dirixe a empresa Felix Schlayer, socio e sucesor do fundador Alberto Ahles. Debido á cidadanía alemá de Schlayer, a empresa pasa momentos difíciles durante a Primeira Guerra Mundial, durante a cal, Pere Parés dirixe a empresa en nome de Schlayer dende Madrid, ata cando este regresa en 1919. Coa volta de Schlayer da guerra, este traspásalle a central de Barcelona a Parés no mesmo ano de 1919. Fonte: International Trucks & Tractors. ITT 1878. Contents Editors, Barcelona, 2014.

²¹⁶ En 1926, o primoxénito de Pere Parés viaxa a fábrica de Fahr en Colonia para traballar na cadea de montaxe e coñecer mellor así os motores. Fonte: International Trucks & Tractors. ITT 1878. Contents Editors, Barcelona, 2014.

Segundo a propia empresa, 1940 constitúe unha sorte de ano cero para a compañía. Re-establecen o contacto coas sucursais do resto do territorio, aínda que a diferenza de *Finanzauto*, PHSA límitase a sobrevivir recortando o número de empregados, liquidando débedas e recuperando máquinas usadas na guerra. Perden ademais o contacto coas empresas alemás *Fahr* e *Hanomag*, mais non obstante, conseguen a representación da prestixiosa *Massey Harris* en 1946. Dende 1950 e, ao igual que *Finanzauto*, a empresa barcelonesa aumenta as importacións de *Massey Harris* e pasan a converterse en Sociedade Anónima en 1952. Crecen as vendas, amplían instalacións e contratan persoal coma o noso entrevistado Joan Artigas Campàs. En 1956 son elixidos distribuidores oficiais do novo grupo *Massey Ferguson*²¹⁷. Ao igual que *Finanzauto* e aínda que a unha escala moito menor, a partir de 1960 comeza a importar tamén maquinaria de obra civil. Comezan tamén a producir apeiros, aínda que se lle denega a solicitude de produción de tractores por parte do ministro Gregorio López Bravo. Para cando o goberno libera o mercado de importación de tractores en 1962, PHSA move ao ano uns 2,500 tractores de importación, dun total de 32 fabricantes distintos. Finalmente en 1965 rematan a súa relacións con e firman un novo contrato de distribución con *Ford Motor & Co*²¹⁸.

2.4.3. A festa da modernidade: feiras e concursos de maquinaria agrícola.

Pechamos o capítulo falando en termos de festa porque era esa precisamente a atmosfera que se respiraba nas feiras e concursos de maquinaria agrícola ao longo da década dos cincuenta. Nos eventos expoñíase toda a maquinaria que se importaba a cargo dos créditos americanos. As chamadas á modernización da agricultura non paraban de repetirse nos xornais e nas proclamas das autoridades en cada evento organizado. Nas feiras de maquinaria agrícola, entendemos como se articulaban eses sentimentos envoltos no escenario do cambio político e económico dos anos cincuenta. Non por casualidade, organizábase por exemplo a primeira *Feria Nacional del Campo* en Madrid en 1950. De igual forma, na documentación do *Ministerio de Agricultura* nese primeiro lustro dos anos cincuenta, non deixaba de chegar numerosa publicidade de todo tipo de grupos internacionais de produción de maquinaria agrícola. As empresas querían tomar parte das feiras internacionais de


²¹⁷ Massey Ferguson era o resultado da fusión entre Massey Harris e Ferguson en 1956.

²¹⁸ International Trucks & Tractors. ITT 1878. Contents Editors, Barcelona, 2014.

maquinaria agrícola organizadas en Barcelona e Valencia en 1952. Feiras que se celebraría, xunto coa *Nacional del Campo de Madrid*, e que pouco despois pasaría a ser *Feria Internacional del Campo de Madrid*. Un mercado de exhibición de novidades organizada de forma bianual, ata que o foco de atención pasaba en 1967 a Zaragoza coa *I Feria Internacional de Maquinaria Agrícola* (FIMA). Mercado que sigue a día de hoxe vixente.

Nestes encontros, as distintas casas de distribución e produción de tractores expoñía toda a oferta que era factible de importación. Nas mesmas, sobre todo nas primeiras edicións, chegábase a vender toda a maquinaria exposta. Cuestión que podía xerar problemas de importación, dado que se vendía por adiantado maquinaria que logo tiña que pasar polo filtro da política de comercio. Coñecemos isto grazas á documentación dalgúns grupos de distribución de maquinaria que se queixaban ao ministerio ao non conseguir divisas ou licencias para a importación. Un exemplo en *Motocar S. A.*, quen protestaba pola falta de divisas estranxeiras para poder importar a maquinaria vendida nas exposicións²¹⁹.


Nas seguintes gráficas podemos ver o número de máquinas expostas por países nas feiras de Barcelona e Valencia.



Gráfica 3. Fonte: Ferias internacionais de maquinaria. AGA²²⁰.

²¹⁹ Sección VII de Mecanización Agrícola. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.3, 61/1452) AGA.

²²⁰ Nota metodolóxica: Citamos Inglaterra e non o Reino Unido porque así o indica a fonte, sen especificar se as empresas son efectivamente só de Inglaterra, ou de todo o Reino Unido. Fonte: Ferias internacionais de maquinaria de Valencia e Barcelona en 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.6, 3309) AGA.



Gráfica 4. Fonte: Ferias internacionais de maquinaria. AGA²²¹.

Destacan sobre todo a importancia persistente da maquinaria procedente de Alemaña, así como a procedente de Francia, Inglaterra e por suposto os Estados Unidos. Destacan así mesmo a exposición de maquinaria provinte dos países de influencia soviética como Checoslovaquia ou Polonia. No primeiro caso, debido á importancia do mercado de tractores controlado polo grupo *Zetor* ata ben entrada a década dos sesenta.

Máis alá das feiras de maquinaria agrícola, os anos cincuenta caracterizáronse tamén pola organización de concursos de tractoristas. Estes levábanse a cabo aproveitando o contexto de apertura económica. Por exemplo, os que organizaba de forma anual a organización sindical do franquismo, a través da *Delegación Nacional de Sindicatos* e, a través dela, a *Junta Nacional de Hermandades*. Tratábanse de probas organizadas en distintas rexións definidas pola propia *Junta Nacional*. Por exemplo, a décima rexión era a conformada polas catro provincias galegas²²². O gañador de cada rexión medíase nunha final

²²¹ Nota metodolóxica: Citamos Inglaterra e non o Reino Unido porque así o indica a fonte, sen especificar se as empresas son efectivamente só de Inglaterra, ou de todo o Reino Unido. Fonte: Ferias internacionais de maquinaria de Valencia e Barcelona en 1952. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.6, 3309) AGA.

²²² Primeiro grupo: Castilla la Nueva, Albacete e Madrid. Segundo grupo: Extremadura. Terceiro grupo: Andalucía oriental. Cuarto grupo: Andalucía occidental. Quinto grupo: Cantábrico e País Vasco. Sexto grupo: Catalunya e Illas Baleares. Séptimo grupo: Castilla la Vieja. Octavo grupo: Aragón, Navarra e a Rioja. Noveno grupo: Levante e Murcia. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,770) AGA.

nacional en Madrid no que, no I Concurso celebrado en 1953 o gañador nacional levábase un premio de 2,000 pts²²³.

No seguinte ano, a proba rexional de Galiza celebrouse o 30 de maio de 1954, na que só participaban 6 mecánicos pertencentes á COSA da Coruña²²⁴. Cousa que, por outra parte, deixaba certa impresión de precariedade quizais ligada á debilidade das COSA nas restantes provincias galegas. En calquera caso, a proba rexional consistía nun concurso de arado de reixa. Puntuábanse a rectitude e o menor tempo empregado en sucos de 80 metros de lonxitude. Outra das probas era co arado mono-disco en 2 sucos paralelos de 60 metros. A terceira proba era teórica²²⁵. Por suposto, o concurso aproveitábase para promocionar a maquinaria empregada. Nese caso, un *Farmall CUB* modelo *McCormick Internacional* de 9-10cv. Finalmente, o xurado na proba rexional estaría composto polas principais autoridades do Estado nas provincias²²⁶.

No que respecta á proba final de Madrid, o cambio tecnolóxico na agricultura semellaba situarse por un día no máis alto dos lugares reservados ás cuestións de estado. O evento servía de escaparate tanto das autoridades implicadas, como dos axentes do mercado e da oferta de tractores dispoñible para o cambio tecnolóxico na agricultura. Asistía dende Franco, quen outorgaba os premios finais en man, ata toda unha serie de altas autoridades que conformaban o tribunal nacional²²⁷, a comisión técnica²²⁸, a secretaria do tribunal

²²³ I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,769) AGA.

²²⁴ En teoría, o regulamento requiría da participación de polo menos, un representante de casa COSA provincial en Galiza. Por esta razón, a propia COSA da Coruña, encargada da organización preguntábase á Junta Nacional de Hermandades se isto sería un obstáculo para ser considerado válida a vitoria de Juan Pedro Rial Villar. Gañador rexional de Galiza en 1954. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,769) AGA.

²²⁵ O gañador galego final fora quen de completar o exercicio práctico en 11 minutos e 30 segundos, sacándolle 2 minutos e 30 segundos ao segundo clasificado.

²²⁶ Na proba rexional galega de 1954, o xurado estaba conformado por Alejandro Pérez Riveiro, presidente da COSA da Coruña, Francisco Roig Ballesteros, enxeñeiro xefe da sección agronómica, Antonio Moreno Martínez, Director da Estación de Praticultura y Cultivos de Vega e, Antonio Ramos Cerviño, secretario da COSA da Coruña. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,769) AGA.

²²⁷ Vicesecretario Nacional de las obras sindicales de la Delegación Nacional de Sindicatos; Jefe Nacional de la Obra Sindical; Secretario General de la Junta Nacional de Hermandades; jefe de la Sección Social Central de las Hermandades; presidente de la COSA de Madrid. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,770) AGA.

²²⁸ Ingeniero Profesor de Maquinaria Agrícola de la Escuela Especial de Ingenieros Agrónomos; Ingeniero Jefe de la Sección de Maquinaria Agrícola de la DG de Coordinación, Crédito y Capacitación. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,770) AGA.

nacional²²⁹ e o comité de honra²³⁰. Non faltaban tampouco nese día os representantes das principais casas de distribución de maquinaria: *Finanzauto S.A.*, *Ford Motor Ibérica S.A.*, *Agromecánica S.A.*, *Ajuria S.A.*, *Ricardo Medém y Cía S.A.*, *Vidaurreta y Cía S.A* etc.

2.5. Balance do segundo capítulo.

Neste balance final do capítulo insistimos no papel fundamental que xogaron os Estados Unidos para entender a orixe, dirección e formas do cambio tecnolóxico nas agriculturas españolas. Ademais, porque os requirimentos en capital para industrializar a agricultura necesitaban de grandes investimentos, non sempre dispoñibles, e polo que o recurso ao crédito volveuse nun mecanismo esencial. Con certeza, na aprobación dos primeiros créditos interviñeron diversos factores. E non cumpre menos valorar os intereses dos grupos exportadores de cereal e algodón norteamericano niso. Se ben, unha vez aprobados os créditos do *Eximbank*, e trala aprobación dos *Tratados de Madrid* de 1953, os créditos tornaron en programas de investimentos a gran escala. Dificilmente se puido explicar dende entón a aceleración da moto-mecanización das agriculturas españolas sen atender ao financiamento norteamericano de políticas e mercados da Ditadura. En xeral, pode dicirse que as agriculturas no Estado español constituían para os intereses norteamericanos unha demanda potencial atractiva e de enormes posibilidades sen explotar.

Mais as transferencias norteamericanas non só se mediron en diñeiro e mercadorías, senón que tamén influíron no transvase de saber facer no eido da política. Un exemplo paradigmático diso foi a fundación en 1955 do *Servicio de Extensión Agraria*. Xunto a esa institución, coincidencia ou non, o certo é que a Ditadura embarcou nunha actividade legislativa importante na década dos cincuenta. Nomeadamente a través da creación da *Dirección General de Coordinación, Crédito y Capacitación*, así como na fundación do *Servicio Nacional de Concentración Parcelaria*. Por outra banda, políticas como as forestais do *Patrimonio Forestal do Estado*, ou ben, do *Instituto Nacional de Colonización*

²²⁹ Jefe del Departamento de Capacitación y Propaganda de la Junta Nacional e Hermandades. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,770) AGA.

²³⁰ Ministro de Agricultura; Delegado Nacional de Sindicatos; Director General de Coordinación, Crédito y Capacitación; Delegado de Enseñanza laboral y Enseñanza Técnica del Ministerio de Educacion Nacional; Ingeniero Director del Instituto Nacional Agronómico. Fonte: I, II, e III Concursos de tractoristas. Delegación Nacional de Sindicatos. Junta Nacional de Hermandades (6. 39 /10,770) AGA.

experimentaron unha activación das súas actuacións no que seguramente tivo unha relación coa chegada do financiamento e das posibilidades técnicas importadas. No referido ao mercado de tractores, cremos que é evidente a relación estreita que garda o aumento da oferta co novo contexto posibilitado polos créditos norteamericanos. Polo tanto, estes tamén influíron na clausura final do *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores* para os anos sesenta.

Por último, tamén temos que destacar o impacto que tivo o financiamento e as transferencias tecnolóxicas no mercado de maquinaria agrícola no Estado español. Neste sentido, parece evidente que tanto produtores como distribuidores de maquinaria agrícola medraron claramente ao abeiro dos primeiros créditos. Cousa que tivo diferente impacto tanto nos grupos produtores de MOSA e LISA, como na distribución de *Finanzauto* ou *Parés Hermanos*. Nos dous primeiros casos, o contexto económico favorable permitiulles recibir asistencia técnica de *Ford* e *John Deere*. Cousa que os situou nunha posición máis forte no mercado español de tractores. No relacionado coas distribuidoras, tamén semellou clara a reversión das malogradas traxectorias de ambos grupos entre 1936 e 1949.

Pola contra, tamén é certo que coa seguinte táboa deberíamos relativizar os efectos re-activos da década dos cincuenta, xa que, a efectos do número de hectáreas labradas por tractores nalgúns países de Europa, España aínda se situaba nas posicións máis baixas da táboa en 1962.

Táboa 43. Número de ha. labradas por tractor nalgúns países de Europa. 1962.

Países	Número de hectáreas (ha.)
Alemaña (RFA)	12
Suíza	13
Reino Unido	15
Holanda	18
Austria	20
Noruega	21
Suecia	23
Bélxica	26
Dinamarca	32
Francia	34
Irlanda	38
Italia	74
Grecia	221
España	498
Turquía	568
Portugal	619

Fonte: Aspectos estructurales e insituacionales. AGA²³¹.

En calquera caso, non cabe dúbida de que os créditos lograron reverter a posición illada da Ditadura, e darlle novos folgos políticas á mesma. Cousa que supoñemos ten a ver co ambiente festivo co que se celebraran neses anos os concursos e feiras de maquinaria agrícola.

²³¹ A nivel metodolóxico, os datos da táboa teñen que ser entendidos tendo en conta o distinto tamaño dos países. Cuestión que non sabemos si se contemplou á hora de elaborar a estatística e determinar o número de hectáreas por cada país. Fonte: Servicios de Catastro de Rústicas. Censo de 1962 (11, 1.30, 61/13.111) AGA.





*“Existen aún muchos propietarios agrícolas
que tiene anclado el barco del porvenir en las nubes del pasado.
No se han logrado dominar los fantasmas de las reformas agrarias demagógicas,
con sus ideas de explotaciones unifamiliares,
expropiación de la tierra para quien la trabaja,
parcelaciones hereditarias a ultranza,
y cuesta gran esfuerzo que integren o entreguen en depósito sus campos a sociedades de explotación,
que al hacerlos más rentables revalorizarían automáticamente su precio actual”*

**Grupo Nacional de Fabricantes de Tractores,
Motocultores y Maquinaria Agrícola.
Xullo de 1970²³².**

CAPÍTULO 3

AGRICULTURA INDUSTRIAL E MOTO-MECANIZACIÓN DA AGRICULTURA EN GALIZA (1964-2000)

Neste capítulo abordamos o análise do período cronolóxico clave para entender as políticas de moto-mecanización que se levaron a diante na agricultura en Galiza entre 1964 e o ano 2000. É dicir, o período onde a Ditadura deixa atrás os postulados da agricultura autárquica e do fascismo agrario, e pasa a promocionar a agricultura industrial en base a un programa ideolóxico de modernización sen democracia ou de tecnocracia autoritaria. Un proxecto que supera sen grandes transformacións o final da Ditadura e continúa no comezo da democracia saínte do período da transición entre 1977 e 1982. Porén, a entrada do Estado español na Comunidade Económica Europea (CEE), xunto coa aplicación da Política Agraria Común (PAC) dende 1993, transforman de maneira importante o contexto político-

²³² Grupo Nacional de Fabricantes de Tractores, Motocultores y Maquinaria Agrícola. Sindicato Nacional del Metal. Boletín de Difusión Interna. Nº 2, xullo de 1970. Fonte: BNE.

institucional, así como tamén de mercado e marcan polo tanto o final do período que analizamos para o ano 2000.

Ao longo do capítulo imos referirnos ao concepto de paradigma da agricultura industrial para facernos referencia ao conxunto de políticas tecnolóxicas que o Estado tenta levar a diante durante o período cronolóxico previsto. Estas políticas defínense a grandes rasgos a través de tres grandes vectores de actuación política. En primeiro lugar, as políticas de concentración parcelaria para literalmente dominar a terra a través das posibilidades da técnica e da ciencia. En segundo lugar, as propias políticas de innovación agraria e, en terceiro lugar, as políticas de crédito agrario e financiamento do cambio tecnolóxico. En definitiva, tres políticas agrarias que imos analizar neste capítulo en tres apartados distintos, analizando tanto a concepción das mesmas, como a lóxica que seguen ao longo dos anos sesenta, setenta e oitenta, e o fin das mesmas coa integración do Estado español no marco político-institucional e de mercado da CEE nos anos noventa²³³.

Eses tres vectores definían un marco político-institucional cun mercado de tractores en expansión, polo que analizaremos tamén tanto a produción como a distribución de maquinaria agrícola. Todo, co obxectivo de saber como os tractores pasan a formar parte dos horizontes tecnolóxicos das comunidades labregas.

3.1. Tecnocracia e modernización no cambio tecnolóxico na agricultura.

O paradigma da agricultura industrial dos anos sesenta diferenciábase claramente das anteriores liñas políticas nun sustento ideolóxico distinto ao do fascismo agrario. Os cambios a nivel discursivo xa viñan precedidos de toda a acción lexislativa e discursiva do Ministro de Agricultura Rafael Cavestany nos anos cincuenta. A soberanía do campesiñado deixaba paso á retórica empresarial na agricultura. E nisto, os termo centrais do momento terían unha importancia fundamental, tanto o da modernización como o da Revolución Verde. Dous conceptos que significaban cousas distintas, mais que na realidade usábanse para referirse ao mesmo proceso de aumento da produtividade na agricultura resultado de enormes

²³³ O xeógrafo Alonso Fernández establece en 7 anos o período de transitoriedade que comeza no momento da firma de adhesión do Estado á CEE en 1986. Isto sitúa a integración completa do Estado español no mercado europeo entre 1993 e 1994, xusto coa aprobación do Tratado de Maastricht (Alonso Fernández, 1987: 215). Hai que ter en conta que 1992 tamén coincide coa primeira grande transformación da Política Agraria Común, a través das reformas McSharry. Data da consulta (22/09/2019): <https://www.mapa.gob.es/es/pac/historia-pac/>

transferencias tecnolóxicas. A idea da modernización sería polo tanto o termo central sobre o que xirarían as políticas de cambio tecnolóxico na agricultura. Un obxectivo asumido agora polas autoridades franquistas e compartido polas elites doutros tantos países do mundo baixo a influencia norteamericana (Díaz Geada e Lanero, 2015: 83).

Na modernización, tivo moito a ver a superación do illamento político e económico da Ditadura franquista nos anos cincuenta. Proceso intimamente ligado ao escenario político internacional da Guerra Fría. De feito, o propio concepto da modernización nacera ao abeiro dese mundo concibido de forma bipolar e, de feito, entre rascos da teoría da modernización destacaba precisamente a súa concepción dicotómica dos cambios. É dicir, para a agricultura as técnicas empregadas percibiríanse en termos de atrasadas ou irracionais para algunhas prácticas, modos e formas de produción e, para outras, en termos de modernas, avanzas e racionais. Picado Umaña lémbra-nos ademais como a maioría destes cambios, nos que se incluía a moto-mecanización, asumíanse cunha certeza firme sobre o seu significado político ou ideolóxico baleiro. É máis, críase no cambio tecnolóxico como algo neutral e inevitable, polo que as políticas que se levaron a diante non era alternativa, senón que única opción (Picado Umaña, 2011: 47). Mais o problema da modernización levado á práctica no Estado español nun contexto autoritario, foron os efectos dunha aplicación de políticas de cambio estrutural na agricultura de forma rápida e drástica. Cuestión amparada pola falta dun sistema político democrático e a anulación completa da participación da sociedade neses procesos, cousa que provocou en palabras de Lanero, a acentuación dos custes sociais e medioambientais. E ademais, cabe destacar que o propio proceso de modernización e os efectos colaterais negativos do mesmo, non desgastaron a lexitimidade da Ditadura. Polo contrario, o binomio *desarrollismo*-modernización económica cimentou a nova lexitimidade dos gobernos da Ditadura en base á boa xestión técnica e á sensación do “milagre español” (Lanero 2011a: 21).

Por outra banda, hai que ter en conta que a ideoloxía da modernización buscaba na realidade a concreción duns obxectivos concretos na agricultura. A moto-mecanización, xunto co resto de cambios tecnolóxicos respondían á necesidade de afrontar os cambios significativos nos patróns de consumo e demanda alimentaria dunha sociedade cada vez máis urbanizada. É por isto que deberíamos ter en conta o concepto de modelo de consumo

alimentario definido por Collantes²³⁴. Neste caso, referido ás formas de consumo en España para as décadas dos sesenta cara os noventa, onde se produciu por exemplo un aumento do consumo de carne, leite e ovos fronte aos tradicionais consumos de cereal, patacas e legumes (Collantes, 2016: 289). Por outra banda, os efectos políticos da ideoloxía da modernización percibíronse claramente nos cambios orgánicos da Ditadura en 1971. Cambiaron tan importantes como a fusión da *Dirección General de Agricultura*, xunto coa *Dirección General de Ganadería* na nova *Dirección General de Producción Agraria* (DGP). Un cambio nominal que sancionaba a mudanza efectiva no imaxinario da época da tecnocracia na agricultura. Do mesmo xeito, políticas tan importantes para o paradigma do fascismo agrario como as levadas a cabo polo *Instituto Nacional de Colonización*, acabaron, xunto co *Servicio Nacional de Concentración Parcelaria – Ordenación Rural* no novo *Instituto Nacional de Desarrollo y Reforma Agraria* (IRYDA). En xeral tratáronse dunha serie de cambios que como veremos marcaron diferenzas nas tendencias das políticas de concentración, de innovación e de financiamento da moto-mecanización na agricultura.

O final da Ditadura provocou outras transformacións que máis que ideolóxicas nos cimentos do Estado, foron cambios nas políticas agrarias entre 1975 e 1978 coa aprobación da Constitución española. O importante neste período foi o relativo á firma dos *Pactos de Moncloa* de 1977. Alí aprobáronse as futuras liñas xerais das políticas agrarias que levaría a diante polo Estado español en democracia. Cousa que finalmente se cumpriu coa vista sempre na integración do Estado na Comunidade Económica Europa (CEE) en 1986. Desta forma, os cambios foron sucedéndose en tódolos ámbitos. Chegou o fina do *Servicio de Extensión Agraria* en 1991, o mercado de produción agraria española integrouse no mercado común europeo e os vellos instrumentos reguladores das políticas agrarias da Ditadura, aceleraron o seu fin trala aprobación do Tratado de Maastricht en 1994. Concretamente, o *Fondo de*

²³⁴ Por modelo de consumo alimentario entendemos o que o historiador Collantes define a partir dun concepto orixinal do economista agrario francés Malassis (1997). É dicir, a serie de modelos identificables en base ao funcionamento e evolución combinada dunha serie de pautas de consumo alimentario. Isto é: segundo a evolución seguida dos niveis agregados de consumo físico de alimentos; a evolución agregada do gasto monetario en alimentos; a evolución do consumo interno en función da orixe dos produtos e dos seus tipos, xa ben sexan de tipo animal ou vexetal, ou ben procesados ou non por unha agro-industria; segundo as prácticas de consumo, por exemplo, podendo consumirse os alimentos dentro do ámbito doméstico ou fóra do fogar e, por último, tendo en conta a evolución dos patróns de consumo segundo a clase social, o territorio ou a idade (Collantes, 2016: 283).

Ordenación y Regulación de Productos y Precios Agrícolas (FORPPA), xunto co Servicio Nacional de Produtos Agrarios (SENPA) e o IRYDA que pecharon en 1995.



*“No debe pesar en nuestro ánimo,
la inconsciente rebeldía del enfermo a aceptar la cura
que le traerá la salud, y con ella la fuerza,
la esperanza y la alegría”*

***Discurso do Ministro de Agricultura Rafael Cavestany en 1952.
(González Vázquez, 1997: 91-92)***

3.2. Dominar a terra: concentración parcelaria e o cambio tecnolóxico.

O primeiro dos vectores que moldean e participan do proceso de moto-mecanización da agricultura en Galiza é o da concentración parcelaria. Unha política altamente agresiva co ordenamento social e económico dos espazos agrarios anteriores á súa aplicación. Díaz Geadá comenta na súa tese que a concentración non é unha política máis, xa que afectaba a estrutura da base territorial e polo tanto, ao cimento do conxunto do sistema produtivo (2013: 116). Por outra banda, Gómez Benito dicía que a concentración viña a resolver os grandes problemas percibidos polo Estado. A saber: a falta de racionalización do traballo e a falta de mentalidade empresarial nas comunidades labregas. Certamente, antes de dominar a terra había que dominar a linguaxe, polo que, tal como evidencia Gómez Benito, a *Ley de Unidades Mínimas de Cultivo* definíase como a extensión “suficiente” para as labores “fundamentais” utilizando os medios “normais” de produción para acadar os rendementos “satisfactorios” (Gómez Benito, 1995: 175)²³⁵.

A concentración parcelaria é sen dúbida unha política complexa non só pola súa concepción ou execución, senón que ademais polo tratamento que recibe hoxe en día na memoria colectiva. Ao respecto, Cabana Iglesia ten analizado os conflitos e actitudes sociais contrarias á concentración e que, na actualidade, lémbrense como algo positivo para as comunidades (Cabana Iglesia, 2011: 191-193). A idea logo é analizar como se desenvolve a

²³⁵ Artigo 1 da lei do 15 de xullo de 1954 sobre fixación de unidades mínimas de cultivo, desenvolta e completada polos Decretos do 2 de marzo de 1955 e 22 de setembro do mesmo ano.

política da concentración parcelaria, tendo en conta a particular xestión da mesma na memoria colectiva das comunidades, e tratar de poñer iso en relación co proceso de moto-mecanización. Achamos de feito que esta política resultaba fundamental para o Estado, e resulta fundamental para as comunidades hoxe en día, para explicar a maneira na que se facilitou a introdución de tractores na agricultura en Galiza.

3.2.1. As primeiras concentracións: experimentais, verticais e arbitrarias.

Como se sabe, a primeira lei de concentración parcelaria data de 1952 e concíbese de forma experimental²³⁶. Isto, xa que como sinala González Vázquez, a comezos dos anos cincuenta aínda persisten debates no goberno da Ditadura acerca de como abordar a súa execución. De feito, nun primeiro momento aínda se evitaba que a concentración chocase cos preceptos do falanxismo sobre a defensa do pequeno propietario no campo²³⁷. Tratábase logo tan só de resolver os problema da dispersión das parcelas, e non tanto de reformas no referido ao tamaño da propiedade (1997: 12). Neste primeiro período experimental realízase tamén a primeira concentración parcelaria en Galiza entre 1954 e 1959, onde se concentran as terras das freguesías de San Xoán de Barcala e Santa María de Cobas, nos concellos da Baña e Negreira respectivamente.

Ao inicial SNCP engádeselle as siglas de *Ordenamiento Rural* (OR) en base á lei de concentración aprobada o 8 de novembro de 1962, con outra modificación final en base ao Decreto do 1/1964 (González Vázquez, 1997: 41)²³⁸. Dende entón as siglas pasarían a ser SNCP-OR. O motivo da reformar e da inclusión do OR en 1963 devíña das experiencias que o SNCP sacara das primeiras concentracións realizadas en Galiza. Os resultados non foran os esperados, xa que dende o punto de vista dos técnicos e enxeñeiros do servizo, a maioría das explotacións das freguesías non usaban aínda medios nin lóxicas de produción modernas logo de efectuaren a concentración (González Vázquez, 1997: 33). Por este motivo González

²³⁶ Xunto á lei de 1952 fóronse achegando outras leis e disposicións adicionais que engrosaron o aparato legal do recién creado Servicio Nacional de Concentración Parcelaria (SNCP). Por exemplo Decreto do 10 de agosto de 1955 no que se aproba un texto refundido das leis de concentración parcelaria (González Vázquez, 1997: 30). Así como outras leis que reforzan a estandarización industrial das leiras agrarias. Outro exemplo xa citado era a lei das unidades mínimas de cultivo definida no primeiro artigo da lei do 15 de xullo de 1954. (Ley de fijación de las unidades mínimas de cultivo. Desenvolta e completada polos decretos de 25 marzo de 1955 e do 22 de setembro do mesmo ano) (Gómez Benito, 1995: 175).

²³⁷ Para unha análise pormenorizada do cambio retórico na aplicación das leis de concentración parcelaria en González Vázquez (1997: 31-32)

²³⁸ Para un resumo da historia legislativa do SNCP-OR en Díaz Geada (2013).

Vázquez identifica dende entón unha segunda etapa nas políticas de concentración definidas pola actuación dun servizo que abarcaba máis obxectivos que a mera agrupación de parcelas. Xunto a este último, o SNCP-OR supera os obstáculos ideolóxicos da *Falange* e buscaría xa abertamente a consolidación só daqueles propietarios cunha superficie que, segundo o Estado, fose mínima ou racional e capaz de producir nunhas condicións óptimas segundo os plans de especialización e produción agraria que lle reservaban a Galiza. Os obxectivos irían incluso dirixidos á promoción directa de novas tecnoloxías a través do fomento do crédito agrario, e a introdución de gando selecto, tractores, fertilizantes, mais tamén o fomento do cooperativismo no consumo destes, así como a produción e comercialización.

Ademais compre insistir no feito de que o Estado contaba xa, e non antes, cos fondos e equipos necesarios para levar a cabo actuacións de consideración. Síntoma diso é a confección en 1962 do primeiro *Censo Agrario* polo que se melloraban de forma significativa as estatísticas agrarias. Dese censo comezamos a obter estatísticas fiables para comprender a situación e a configuración da agricultura en Galiza e no Estado. No mesmo censo tamén extraemos as seguintes valoracións.

“A la desventaja de un tamaño insuficiente de la explotación para absorber la capacidad del empresario y la aplicación de capitales y empleo de elementos técnicos, se une gran parcelación de la propiedad que dificulta o reduce los rendimientos del capital y elementos utilizables”²³⁹.

“Parece evidente que mientras no se modifique la estructura de la pequeña explotación, seguirá empleándose gran cantidad de trabajo animal. De ahí la importancia de la concentración parcelaria que permite sustituir total o parcialmente dicho trabajo por maquinaria agrícola”²⁴⁰.

Os fragmentos literais que acabamos de ler eran de feito parte dunha estratexia de desprestixio emprendida polo Estado, en alianza con axentes do mercado e outros actores locais da sociedade, que os levarían finalmente a consolidar unha visión moi pexorativa dos modos de producións labregos que non entrasen nos parámetros tecnolóxico que marcaba o Estado (González Vázquez, 1997: 14). Na medida na que se foron consolidando os resultados das primeiras zonas de concentración, xunto coa especialización produtiva das explotacións

²³⁹ Análisis de la situación del sector agrario. Aspectos Estructurales e Insituacionales. Diciembre de 1962. Ministerio de Agricultura (11, 1.30, 61/13.111) AGA.

²⁴⁰ II Plan de Desarrollo Económico y Social: Informe de marzo de 1967 feito pola comisión de agricultura, grupo: factores de produción; subgrupo: gando de labor. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.133) AGA.

afectadas na década dos setenta, as solicitudes voluntarias de concentración foron máis comúns por parte das familias labregas con vontade de especializarse (González Vázquez, 1997: 36). Todo o contrario ao primeiro período cando, segundo González Vázquez, a concertación xunguíase de forma completamente arbitraria e vertical. Cuestión que se reforzaba a través dunha clara concepción paternalista das comunidades labregas, xunto coa ridiculización do seu idioma²⁴¹. De feito, as primeiras concentracións non eran nin solicitadas polos afectados²⁴². Pola contra, foran sectores do campesiñado local aliñados ideoloxicamente co falanxismo, ou ben, medianos e grandes propietarios con vontade de capitalizar totalmente as súas explotacións, conxunto coas *Hermandades*, COSA ou Concellos, os interesados en solicitar os proxectos de concentración²⁴³. “*Una política caída del cielo*”, dicían (González Vázquez, 1997: 32). Era curioso ademais como unha cuestión disfrazada de técnica tiña un fondo ideolóxico tan evidente. O Estado falaba de labores fundamentais, de medios normais e de resultados satisfactorios. E cales eran? Institucións como o SEA ocupárase de lograr a hexemonía cultural necesaria para aceptar como normal e de progreso a destrución dos antigos complexos agrícolas, como diría Bouhier (2001). O resultado sería o beneficio propio dos interesados, o prexuízo dos que non o estaban, e a exclusión daqueles outros que non podían manter o ritmo das innovacións. Todo, no marco dunhas políticas forestais e hidráulicas do Estado propias dun tratamento colonial e que non pouca xente percibía como un problema²⁴⁴.

²⁴¹ “Se habla español” decía o sombreiro de Plinio Cicerone. A súa opinión sobre os que rexeitaban a concentración parcelaria era a seguinte: “Ese animal que está ahí fuera es Peporro. Tan bruto que ni si quiera sabe lo que es la concentración parcelaria. Este Peporro, todo lo que tiene de animal lo tiene de ricachón, y si en vez de andar siempre a pedradas prestase atención a su negocio agrícola, podría vivir como un maharajah”. Fonte: Plinio Cicerone en ventajitas de la Concentración Parcelaria”. SNCP-OR. Ministerio de Agricultura 1962. Data de consulta (22/09/2019) <https://www.youtube.com/watch?v=Uq0yS45j3NQ> Do mesmo xeito, Faure sinala tamén o esquecemento das linguas usadas polas comunidades labregas, así como a perda da memoria colectiva, como síntomas da alienación cultural á que se ven sometidas no proceso de cambio social. Un movemento que non é perfectamente sincrónico, nin simple, mais que se aprecia na crecente dificultade das comunidades labregas en reproducir a súa cohesión anterior (Faure, 1981: 34-25).

²⁴² Experiencias que González Vázquez conclúe en parte de entrevistas que realiza a antigos enxeñeiros do IRYDA. Entrevista a J.L.M.V (22 de marzo de 1996) (1997: 32).

²⁴³ Labregos afíns ao falanxismo, medianos e grandes propietarios, xunto coas autoridades da Ditadura que adoitaban conformar as Comisiones Locales dos proxectos de concentración (González Vázquez, 1997: 30).

²⁴⁴ As políticas hidráulicas do Estado e as políticas forestais constituían para Beiras a dobre faciana do colonialismo interior ao que se sometía a Galiza. Por exemplo, dado que no país galego so se consumía menos do 40% de toda a electricidade producida polos encoros. O gran excedente eléctrico de Galiza podendo, non repercutía na súa economía, senón en Madrid. Fundamentalmente pola fuga de financiamento e polo custe dos impactos ambientais que asumían as comunidades labregas. Por outra banda, a política forestal do Estado en Galiza, alén de deixar conflitos con vítimas mortais nalgúns casos, desarticulaba a economía labrega baseada no poli-cultivo de aproveitamento silvo-pastoril (Beiras, 1982: 161-166). Entre os exemplos clásicos de

Entendemos pois que as políticas de concentración eran sen dúbida “un”, senón “o” vector de actuación principal sen o cal o Estado non entendía o proceso de motomecanización do traballo labrego en Galiza. Cabería lembrar quizais aquí as diferenzas das estruturas agrarias entre rexións do Estado. Véxase para o caso galego o elevado número de parcelas conxunto o seu reducido tamaño en comparativa.

Táboa 44. N° de parcelas/propietario e hectáreas da parcela media en cada rexión do Estado. Decembro 1962.

	N° parcelas /propietario	Parcela media (Ha)
Andalucía Occidental	3,40	5,98
Andalucía Oriental	4,06	2,39
Aragón	7,09	1,78
Asturias e Cantabria	8,33	0,73
Canarias	5,98	1,23
Castilla la Nueva	11,26	1,07
Castilla la Vieja	14,72	0,53
Catalunya e Baleares	3,29	2,54
Extremadura	5,74	2,84
Galicia	16,59	0,21
Levante	4,31	1,44
País Leonés	16,36	0,47
País Vasco	4,13	1,01
Rioja e Navarra	11,64	0,54

Fonte: Aspectos estructurales e insituacionales. AGA²⁴⁵.

Táboa 45. Distribución porcentual segundo superficie das explotacións en hectáreas. Decembro de 1962.

	0-4ha	5-20ha	20-50ha.	50-250ha.	+ de 250ha.
Andalucía Occidental	4,2	8,1	21,6	37,0	38,1
Andalucía Oriental	28,0	20,3	10,4	25,3	16,0
Aragón	45,7	27,5	13,1	12,1	1,6
Asturias e Cantabria	86,9	12,8	0,2	0,1	-
Castilla la Nueva	8,2	21,1	15,3	38,7	16,7
Castilla la Vieja	18,8	37,4	24,0	13,0	6,7
Catalunya e Baleares	25,5	35,0	19,4	20,1	-
Extremadura	8,3	19,6	6,3	22,1	43,7
Galicia	80,4	12,5	4,4	2,7	-

conflitividade asociada a estas políticas de extracción de recursos foron o encoro de Belesar, Palas de Rei (Lugo), ou os conflitos polos montes veciñais en man común ao longo da Ditadura (Rico Boquete, 1995), (Freire Cedeira, 2014).

²⁴⁵ Análisis de la situación del sector agrario. Aspectos Estructurales e Insituacionales. Diciembre de 1962. Ministerio de Agricultura (11, 1.30, 61/13.111) AGA.

Leonesa	34,0	28,5	11,8	18,0	6,8
Levante	46,5	14,7	9,4	22,0	7,4
Navarra e Rioja	10,5	10,1	13,3	66,1	-
País Vasco	33,1	58,5	6,2	2,2	-
España (non inclúe Canarias)	27,4	22,8	13,0	23,4	13,4

Fonte: Aspectos estructurales e insituacionales. AGA²⁴⁶.

Na seguinte táboa temos unha distribución segundo tamaño das parcelas un pouco máis concreta. A información recollida varia sensiblemente, dado que entendemos se expresan os resultados das concentración parcelarias xa feitas á altura de 1967.

Táboa 46. Distribución porcentual segundo superficie das parcelas. 1967.							
	Menos de 1ha	1 a 5 ha	5 a 20ha	20 a 50ha.	50 a 200ha.	200 a 500ha	Máis 500ha.
Andalucía Occidental	19,11	36,30	26,61	9,21	5,98	1,84	0,95
Andalucía Oriental	27,21	41,36	22,12	5,69	2,75	0,56	0,31
Castilla la Vieja	19,28	27,30	32,28	15,22	4,66	0,68	0,58
Castilla la Nueva	15,15	30,61	32,68	14,41	5,27	1,09	0,79
Aragón	18,10	30,86	33,41	11,38	4,67	0,85	0,73
Levante	40,21	37,94	16,79	3,26	1,38	0,25	0,17
Leonesa	19,58	32,91	34,05	9,67	2,75	0,56	0,48
Catalunya e Baleares	26,24	35,78	28,47	5,79	2,97	0,54	0,21
Extremadura	19,72	36,15	29,49	8,23	3,92	1,65	0,84
Rioja e Navarra	28,40	36,61	26,72	5,47	1,79	0,46	0,37
Galicia	36,42	42,76	19,07	1,45	0,15	0,06	0,09
País Vasco	36,68	27,61	28,31	5,80	1,04	0,33	0,23
Canarias	58,81	29,62	8,58	1,78	0,88	0,18	0,15
Asturias e Santander	37,37	43,41	17,95	0,69	0,23	0,16	0,19
España	28,21	36,12	25,14	6,86	2,67	0,60	0,40

Táboa de elaboración propia a partir de II Plan de Desarrollo 1967²⁴⁷.

3.2.2. Da política de concentración á de desenvolvemento agrario.

Nas reformas orgánicas do Estado de 1971, as competencias do SNCP-OR quedan integradas xunto co INC no recién creado *Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario* (IRYDA). Pouco despois engádeselle a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario* de 1973 e, xa para a década dos oitenta e como analiza Díaz Geda para o caso galego, a Xunta de Galiza asume as competencias da política de concentración na Lei 10/1985 que se completaría en 1988 cun Decreto para regular as concentracións privadas. Mais en esencia, como tamén apunta González Vázquez, a actuación e filosofía dos proxectos de concentración non

²⁴⁶ Análisis de la situación del sector agrario. Aspectos Estructurales e Insituacionales. Diciembre de 1962. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/13.111) AGA.

²⁴⁷ II Plan de Desarrollo 1967. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30. 61/13.127) AGA.

mudarían substancialmente na etapa democrática. Mais alá, iso si, de engadirlle os novos retos ambientais para o século XXI (Díaz Geada, 2013: 117-118).

As liñas de actuación do IRYDA dende os setenta non mudaron no fundamental ao longo dos anos oitenta e ata a súa disolución en 1996. Os obxectivos primordiais seguirían sendo o do fomento da concentración como remedio para constituír explotacións de estruturas e dimensións adecuadas para o aproveitamento máis eficiente dos factores produtivos como o tractor. A nivel discurso tampouco mudaron as cousas radicalmente, continuándose coas constantes referencias á escasa capitalización, baixos índices de capitais usados e rendementos das explotacións baixos. Isto, ademais, nun contexto marcado pola materialización dos cambios estruturais na agricultura. Nomeadamente, a redución do número de explotacións, o aumento do tamaño das parcelas manexadas, as migracións do rural ao urbano e os maiores investimentos en obra pública nas aldeas (Cabana Iglesia, 2011: 194).

Precisamente este derradeiro punto sería quizais a política máis destacada, ou polo menos, de maior impacto do IRYDA no rural ao longo dos anos setenta en diante. Concretamente, a través dos *Planes de Mejora Rural*, levaríanse a diante un conxunto de investimentos anuais que superan o fin da Ditadura e continúan en democracia da man e da colaboración das Deputacións provinciais. O obxectivo, sería a execución duns programas anuais de distintas obras civís. Por exemplo, para o Concello da Baña (A Coruña), os investimentos irían dirixidos á mellora, asfaltado e apertura de novas estradas públicas, así como a instalación do alumeado público nas aldeas, e toda unha serie de obras menores como a construción de *teleclubes*, cemiterios, campos de fútbol, parques ou traídas de auga²⁴⁸. Con isto, tratábase en suma de actuar con programas de mellora integrais dos espazos rurais. Un obxectivo que, como veremos no derradeiro capítulo, facilitaría a instalación dos cambios tecnolóxicos nas explotacións, tales como a chegada dos tractores, instalacións de centros de frío ou tamén a chegada mesma dos camións de recollida do leite.

²⁴⁸ Programas de subvencións para o Concello da Baña. Plan de Mejora Rural, IRYDA (3.1.3. nº117) Arquivo Municipal da Baña.

“¿No será este desequilibrio y la paralela frecuencia de averías, con sus acompañamientos de gastos y perturbaciones, responsables también del deprimido interés de los agricultores por los tractores y las máquinas de motocultivo que las acompañan?”

*Revista Agropecuaria.
Xaneiro 1965²⁴⁹.*

3.3. Sistema de innovación e moto-mecanización.

O segundo dos vectores implicados no cambio tecnolóxico era o sistema de innovación do Estado. Fundamental non tanto pola innovación tecnolóxica directa coa maquinaria, senón que pola súa función de innovación, investigación e adaptación dos demais factores produtivos que facilitan a moto-mecanización do traballo. Imos ver neste apartado do capítulo como o Estado confía cada vez máis no mercado as funcións de promoción final da maquinaria e dos tractores. Os organismos que imos analizar acompañan, mais que investigan e innovan no campo da moto-mecanización. A *Sección VII de Mecanización Agraria* dirixe dende a DGA os traballos do Ministerio de Agricultura e, dende o INIA e o SEA xérase coñecemento agronómico nun caso, e substitúense coñecementos noutro que permiten finalmente a adopción da maquinaria moto-mecanizada. Só no último caso do PPO, atopamos unha relación máis directa co proceso de cambio tecnolóxico, dado que os cursos que organizan terán un impacto maior nas decisións finais das comunidades labregas para a introdución de tractores en Galiza nos anos setenta.

²⁴⁹ “Agricultura. Desarrollo de la mecanización” en Revista Agropecuaria. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.142) AGA

3.3.1. Sección VII de Mecanización Agraria.

O 24 de maio de 1952 reorganízanse os servizos centrais da DGA²⁵⁰. Fano literalmente pola crecente actividade que as circunstancias actuais de rexurdimento e vitalidade do país impoñen aos organismos e servizos dependentes do Estado. Refírense claro está ao fin do illamento político e económico da Ditadura coa firma recente dos créditos norteamericanos do *Eximbank*. Coa creación da *Sección VII de Mecanización Agraria* da DGA, o Estado destina a esa sección as competencias de coordinación e dirección dos traballos de investigación relativos á mecanización agraria do *Ministerio de Agricultura*. Con tal fin, levan adiante un traballo de elaboración de informes relativos á evolución da mecanización agraria, tipos e ensaios de máquinas en centros de investigación internacional, evolución de prezos, feiras, concursos e mercados, así como censos e demais cuestións que servisen ao goberno para un mellor coñecemento das posibilidades e dos procesos de moto-mecanización das agriculturas do conxunto do Estado. Servíanse fundamentalmente do traballo do persoal propio da *Sección VII* e da información obtida nos centros adscritos nos que realizaban o traballo de investigación²⁵¹. Xunto a iso, os enxeñeiros membros viaxaban e obtiñan coñecemento dos procesos de moto-mecanización a través das frecuentes viaxes que realizaban ás feiras internacionais de maquinaria agrícola, así como aos cursos e congresos de maquinaria organizados por distintos organismos internacionais como a OCDE.

Con toda esa información reunida, a *Sección VII* actúa na práctica como un órgano consultivo para as demais institucións implicadas no cambio tecnolóxico, así como para empresas de produción e distribución de maquinaria agrícola. Mantiñan comunicación e compartían información tanto con empresas de maquinaria, como coas *Jefaturas Agronómicas Provinciales*, *Hermandades*, e distintos órganos de innovación agraria do Estado como o INIA ou o SEA. A súa importancia no proceso de moto-mecanización devíña do seu carácter coordinar e consultivo para os demais órganos. A través deles, sabemos da confusión e falta de coordinación que existía nas funcións de promoción do cambio tecnolóxico por parte do Estado. Baixo o punto de vista da Sección VII, interviñan nesa

²⁵⁰ Orden de 24 de mayo de 1952. (BOE N° 155). Na mesma Orden nomease tamén a Luís Escrivá de Romani y Roca de Togares como Jefe de Sección VII de Mecanización Agrícola da DGA (BOE N° 154).

²⁵¹ Centros adscritos á Sección VII de Mecanización Agraria en 1965 en Madrid, Zaragoza, Barcelona, Ciudad Real e Valladolid. O centro de Madrid era o que concentraba a maioría dos gastos da Sección. Fonte: Presupuestos y Personal de la VII Sección de la DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.4, 61/7727) AGA.

función demasiadas órganos e institucións, xa que alén da propia *Sección VII*, organizaban cursos, charlas e formación para manexo dos tractores un sen fin de organismos.

“Se dan en España numerosos cursillos de tractoristas, por la Organización Sindical, por el Programa Nacional de Promoción Profesional Obrera del Ministerio de Trabajo y, según creemos, hasta por el Ejército (...) creemos que la sección debe controlar de alguna forma estos cursillos, para que su orientación y desarrollo sean los más adecuados a los fines de formación verdaderamente agrícola de dichos tractoristas, cosa que dudamos se consiga actualmente en muchos casos”²⁵².

Con certeza, organizábanse cursos por un elevado número de organismos. Facíao a propia DGA, así como a *Dirección General de Coordinación, Crédito y Capacitación* (DGCCC), xunto coa súa sucesora a *Dirección General de Capacitación Agraria* (DGCA). Mais tamén organizaban cursos o INIA, o SEA, o *Frente de Juventudes*²⁵³, a *Organización Sindical* e o *Ministerio de Trabajo* a través de ata tres programas distintos. Os da *Promoción Profesional Obrera* (PPO), os *Programas Profesionales de Trabajadores* (PPT) e incluso os da *Promoción Profesional en el Ejército* (PPE).

3.3.2. Instituto Nacional de Investigaciones Agrarias.

No primeiro capítulo da tese, xa vimos as dificultades económicas polas que pasou o INIA nos seus primeiros vinte anos de existencia. Só coa mellora das condicións económicas da Ditadura a fins dos anos cincuenta, o INIA pode aumentar de forma significativa os seus investimentos. Mais para cando o fai, non dedica moitas partidas económicas destinadas a cuestións relativas á moto-mecanización das explotacións. Por exemplo, nos *Planes de Inversión 1959-1963*, non se atopan investimentos claros e continuados para a adquisición de maquinaria e tractores para os seus centros adscritos. A situación ademais debía ser

²⁵² Informe sobre el Estado de la Sección 7 de Mecanización Agrícola. DGA. Ministerio de Agricultura. (11. 1.15 61/9690) AGA.

²⁵³ Celebran cursos de formación como os do ano 1957. Por exemplo en Quinto de Ebro e Zaragoza para un total de 22 estudantes, co obxectivo de formalos para mecánicos agrícolas na Escuela de Capataces das respectivas localidades. Terían bolsas de apoio de 5,000pts por parte da DGCCC. En Madrid, na casa de Campo tamén se outorgan 30 bolsas de 2,000pts para un curso de mecánicos agrícolas. En Galiza, os cursos estarían dirixidos á participación na Semana Avícola Popular de Guitiriz (Lugo), así como outro de capacitación forestal no centro de Lourizán (Pontevedra). Outros cursos que se organizan son: en Badajoz unha viaxe de estudos ás zonas de colonización; en Madrid un curso sobre plagas del campo e en Albacete un curso de agricultura xeral na Granja Escuela. Esta información obtívose nunha caixa titulada: Cursos SEA 1955, aínda que na realidade non contiña ningún curso do SEA, senón que cursos da DGCCC de 1957 e 1958. Fonte: Curso SEA 1955. Ministerio de Agricultura (11. 1.21, 61/11,818) AGA.

especialmente crítica nos centros nos que os investimentos se consideraban de máxima urxencia. Estes eran os de Canarias e Galiza.

Táboa 47. INIA. Plan de Inversións en millóns de pesetas para 1961.		
Centro	1961	Avance 1962
El Encín – Terminación de bodega	1,800,000	-
El Encín – Adaptación edificio planta industrias lácteas	300,000	-
Córdoba – Terminación de obras	2,000,000	-
Córdoba – Modernización laboratorios	1,500,000	-
Sueca – Novo edificio para oficina e laboratorios	3,145,402	-
Galicia – Novo centro	8,650,000	8,650,000
Galicia – Modernización e compra de maquinaria para centro	1,000,000	-
Canarias – Novo centro	9,723,800	9,723,800
Canarias - Modernización e compra de maquinaria para centro	1,000,000	-
Vitoria – Instalación de refrixeración en invernadoiro	300,000	-
La Moncloa – Ampliación de transformadores	200,000	-
R. Variedades – Para campos de froiteiras.	1,000,000	-
Jerez – Consolidación de edificio	1,400,000	-
Jerez – Reforma edificio Laboratorio y oficinas	500,000	-
Valencia – Nova esterqueira para Estación Horticultura	100,000	-
Grado – Instalación e mobiliario Oficinas e Laboratorios	275,000	-
Jane – Reformas, novas edificacións, mellora instalacións	9,376,400	-
Total	42,270,602	18,373,800

Fonte: Plan Nacional de Inversiones. AGA²⁵⁴.

As funcións do INIA eran similares ás da *Sección VII* no referido á motomecanización. Funciona como órgano consultor enviando tamén enxeñeiros aos principais centros, congresos, foros e exposicións de maquinaria agrícola en Europa nos anos sesenta. Viaxes coma as do enxeñeiro Santiago Cibrián Rodríguez en representación da *Estación de Mecánica Agrícola* do INIA quen, á sazón, informaba ao presidente do INIA, Miguel Echegaray, sobre a maquinaria agrícola exposta e as tendencias futuras da motomecanización do *Salón Internacional de Maquinaria Agrícola* de París de 1962²⁵⁵. O INIA

²⁵⁴ Plan Nacional de Inversiones realizadas entre 1959-1961. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,132) AGA.

²⁵⁵ Santiago Cibrián destacaba no informe: “El salón presenta aspecto similar a otros años, así como animación en visitantes. Hechos mas significativos 1) Aumento considerable de tractores alemanes. 2) Aumento marcas y tipos pequenos de tractores y motocultores. 3) Auge de las ruedas neumáticas, 4) Desaparición completa de trilladoras tradicionales, 5) Mayor numero de silos metálicos con diversidad de fórmulas de vaciado automático. 6) Las firmas de Estados Unidos presentan maquinaria de tractores y demás de fabricación europea bajo licencia. Es de destacar que los días del salón están bien escogidos ya que coincide con días de descanso para muchos agricultores europeos”. Fonte: Informes diversos INIA. Ministerio de Agricultura (11. 1.13, 61/6,313) AGA.

mantén tamén algúns centros de demostración locais como os de Vedra (A Coruña), no que á altura do 30 de novembro de 1966 dispuña do seguinte presuposto.

Táboa 48. Presupostos do Campo de Demostración Agrícola de Vedra. 30 de novembro de 1966.	
Concepto	Gasto (miles de pesetas)
Abonos e fertilizantes	4,000
Sementes e plantas	1,500
Arrendamento de tractores	1,000
Reparación de maquinaria	1,500
Insecticidas e anticriptogámicos	2,000
Toxos para cama de gando	2,000
Penso complementario	5,000
Veterinario e medicamentos	2,000
Luz, correspondencia, impresos e publicacións	1,000
Primeiro, sub-total	20,000
Soldo encargado do campo (84pts/día x 365 días)	30,660
Paga extra 18 de xullo e nadal	2,520
162 xornais de obreiros eventuais	16,200
Segundo, sub-total	49,380
Total absoluto	69,380

Fonte: Campos de Demostración. AGA²⁵⁶.

Mais cumpre lembrar que aínda á altura do 12 de abril de 1957 o INIA concluía que a mellor forma de mellorar os centros dependentes que se consideraban máis importantes, pasaba por suprimir outros pola falta de persoal ou carencias nas infraestruturas. Suprimíanse entón ante a imposibilidade de obter novas consignas ata 10 campos de demostración dependentes do INIA²⁵⁷. Esta política de clausura ía na liña de confiar no mercado as labores de innovación tecnolóxica, así como as de formación para o manexo de tractores²⁵⁸. Nese contexto, as labores do INIA céntranse na investigación puramente agronómica.

²⁵⁶ Campos de demostración y experimentación. Ministerio de Agricultura (11. 1,14 61/7986) AGA.

²⁵⁷ Campos de demostración y experimentación. Ministerio de Agricultura (11. 1,14 61/7986) AGA.

²⁵⁸ Anecdótico, mais representativo dos intereses da Ditadura son os sobre-custos e incumprimentos do financiamento previsto no programa de investimentos públicos do I Plan de Desarrollo. O nivel de cumprimento dos investimentos en formación profesional agraria era de tan só o 15,7% do previsto. En capacitación agraria do 46,2% do previsto. Pola contra, o INIA si percibía a maioría dos fondos nun 97% dos investimentos previstos. Resultaba revelador, polo demais, que os únicos sobre-custos recollidos foran nas obras dos servizos centrais do Ministerio de Agricultura nun 169,7% e, sobre todo, nas subvencións a obras de colonización para as zonas de sequeiro que se elevan ata un 360,4% do previsto. Para termos unha referencia media, as porcentaxes de cumprimento do conxunto do Ministerio de Agricultura foron do 86,4% do total previsto. Fonte: Situación do Programa de Inversións Públicas agrarias ao final de 1966. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,130) AGA. Tódolos datos dos investimentos agrarios en 1966 pódense ver en anexos na táboa II.

Nas reformas orgánicas do Estado de 1971, o INIA recibe ademais un préstamo de 12,7 millóns de dólares para a súa reforma total por parte do BM²⁵⁹. Proxéctanse un total de seis centros nacionais de investigación agronómica. Entre eles, o *Centro Nacional de Investigación de Pastos, Forrajes y Producción Ganadera para la España Húmeda del Norte y Noroeste* con sede en Mabegondo, A Coruña. Entre os obxectivos do INIA nos setenta figuraba o financiamento da investigación agronómica que debían acompañar e facilitar a incorporación e adaptación de tecnoloxías para a produción agraria e gandeira²⁶⁰. Desta forma, reservábanse para o INIA a función da investigación agraria dentro do *Programa de Investigación, Desarrollo Tecnológico y Extensión Agraria* recollido no *III Plan de Desarrollo*²⁶¹. O obxectivo do mesmo era:

*“Para adiestrar a jóvenes que se incorporen a la gestión de empresa agrícola, debido al envejecimiento de la clase rectora del sector agrario y la constante expulsión de jóvenes a la emigración o la migración urbana. Agilizar relevo generacional”*²⁶².

Con tal obxectivo desenvólvese o traballo de investigación agronómica en Mabegondo dende 1975 cara a década dos oitenta. De novo, investigación nos factores produtivos claves como os pastos e forraxes necesarios para a produción gandeira en

²⁵⁹ O informe que avalaba o crédito viña acompañado dun informe elaborado por orde do Departamento de Proxectos Agronómicos do BIRF. Firmábase o 29 de abril de 1971 co título de Proyecto de Investigación Agronómica en España. Entre os autores, unha comisión de expertos internacionais: Dr. CO McMeekan, Prof. K. Crowder, Prof. R. Evenso, Dr. S. Fraiberg, Prof. R. Hagan e Dr. Johnson (consultores). Entre as conclusións: 1) España tiña introducido con lentitude a tecnoloxía moderna para a produción agrícola e gandeira, e iso, representaba un serio obstáculo ao seu desenvolvemento. 2) A investigación agronómica presentaba unha patente necesidade de re-organización. Obxectivos desta non enfocados, poucos investigadores de talento, dispersos e con demasiadas responsabilidades. 3) A agricultura española experimentaba efectos negativos do seu illamento do resto do mundo. Preservábanse por iso formas de produción agrarias primitivas e pouco eficientes. 4) Investigadores do CSIC eran contrarios a colaborar co Ministerio de Agricultura, así como a desenvolver aspectos prácticos da súa investigación na agricultura. 5) Sobre o SEA. Ente demasiado autónomo, con oficinas rexionais e locais con demasiada liberdade. Fonte: Banco Mundial, SEA e IRYDA 1970-71. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,171) AGA.

²⁶⁰ O informe de 1971 sigue incidindo no mesmos problemas que se sinalaban no informe do BM de 1967. As agriculturas no Estado viñan experimentando un freo da modernización pola falta de información tecnolóxica. Gastos insuficientes en investigación e esforzos fragmentados e des-coordinados. A agricultura española tiña un crecemento do 3,5% ao longo dos anos sesenta. Un índice baixo en comparación ao crecemento ao 7,5% da media xeral da economía española. En consecuencia produciase un aumento das importacións e un déficit do comercio agrícola en 300 millóns de \$. Fonte: Banco Mundial, SEA e IRYDA 1970-71. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,171). AGA.

²⁶¹ Nese programa dividíase as funcións en tres órganos: INIA para mellora agraria, IFIE para mellora forestal e PBA para mellora gandeira. Fonte: Informes de política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,062) AGA.

²⁶² Informes de política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,062) AGA.

Galiza²⁶³. Os obxectivos de fondo seguían sendo apoiar as explotacións que decidisen manterse na especialización produtiva, a través da xeración de coñecementos posteriormente transmitidos nos cursos de formación das *Escuelas de Capacitación Agrícola*, ou ben a través do SEA ou do PPO etc.

3.3.3. Servicio de Extensión Agraria.

O *Servicio de Extensión Agraria* (SEA) representa sen dúbida o paradigma das transferencias norteamericanas para a modernización das agriculturas no Estado. Creado en 1955, en Galiza abren a súa primeira axencia en 1956, non casualmente na capital da comarca de Barcala, Negreira, dende onde se dirixía o proxecto piloto da concentración parcelaria das freguesía de San Xoán de Barcala e Santa María de Cobas, nos concellos da Baña e Negreira. Efectivamente, en palabras de Gómez Benito, o SEA viña a tutelar as zonas piloto de concentración parcelaria en Galiza²⁶⁴. Entre os obxectivos, todo tipo de axuda técnica, legal, difusión de técnicas, asesoramento de prácticas de traballo, organización de conferencias e charlas, así como demostracións etc. Mantiñan vivo o espírito innovador, así como asesoraban tamén ás *Hermandades* locais ou ás Cámaras Agrarias (Gómez Benito, 1995: 210). A relación do SEA con respecto aos procesos de moto-mecanización percibímolo entón claramente ligado ás tarefas promoción dos cambios técnicos necesarios para a consecución do que se coñecía como a modernización da agricultura.

Pensamos que é importante destacar o perfil ideolóxico do SEA a través das disputas que mantiña polo control das competencias que anteriormente aspiraba *Falange* a dirixir no campo (Freire e Lanero, 2013: 196). Tratábase dunha clara disputa pola hexemonía dos cambios sociais, culturais e económicos das comunidades labregas en Galiza mais no resto do Estado. As actividades que desenvolvían estaban caracterizadas pola particular metodoloxía chegada ás comunidades labregas. O traballo ía dende á axuda técnica, ata a material, legal e

²⁶³ Parte dese traballo que desenvolve en Mabegondo pódese consultar hoxe en día na colección fotográfica dos vellos sistemas tradicionais agrícolas en Galiza entre 1978 e 1986. Estes enxeñeiros son Jaume Lloveras Vilamanyà, quen foi bolseiro de doutoramento e investigador no centro de Mabegondo entre 1975 e 1986, xunto con Juan Piñeiro Andián, tamén investigador en Mabegondo durante eses anos. Ambos autores da colección fotográfica sobre a agricultura tradicional galega entre 1978-1986 (Lloveras Vilamanyà e Piñeiro Andián, 2014).

²⁶⁴ Facían axentes mozos, mais ben formados e con experiencia. Eran segundo Gómez Benito máis animadores que técnicos. Formados todos eles en cursos en Madrid, coa presenza de asesores norteamericanos como Anacleto G. Apodaca, ou tamén Kelvin K. Honoss (Gómez Benito, 1995: 211,212).

incluso moral. De feito, para Gómez Benito o SEA tamén era unha institución cun claro fondo ideolóxico, psicolóxico, sociolóxico e antropolóxico de por medio. Unha institución, segundo Gómez Benito, cunha vocación misioneira dedicada á substitución duns coñecementos por outros (Gómez Benito, 1995: 191-192).

Porén, a actividade do SEA ao igual que o INIA no eido da moto-mecanización é mais indirecta que directa. Dende a súa creación e ao longo dos anos sesenta e setenta crean contidos audiovisuais de carácter divulgativo sobre as características da maquinaria agrícola, as posibilidades e novidades de compra a través de créditos oficiais etc. Edítanse varios vídeos en colaboración co *Departamento Cinematográfico del Ministerio de Agricultura* sobre os concursos nacionais de tractoristas, ou ben, outros como o coidado correcto dos motores de explosión; o arranque do tractor; engraxamento e aceites, refrixeración do motor, pneumáticos e coidados etc. Tamén os hai de concursos de maquinaria agrícola diversos, así como da súa utilidade na recolección de distintos cultivos²⁶⁵. Estes vídeos usaríanse logo a nivel local en proxeccións das axencias do SEA en colaboración con representantes de maquinaria agrícola etc. O seu papel verémolo de forma máis detallada no seguinte capítulo. Mais en forma de adianto, pódese dicir que o traballo consistía na asistencia, recomendación ou organización de viaxes a explotacións xa moto-mecanizadas. Non atopamos, pola contra, un número elevado de cursos para o manexo e práctica de traballo cos tractores. Por exemplo, no *Plan Nacional de Actividades* que organizaba o SEA en 1963, os cursos sobre maquinaria agrícola non eran os máis comúns. Aínda que se ben o SEA tiña certo marxe para organizar cursos por petición expresa das COSA, por exemplo. Mais polo xeral a súa relevancia era menor en comparación con outros cursos moito máis comúns como os destinados á alimentación e mellora gandeira, fruticultura, cultivos en xeral ou economía doméstica e mocidade²⁶⁶.

O SEA mantense logo nun segundo plano, dedicándose á edición por exemplo de follas de divulgación nas que se trataban os problemas da amortización da compra de

²⁶⁵ Varios destes vídeos atópanse no Archivo Central del Ministerio de Agricultura. Trátase dunha colección de vídeos dos anos sesenta e setenta. Algúns exemplos do SEA: “Concurso Nacional de Tractoristas, 1959”; “El arranque del Tractor, 1964”; “Engrase del tractor, 1964”; “Concurso de Maquinaria Agrícola. Recolección de Leguminosas, 1966”; “Feria Internacional de Maquinaria Agrícola de Zaragoza, 1967”; “Siembra del maíz con máquinas, 1967”; “Neumáticos agrícolas, 1976”; “¿Se cuidan bien los neumáticos?, 1977”. Outros vídeos pertencentes ao Departamento Cinematográfico del Ministerio de Agricultura en: “Nociones elementales sobre el motor de explosión, 1962”; “Como se cuida el motor de explosión, 1962”.

²⁶⁶ Plan Nacional de Actividades del SEA. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.112) AGA.

maquinaria. Calculábanse os custes indirectos como a amortización, xuros, aloxamento, seguros, así como outros custes directos como a conservación do tractor, lubricantes, combustibles, graxas etc.²⁶⁷ Dende a aparición do PPO en 1964 e, xa logo da reforma orgánica do Estado en 1971, os cursos de tractoristas quedarán cada vez máis en mans tanto do PPO, como do propio mercado coas seus propios programas de conducción, demostración e manexos da maquinaria. Mais non podemos esquecer a importancia das labores do SEA que seguirán sendo fundamentais no terreo do asesoramento legal-administrativo, reclamacións ante a administración, tramitación de créditos ou reclamación de servizos en forma de asfaltado de pistas (Geadá Díaz, 2013: 146-147).

3.3.4. Promoción Profesional Obrera.

A orixe do PPO devén dunha *Orden* do 8 de abril de 1964 no que se crea a *Promoción Profesional Obrera* (PPO) no seo do *Ministerio de Trabajo*. O obxectivo era atender a formación profesional de adultos nun contexto de fortes transformacións no mercado de traballo debido aos cambios económicos e sociais dos anos sesenta. Os cursos podían ser tanto para a formación profesional con destino a outros sectores, como tamén para a formación profesional na agricultura²⁶⁸. Debido ao éxito, o PPO queda encadrado nunha entidade superior denominada o *Plan Nacional de Promoción Profesional de Adultos* que, dende o *II Plan de Desarrollo* coordina os distintos programas que se organizan para a formación profesional (Bunes, 2000: 361). Amais do PPO, organízanse outras dúas liñas de programas de formación cos nomes de *Promoción Profesional Obrera en el Ejército* (PPE), xunto co *Programa Profesional de Trabajadores* (PPT)²⁶⁹ (Bunes, 2000: 362).

O interesante do PPO é que nos contidos que ensinaban intégranse ademais os programas e as accións formativas dos distintos órganos que xa viñan actuando nos distintos

²⁶⁷ Revista Día. Nº 41, 1 de maio de 1966. Fonte: BNE.

²⁶⁸ Nun vídeo do NO-DO do 1 de xaneiro de 1971 coñecemos a historia de Antonio España de 48 anos que, sendo carreteiro e coa mecanización, pasa a ser fontaneiro coa chegada dos cursos do PPO no seu pobo natal de Madridejos (Toledo) Fonte: Promoción Profesional Obrera. NO-DO. 1 de xaneiro de 1971. Filmoteca Española. Data da consulta (23/09/2019) <http://www.rtve.es/alacarta/videos/documentales-color/promocion-profesional-obrera/2905277/>

²⁶⁹ Sobre o PPT, sabemos que para os anos setenta organiza cursos de especialidade agraria en Galiza. Por exemplo, en 1973 habilitan 818 bolsas para participar dos cursos en Coruña. Para Lugo dan 1,185 bolsas de 983,73 pesetas cada unha. En Pontevedra son 620 bolsas con 638,58 pesetas e para Ourense, un total de 925 bolsas con 710,75 pesetas cada unha. Os suxeitos participantes adoitan figurar como “agricultores” en situación laboral de “subempleo”. Fonte: Curso Patronato de Igualdad de Oportunidades 1971-1972. Ministerio de Agricultura (11. 1.21, 61/11,760) AGA.

eidos do traballo. No caso do traballo agrícola, sabemos que se lle brinda a colaboración do SEA, así como das *Escuelas de Capacitación Agraria* dependentes primeiro da vella *Dirección General de Coordinación, Crédito y Capacitación* (DGCCC) e, xa logo de 1962, da recién creada *Dirección General de Capacitación Agraria* (DGCA) (Bunes, 2000: 362). Cómprese entón cos cursos do PPO unha certa coordinación dos programas de formación e manexo de tractores e maquinaria agrícola, cuestión lembremos demandada á *Sección VII de Mecanización Agrícola*. A importancia destes cursos na década dos setenta e oitenta verémola tamén máis polo concreto no seguinte capítulo, mais adiantamos de novo que con relativo éxito e participación. Os cursos do PPO serían financiados polo *Fondo Nacional de Protección del Trabajo*, e impartidos por monitores que se desprazarían por todo o territorio. O material, maquinaria e tractores usados sería propiedade das *Gerencias Provinciales* do PPO, como órganos coordinadores provinciais da *Gerencia* central en Madrid²⁷⁰.

A nivel orgánico, o PPO transfórmase varias veces ao longo da década dos setenta. En 1973 pasa ao *Servicio de Acción Formativa* que está integrado á súa vez na *Seguridad Social* prevista pola *Ley 193/1963* do 28 de decembro. En 1975 volve a mudar a nomenclatura para *Servicio de Empleo y Acción Formativa* (SEAF-PPO). Por último é, xa en democracia, os cursos do PPO quedarían integrados finalmente no *Instituto Nacional de Empleo* (INEM) creado mediante *Real Decreto-Ley 36/1978* do 16 de novembro²⁷¹.

²⁷⁰ Promoción Profesional Obrera. NO-DO. 1 de xaneiro de 1971. Filmoteca Española. Data da consulta (23/09/2019) <http://www.rtve.es/alacarta/videos/documentales-color/promocion-profesional-obrera/2905277/>

²⁷¹ “Programa de Promoción Profesional Obrera (1964-1978). Historia Institucional”. Informe elaborado polo Archivo Central. Subsecretaría. Secretaría General Técnica. Subdirección General de Informes Socioeconómicos y Documentación. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Data da consulta (23/09/2019) http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_bep/ArchivoCentral/contenidos/Historia_Institucional_PPO_web.pdf

“Se tiene la impresión ampliamente extendida que las facilidades y mecanismos crediticios existentes han resultado inadecuados para satisfacer con la suficiente flexibilidad y en la magnitud y condiciones requeridas (...) Este trabajo intenta determinar las líneas a largo plazo para encontrar una solución al presente problema del crédito agrícola de España”.

*Informes de política económica.
Maio de 1963²⁷².*

3.4. Políticas de financiamento para a moto-mecanización.

O terceiro dos vectores de actuación política do Estado foi sen dúbida o do financiamento do sector agrario e polo tanto, do cambio tecnolóxico e a moto-mecanización. Cuestión especialmente necesaria tanto polas características e prezos da tecnolóxica a introducir, como pola perda de capacidade de financiamento do sector agrario como subministrador de recursos de financiamento (Tarrafeta, 1979: 255). Como vimos no primeiro capítulo, dende 1947 actuaba o *Servicio Nacional de Crédito Agrícola* (SNCA) como principal instrumento de financiamento da agricultura. A través del, outorgábanse créditos a agricultores a través de entidades colaboradoras (Caixas de Aforro, Caixas Rurais ou Banca Privada), aínda que de escasa importancia polo do momento; así como tamén a través de organismos estatais como os *Grupos Sindicales de Colonización* (GSC), ou ben as *Secciones de Crédito Agrícola* das *Hermandades*.

Agora, dende a *Ley de Ordenación Bancaria* do 14 de abril de 1962, o SNCA daría paso ao *Banco de Crédito Agrícola* (BCA), que pasaría a ser o principal instrumento de concesión de créditos á agricultura ata a súa desaparición en 1991. Ao igual que o SNCA, os créditos do BCA outorgaríanse de forma directa, mais tamén a través de entidades de

²⁷² Informes de política económica. Ministerio de Agricultura, SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,060) AGA.

colaboración que tiñan xa unha importante presenza no rural, así como tamén a través dos organismos oficiais do Estado como a DGA, o SNCP-OR, as *Hermandades* ou os *GSC*.

En calquera caso, neste apartado o noso obxectivo será analizar como se desenvolveu a política de financiamento do BCA para á moto-mecanización da agricultura, prestando unha especial atención aos pequenos e medianos propietarios en Galiza.

3.4.1. Creación do Banco de Crédito Agrícola.

Por *Decreto-Ley* do 20 de xullo de 1962 establecíase oficialmente o BCA. Entre os seus obxectivos estaría o de continuar coa adquisición de maquinaria por parte de particulares e colectivos que tivesen unha actividade de produción agrícola, así como doutra serie de axudas para promover a mellora estrutural das explotacións, segundo o disposto na O.M do 25 de xuño de 1963.

Segundo o propio BCA, entre 1962 e 1971 financiáronse cos seus fondos a compra de 80,500 tractores de rodas, e duns 4,300 tractores eiruga. É dicir, un 45% dos tractores adquiridos durante todo o período (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 35). Tendo en conta o ritmo relativamente baixo da introdución de tractores en Galiza comparado co resto das rexións do Estado, habería que relativizar á baixa o impacto real destes créditos nas compras de tractores durante eses anos. Mais o certo é que o BCA aumenta de forma progresiva a súa actividade, sobre todo, tendo en conta a expansión gradual da rede estatal de Caixas Rurais, Caixas de Aforro e a Banca Privada durante este período. Ademais, os créditos que se concedían facían cunha retórica clara que fomentaba o cooperativismo que, no futuro, debían constituír os centros de educación agronómica, comercial, financeira e de organización no rural. Para Galiza, a materialización destas aspiracións quizais as representasen mellor que ningunha outra experiencia as cooperativas de FEIRACO e COREN respectivamente²⁷³.

A política de financiamento do Estado dirixida a través do BCA actúa de forma precisa a través dos *Planes de Desarrollo*, polo que se lle proporciona numerosos informes de análise económica e sociolóxica sobre as comunidades labregas. Por iso, o BCA era

²⁷³ O caso de FEIRACO parte da unión de varias Cooperativas de Consumo de sementes e forraxeiras do Val de Barcala (Concellos da Baña e Negreira). Dan como resultado a creación da Cooperativa Forraxeira de Negreira (FEIRACO) en 1969. Pola súa banda, COREN é resultado do desenvolvemento da UTECO provincial de Ourense dende 1964 (Lanero, 2011: 497,499).

consciente das dificultades de harmonizar os instrumentos de financiamento ás posibilidades dos máis pequenos propietarios. Así, cando a explotación era pequena e a renda obtida apenas cubría o nivel de subsistencia, o crédito facíase nesas circunstancias imposible. O capital circulante era só o gasto de consumo do propietario e a súa familia e, neste contexto, os fondos de financiamento para o longo prazo eran imposibles de obter. Ademais, non só porque o labrego descoñecera os medios para obtelos, senón porque tamén eran absolutamente contrarios a usar a terra, que constituía a súa base de vida, como garantía na operación²⁷⁴.

A maneira de contrarrestar esta situación por parte do BCA foi a través da creación de ata tres tipos de créditos distintos. Por unha parte, os créditos de curto prazo para cubrir o ciclo produtivo ou de demanda de capital circulante. Por outra, os de medio e longo prazo para créditos destinados a aumentar a produción, xa ben mediante a moto-mecanización dos procesos de traballo, xa ben mediante investimentos en instalacións, sistemas de irrigación, saneamento ou rozado do monte baixo²⁷⁵. Os créditos de curto prazo eran de contías igualmente máis reducidas. Destinadas a particulares ou Cooperativas. Neste caso o BCA adoitaba delegar a concesión e supervisión dos créditos ás entidades colaboradoras, das que se supuña un mellor coñecemento das realidades locais (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 34,37). Mais os créditos que ían dirixidos ás *Secciones de Crédito* das *Hermandades*, ou ben aos *GSC*, o BCA prefería reservarse a concesión das axudas de forma directa.

Mais na realidade, o impacto destes créditos ao longo dos anos sesenta seguía sendo moi limitado. E o Estado era consciente, ao igual que o BCA, da dificultade de acelerar o ritmo introdutorio de tractores e maquinaria nas agriculturas de traballo familiar. De feito, as previsións para a incorporación de maquinaria estaban aínda entre 1964 e 1967 por debaixo das expectativas.

“La evolución del parque de tractores durante el I Plan de Desarrollo ha sido desfavorable, mostrándose por debajo de las previsiones (...). Se acusa déficit de tractor nacional de ruedas. Sin duda, las malas cosechas de 1964-1965 han repercutido en la adquisición de tractores. Los

²⁷⁴ Informes de política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,060) AGA

²⁷⁵ En orde de importancia, as institucións que máis diñeiro aportaban en concepto de crédito agrícola eran os Bancos Comerciais, seguidos das Caixas de Aforro, Bancos Hipotecarios, o INC, o SNCA, as Caixas Rurais e por último o SNT. O propio informe alertaba ademais da pobreza das estatísticas dispoñibles. Fonte: Informes de política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,060) AGA.

créditos oficiales para tractores nacionales no han cumplido su objetivo de equipararse con los importados”²⁷⁶.

E iso que os créditos que ofertaba o BCA nos anos sesenta eran moi favorables aos agricultores debido aos baixos tipos de xuro. Ademais, como veremos, a través duns xuros máis baixos fomentábase aínda que con pouco éxito a adquisición de créditos en colectivo e non de forma individual. Na seguinte táboa podemos ver a desagregación dos créditos concedidos polo BCA en 1964, así como a estimación para 1965. Tamén podemos ver os tipos de xuro segundo a modalidade do préstamos.

Táboa 48. Modalidade de préstamos concedidos polo BCA en millóns de pesetas. Para 1964 e a súa estimación en 1965.

Modalidade	xuros %	1964	1965 (estimación)
Secciones de Crédito e <i>Hermandades</i>	2,75	820,7	843
Entidades Agrícolas (Cooperativas, GSC, Caixas Rurais, Cámaras etc)	2,75	1,355.5	1,690.8
Individuais para adquisición de maquinaria e ganado	3,75	33,3	3,6
Individuais con garantía hipotecaria	3,75	2,5	-
Caixas Rurais	2,75 ao 4	-	544,1
Individuos a través de Entidades Colaboradoras	2,75 ao 4	3,658.8	4,215.2
Empresarios agrícolas (sexan persoas físicas o xurídicas)	3,74 ao 5,875	1,424.1	1,718
Outra clase de operacións crediticias encomendadas	2,75	1,123.2	3,480.1
Total	-	8,418.1	12,494.8

Fonte: II Plan de Desarrollo Económico y Social. AGA²⁷⁷.

Dende 1965 o BCA tamén outorgaba créditos a través do SNCP-OR. Neste caso, aproveitábanse as zonas de intervención par fomentar o uso de créditos para a moto-mecanización da agricultura. Porén, o seu peso ademais era relativamente baixo. Por poñer un exemplo vemos na seguinte táboa as contías concedidas polo SNCP-OR en 1965 e 1966.

²⁷⁶ A partir de Informes do I Plan de Desarrollo. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.127) AGA.

²⁷⁷ II Plan de Desarrollo Económico y Social. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,130) AGA.

Táboa 49. Contías concedidas polo SNCP-OR en millóns de pesetas entre 1965-1966.		
Concepto	1965	1966
Compra de terras	20	100
Compra de gando	1,300	6,300
Instalacións e melloras	1,600	9,600
Compra de maquinaria	8,200	30,600
Total	11,120	46,600

Fonte: I Plan de Desarrollo Económico y Social. AGA²⁷⁸.

Da táboa anterior, se desagregamos o concepto de compra de maquinaria obteríamos as seguintes inversións.

Táboa 50. Desagregación do concepto “Compra de Maquinaria”. Contías concedidas polo SNCP-OR en millóns de pesetas entre 1965-1966.		
Concepto	1965	1966
Tractores	3,200	14,300
Colleitoras	2,200	7,200
Equipo de rego	700	2,500
Outra maquinaria	2,100	6,600
Total Compra de maquinaria	8,200	30,600

Fonte: I Plan de Desarrollo Económico y Social. AGA²⁷⁹.

O propio informe coas contías económicas das subvencións do SNCP-OR proporcionaba tamén o número de tractores aos que equivalían os investimentos realizados. É dicir, uns 80 tractores financiados en 1965, e uns 361 tractores en 1966²⁸⁰. Números que seguían resultando baixos, sobre todo, si os comparamos co trato moi favorable que recibía por exemplo os créditos que concedía o SNT entre 1961 a 1965.

Táboa 51. Distribución das subvencións por organismos e conceptos en millóns de pesetas entre 1961 e 1965					
Organismo	1961	1962	1963	1964	1965
INC	29,30	36,10	72,50	31,81	30,60
SNCP-OR	-	-	-	-	11,10
DGG	38	70,70	406,10	312,90	642,50
DGMCPF ²⁸¹	32,40	51,40	57,20	19,80	442,30
DGM	32,40	51,40	57,20	19,80	442,30

²⁷⁸ Resumen de los resultados del I Plan de Desarrollo Económico y Social. 1964-1967. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,132) AGA.

²⁷⁹ Resumen de los resultados del I Plan de Desarrollo Económico y Social. 1964-1967. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,132) AGA.

²⁸⁰ Resumen de los resultados del I Plan de Desarrollo Económico y Social. 1964-1967. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,132) AGA.

²⁸¹ Dirección General de Montes, Caza y Pesca Fluvial.

DGA	32,10	124,70	125,50	224,20	328,30
SNT	601,20	1,033,10	1,293,80	2.787,40	2.818,50
DGEA ²⁸²	-	-	-	-	96,60
Total Ministerio de Agricultura	733	1.316,10	1.955,10	3.376,11	4.369,90

Fonte: Banco Mundial, SEA e IRYDA. AGA²⁸³.

Dende a aprobación do *II Plan de Desarrollo* o BCA seguía incrementado as cantidades de créditos concedidas de forma directa, ou indirectamente con tipos de xuros moi por debaixo dos prezos de mercado. O Estado, embarcábase ademais na creación de *Programa de Fomento de la Mecanización Agraria* co que se buscaba o desenvolvemento daquelas labores agronómicas cuxa conveniente execución mecánica se considerábase de interese, sempre ademais dentro dunha mecanización racional. A moto-mecanización pasaba a declararse como liña prioritaria de axudas, conxunto ás accións concertadas para a produción de carne de vacún²⁸⁴. Si ben, habería que ter en conta que a maioría da maquinaria subvencionadas nestes programas non tería que ver tanto con tractores e apeiros básicos para unha explotación de tipo medio en Galiza, senón con outra maquinaria denominada de alto rendemento²⁸⁵. Subvencións deste tipo aprobábanse para o bienio de 1968 e 1969, con axudas que dependo da máquina podían oscilar entre o 20%, 25% ou un 30% do prezo total²⁸⁶. Ademais, tratándose de maquinaria de alto rendemento, abríase a posibilidade da compra da mesma en común, polo que se posibilitaba a creación futura de empresas de servizos. O mesmo programa de subvencións sería continuado para os anos sesenta, como veremos²⁸⁷.

En calquera caso, o aumento das axudas do BCA para maquinaria en xeral percíbese claramente na seguinte táboa, na que se pode ver a distribución de créditos concedidos polo Banco en 1968. Cifras, por certo, que se repetían de forma similar para 1970²⁸⁸.

²⁸² Dirección General de Economía Agraria.

²⁸³ Banco Mundial, SEA e IRYDA. 1970-1971. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,171) AGA.

²⁸⁴ Informes SGT sobre asuntos a tratar en las comisiones ejecutivas del BCA en 1971. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,049) AGA.

²⁸⁵ Máquinas especiais de traballos de preparación de solo agrícola, insectores de abono líquidos, esterilizadores do solo, sementadoras de patacas, arroz, millo, algodón etc., acondicionadores de forraxe ou máquinas de recolección de millo. Fonte: 5 de agosto de 1968 (BOE nº 187).

²⁸⁶ Orden do 27 de xullo de 1968 pola que se ditaban normas para a concesión de subvencións para o fomento da mecanización agraria, en base aos fondos da Ley 5/1968 do 5 de abril. Fonte: (BOE nº 187).

²⁸⁷ Outra Orden do 23 de abril de 1970 pola que se ditaban de novo normas para a subvencións de maquinaria agrícola de alto rendemento en base aos fondos da Ley 1/1969 do 11 de febreiro. Fonte: (BOE. nº 108)

²⁸⁸ Para o 31 de decembro de 1970 volveríase a repetir a mecanización como a liña que recibiría unha maior cantidade de diñeiro en préstamos en relación ao total dos concedidos polo BCA. En concreto serían 3,610,313 millóns de pesetas dos 12,101,195 millóns totais. A segunda partida sería para as accións concertadas cunha

Táboa 52. Créditos concedidos polo BCA no exercicio económico de 1968.	
Concepto	Millóns de pesetas
De menor cantidade	
Maquinaria	2,391,867
Especiais da produción ou fomento	
Acción Concertada de Gando Vacún	1,213,390
INC	1,600,000
SNCP-OR	600,000
Servicio de Cultivo y Fermentación del Tabaco	2,000
Directos a medio prazo	
Entidades Agrícolas	1,543,515
Acción Concertada – Matadoiros	20,000
Empresas Agrarias	922,247
Industrias Agrarias ou prioritarias	609,156
Industrias en Polos de Desenvolvemento	197,630
Programa frigorífico nacional	41,250
Directos a curto prazo	
Rotativos de campaña	200,000
Damnificación por xeadas	498,887
Especiais	410,000
Total	12,370,329

Fonte: Política Económica. AGA²⁸⁹.

Nos mesmos anos a propia DGA concedía subvencións con fondos provenientes do BCA. As subvencións oscilaban entre o 10%, o 15%, 25% ou un máximo do 35% do prezo final. Deste tipo, entre 1968 e 1971 adxudicáranse unhas 21.064 subvencións aprobadas para o fomento da mecanización agrícola²⁹⁰, das cales, ademais, coñecemos o seu procedemento de solicitude a través das correspondente *Jefaturas Agronómicas Provinciales*. Neste caso, os titulares das explotacións debían sempre declarar a extensión da propiedade na que querían usar a máquina obxecto de axuda. Xunto coa declaración de propiedade, achegábase tamén a folla da distribuidora da maquinaria onde se indicaba o prezo final de compra. Finalmente, o informe era avalado ou non pola *Jefatura Agronómica Provincial* que acto seguido, enviaba

cantidade de 1,590,860 millóns de pesetas. Fonte: Banco del Crédito Agrícola. Actas reuniones. 1970-1971. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,048) AGA.

²⁸⁹ Política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,058) AGA.

²⁹⁰ A documentación á que nos referimos é un conxunto de carpetas relacionadas con expedientes de subvencións para a mecanización agrícola. Tanto o número de solicitudes por caixa, como o propio número de caixas dispoñibles no AGA proporcionánonos unha idea do elevado número de concesións longo destes anos. Un exemplo de subvención é a que recibe Cesareo Alonso Carrera, veciño de Villaverde Peñahonrada (Burgos), que recibe o 12 de novembro de 1968 un total de 12,533.12 pesetas para pagar unha máquina recollidora de patacas John Deere modelo AL-100 e cun prezo estimado de 41,794 pesetas. Fonte: Subvenciones para la Mecanización Agrícola. Ministerio de Agricultura (11. 1.4, 61/01858) AGA.

á DGA para obter finalmente unha resolución²⁹¹. Mais de novo, e á luz dos datos obtidos do propio *Ministerio de Agricultura*, estas subvencións seguían sen cubrir a demanda total existente de créditos, xa que entre 1969 e 1971 só se tiñan aprobado un terzo do total das solicitudes de auxilio económico²⁹².

Por outra parte, a fins dos sesenta a política de xuros do BCA comezaba a ser obxecto de debate no seo da SGT. A proposta de elevación dos tipos de xuros nos créditos agrarios, a pesar de que os programas de axuda eran insuficientes, entendíase necesarios para controlar uns investimentos que se crían descontrolados. A velocidade dos cambios tecnolóxicos necesitaba dun control dos efectos perniciosos dunha elevada demanda de créditos. Con isto, buscábase un desenvolvemento máis harmónico e equilibrado do proceso. Porén, na SGT tamén eran conscientes de que o sector agrario era o que mais investimentos precisaba. Ademais, urxía o aumento da produtividade na agricultura tendo en conta o espectacular movemento migratorio do rural ao urbano, polo que non parecía moi aconsellable nese momento elevar os tipos de xuro²⁹³.

Sexa como for, o certo é que os xuros non fixeron máis que aumentar dende entón. Aínda que como afirma Tarrafeta, mantivéronse sempre por debaixo dos prezos do diñeiro no mercado (1979: 323). Concretamente, e segundo o acordado no *Consejo de Ministros* do 21 de xullo de 1969, o *Ministerio de Hacienda* comunicaba ao *Instituto de Crédito* que os créditos para maquinaria quedarían da seguinte maneira.

Táboa 53. Suba dos xuros por orde do Consejo de Ministros do 21 de xullo de 1969.	
Modalidade	xuros
Compra de maquinaria a través de Caixas de Aforro.	4%
Compra de maquinaria a través de Caixas Rurais e Entidades Cooperativas Asociadas ás Caixas Rurais.	3,5%
Compra de maquinaria a través de agricultores asociados.	4%
Compra de maquinaria de carácter individual ou colectivo, gando e outros investimentos	4%

Fonte: Política Económica. AGA²⁹⁴.

²⁹¹ Varias caixas sobre o mesmo tema: Subvenciones a la maquinaria agrícola. DGA. Ministerio de Agricultura (11. 1.4, 61/01858), (11. 1.4, 61/1907), (11. 1.4, 61/2085) AGA.

²⁹² Balance de situación del II Plan de Desarrollo firmado a día de 1/06/1970. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13.080) AGA.

²⁹³ Política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,058) AGA.

²⁹⁴ Cabe destacar que os xuros españois eran similares aos da compra de maquinaria agrícola en Portugal, onde oscilaba entre o 3,75% a curto prazo, 4,25% os de medio prazo. Polo demais, a maioría dos países europeos contaban con xuros moito máis elevados. Sendo que esta situación quizais se debera a un maior desenvolvemento da moto-mecanización nas agriculturas. Coa excepción de Turquía onde os niveis de moto-mecanización eran máis baixos que en España e Portugal e os xuros eran do 7% os de medio prazo. Polo demais,

Ademais, os créditos do BCA para compra de maquinaria elevaríanse a unha cantidade máxima de 750,000pts por subvención, cubrindo un máximo do 70% do valor da adquisición a un xuro anual do 4% cun máximo de 5 anos de amortización.

3.4.2. Liberalización e final do Banco de Crédito Agrícola.

Nas reformas orgánicas do Estado de 1971 o BCA deixa de ser un organismo estatal para pasar a ser unha Sociedade Anónima. Se ben, a totalidade do capital social sería de propiedade do Estado (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 42)²⁹⁵. Se ben, o BCA mantén o seu carácter de coordinación de tódalas institucións do *Ministerio de Agricultura* implicadas nos programas de subvencións. De igual xeito, mantén e incrementa a colaboración con entidades como os Bancos Privados, Caixas de Aforro e Caixas Rurais das que, especialmente para Tarrafeta, comezaban a ter unha gran importancia na última década (1979:303). En Galiza, un dos mellores exemplos destas Caixas Rurais sería a creación en 1966 da *Caja Rural Provincial de Lugo* da que un dos socios acabaría creando en 1992 a empresa de *Durán Maquianria S. L.*²⁹⁶.

Unha das novidades dos anos setenta, é que o BCA comeza a preocuparse pola perda de diñeiro, debido fundamentalmente, aos baixos tipos de xuros que mantiñan dende a súa creación. Por este motivo, xa se viña dende 1969 incrementando os tipos de xuro en cada actualización anual, cousa que non se detería ata 1974, cando logran balances positivos. Para compensar o encarecemento dos créditos, o BCA tendería a aumentar o número de anos de amortización dos axudas (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 45).

A situación da distribución de créditos para compra de maquinaria en 1972 podemos ollala na seguinte táboa.

países con altos niveis de moto-mecanización tiñan como en Suíza, créditos con xuros dende o 4% os máis baixos, ata o 6% os máis elevados. En Irlanda eran do 6,25% os de medio prazo. En Suecia oscilaban do 6,25% ao 7,25%. Por último, en Austria eran do 6% ao 9,5% segundo a entidade e o prazo de amortización. Fonte: Política económica. SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/13,058) AGA.

²⁹⁵ O BCA inscríbese como Sociedade Anónima o 7 de febreiro de 1972 segundo o disposto na Ley 13 do 19 de xuño sobre Organización y Régimen del Crédito Oficial (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 41).

²⁹⁶ Tratábase dunha Cooperativa de Crédito, como continuación da anterior Caja Central Cooperativa de Ahorros y Préstamos, sendo unha filial da UTECO de Lugo. Durante anos tivo unha estreita relación con Antonio Durán, socio e fundador de Durán Maquinaria (Veiga Izaguirre e López Marcos, 2016).

Táboa 54. Crédito agrario para a adquisición de maquinaria agrícola en 1972.	
Modalidade	millóns de pesetas.
Entidades colaboradoras	
Caixas de Aforro	2.885,00
Caixas Rurais	857,00
BCA (directamente)	38,00
Organismos oficiais	
IRYDA (actuación directa)	455,85
IRYDA (fóra de comarcas)	33,81
SENPA	203,02
Ministerio de Agricultura	495,96
Inversión privada (con axuda do BCA)	
Tractores	5.469,20
Maquinaria e equipo	2.494,80
Total entidades, organismos e inversión privada	12.932,64

Fonte: Revista Laboreo. Setembro de 1973. BNE

Dos números da táboa anterior, podemos saber que en 1972 a maioría das compra de tractores con crédito realizábase de forma privada e en colaboración directa co BCA. En segundo lugar, e sen contar os investimentos privados en outra maquinaria e equipos, outra vía de acceso para a compra de maquinaria agrícola era a través de créditos concedidos polas Caixas de Aforro. Seguida, en terceiro lugar polas Caixas Rurais²⁹⁷. Esta preferencia polos créditos directos do BCA, debíase seguramente aos maiores tipos de xuro dos créditos das entidades colaboradoras. Por exemplo, para as Caixas Rurais os xuros andarían do 6% ao 7% os máis elevados entre 1969 e 1971 e, para a Banca Privada, os xuros serían da orde do 7,60% ou do 8% os máis elevados nos mesmos anos²⁹⁸.

Por outra parte, outra das novidades dos anos setenta sería o maior peso que o IRYDA, resultado da fusión do SNCP-OR e do INC, foi tomando en relación á concesión de créditos agrarios²⁹⁹. As axudas do IRYDA, con maior aceptación nos pequenos e medianos propietarios que xa nos setenta se incorporaban plenamente aos cambios tecnolóxicos da moto-mecanización, incluían subvencións a fondo perdido do 20%, e consistían en préstamos

²⁹⁷ A terceira posición das Caixas Rurais, pese a importancia que lle outorga Tarrafeta Puyal, viría xustificada polo baixo volume de financiamento que polo momento outorgaban. Dado que na maioría dos créditos concedidos eran de corto prazo. É dicir, coa finalidade de cubrir o circulante da campaña de colleitas (1979: 304).

²⁹⁸ Revista Laboreo, setembro de 1973. BNE.

²⁹⁹ Algunhas disposicións dos BOE relativos ás axudas do SNCP-OR e, xa logo, do IRYDA foron publicadas o 16 de xaneiro de 1969; 9 de novembro de 1970; 19 de abril de 1971; 24 de abril de 1972; 9 de maio de 1972; 20 de setembro de 1972; 3 de febreiro de 1973. Fonte: BOE. Varios números.

con xuros do 5,5% a 5 anos coa posibilidade de liquidar con antelación. Os préstamos non podían superar conxunto as subvencións o 80% do prezo de compra, requiríndose ademais dous fiadores e unha garantía de 500,000pts. Como condición, a compra debía superar as 80,000 pesetas³⁰⁰. Cifra bastante reducida si a comparamos cos prezos medios de maquinaria da seguinte táboa.

Táboa 55. Referencia de prezos de tractores en 1971.			
Grupo produtor	Modelo	Peso (kg)	Prezo en pesetas
MOSA	Massey Ferguson 135	1,500	187,370 a 205,510
“ “	Massey Ferguson 178	2,800	390,900
“ “	Ebro 135	1,500	187,370 a 210,000
“ “	Ebro E 160	2,300	235,540
FIAT España	Fiat 605	2750	410,000
“ “	Fiat 500	1,700	266,000
Chrysler España S.A.	Barreiros 350	-	159,700
“ “	Barreiros 5,000	-	217,300
“ “	Barreiros 545	-	339,600
Bertolini	Motosegadora S-124 D	-	66,950
Talleres Bréamo	Campeva ET	1,050	102,042
Ajuria	Empacadora New Holland	-	193,698

Fonte: Varias caixas AGA³⁰¹.

Nos anos setenta continúan tamén os programas de subvencións para a mecanización agrícola de alto rendemento creados durante o *II Plan de Desarrollo*. Concretamente, mantíñanse os programas como o do cuatrienio de 1972 a 1975, así como outras liñas puntuais destinadas a particulares, Cooperativas, GSC, Hermandades ou outras entidades que levaran adiante traballo agrario; subvencións dun 20%, 30% ou 35% do prezo total para maquinaria de alto rendemento e dependendo do tipo de maquinaria³⁰².

Coa irrupción da crise económica e política da Ditadura entre 1974 e 1977, o BCA volve a experimentar transformacións que forzan o seu cada vez maior grado de liberalización. Especialmente, a través dos *Pactos da Moncloa* de 1977, obrígase ao BCA a recorrer ao mercado para captar polo menos unha terceira parte dos seus fondos (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 47). Iniciase dende entón un proceso de deterioro das condicións tan favorables das que dispuñan ata o do momento os créditos agrarios. Non se reduce así, o

³⁰⁰ Revista Díaz y Prieto. Nº 2, xullo de 1973. BNE.

³⁰¹ Varias caixas do SGT. Ministerio de Agricultura (11. 1.30, 61/12,944), (11. 1.30, 61/12,945), (11. 1.30, 61/12,946), (11. 1.30, 61/12,947), (11. 1.30, 61/12,949), (11. 1.30, 61/13,100) AGA.

³⁰² Orden do 7 de outubro de 1972 sobre concesión de subvencións para fomento de la mecanización agrícola. 17 de xaneiro de 1973. (BOE nº 15).

incremento do número de axudas do BCA. Especialmente coas entidades de colaboración, coas que, para Galiza, firma un convenio especial co Banco Pastor en 1980 (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 48).

Porén, dende 1982 e xa no horizonte da integración coa CEE en 1986, o BCA experimenta un proceso acelerado de privatización e liberalización da súa dirección. A súa equiparación á banca privada xa é cada vez maior, tendo que recorrer cada vez en maiores proporcións ao mercado do diñeiro. Póñense neste momento fin aos programas de subvencións tan favorables que se tiñan organizado dende os anos sesenta, co que isto significaba para os custos dos propietarios que aínda non tiñan mercado a maquinaria. Polo xeral, redúcense ademais as axudas destinadas a compra de maquinaria agrícola, á vez que se consolidan as subvencións á mocidade para facer fronte aos novos problemas da sucesión xeracional nas explotacións gandeiras. De feito, dende a creación destas axudas no Real Decreto 1297/1977, o seu aumento non parou dende os 1,385 millóns de 1978, ata os 4,630 millóns de 1990 (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 49-50).

Co Estado español integrado na CEE, a normativa europea sería contraría á existencia do propio BCA. As axudas á agricultura pasarían a formar parte de liñas de control europeo como o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEADER) ou o Fondo Sociais Europeos (FSE). Finalmente, e logo de varias transformacións, o BCA acabaría sendo absorbido polo grupo *Argentaria* en 1990 (Banco de Crédito Agrícola, 1990: 7-9, 51).

“Cabe hacer mención específica del comportamiento del sector de automoción, muy influido por la crisis energética, con un alto grado de protagonismo en el proceso de ruptura, acaso definitiva, del esquema de bienestar creciente de los países occidentales”

Memoria del Consejo de Accionistas. Grupo MOSA. 1980³⁰³.

3.5. Evolución do mercado de tractores.

Imos analizar neste último apartado do capítulo tanto a composición do mercado de tractores como a súa evolución ao longo do período proposto. O obxectivo é comprender as estratexias de expansión das principais produtoras, así como das distribuidoras de tractores. Analizando o seu comportamento e evolución comprenderemos as relacións asimétricas que se establecen entre unha oferta aliada co Estado, perante unha demanda, comunidades labregas, sen moitas posibilidades de mediatizar a oferta que máis lles interesa. En liñas xerais, veremos o auge do mercado de tractores a comezos dos anos setenta e tamén, o seu declive nos oitenta, así como o cese definitivo da fabricación de tractores nos anos noventa.

Neste apartado interésanos destacar seis factores principais que interveñen na configuración xeral do mercado de tractores no Estado e na Galiza en concreto ata a última década do século XX. En primeiro lugar, destacamos tanto a maior demanda en termos absolutos de tractores, como a maior complexidade da mesma. Referímonos á aparición de novas culturas de consumo ligadas ás sociedades urbanas do *fordismo*, aumento da capacidade adquisitiva e facilidade de créditos para acceder á oferta. As empresas estimulan a demanda cunha variedade de estratexias de comercialización máis diferentes. Entre outras, a aparición no período de numerosas revistas de divulgación de grupos produtores de maquinaria e distribuidoras. Algunhas xa se viñan publicando dende finais dos anos cincuenta, como é o caso da revista *Rural* editada polo grupo *Barreiros Diésel S.A.* Outros

³⁰³ Memoria Consejo de Accionistas. Grupo MOSA. 1980. Fonte: BNE,

casos que imos ver é a de *Campo y Mecánica* do grupo *Ricardo Medem y Cia S.A* e *John Deere Ibérica* despois. Xunto a estas, a revista da distribuidora galega *Díaz y Prieto S.A.* Por último, aparecen tamén revistas xenéricas sen estar vinculadas a ningún grupo concreto. Por exemplo a revista *Día* que, pouco despois, pasa a denominarse revista *Tría*³⁰⁴ e tamén, a máis popular daquelas décadas, a revista *Laboreo* que se edita dende 1969.

Outro dos factores a ter e conta durante este período é a aceleración do aumento da oferta. Abano que se amplía constantemente e que obriga ao *Ministerio de Agricultura* a aumentar constantemente o nivel de desagregación do rexistro de maquinaria agrícola. Por exemplo, no BOE do 4 de febreiro de 1967 dicíase:

“A medida que la mecanización se extiende a nuevos cultivos, se hace preciso conocer el grado de intensificación de aquella, tanto a efectos estadísticos como para disponer de elementos de juicio que sirvan de base al estudio y propuesta de las medidas que puedan ser eficaces para el fomento de tal mecanización”.

O terceiro factor que destacamos é a celebración de importantes feiras internacionais de maquinaria agrícola. Unha delas, a máis prestixiosa, o Salón Internacional de Maquinaria Agrícola (SIMA) de París (Francia) que se celebra anualmente na versión moderna dende 1964 ata a actualidade. Outra sería a Feira Internacional de Agricultura e Zootecnia de Verona (Italia) organizada dende 1948. Por último, a *Feria Internacional de Maquinaria Agrícola* (FIMA) de Zaragoza que se comezaría a celebrar dende 1967 con grande repercusión. Polo demais, cabería destacar tamén a continuación da *Feria Internacional de la Casa de Campo* de Madrid, onde se concentraba, ao igual que nas outras, as novidades do mercado tecnolóxico para a agricultura. Eran na suma espazos onde se participaban os principais grupos produtores e distribuidores de maquinaria agrícola do momento.

³⁰⁴ Revista *Día* publica o primeiro número o 1 de outubro de 1964. BNE.



Imaxe 6. Á esquerda: Portada da primeira edición da revista Laboreo. Novembro de 1969.

Imaxe 7. Á dereita: Portada revista Tría. Nº41. Maio de 1966.

Fonte: BNE.

En cuarto lugar, habería que destacar a continuidade da intervención estatal no mercado de tractores. Coa excepción puntual da liberalización das importacións en 1961 e en 1973³⁰⁵. Polo demais, o *Ministerio de Comercio* seguía controlando as licencias de importación de tractores que se repartían cada 6 meses en cotas que mudaban de forma frecuente³⁰⁶. No referido á produción española de tractores, cumpre lembrar que ata 1970 seguían actuando as cláusulas de mercado garantido para a produción de tractores por parte dos grupos MOSA e do antigo grupo LISA. En consecuencia, a protección que o Estado seguiría brindando á produción de tractores españois continuaría a prexudicar aos labregos que non dispuñan de toda a oferta dispoñible nin dos prezos reais, por máis baixos, dun mercado liberado³⁰⁷. Ademais, cabía destacar que a produción española impúñase sobre as

³⁰⁵ Ambas liberacións do mercado foron de forma conxuntural. O primeiro Decreto de liberación de importacións foi o 20 de outubro de 1961. BOE do 3 de novembro (Martínez Ruíz, 2000: 176). Segundo Decreto de liberación das importacións o 9 de xuño de 1973. Fonte: Laboreo. Xullo 1973. BNE.

³⁰⁶ Crítica a estas cotas que cambian rapidamente en Revista Laboreo. Abril 1973. BNE.

³⁰⁷ Cuestión que xa sinalamos no capítulo anterior e que volve a acreditar Ricardo Rocha, inspector rexional do SEA en Calatayud na revista Día. 1 de maio de 1966. Biblioteca Nacional.

importacións en cota de mercado dende 1964 en diante cun 71,73% do total de tractores matriculados³⁰⁸.

Para o mercado interno do Estado, os prezos seguíanse controlando a través dun convenio onde participa a *Dirección General de Comercio Interior* pertencente ao *Ministerio de Comercio*, en conxunto coa *Asociación Nacional de Fabricantes de Tractores y Maquinaria Agrícola* (ANFAMA). En xeral, o Estado protexía constantemente a produción de tractores medianos mediante a protección arancelaria ás importacións e tamén, mediante o rebaixamento do prezo de compoñentes necesarios para a produción. Por exemplo, a través de circulares como a 581/1968, da *Dirección General de Aduanas* pola que se dan normas para a aplicación de bonificacións arancelarias ás pezas de reposto para tractores e ás partes e pezas soltas de colleitadoras autopropulsadas e de tractores exclusivamente destinadas á fabricación dos mesmos³⁰⁹.

Por outra banda, outra das novidades do período era a constitución dunha agrupación de intereses do sector da maquinaria agrícola. Concretamente, o 9 de xullo de 1969 a devandita agrupación incluíase no *Sindicato Nacional del Metal*. Os obxectivos da agrupación serían representar os intereses dos produtores perante o Estado, así como manter relacións co *Comité Europeo de Agrupaciones de Constructores de Maquinaria Agrícola* (CEMA). Ademais, elaboraría estatísticas propias, estudos da lexislación que lles afectara, estudos de mercado, cuestións de feiras e exposicións de maquinaria e incluso investigación e innovación tecnolóxica³¹⁰.

En quinto lugar, outro factor a ter en conta neste período sería a continuidade dun impacto dos tractores con importantes desequilibrios territoriais en todo o Estado. Así, por exemplo, a mediados dos anos sesenta as matriculacións anuais de tractores en Galiza seguían a ser en termos comparativos moi baixas. Mais non só, senón que tamén para o conxunto das agriculturas atlánticas en comparación co conxunto do Estado. Só Lleida matriculaba máis

³⁰⁸ En 1963 fora do 48,68 % e para 1969 xa alcanzaba o 87,11% das matriculacións. Fonte: Nº 1. Febreiro 1970. Boletín de Difusión Interna. Grupo Nacional de Fabricantes de Tractores, Motocultores y Maquinaria Agrícola. BNE.

³⁰⁹ Decretos do Ministerio de Comercio 2943/1967 e 3051/1967, do 13 e 23 de decembro, respectivamente.

³¹⁰ Boletín de Difusión Interna. Grupo Nacional de Fabricantes de Tractores, Motocultores y Maquinaria Agrícola. Nº 1. Febreiro 1970. BNE.

tractores ata xullo de 1965 que todo o conxunto das provincias do norte-atlántico. Vexámolo na seguinte táboa³¹¹.

Táboa 56. Modelos de tractores máis vendidos en Galiza segundo tractores matriculados nas Jefaturas Agronómicas Provinciales. Dende xaneiro a xullo de 1965.		
Marca	Modelo	Unidades
A Coruña		25
Ebro	Ebro Super 50cv	13
John Deere	515 38cv	2
Barreiros-Hanomag	R-500 52cv	1
John Deere	717 50cv	1
Outras marcas e modelos		8
Lugo		8
Ebro	Ebro Super 50cv	4
John Deere	515 38cv	2
John Deere	717 50cv	1
Outras marcas e modelos		1
Ourense		7
Barreiros-Hanomag	R-500 52cv	5
Ebro	Ebro Super 50cv	1
Barreiros-Hanomag	R-335S 37cv	1
Pontevedra		4
Ebro	E-48 45 CV	1
Ebro	Ebro Super 50cv	1
Barreiros-Hanomag	R-335S 37cv	1
Barreiros-Hanomag	R-440K	1
Total Galiza		44
Total Agricultura Atlántica ³¹²		51
Lleida (provincia con máis matrículas)		80
Total España		1,188

Fonte: Jefaturas Agronómicas Provinciales. AGA³¹³.

Con respecto ao sexto e último factor a ter en conta, referirémonos tamén ás características da propia composición do mercado de tractores neste período. Aínda que si ben, o grupo MOSA continuaría dominando o mercado español de tractores a través de *Ebro*, quen se situaba con 7,000 unidades matriculadas a finais dos sesenta como a marca máis vendida de tractores no Estado. En segundo, a novidade sería o grupo Barreiros con 3,370 unidades, en cuarto lugar sería *John Deere Ibérica* con 2,800 e de lonxe, *Renault* con 720

³¹¹ Para ver todas as matriculacións en todo o Estado. Ver táboa III en anexos.

³¹² Suma das catro provincias galegas, máis Oviedo, Santander, Bizkaia e Gipuzkoa.

³¹³ Avance de los tractores por marcas matriculados en las Jefaturas Agronómicas Provinciales. SGT. Ministerio de Agricultura. (11. 1.30, 61/13.142) AGA

unidades. No que respecta aos tractores de importación, a primeira posición sería para os *Massey Ferguson* con 500 unidades, seguidos de preto por *Zetor* con 300 unidades³¹⁴.

Marca	Modelo	Prezo máis barato e máis caro
Barreiros	R 350S 36cv / R 545 77cv	152,150 a 390,525 pts
John Deere	1020 45 cv / 2120 68cv	225,317 a 295,744 pts
Ebro	S55 50cv / 183 78cv	175,000 a 330,000 pts
Renault	S 7E 40cv / R 86 E 49cv	195,840 a 240,000 pts
Motransa Nuffield	4RM 10/60 61CV / 10-60 61CV	225,000 a 370,000 pts
Volvo (importación)	T 600 50cv / T 800 75cv	415,500 a 693,000 pts
Fiat (importación)	250F 21cv / 550DT 51cv	171,750 a 340,000 pts
Zetor (importación)	3511 34cv / 5545 52cv	202,400 a 358,500 pts

Fonte: Revista Laboreo Novembro 1969. BNE.

Sen atender a diferenciacións territoriais, o ritmo de venda de tractores entre 1967 e 1977 non para de medrar.

	Pequenos Ata 28cv	Lixeiros 28-48cv	Medianos 49-68cv	Pesados +68cv	Total tractores ³¹⁵
1967	373	4,475	16,049	1,060	22,945
1968	469	4,805	16,205	1,440	23,882
1969	3,056	6,533	16,950	2,775	31,036
1970	3,283	5,619	12,924	3,645	27,303
1971	3,283	4,996	10,876	3,972	23,901
1972	3,762	6,357	12,234	5,496	29,657
1973	3,762	7,551	13,347	6,596	33,451
1974	4,763	7,964	13,777	6,396	34,451
1975	4,862	7,278	13,917	8,108	35,943
1976	5,136	6,072	13,370	8,033	34,272
1977	5,700	5,408	13,894	9,895	36,564

Fonte: Memoria del Consejo de Accionistas. MOSA 1976/1977/1980. Fonte: BNE.

Mais coa crise do petróleo de 1973, non tardan en chegar os efectos que afectan tanto a produtores como distribuidores no Estado. Fundamentalmente, encarácese as materias primas e as enerxías e por tanto, elévanse os prezos da produción de tractores. Por este motivo redúcense as producións de tractores no Estado e por momentos, chégase a ter problemas de abastecemento de tractores de fabricación española. A situación económica para estas empresas agrávase aínda máis pola crise final da Ditadura entre 1973 e 1978. Non só pola

³¹⁴ Revista Laboreo nº1, 1969. BNE.

³¹⁵ Inclúe eirugas

inestabilidade política, senón que tamén polo aumento da conflitividade laboral. Neste caso, ademais, habería que ter en conta a degradación dos dereitos laborais e polo tanto as folgas operarias para a defensa do traballo. Do mesmo xeito, tamén habería que contar coas folgas relacionadas coa crise final da Ditadura. Nomeádemete as producidas nas fábricas de MOSA en Barcelona e *John Deere Ibérica* en Getafe³¹⁶.

Finalmente, a estes problemas da oferta de produción de tractores, cousa que tamén era parte dun problema maior de re-estruturación do mercado internacional de maquinaria agrícola, habería que xuntarlle tamén a propia caída da demanda de tractores para finais dos anos setenta (Álvaro Moya, 2011: 261). A demanda cae tan rapidamente que si para 1980 as matriculacións eran de 33,600 unidades aproximadamente, para o seguinte ano só eran 22,800 unidades. Isto, tendo en conta ademais que a media anual dos anos setenta era dunhas 31,000 unidades/ano (Márquez, 2015: 84). Se ben, tamén era certo que aumentaba pola contra a demanda de pequena maquinaria como as moto-segadoras. Mais neste caso os principais produtores eran estranxeiras. Especialmente grupos italianos como *Agria*, *Bertolini*, *CBS* ou *Pasquali*. A crise na que se mergulla o mercado grande de produción de tractores no Estado acentúase para a década dos oitenta. Especialmente debido ao final das políticas de protección das industrias de produción de tractores, e á aplicación de medidas de reconversión industrial derivadas tanto da crise do petróleo de 1973, como das políticas económicas dos *Pactos da Moncloa* de 1977. Deste xeito, as importacións de tractores volvía a recuperar as cotas de mercado perdidas nos anos sesenta. Para a década dos oitenta, as marcas de importación máis importantes serían nesta orde, os grupos *Massey Ferguson*, *Deutz*, *David Brown*, xunto con *Fiat*, *SAME*, *Lamborghini* e a *UTB* de Romanía (Álvaro Moya 2011: 261).

Loxicamente, a caída da demanda nos anos oitenta non se recuperaría para os anos noventa, dado que para o de entón, non só se considera que se alcanzou os niveis máximos de moto-mecanización, senón que ademais o número de explotacións decrece. Por poñer un exemplo, a matriculación de tractores en 1993 é de tan só 12,300 unidades no Estado. Isto, non significaba outra cousa que a saturación completa do mercado de tractores no Estado (Márquez, 2015: 89).

³¹⁶ Entrevista Eloy Galván. Feita por Bruno Esperante (18/09/2018).

3.5.1. Tractores Barreiros para el campo español³¹⁷.

A historia do grupo Barreiros representa unha vía de desenvolvemento industrial un tanto heterodoxa en comparación coa evolución dos grupos MOSA e LISA/John Deere Ibérica S.A. A orixe do grupo haina que buscar como se sabe na familia Barreiros que dirixe o grupo durante todos estes anos ata 1968. Comezan na cidade de Ourense nun taller de fabricación e reparación de motores diésel, dando o paso á produción de motores e camións en Madrid en 1948³¹⁸. En 1952 participan infrutuosamente no concurso para a produción de tractores, mais continúan medrando e constitúense en Barreiros Diésel S.A en 1954 cun capital social de 10 millóns de pesetas³¹⁹.

En 1958 anuncian un acordo tecnolóxico co grupo alemán *Reinstahl Hanomag A.G.*, cos que obteñen unha licencia de produción de tractores con data do 18 de febreiro de 1959 a través da *Dirección General de Industria*. Producen dende entón distintos modelos dende Villaverde (Madrid), e logra facerse cunha importante cota de mercado de tractores en grandes áreas do Estado, disputándolle a segunda e primeira posición en vendas tanto ao grupo MOSA como a John Deere.

O crecemento do grupo Barreiros é rápido. Tamén o é a súa estratexia de comercialización a través da edición de revistas corporativas. A primeira titulada “*Barreiros Diésel*” publícase o 1 de novembro de 1958³²⁰. En 1961 renovan a edición da revista que se pasa a chamar: “*Rural. Divulgación para el campo*”. O primeiro número sae en febreiro de 1961. A través dela desenvolven parte da súa estratexia publicitaria e, pola cal, podemos achegarnos tamén a algunhas cuestións concretas da empresa. Entre outras, a organización de caravanas demostrativas. A idea era levar por todo o Estado a ensinanza e demostración de tractores. Organizaban cursos breves de manexo en colaboración coas axencias locais do SEA, ou tamén coas COSA e *Hermandades*. As caravanas adoitaban durar unha xornada onde se reunían os labregos do lugar e repartíanse exemplares da revista. Todo tinguido de propaganda e frases grandilocuentes propias da ideoloxía do progreso e a modernización³²¹.

³¹⁷ “Para el campo español” era o lema que relucía nos camións da grupo Barreiros cargados de tractores listos para a súa entrega. Fonte: Imaxe contraportada da Revista Rural. Nº 2, marzo de 1961. BNE.

³¹⁸ Revista Barreiros Diésel. Nº 6, decembro 1959 – xaneiro 1960. BNE.


³¹⁹ Revista Barreiros Diésel. Nº 6, decembro 1959 – xaneiro 1960. BNE.

³²⁰ Revista Barreiros Diésel. Nº 1, novembro de 1958. BNE.

³²¹ Revista Rural. Nº 7, agosto de 1961. BNE.

A estrutura do grupo, con sede central en Madrid, dispuña dun distribuidor oficial de tractores co nome de *El Motor Nacional S.A.* Distribuían así tractores en todas as sucursais da empresa por toda a península. En Galiza, as sucursais tiñanas en Coruña, Lugo, Ourense e Vigo³²². Barreiros conta cun servizo de asistencia técnica de tractores que recorren as aldeas con *Land Rover*³²³.

O grupo Barreiros acaba desaparecendo coa ampliación da participación da norteamericana *Chrysler* no seu capital social ata alcanzar o 77% en 1967. A familia Barreiros depréndese completamente do resto das accións en 1969 e dende entón, aínda que os tractores se manteñen co nome Barreiros, estes pasan a ser fabricados formalmente polo grupo *Chrysler España S.A.* Porén, o grupo só prolonga a súa actividade ata 1978, cando xa perdía rapidamente posicións no mercado de tractores no Estado, e a crise económica afecta aos grandes grupos tecnolóxicos norteamericanos³²⁴. *Chrysler* vende a súa filial ao grupo francés PSA que acaba pondo punto final á produción de tractores en 1980 (Márquez, 2015: 128).



Imaxe 8. Portada Revista Rural. Nº 1. Febreiro de 1961. Fonte: BNE.

³²² Almería, Ávila, Badajoz, Cáceres, Cádiz, Cidade Real, Córdoba, Guadalajara, Granada, Huelva, Jaen, Jerez de la Frontera, Madrid, Málaga, Mérida, Palma de Mallorca, Salamanca, Segovia, Sevilla, Talavera de la Reina, Toledo, Valladolid. Fonte: Declaración produción Barreiros 1968. Fabricantes importadores 1968-1969. Ministerio de Agricultura (11. 1,14 61/7577) AGA.

³²³ Revista Rural. Nº 3, xuño - agosto 1960. BNE.

³²⁴ Ao igual que Chrysler, International Haverster entra en crise entre 1978 e 1980 debido á situación económica nos Estados Unidos. International Haverster acaba vendendo toda a división agrícola, incluíndo o nome ao grupo CASE en 1985 (Álvaro Moya, 2011: 254).

3.5.2. Tractores John Deere: o cabalo gañador.

En 1963 o grupo norteamericano *John Deere* supera a *International Harvester* e sitúase na primeira posición mundial no mercado de tractores³²⁵. Nese mesmo ano comezan a producir os tractores *John Deere* na antiga fábrica do grupo LISA en Getafe. Dende entón, a súa evolución continua ata controlar a maior cota do mercado no Estado. Para 1980 *John Deere* controla o 31% do total de tractores vendidos en España; en segunda posición estarían os tractores Ebro cun 29%; en terceiro lugar os tractores Barreiros cun 8%. e, xa logo, Fiat co 5%, Ford co 4% e *International Haverster* co 1%. O resto das marcas xuntarían ata un 38% (Álvaro Moya, 2011: 253).

Ao igual que vimos no grupo Barreiros, nesta nova etapa a empresa desenvolve novas estratexias de comercialización para facer fronte a unha demanda distinta de tractores. Coa chegada do grupo norteamericano a Getafe aumentan os recursos de financiamento e por tanto, ampliáanse as redes de comercialización en todo o territorio. Comezan a ir máis alá do mercado do sur da península ao que estaba enfocado anteriormente o grupo LISA³²⁶. Participan igualmente dos principais concurso e feiras e organizan premios de investigación agraria³²⁷. Consolidan a rede territorial a través da integración vertical de distribuidoras como Talleres Bréamo en Pontedeume, que pasa a controlar a distribución de tractores *John Deere* para toda Galiza. Para 1969 contan con 91 concesionarios oficiais repartidos por toda a península, formados por un xerente xeral, director de vendas, técnicos comerciais e técnicos de asistencia post-venda (Álvaro Moya, 2011: 295).

³²⁵ Para 1970 a cota de mercado controlada por John Deere era do 15%, seguida dun 12% por International Haverster, un 10% por Massey Ferguson, 7% para Ford e Sperry-New Holland cun 4% (Álvaro Moya, 2011: 248-249).

³²⁶ O distribuidor e socio maioritario do grupo LISA, Ricardo Medem y Cía S.A., tiña a maioría das súas sucursais na metade sur do Estado. Central en Madrid, e logo, Albacete, Alacant, Antequera, Badajoz, Ciudad Real, Córdoba, Cuenca, Huelva, Jaén, Jerez, Málaga, Murcia, Sevilla, Talavera e Valencia.

³²⁷ Un dos síntomas da revolución que supuña a enerxía nuclear na época era o primeiro premio ao mellor artigo agrario no Concurso Lanz de 1961. O artigo premiado era: “La energía nuclear en la agricultura”, firmado polos enxeñeiros agrónomos César Gómez Campo e Luís Mellado Brauns. Fonte: Revista Campo y Mecánica, nº 14 marzo-abril de 1962. BNE.



Imaxe 9. Á esquerda: Portada revista Campo y Mecánica. Nº 1, febreiro de 1960.

Imaxe 10. Á dereita: Publicidade de tractores John Deere en Campo y Mecánica. Varios números.
Fonte: BNE.

Unha das características das empresas de maquinaria neste período e, no caso de *John Deere* de forma máis paradigmática, era o incremento das inversións en formación de venda e *marketing*. Ricardo Medem, presidente do grupo dicía en 1969:

“Ustedes (...) venden mucho más que productos simplemente. Ustedes venden un asesoramiento de los equipos mecánicos más adecuados; venden un servicio de promoción de ventas instructivo; venden un servicio financiero sano, práctico y cómodo; venden un servicio postventa rápido y eficaz y venden en definitiva el Sistema de Mecanización de John Deere que porporcionará una óptima rentabilidad, por su inversión, a los agricultores españoles”.
(Álvaro Moya, 2011: 296).

O xerente territorial de *John Deere* para Galiza entre 1978 e 1984 chámase Eloy Galván, estuda enxeñería técnica agrícola na *Universidad Politécnica de Madrid* entre 1971 e 1975 e, só un ano máis tarde comeza a traballar como monitor de vendas e produtos en *John Deere Ibérica*. O seu caso sírvenos para achegarnos ao perfil destes profesionais ao cargo da dirección de vendas de tractores. Destaca a súa formación técnica, que ademais completa con lecturas dos clásicos da teoría económica agraria galega para intentar afondar nas lóxicas e no comportamento das comunidades labregas. No caso do noso entrevistado

destacan as lecturas do Atraso Económico de Galica (Beiras, 1981), Economía Campesina e Capital (Colino e Pérez Touriño, 1983) ou a Galicia Campesina (Casal, 1984).

No tempo que bota á fronte da xerencia territorial galega elabora ademais mensualmente informes sobre a evolución das colleitas, prezos percibidos en leite ou carne, así como os prezos da maquinaria da competencia, cobertura de feiras e mercados e evolución das vendas propias de maquinaria agrícola³²⁸. Isto, conxunto ademais unha serie de cursos de formación que recibe tanto en Madrid como nalgunha das viaxes que organizan á sede mundial de John Deere en Moline (Illinois-Estados Unidos).

Mais *John Deere Ibérica* experimenta nos anos setenta, como as demais empresas, distintos axustes orzamentarios das grandes multinacionais que responden a cambios de estratexias debido á crise económica desatada dende 1973. Aínda que a nivel internacional o grupo *John Deere* sae reforzado da crise dos setenta e oitenta cun recoñecido prestixio e control mundial do mercado de maquinaria agrícola, a fábrica de Getafe non entrará nos plans de produción de tractores para o futuro da empresa. Pola contra, limitan a súa produción dirixíndoa cara a fábrica de tractores de Mannheim en Alemaña, polo que a fábrica de Getafe queda especializada na produción de complementos e repostos.

A integración económica do Estado español no espazo económico europeo, conxunto á caída da demanda de tractores en España nos noventa, acelera o final da fabricación de tractores en Getafe cara 1994, cando saía da cadea de montaxe o tractor número 181,558 (Álvaro Moya, 2011: 297).

3.5.3. Tractores Ebro: auxe e caída.

Deixamos para o final os tractores Ebro producidos polo grupo MOSA. Sen dúbida, os máis populares do período e tamén, o grupo que simbolicamente e, tamén na práctica, representa a aposta industrial e proteccionista da Ditadura dende a súa creación. A nova etapa do grupo comeza en 1966 cando rematan o contrato de apoio tecnolóxico con *Ford* e asinan coa multinacional *Massey Ferguson* que, ademais, adquire o 36,58% das accións do grupo MOSA.

³²⁸ Entrevista Eloy Galván. Feita por Bruno Esperante (18/09/2018).

Os tractores Ebro controlan gran parte do mercado de tractores dende finais dos anos sesenta ata finais dos setenta, cando *John Deere* pasan á primeira posición. Para 1968 o grupo MOSA controlaba un 39,74 % do mercado de tractores do Estado³²⁹. Ao igual que os grupos anteriores, desenvolve estratexias de expansión de vendas, aumentando os investimentos en estratexias de venda e comercialización coa creación das *Escuelas de Ventas*, así como dos *Centros de Desarrollo Humano* en Barcelona en 1970. Abren ademais novas instalacións industriais en Barcelona, así adquiren outras en Noaín (Pamplona), Ejea de Caballeros (Zaragoza) e en Cuatro Vientos (Madrid) 1975. O crecemento do grupo reflíctese no aumento de empregados que, pasan de ser 4,403 en 1967 a 10,267 en 1976. Non deixan de aumentar ademais os números de vendas e cunha taxa de crecemento real anual, non acumulativa, de máis do 20%/anual³³⁰.

O grupo MOSA embárcase incluso na exportación de tractores dende 1972 con relativo éxito³³¹, aínda que acaba perdendo todo o mercado cara comezos dos anos oitenta, así como experimentando tamén a crise da redución da demanda de tractores, así como tamén a propia crise económica do grupo.



Imaxe 11. Cadea de montaxe de tractores Ebro en Barcelona. Memoria del Consejo de Accionistas grupo MOSA de 1969. Fonte: BNE.

³²⁹ Memoria del Consejo de Accionistas. MOSA, 1968. BNE.

³³⁰ Memoria del Consejo de Accionistas do grupo MOSA, 1976. BNE.

³³¹ Crean en Marrocos a Compañía Ebro-Al-Maghreb e exportan a Siria dende 1976 co nome de Frat (Éufrates en galego). Memoria del Consejo de Accionistas do grupo MOSA, 1976. BNE.

Táboa 59. Ventas de tractores e do grupo MOSA (unidades) entre 1967-1980						
	Pequenos e lixeiros (ata 48cv)	Medios (49cv ata 68cv)	Pesados (+ de 68cv)	Total vendas no Estado ³³²	Total Exportación ³³³	Total tractores ³³⁴
1967	418	9,042	-	-	-	9,606
1968	215	8,648	180	-	-	9,232
1969	1,242	9,590	631	-	20	11,636
1970	1,510	7,193	734	-	38	9,650
1971	1,602	5,958	974	8,799	38	8,837
1972	2,190	6,509	1,329	10,213	253	10,466
1973	2,460	6,516	2,239	11,350	2,418	13,768
1974	3,186	6,166	2,518	12,225	5,333	17,558
1975	2,694	5,629	2,880	11,599	10,422	22,021
1976	2,369	4,879	3,210	10,823	12,190	23,013
1977	3,123	5,758	3,885	13,015	11,003	24,018
1978	3,155	4,651	4,155	12,276	10,864	23,140
1979	2,345	3,259	3,453	9,368	5,839	15,207
1980	1,942	2,377	2,713	7,321	2,901	10,222

Fonte: Memoria del Consejo de Accionistas grupo MOSA. 1976/1977/1980. BNE.

Mais de novo, a crise dos setenta acaba por alcanzar ao grupo MOSA que ve como a finais da década dos setenta perde tanto mercado de exportación como mercado español de tractores. O grupo aumenta ademais a produción doutros vehículos industriais en detrimento da produción de tractores, representando só o 33,9% da facturación total do grupo en 1977³³⁵. Nese mesmo ano adquiren a fábrica de tractores que mantiña Renault en Villafría (Burgos) dende 1967³³⁶. Mais para comezos dos anos oitenta, o grupo MOSA experimenta os efectos dos cambios de estratexia que se deron nas grandes multinacionais de produción de tractores. Así, ao igual que xa fixera *Chrysler* ou *John Deere*, o grupo *Massey Ferguson* vende tamén a súa participación en MOSA do 36,5% ao grupo Nissan en 1979 (Márquez, 2015: 104).

Con estes últimos movementos íase rematando co control español da produción de tractores dende 1955. Situación que viña tamén relacionado coa apertura do mercado español

³³² Inclúe eirugas.

³³³ Inclúe tractores pequenos e lixeiros, medios e pesados.

³³⁴ Inclúe eirugas

³³⁵ 43,9% transporte vehículos, 18,6% para motores, recambios e compoñentes e un 3,6% para maquinaria industrial. Memoria del Consejo de Accionistas do grupo MOSA, 1977. BNE.

³³⁶ O grupo francés Renault instala en Villafría (Brugos) unha fábrica de tractores en 1967. Mais a súa traxectoria é breve, dado que MOSA acaba mercando a maioría da súa participación en 1975, cando o grupo francés decide pechar a factoría ante os efectos adversos da crise económica internacional de 1973. Porén, na súa corta traxectoria, Renault disporá dun concesionario oficial propio co nome de S.A. Maquinaria Agrícola Renault (SAMA). Un dos seus distribuidores rexionais será para Galiza a empresa Díaz y Prieto S.A. (Márquez, 2015: 166-167).

dende os *Pactos da Moncloa* de 1977. A caída da demanda de tractores para a década dos oitenta, así como a continuada crise económica que persiste no Estado provoca perdas á compañía por valor de 450 millóns de pesetas³³⁷. Lévanse entón plans de recortes en MOSA debido ao criterio de *Nissan* que, para 1986 controlaba xa o 80% do grupo. Considerábase especialmente que a división agrícola non proporciona a rendibilidade estimada, polo que se promociona a chegada doutro socio tecnolóxico para a produción de tractores da man do xaponés de *Kubota Ltd*³³⁸. Creábase entón o novo grupo denominado *Ebro Kubota S.A.*, sendo o grupo xaponés socio maioritario para 1989 e pasando a producir os tractores completamente en Cuatro Vientos (Madrid). O grupo *Nissan*, xa desvinculado do grupo MOSA, quedaríase coa vella fábrica de Barcelona para producir vehículos 4x4 e furgonetas cunha moi alta demanda no mercado español neses anos (Márquez, 2015: 104-105).

Finalmente, a persistencia na caída da demanda de tractores a comezos dos anos noventa provocaría maiores perdas económicas ao grupo *Ebro Kubota S.A.* que acabaría por rematar coa produción de tractores en 1994 (Márquez, 2015: 115).

3.5.4. Distribución de tractores nun mercado en transformación.

Vista a evolución do mercado de produción de tractores, podemos prever a importancia que mantivo e incrementou o sector da distribución ao longo do período que analizamos. Polo xeral, a vantaxe competitiva das distribuidoras con respecto aos grupos de produción era o seu maior contacto co territorio. Valorábase sempre a maior capacidade de afondar nas redes de distribución e contactos nas aldeas para mellorar os servizos de atención pos venda, garantir sempre reparacións rápidas e repostos suficientes nun mercado no que os modelos sucedíanse a unha velocidade vertixinosa (Álvaro Moya 2011: 243-244)³³⁹. Si ben, a existencia dunha boa rede de distribución tampouco garantía o éxito destes grupos. Tal é o

³³⁷Memoria del Consejo de Accionistas do grupo MOSA, 1980. BNE.

³³⁸ O grupo *Kubota* comeza como tantas outras empresas de tractores nunha fundición de metais no Xapón en 1890. Aínda que non fabrican os primeiros tractor integramente xaponés ata 1960. Dende entón, expándense rapidamente e dan o salto ao mercado de tractores nos Estados Unidos en 1972. Especialízanse sobre todo en tractores de baixa e media potencia para usos agrícolas e xardinería. (Márquez, 2015: 108-110). Tamén no seguinte enlace web. Data da consulta (23/09/2019): <https://kes.kubota-eu.com/marca-kubota/historia-corporativa/>

³³⁹ Na mesma liña maniféstanse os entrevistados José Alonso, Eloy Galván e Javier Cancela. Entrevistas feitas por Bruno Esperante (26/01/2018), (18/09/2018) e (23/07/2018).

caso por exemplo das crises dos grupos *Ajuria*, *Parés Hermanos S. A.* (PSHA) ou *Finanzauto*.

O caso da histórica *Ajuria* debeu da súa incapacidade para adaptarse ao mercado de distribución de tractores, a pesares de ser unha recoñecida marca produtora e distribuidora de maquinaria agrícola dende comezos do século XX. O seu declive analizouno Martínez Ruíz en relación coa caída da demanda de maquinaria mecanizada nos anos sesenta. A caída da demanda produciu un deterioro progresivo das finanzas da empresa que a levou ao peche na seguinte década, non se antes intentar a distribución de tractores con algunha marca de prestixio internacional como *International Haverster* ou *Lamborghini* (Martínez Ruíz, 2007: 281), (Álvaro Moya, 2011: 283).

No caso do grupo catalán PSHA, o seu final chegaría tamén debido á contracción da demanda de tractores a medida que avanzaba a década dos setenta. Ante a nova situación do mercado o grupo tenta cambiar de estratexia reducindo a infraestrutura da empresa e reducindo o número de empregados. Reorientar o negocio da distribución cara o de servizos e asistencia pos venda. Porén, a situación económica do grupo non mellora e acaban sendo absorbidos por outra nova

distribuidora como *Maquinagro S. A.* en 1988³⁴⁰. Por último, a crise de *Finanzauto* ven non tanto das transformacións do mercado de tractores, senón da particular vía de negocio escolleita polo grupo. Como vimos no primeiro capítulo da tese, pasan do mercado de tractores ao de maquinaria industrial para obra pública civil. Unha empresa moi vinculada á



Imaxe 12. Publicidade de International Haverster e Ajuria na revista *Laboreo*. Varios anos. Fonte: BNE.

³⁴⁰ International Trucks & Tractors. ITT 1878. Contents Editors, Barcelona, 2014.

Ditadura e ás grandes obras civís desta que, con seu final, entra nun período de re-definición. Ao igual que PHSA, acaban sendo absorbido en 1992 por unha multinacional de maquinaria industrial como *Barlow Rand*³⁴¹.

3.5.5. Distribución de tractores en Galiza.

Así como as grandes distribuidoras de ámbito estatal tiñan problemas para adaptarse ás novas circunstancias dun mercado que comezaba a estar saturado, en Galiza, as pequenas distribuidoras consolídanse e incluso medran. Loxicamente isto explícase grazas ao tardío da aceleración do cambio tecnolóxico e da compra de tractores por parte das explotacións que se estaban especializando na produción de leite. Imos ver logo a evolución dalgúns exemplos de distribuidoras en Galiza para comprender mellor o estado do mercado de oferta de tractores. Concretamente as máis importantes quizais sexan *Auto Avión S.A.*, *Talleres Bréamo S.L.* e *Díaz y Prieto S. A.* (DYPSA). Distribuidores respectivamente de *Ebro*, *John Deere* e *Renault* respectivamente³⁴².

A primeira das empresas que analizamos é a de *Auto Avión S. A.* Fundada na Coruña por Andrés Conde Vázquez en 1953, e continuada polo seu fillo Emilio Conde Medín. Aínda que inicialmente distribúen camións e vehículos, dende os anos sesenta comezan a distribución de tractores, logrando a representación de *Ebro* e *Massey Ferguson* para as provincias de Coruña e Lugo. Se ben, *Auto Avión* tamén distribuía tractores para algunhas zonas do norte da provincia de Pontevedra. Polo demais, os tractores *Ebro* distribuíanse na provincia de Pontevedra e Ourense polas empresas de José Abad Pérez con sede en Vigo, e por Marcial Vázquez Crespo S. L.³⁴³.

³⁴¹ 50 años 1963-2013. Barloworld Finanzauto & Caterpillar. Progresando Juntos. Ed. Dirección de Marketing de Barloworld Finanzauto. Madcom Consultores de Comunicación, 2013. Data da consulta (22/09/2019) <http://www.finanzauto.es/50anivult/blatterkatalog/>

³⁴² Máis alá destas tres, ao longo do territorio galego medraron outros grupos de distribución que non afondaremos no seu análise, mais que cumpre citar dada a súa importancia. Algúns exemplos son Montalbán S. A., quen distribuía tractores Zetor en Lugo e Pontevedra; Comercial Cereijo que distribuían tractores Ford e moto-segadoras BCS; Comercial Veiras e Durán Maquinaria con sede en Santiago de Compostela e Lugo respectivamente e, por último TMC Cancela, con sede en Tordoia (A Coruña) e que, comezando cun pequeno taller nos setenta, acabaron por consolidarse como grandes distribuidores en todo o Estado nos anos noventa. Fonte: Entrevistas a Eloy Galván e a Javier Cancela. Feitas por Bruno Esperante (18/09/2018), (23/07/2018).

³⁴³ Declaración produción EBRO 1968. Maquinaria agrícola. Fabricantes importadores 1968-1969. Ministerio de Agricultura (11. 1,14 61/7581) AGA.

Antonio Bouza xa fora socio dun taller mecánico previo que viña dende os anos trinta experimentado e construíndo pequenas máquinas de mallar. Dende que se constitúen, conseguen a representación dos tractores e maquinaria agrícola de *John Deere*. Porén, ao longo dos anos cincuenta e sesenta, o grupo era especialmente recoñecido polas máquina de mallar Campeva de fabricación e deseño propio. De feito, a máquina era unha copia dun modelo americano chamado *Champion*. Debido ao seu éxito, Talleres Bréamo medra e amplían capital de maneira sucesiva ao longo dos anos sesenta. Crean tamén unha sucursal en Santiago de Compostela chamada *Maquinaria Agrícola del Noroeste (MAGRINO)*, e que na actualidade constitúe o maior grupo distribuidor de maquinaria agrícola en Galiza. A traxectoria de Talleres Breamo segue elevándose cara 1969 cando se trasladan a unha nave maior, aumentando a produción e o número de empregados ata un máximo de 77 persoas (Vázquez Arias, 2018: 95).



Imaxe 14. Publicidade das cargadores e rotativas Campeva fabricadas por Talleres Breamo S.L. Varios Anos³⁴⁷.

³⁴⁷ Portal web da Asociación Galega de Patrimonio Industrial. Data da consulta (23/09/2019) <https://www.asociacionbuxa.com/>

Comezan a producir máquinas de mallar en serie (dúas ao día) e logo en cadea (cinco ao día) para dar resposta á alta demanda delas. Comezan a vender a todo o territorio do Estado e incluso exportan. Dende 1975 en diante comezan tamén a producir colleitadoras de forraxe para pequenas explotacións, á vez que firman un contrato con *John Deere Ibérica* para servir de apoio técnico para reparar e asistir aos propietarios de tractores John Deere en Galiza.

Para Talleres Breamo, a década dos oitenta tamén son anos de dificultades económicas debido ao estancamento e decrecemento da demanda de tractores e maquinaria agrícola. Embárcanse nunha transformación da empresa, ampliando capital en 1982 a 27,3 millóns de pesetas e recortan o número de empregados. Nos anos noventa proseguen as dificultades para a empresa, apuntando á crise do sector lácteo dende 1993 coa aplicación das cotas da PAC. Non se recuperan e o grupo acaba pechando tras folgas dos traballadores en 1997, cando se dissolve a sociedade. Os restos da empresa serían aproveitados pola súa sucursal MAGRINO de Santiago de Compostela ata a actualidade (Vázquez Arias, : 94-99).

Xa por último, analizamos a empresa *Díaz y Prieto S.A.* (DYPSA), con sede en Lugo e tendo a súa orixe nunha empresa do negocio da madeira fundada por Manuel Díaz González en 1957. Coa chegada do segundo socio, Antonio Prieto Arias, amplían capital en 1959 e pasan a denominarse *Díaz y Prieto S.L.* Ao longo dos anos sesenta comezan a abrir talleres para centrar o negocio na asistencia de todo tipo de maquinaria agrícola. Abren sucursais por todo o territorio como en Pontevedra, Coruña, Ourense, Monforte de Lemos, Lalín, Santiago de Compostela e Xinzo de Limia. Para finais dos anos sesenta conseguen a representación dos tractores *Renault* para toda Galiza, polo que se consolidan definitivamente como grupo distribuidor de tractores.

Como outras empresas do sector que vimos no capítulo anterior, diversifican actividades e dedícanse tamén á asesoría técnica para a transformación tecnolóxica das explotacións agrarias. Cara finais dos anos sesenta contan cun equipo de enxeñeiros agrónomos distribuídos por todas as sucursais, conxunto aos xerentes territoriais que coordinan as actividades, así como os comerciais adscritos ás sucursais e por suposto a rede de talleres mecánicos colaboradores. Parte do traballo da asesoría técnica ten a ver coa adopción de técnicas e tecnoloxías que conforman o paquete tecnolóxico das explotacións especializadas na produción de leite. Entre outras, deseño dos sistemas de muxido por tubo ou sala, regadíos e novas instalacións³⁴⁸.

Xunto coa distribución de maquinaria agrícola, comeza a producir tamén maquinaria propia dende 1972, cando participan da creación de *Anvaso S.A.*, unha filial destinada á produción de apeiros, carros e cisternas de xurro. Xunto coa anterior, participan tamén en 1973 da creación de *Motomaquina S. A.*, un grupo de distribuidores de todo o Estado cunha sede central en Madrid. Editan tamén por ese tempo a súa propia revista de publicidade co primeiro número saído do prelo en xuño de 1973

e co nome de *Revista Informativa del Grupo de Empresas M. Díaz Y Prieto S.A.*³⁴⁹. Ao igual que *Auto Avión*, en 1974 chegan a un acordo coa *Comercial Bertolini S.A.*³⁵⁰ para producir moto-segadoras baixo licencia en Lugo dende 1974, dado as enormes expectativas da demanda desta maquinaria en Galiza que, segundo os informes propios do grupo DYPSA,



Imaxe 15. Publicidade de tractores Renault. Revista Díaz y Prieto. Varios anos. Fonte: BNE.

³⁴⁸ Entrevista José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

³⁴⁹ Revista Díaz y Prieto S.A. Fonte: BNE.

³⁵⁰ Distribuidora para toda España do grupo italiano Bertolini dende 1961.

rapidamente superaría á capacidade de produción da fábrica de Lugo³⁵¹. Finalmente, para 1975 acaban conseguindo a distribución oficial dos tractores *Renault* para todo o Estado, aínda que a fábrica de *Renault* de Burgos pecharía para 1978.



Imaxe 16. Probando tractores Renault no concesionario de DYPSA en Lugo. 1979³⁵².

A empresa sitúase entón entre unha das máis importantes distribuidoras e produtoras de maquinaria agrícola en Galiza durante os anos setenta e oitenta. Participan das feiras agrícolas e de exposición de maquinaria agrícola como a *Feria Internacional de Maquinaria Agrícola* (FIMA) de Zaragoza, así como tamén na feira agrícola internacional de Verona. Mais, como xa vimos noutros casos, a progresiva contracción da demanda de tractores nos anos oitenta forza á empresa a re-dirixir o negocio cara a venda de maquinaria de obra pública e a vehículos industriais como *IVECO* ou *Land Rover*. A empresa non se recupera da crise económica dos oitenta e acaba pechando definitivamente en 1997³⁵³.

³⁵¹ Revista Díaz y Proeto S.A. Nº 13, xullo - agosto de 1974. Fonte: BNE.

³⁵² VIVANCOS PUENTE, J.J. Colección fotográfica 1940-1996. Fotografías de Díaz y Prieto. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

³⁵³ Entrevista José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

3.6. Balance do terceiro capítulo.

Neste terceiro capítulo analizamos a moto-mecanización da agricultura en Galiza no marco do paradigma tecnolóxico da agricultura industrial. Fixémolo facendo fincapé nas políticas de concentración parcelaria, de innovación e de financiamento da moto-mecanización. Por un lado, a concentración parcelaria buscou corrixir, dende a perspectiva do Estado, o que era unha desfavorable distribución e dimensión das parcelas agrícolas en Galiza. Porén, tal e como se levou a diante non arranxou a totalidade dos problemas derivados da pequena dimensión das parcelas. De feito, as comunidades labregas rexeitaron o que consideraban unha agresión do Estado ao seu ordenamento social, mais con pouco éxito nalgúns casos. O que era unha política certamente agresiva, mudou cara outra de desenvolvemento agrario para os anos setenta. Pasouse entón do *Servicio de Concentración Parcelaria – Ordenamiento Rural*, ao *Instituto Nacional de Desarrollo y Reforma Agraria*. Se ben, as políticas seguiron sendo similares ás anteriores, e en xeral mantívose a retórica tecnocrática sobre o minifundio máis alá da Ditadura. Por outra parte, o sistema de innovación do Estado delegou, salvo a través dos cursos de Promoción Profesional Obrero, as funcións de innovación e de transferencia tecnolóxica na agricultura. O INIA non volveu a retomar as funcións dos Campos de Demostración, e o SEA mantívose nun papel de acompañamento da moto-mecanización. Por outra banda, a política de financiamento da moto-mecanización, a través do *Banco de Crédito Agrícola*, alcanzou unhas dimensións e importancia considerables ata finais da década dos setenta. Se ben, o seu impacto foi relativo nos pequenos produtores en Galiza.

Por outra banda, o mercado de maquinaria continuou medrando, tanto o da produción como o da distribución de tractores ata mediados dos anos setenta, cando entrou en depresión debido aos efectos da crise económica internacional de 1973. Mais tamén ao retroceso da demanda de tractores novos. As grandes empresas de produción, xunto coas distribuidoras entraron nunha fase de re-estruturación nos anos oitenta da que a maioría non se logrou repoñer. Polo que acabaron pechando nos anos noventa, ou ben, pondo punto final á produción de tractores en España. Para ir pechando o balance, podemos amosar agora a seguinte táboa para ollar con claridade a evolución do número de tractores en Galiza durante o período estudado.

Táboa. 60. Parque de tractores de rodas entre 1964 e 1981.					
Ano	Galiza (unidades)	%	España (unidades)	%	Galiza/España
1964	2.140	100	123.581	100	1,73
1965	2.977	139	140.698	114	2,12
1966	4.289	200	160.988	130	2,66
1967	5.832	273	182.220	147	3,20
1968	7.446	348	203.430	165	3,66
1969	9.285	434	228.212	185	4,07
1970	10.744	502	247.211	200	4,35
1971	12.563	587	268.194	217	4,68
1972	15.938	720	290.513	235	5,30
1973	18.380	859	313.170	254	5,86
1974	22.268	1.041	337.170	273	6,60
1975	26.530	1.231	356.888	289	7,38
1976	29.964	1.400	380.224	308	7,88
1977	34.403	1.608	400.432	324	8,59
1978	40.686	1.901	433.594	351	9,38
1979	47.584	2.224	466.168	377	10,21
1980	54.118	2.529	499.263	404	10,84
1981	59.380	2.775	522.992	423	11,35

Táboa de elaboración propia a partir de (Colino, 1984: 70).

Os datos da táboa anterior pensamos que son suficientes para comprender a evolución frenética da introdución de tractores ao longo dos anos setenta. Década verdadeiramente central da moto-mecanización da agricultura en Galiza. Xa que si ben, pártese dun número relativamente baixo de tractores en 1964. As porcentaxes galegas de tractores sobre o total español elévanse do 1,73% no primeiro ano ata o 11,35% en 1981. Porcentaxes que probablemente seguirían aumentado nos seguintes anos.





*“El orden económico del agricultor,
también se altera al cambiar sus métodos de trabajo.
Ya no puede seguir haciendo las cuentas de la labor
contando los celemines que necesita para la cuadra,
porque ahora, el tractor se alimenta con gasolina y con aceite,
que ya no se produce en la finca.
Sobrarán piensos, pero faltará dinero;
habrá que vender grano o reforzar las reservas de numerario
si el ganado de trabajo se sustituyó por otro de renta,
que a la vez de transformar los productos del suelo en otros exportables de origen animal
proporcione la materia orgánica fertilizante en cantidad,
cuanto menos, igual a la obtenida de las yuntas.
Tampoco será ya fácil, al menos mientras la mecanización se desarrolla, salir de apuros,
vendiendo una yunta cuando está encerrada con otras varias entre los cilindros del tractor.”*

*El Tractor.
(Aranda Heredia, 1934: 15).*

CAPÍTULO 4

VÍRACHE O TRACTOR NA EIRA?

MOTO-MECANIZACIÓN DENDE ABAIXO

O obxectivo deste capítulo é analizar dende abaixo os procesos de moto-mecanización da agricultura en Galiza. Para iso, recorreremos ao traballo de campo que levamos a diante no Concello da Baña (A Coruña)³⁵⁴. Un termo municipal eminentemente agrícola e moi afectado pola perda de poboación nas últimas décadas. Vexámolo na seguinte táboa.

³⁵⁴ O Concello da Baña (98,2 km²) estaba formado por 16 freguesías e 104 lugares na súa fundación en 1836. Na actualidade son só 15 freguesías ao fusionarse dúas delas a comezos do século XX. De entre esas quince analizamos aquí as de Santo Antón, Laiosa e San Lois (nomes ficticios). O Concello linda con Santa Comba, Val do Dubra, Ames e Negreira. (Pernas Oroza e Pose Antelo, 1997: 373).

Táboa 61. Evolución da poboación do Concello da Baña, da freguesía de San Lois e da aldea de Nocedo. (1970-2010).	
Concello da Baña	
	Poboación
1970	8,238
1981	7,913
2000	5,324
2010	4,320
Freguesía de San Lois	
	Poboación
1981	773
2000	539
2010	474
Aldea de Nocedo	
	Poboación
1981	206
2000	163
2010	141

Fonte: Varias³⁵⁵.

En realidade, o traballo de campo, entrevistas e anotacións variadas levámolas a diante na aldea de Nocedo, unha das que compoñen a freguesía de San Lois que, xunto coa freguesía da Laiosa e de San Antón, suman tres das quince freguesías do Concello da Baña. Na seguinte táboa podemos ver un resumo clasificatorio de tódalas casas de Nocedo divididas polo número de vacas que traballaron de media aproximadamente entre 1970 e o ano 2000. Tamén se amosa a data aproximada da compra do primeiro tractor.

Táboa 62. Data da compra do primeiro tractor nas casas da aldea de Nocedo, freguesía de San Lois (A Baña) entre 1970 e o ano 2000.		
Casas de Nocedo	Modelo de tractor	Ano da compra (aproximado)
De 1 a 3 vacas		
Domingos	Tractor articulado	1996
Martiña	Ebro de segunda man	1988
Mariñana	-	-
Alfredo	Tractor articulado	1999
Genucho	-	-
Pacita	-	-
Caseira.	-	-
De 4 a 6 vacas		
Amaro	John Deere de segunda man	1986
Tito	Ebro de segunda man	1985
Amelia	-	-
Duque	-	-
Coxa	Ebro de segunda man	1983
De 7 a 9 vacas		
Gaspar	Ebro de segunda man	1985
Onésimo	Ebro de segunda man	1987

³⁵⁵ Para 1981: Enquisa sobre infraestruturas e equipamento local. Arquivo do Concello da Baña. Para 1970, 2000 e 2010 o IGE e INE.

Francés	Ebro de segunda man	1987
Patricia	Ebro	1980
Saladino	Ebro de segunda man	1986
Máis de 10 vacas		
Valín	Ebro	1979
Galán	Ebro	1974
Sens	Ebro de segunda man	1984
Panadeira	Ebro de segunda man	1980
Remiro	Ebro de segunda man	1988
Carpinteiro	Ebro de segunda man	1988
Mirucho	Ebro de segunda man	1987

Fonte: Traballo de Campo³⁵⁶.

En total foron 24 casas con vacas. Na Actualidade só se mantén aberta a explotación de Onésimo, aínda que á espera de pechar por xubilación nos próximos anos. Polo demais, como podemos ver, só tres casas mercaron os tractores novos. As cales, correspóndense coas casas máis fortes do lugar. Fano entre 1974 e 1980³⁵⁷. O seguinte grupo de casas que mercan tractores fano ao longo da década dos oitenta, aínda que de forma concentrada no segundo lustro. Fano en total 12 das 24 casas. Por último, só dúas casas mercan tractores articulados antes a fins dos noventa. Destacan, por outra parte as 6 casas de 24 en total que non mercaron tractor antes do ano 2000. Nalgúns casos fixérono despois, mais por motivos que non teñen que ver cunha explotación gandeira. En xeral, tratáronse sempre de casas xa desvinculadas do traballo gandeiro antes do cambio de século.

O que imos ver neste capítulo é como na aldea de Nocedo, como no resto das aldeas das freguesías da Baña e incluso da Comarca de Barcala, as comunidades labregas experimentan un proceso de especialización produtiva leiteira entre 1960 e 1990. Aínda que realmente os anos centrais do proceso de moto-mecanización circunscríbense fundamentalmente á década dos setenta e dos anos oitenta. Ao longo deste tempo, as transformacións do mercado agrario e das políticas estatais cara o fomento da industrialización da agricultura, levou a estas comunidades labregas a afrontar importantes

³⁵⁶ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Tamén con Pancho e Divina. Traballo de campo. (2018, 2019).

³⁵⁷ A casa da Patricia defínimola como casa forte, a pesar de ter 9 ou menos vacas no período de 1980 a 2000. Mais como imos ver, tratábase certamente dunha casa forte na aldea, a cal, chegou a ter en muxido máis de 30 vacas a mediados dos anos setenta. Foran tamén das primeiras casas en ensilar, e manexamos máis de 10ha en propiedade entre labradío e monte. Alén das que arrendaban. Mais para os anos oitenta, a maioría dos fillos casan para fóra da casa e, o matrimonio residente, decide ir vendendo nas vacas. Fonte: Diálogos mantidos con Pancho. Traballo de campo (2018, 2019).

cambios nas súas formas de organización sociais de produción. Con todo o que isto significou en termos de transformacións sociais, económicas e culturais.

Este proceso anteriormente descrito non é en termos interpretativos algo novidoso, dado que xa o ten sinalado para outros contextos Iturra (1988) e Cardesín (1992) para a freguesía de Vilatuxe, no Concello de Lalín (Pontevedra), e a freguesía de San Martiño, no Concello de Castro de Rei (Lugo). En ambos casos, a especialización produtiva leiteira na que se embarcan forzan ás casas labregas á unha intensificación das formas de produción, así como a unha serie de cambios tecnolóxicos na busca de satisfacer a súa capacidade de consumo nas novas condicións do mercado no que se inxiren. Os tractores, a instalación de sistemas de muxido e a estabulación gandeira permiten así incrementar a produción, mais tamén a costa dun incremento dos custes de produción que teñen que ver no posterior forte éxodo rural que afecta a eses lugares. Nos anos oitenta e noventa, as casas labregas mellor consolidadas con para o mercado, afrontarán novos retos nos que a capacidade de reter traballo familiar na casa será un factor fundamental. É dicir, logrando que algún fillo ou filla casase na casa para dirixir a explotación, unha vez que a nai e o pai se fixeran maiores e se xubilasen. De non conseguilo, o peche por xubilación, ou ben a emigración, ou ben o traballo noutro sector da economía constitúen as alternativas para a maioría dos que non manteñen unha explotación leiteira nas aldeas (Cardesín, 1992: 28-29) (Iturra, 1988: 20).

Dentro deste marco teórico que acabamos de esbozar, imos analizar ao longo deste capítulo como encaixan os procesos de moto-mecanización nas lóxicas de reprodución das freguesías analizadas do Concello da Baña. Mais tamén imos recorrer, para completar o panorama, a numerosas referencias a outras investigacións que realizaron traballos de campo noutros puntos da xeografía galega. Alén das xa citadas, por exemplo e para a Mariña (Lugo) en Díaz Geada (2013); para Friol (Lugo) en Fidalgo Santamariña (1987); ou para Trazo (A Coruña) en Sixirei Paredes (1982). Xa por último, en perspectiva internacional interesounos a comparativa co traballo feito para a aldea de Fontelas, en Tras os Montes, (Portugal) feita por O'Neill (1984), así como para unha freguesía do Condado de Kerry (Irlanda) feita por Shutes (1989). Todas estas referencias axudaranos a explicar o proceso de moto-mecanización de agriculturas en vías de especialización leiteira, explicando os quen e os porqués dos cambios; os que, como e o onde; os propios cambios da organización do traballo labrego e por último, os efectos resultantes do proceso para a década dos noventa.

4.1. O quen e os porqués.

Imos comezar proporcionando unha serie de datos xerais para situarnos. A nivel cronolóxico, ao igua que sinala Soto, a chegada dos tractores a Galiza comeza a producirse lentamente dende a década dos sesenta. Mais será para a década dos setenta e oitenta cando se introduzan a maior velocidade. A nivel xeográfico, son as provincias da Coruña e Lugo, segundo Soto, as primeiras onde máis rapidamente aumentan os índices de motomecanización na agricultura. De feito, ámbalas dúas superan a media española de número de cabalos de vapor por hectáreas de SAU en 1966, A Coruña, e en 1968, Lugo. Tanto Pontevedra como Ourense só superarían a media española en 1972 e 1977 respectivamente. Esta primeira afirmación, ademais, viría apoiada polo feito de que son as provincias do norte galego onde maior número de explotacións hai de máis de 10ha. Polo tanto, e acorde ao que se presupuña, confirmase que a introdución de tractores prodúcese máis rapidamente nas agriculturas de explotacións máis grandes (Soto, 2006: 443-449)³⁵⁸.

Se ben, estas grandes explotacións hai que entendelas en Galiza en termos relativos respecto ao marco español. Soto amplía ademais esta afirmación ao conxunto das agriculturas atlánticas das que viñemos referíndonos na tese ate o de agora. É dicir, as provincias de Oviedo, Cantabria, Bizkaia e Guipuzkoa (Soto, 2006: 447). Polo concreto, as estruturas agrarias do noso caso de estudo, o Concello da Baña, poden servirnos para ter en conta esa relatividade. Concretamente, na Baña cénsanse en 1962 un total de 1,790 explotacións. As cales repártense unhas 14,520 parcelas nun total de 7,809ha de terra de uso agrícola. Concretamente, 1,825ha labradas e 5,957ha sen labrar. Sobre o tamaño desas parcelas, só 111 eran maiores a 5ha, e preto de 10,000 parcelas tiñan menos de media hectárea. Dez anos despois, para o censo de 1972 o número de explotacións tíñase reducido a 1,267. Das cales ao redondeo de 1,000 explotacións tiñan menos de 3ha en propiedade³⁵⁹. Todos estes datos indican as condicións desfavorables coas que comezan de partida as familias labregas na Baña, dado

³⁵⁸ David Soto comenta que non é o número de máquinas o único termo que hai que considerar, dada a potencia moi diversa dos tractores. Tampouco o número de hectáreas labradas por tractor é o índice máis axeitado para avaliar a incidencia da modernización en termos comparábeis (aínda que tamén dá un resultado moi favorábel á agricultura galega). Máis significativo é o índice que mire o número de cabalos de vapor por hectáreas de SAU (Superficie Agraria Utilizada) (...) Os índices de mecanización, dos tractores e motocultores da agricultura galega superan a media española dende 1968, chegando a ser o 268% da media do Estado en 1979 (Soto, 2006: 445).

³⁵⁹ Censos de 1962, 1972. INE.

que as estruturas agrarias non parecen ser o mellor escenario para a obtención de elevadas producións leiteiras. En consecuencia, tampouco semellan ser a distribución de parcelas máis adecuadas para a introdución da custosa maquinaria agrícola e os tractores.

4.1.1. Pioneiros, casas fortes e atrevidos.

A chegada dos primeiros tractores en Galiza está ligada á figura dos pioneiros. Suxeitos que innovaban porque querían, mais sobre todo, porque podían. Cumpre lembrar que a forma común de adquirir tractores ata comezos dos anos sesenta era a través dunha adxudicación do POAT. Tendo en conta a discriminación política da Ditadura con para os pequenos propietarios, cabería destacar que os suxeitos de innovación preferente da Ditadura, como diría Fernández Prieto (2007), eran pioneiros como Joaquín Goyanes ou Antonio Fabeiro a fins dos anos cincuenta en Galiza. Grandes propietarios ou persoas con influencia política e beneficiados polo POAT³⁶⁰.

O primeiro caso que imos analizar lévanos á vila coruñesa de Negreira, onde Antonio Fabeiro García, membro da familia dos Fabeiro de Negreira³⁶¹, solicita entre 1958 e 1959 unha subvención ligada a un *Grupo Sindical de Colonización (GSC)* para levar a diante no monte do Gorgal, unha explotación gandeira de carne. Con tal motivo, escribíalle ao *Ministro de Agricultura* o 27 de novembro de 1958 para preguntarlle polas posibilidades de adquirir un tractor mediante o POAT xa que, segundo a carata de Antonio: “*Hay rumores que salvo usted lo ordene, no hay tractores para Galicia*”³⁶². Finalmente, en 1959 Antonio facía chegar o primeiro tractor á vila de Negreira. No proceso, participara tamén o axente de extensión local, Amador Rodríguez Troncoso, quen acompañara a Antonio a unha explotación piloto na Pontenova (Lugo), e dende onde Antonio saíra definitivamente convencido para mercar un tractor Zetor 25³⁶³.

³⁶⁰ O mesmo ocorría fóra de Galiza. Tal é o caso que analiza a antropóloga Hardin en Ibiecas (Aragón), onde os grandes propietarios recorrían ao POAT para pagar menos polos tractores que no mercado libre. Pola contra, prexudicados e excluídos do programa, aos pequenos propietarios non lles quedaba máis remedio que mercar os tractores con prezos máis elevados ou de segunda man (Hardin, 1999: 126-127).

³⁶¹ Antonio Fabeiro era membro da familia Fabeiro. Unha importante estirpe política no Concello de Negreira dende a Restauración. Os seus antepasados obtiveran o bastón de mando do Concello en varias ocasións (Liñares Giraut, 1986: 158).

³⁶² Adjudicación de tractores de rodas. DGA (11. 1.6, 61/2526) AGA.

³⁶³ Entrevista a Amador Rodríguez. Feita por Bruno Esperante (12/05/2017). Ademais, no ROMA da Coruña aparece efectivamente o nome de Antonio Fabeiro rexistrando un tractor Zetor 25 en 1959. Fonte: Xunta de Galiza.

Outro pioneiro con influencias políticas e embarcado en proxectos de GSC era o caso de Joaquín Otero Goyanes. Neste caso, militar e conspirador contra a II República, foi ademais encargado de dirixir a Deputación da Coruña tralo levantamento do 18 de xullo de 1936. Facendo fortuna en distintos proxectos empresariais na posguerra tanto no volframio como nas conserveiras, embarcárase a fins dos cincuenta nun proxecto de GSC para montar unha explotación de carne na illa de Sálvora³⁶⁴. Con tal obxectivo, fariase con outro Zetor 25 que rexistra no ROMA da Coruña o 17 de setembro de 1960³⁶⁵.



Imaxe 17. Tractor Zetor 25 abandonado na illa de Sálvora. 2013³⁶⁶.

Alén destas persoas pioneiras e das súas experiencias un tanto illadas, o certo é que a chegada dos tractores ás aldeas tiña máis a ver co que ocorría na aldea de Nocedo, freguesía

³⁶⁴ A illa de Sálvora fora expropiada polo Estado á familia Otero-Goyanes en 1904. En 1958 Joaquín Otero-Goyanes mercou a illa por 1,294,758 pts. O Estado cedeulla en réxime de usufruto por 99 anos. En 1960 Joaquín Otero-Goyanes reconstruíu as instalacións da illa, levaban un tractor e un xerador eléctrico, xunto coa construción de almacéns e un lavadoiro. Todo financiado polo INC. A illa, que estivo habitada ata 1972 e onde había 8 hórreos e 1 pazo, foi adquirida por Caixa Galicia en marzo de 2007 por 8,5 millóns de euros, exercendo o dereito de tanteo o Ministerio de Medio Ambiente. Na actualidade, a Xunta de Galiza figura como titular da mesma dende o 1 de xullo do 2008. Fonte: <http://www.diariodeferrol.com/opinion/henrique-dacosta/ai-salvora/20160907221053165298.html> (https://es.wikipedia.org/wiki/Isla_de_S%C3%A1lvora)

³⁶⁵ De novo, localizamos o rexistro de Goyanes no ROMA da Coruña. Fonte: Xunta de Galiza.

³⁶⁶ Wordpress. Data de consulta (24/09/2019) <https://nosinmishijos.files.wordpress.com/2013/07/046.jpg>

de San Lois, na Baña. Alí, a mediados dos anos setenta os primeiros tractores chegaron da man das casas fortes do lugar³⁶⁷. Concretamente polas casas de Galán e da Patricia en 1974 e 1980 respectivamente. Esta última sería a primeira tamén en ter centro de frío propio, e parte da súa boa posición económica na aldea viña da venda ao por maior de viño e bagazo que traían do Ribeiro (Ourense). Por outra banda, os da casa de Galán eran coñecidos na contorna polo negocio de bois de empreño que tiñan, e cando mercaron o primeiro tractor, usárono tamén durante anos de arrendo ao resto das casas do lugar³⁶⁸. Estas casas fortes cumprían a función da innovación nas súas comunidades. A súa funcionalidade social percíbíamola mellor a través do que nos contaba José Alonso, distribuidor de maquinaria agrícola da empresa DYPSA en Santiago de Compostela:

“O que comprou o tractor por primeira vez seguro que tiña na aldea, ao mellor, xa algún tractor. Quitando aos primeiros que foron que tiveron que arriesgar máis. Pero despois dos anos sesenta en diante, nos setenta e nos ochenta xa tiñan veciños que tiñan unha marca ou outra. Xa sabían como lles iba, a forza que tiña o tractor, o consumo que tiña o tractor, as facilidades que tiñan para reparar ese tractor, os repuestos que había dese tractor, o trato que tiña coa casa, entón xa levaban un montón de datos para poder decidir por un ou por outro. Porque cando eles iban pedir as ofertas ás feiras ao mellor eramos 10 ou 12 competidores, e eles non lle pedían ofertas mais que a dous ou tres. Digamos que se acercaban ás ofertas que querían ter”³⁶⁹.

Casas como as de Galán ou as de Patricia víanse ademais beneficiadas polo trato favorable que lles proporcionaba tanto o mercado como o Estado para serviren de proxectos piloto de cambio tecnolóxico. Este proceso explica Iturra para a súa freguesía de Vilatuxe, onde describe como o grupo Nestlé escollía a dous homes da freguesía, o Panadeiro e o Eligio, polas súas especiais aptitudes para serviren de modelos innovadores. É dicir, ambos manexaban diñeiro, eran coñecidos na contorna e podían manexar certos números e xestións administrativas (Iturra, 1988: 40) O mesmo, que ocorría coas casas de Patricia e Galán na aldea de Nocedo. Nun caso porque ademais das vacas vendían viño e pensos e, noutro caso, porque tiñan bois de empreño que arrendaban. Por outra banda, Claudio da freguesía de Santo Antón, na Baña, conta así como eran as escollas selectivas para a innovación inicial nas aldeas.

³⁶⁷ Cronoloxía que coincide coa de Cardesín para a freguesía de San Martiño, Castro de Rei (Lugo), onde as casas de nivel técnico alto mercan os tractores entre 1970 e 1975. Son tres casas que o fan respectivamente entre 1970, 1972 e 1975. Casas de Alberto, Bouzas e Couto (1992: 34).

³⁶⁸ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019). Diálogo mantido con Pancho. Traballo de campo (2018, 2019).

³⁶⁹ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

“Era unha persoa moi recorrente para a parroquia, que foi unha persoa que iba avanzada, que se valiu daqueles plans que...había uns plans especiais do Estado (...) Collían unhas explotacións unha xente que tiña terra, e facían deles unhas explotacións piloto pa que os outros....e de feito así foi. Así foi que esa explotación foi a que valiu de referencia pa....aquí en Santo Antón. Ese foi un dos primeiros que se acolliu aos plans de abandono. Aghora témoslle nós a terra precisamente. Os fillos estudiaaron carreira e esa explotación non existe. Aghora só existe na parroquia eeehhh..... vamos a ver, existe unha explotación de carne, existen catro explotacións de leite, ou cinco. Dúas que aghora están segregando, dúas en ecológico, e tres en intensivo”³⁷⁰.

Ao rematar a regulación da oferta de tractores, o factor económico foi adquirindo unha maior importancia a costa do político para explicar a maneira na que se introducían os primeiros tractores no campo. O obxectivo, era a substitución do traballo familiar pola motomecanización, aínda que si ben, e como veremos máis polo miúdo nos porqués do tractor, tamén había unha vontade de fuxir dun rural e dun traballo agrario percibido como atrasado. Por este motivo, pode explicarse o paradoxo das casas fortes que, sendo das primeiras en innovar, tamén eran das primeiras en abandonar.

No proceso de identificación dos quen, quedanos por último explicar a figura das persoas atrevidas. Aquelas que mercaban tractores sen unha especial influencia política, ou sen unha particular casa forte detrás. Neste caso, a experiencia da emigración dun membro da familia, xunto coa acumulación de capital, bastaba para tomar a decisión. Tal é o caso contado por Mario da freguesía de Laiosa, na Baña, ao ser preguntado polo lugar que ocupaba a súa casa na comunidade.

“Non, do máis pequeno que había.

-P: E logo como compraban un tractor?

-R: Porque meu pai foi arriesgado naquel momento. El estivera no Brasil, el vira outras cousas e naquel momento pareciulle que eso era unha boa inversión. Con tres rapaces cativos, sen saber por onde iban salir os tiros. E dixo que iba compra o tractore e comprouno, pagouno”³⁷¹.

O pai de Mario mercara un *Ebro Super 55* que sería substituído polo seu fillo anos despois por un *Ebro 470* de segunda man. Curiosamente, pagado tamén co diñeiro da emigración estacional en Suíza durante 11 anos. Cabe destacar, no seu caso, que sería a súa muller a que dirixa a explotación na súa ausencia, muxindo e manexando a maquinaria que se ía mercando, xa fora unha rotativa, unha cisterna de xurro ou unha picadora de herba

³⁷⁰ Entrevista con Claudio. Feita por Bruno Esperante (12/05/2017).

³⁷¹ Entrevista con Mario. Feita por Bruno Esperante (22/11/2018).

modelo *Tarup* que servía para facer os primeiros silos³⁷². Por último, outro caso atrevido e ligado á emigración sería a casa de Sens, en Nocedo, freguesía de San Lois, na Baña. Alí, os vellos quedan na casa, namentres a filla, casada, emigra a Venezuela. Só tras volver definitivamente a comezos dos anos oitenta mercan un tractor e deciden especializarse na produción de leite. Sen unha especial posición económica ou social na aldea, a decisión de especializarse a toda costa lévaos a convertese nunha das explotacións de referencia da aldea e da freguesía nos anos noventa³⁷³.

4.1.2. Tractores en común.

Referímonos agora ás formas de mercar e usar tractores en común. É dicir, cando foron mercados por máis dun particular ou tiñan como destino o uso en común da maquinaria. En primeiro lugar, non conviría idealizar demasiado estas fórmulas xa que, como veremos, non sempre se trataron de pretendidas mentalidades cooperativistas e solidarias, senón que máis ben de pasos obrigados para a innovación. En liñas xerais, pódese dicir que cando podían, a tendencia era mercar tractores propios. Nalgúns casos a compra colectiva respondía a adxudicación de tractores por interese político. Un caso vémosto no primeiro tractor censado na Baña a nome de José Castro Guardado, Constantino Currais e Manuel Riveiro. Adxudicábase neste caso o tractor debido á realización da concentración parcelaria nas freguesías de San Xoán de Barcala, na Baña, xunto coa de Santa María de Cobas, en Negreira. O tractor sería de novo un Zetor 25 e aparecía rexistrado no ROMA o 21 de novembro de 1958³⁷⁴. Os propietarios non eran ademais veciños calquera. José Castro era dende 1936 o *jefe local del movimiento* na Baña. Fora alcalde do concello durante a guerra e a posguerra, así como o presidente da *Hermandad Local* da Baña. José Castro era, en palabras do axente de extensión local de Negreira por aquel tempo:

“foi un agricultor, mui paradóxico...(...) El naceu en Señor, no lugar de Señor na parroquia da Baña e acabou casando para o Lameiro (...) E fui o primeiro falanguista según el presumía de España na Habana. Eso era do que presumía el”³⁷⁵.

³⁷² Entrevista con Mario. Feita por Bruno Esperante (22/11/2018).

³⁷³ Diálogos mantidos con Divina. Tráballo de campo (2018, 2019).

³⁷⁴ Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola Provincial. A Coruña. Xunta de Galiza.

³⁷⁵ Entrevista a Amador Rodríguez. Feita por Bruno Esperante (12/05/2017).

Outro dos beneficiados na Baña era Constantino Currais, quen tamén era o *Secretario Sindical Local* xunto con José Castro. Dende 1954, Constantino era igualmente o secretario da recién creada *Sección de Crédito Agrícola (SCA)*³⁷⁶. Por último, Manuel Riveiro pasaba por ser un coñecido propietario abastado da freguesía de Barcala, membro da Comisión Local da Concentración e encargado de agradecer ao Ditador a súa presenza o día do reparto dos títulos da concentración (González, 1997: 40).

Ao marxe destas prebendas políticas, certo que tamén era posible adquirir tractores de forma colectiva por acordo entre veciños, ou por grado familiar, ou por unha vía cooperativista. Tal é o caso por exemplo dos que se asociaban con vínculo familiar de por medio, para declarar grandes superficies de terreo e aumentar así as posibilidades de adquirir un tractor do POAT. Na Baña non localizamos ningún caso, mais si obtemos exemplos en distintos puntos de Galiza. Un exemplo témolo na aldea de Vila de Suso, freguesía de Dodro, Concello de Arzúa (Coruña), na que sabemos que pai e fillo cos nomes de Manuel Sánchez García e José Sánchez Duro, adquirirían un tractor declarando 66ha en propiedade. Polo tamaño seguramente non fosen unha casa modesta do lugar. Declaraban en concreto: 2ha a trigo, 1ha a centeo, 5ha a millo, 7ha a prado e regadío, 4,5ha a prado temporal, 1,5ha a patacas, 3ha a pasto, 12ha de mellorado e 30ha a monte. Todas consideradas de sequeiro excepto 7ha con regadío. En canto ao modelo do tractor, pedían preferentemente un de 25cv, e de marca *Porche* diésel ou ben *David Brown*. Mais a clave desta adxudicación, residía posiblemente nas anotacións que o *jefe agronómico provincial* valoraba no informe de adxudicación. É dicir, sinalábase que o tractor tiña que ser adxudicado dado que os propietarios farían del un uso colectivo e veciñal. Ademais, resaltábase no informe o feito de non existir ningún tractor na devandita freguesía. De novo, aparecía aquí a estratexia da escolla dunha familia do lugar para servir de exemplo ás demais³⁷⁷. Outro exemplo de adxudicación co mesmo razoamento de familia exemplar sería para o Concello de Melide (A Coruña). Alí o tractor ía para un particular que declaraba tan so 8ha e 4 áreas³⁷⁸. O tractor,

³⁷⁶ A constitución da Sección de Crédito Agrícola da Hermandad da Baña foi o 27 de febreiro de 1954. Composta por 217 membros, pediron un crédito de 1,259,696.39pts que logo lle reduciron a 700,000pts concedidas o 27 de xaneiro de 1955. Fonte: Crédito Agrícola en Ayuntamientos de la Provincia de la Coruña. Hermandad de Labradores y Ganaderos (6. 39 /4858) AGA.

³⁷⁷ Adjudicaciones de tractores. DGA. (11. 1.07, 61/3521) AGA.

³⁷⁸ Neste caso, serían declaradas 0,75,05 trigo, 0,30,32 centeno, 0,75,05 millo, 1,60,80 de prado permanente, 1 de planta forraxeira, 1,07,20 de pasto, 0,42,08 de pataca e cultivo hortícola, 2,13,52 de monte transformable. Fonte: Adjudicaciones de tractores. DGA. (11. 1.07, 61/3521) AGA.

apuntaba o *jefe provincial*, faría un bo efecto na súa contorna, segundo aparece anotado literalmente nas observacións do informe de adxudicación. A maiores, seguíase nas anotacións, confirmábase que o titular tiña unha “*probada solvencia moral y material*”³⁷⁹.

Vimos ata o de agora como os usos colectivos do tractor distaban de representar obxectivos solidarios. Pola contra, as adxudicacións a varias persoas que localizamos no POAT sempre ían acompañadas de valoracións da afinidade política dos posibles beneficiarios. De igual xeito, a concesión a varias persoas era unha estratexia para superar as barreiras administrativas. Mais para cando estas deixaron de funcionar, os tractores e a maquinaria comezaron a mercarse de forma colectiva para superar os seus custes iniciais. Por exemplo, para o Concello da Baña (A Coruña), temos o exemplo de Claudio da freguesía de Santo Antón, quen mercaba un tractor de forma colectiva entre veciños nada máis saír dun curso de formación para tractoristas do PPO en Negreira. Mais tamén era certo que non tardaría moitos anos en facerse cun tractor de seu³⁸⁰. Alén dos tractores, a compra e uso en común sería máis típica noutra maquinaria agrícola. Así, era máis habitual a compra en común das cisterna do xurro, ou algúns apeiros como a fresadora ou o arado, a colleitadoras de patacas ou ás empacadoras. Por exemplo, unha única cisterna de xurro podía ser usada por ata 9 casas distintas tanto da aldea de Nocedo como doutros lugares da freguesía de San Lois, na Baña (A Coruña). Mesmamente en Nocedo, a fresadora partillábase por un menor número de casas, entre dúas ou tres, ou por poñer un caso concreto, o das casas de Amaro e Onésimo que compartindo relación familiar partillaban arado e fresadora. Pola contra, só as casas máis fortes do lugar de Nocedo, as xa citadas de Patricia ou de Galán, tiñan case toda a maquinaria de seu³⁸¹.

Outras formas de compras ou uso en común de maquinaria agrícola eran as feitas a través dos organismos do Estado. Por exemplo, a través das COSA, UTECO ou dos GSC. Neste último caso temos un exemplo na compra dun tractor e os seus apeiros en 1963 por parte da veciñanza da freguesía de Negreiros, Silleda (A Coruña) (Lanero, 2011: 528). Igualmente, as cooperativas agrarias eran outra vía máis para a compra e arrendo de maquinaria e tractores. Nalgúns casos para superar as citadas barreiras do POAT. Un

³⁷⁹ Adjudicaciones de tractores. DGA. (11. 1.07, 61/3521) AGA.

³⁸⁰ Entrevista Claudio. Feita por Bruno Esperante (12/05/2017).

³⁸¹ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019). Na mesma liña os apuntamentos de Cardesín en Lugo (1992: 105).

exemplo no caso da Cooperativa do Concello da Capela (Coruña), quen en 1960 declaraban unha extensión total de 400ha entre todos os socios para poder conseguir un único *David Brown* valorado nunhas 248,423pts³⁸².

Porén, estas solucións cooperativistas non sempre saían adiante. Un exemplo malogrado sería o da Cooperativa de Castro, no Concello de Narón (A Coruña). A cooperativa nacera en 1960 co obxectivo manifesto da moto-mecanización do campo. Queríase simbolicamente a redención da vaca polo tractor. Noutros casos falábase de europeizar o campo galego a través da súa mecanización. Con tal obxectivo, a cooperativa solicitaba en 1961 un crédito de 10 millóns de pesetas ao SNCA a través do seu presidente Jerónimo Fernández Pita. A expansión da cooperativa era un feito entre 1961 e 1965, ampliándose a mesma a outros concellos limítrofes para acadar como obxectivo final unha *Cooperativa Regional de Productores del Campo para Galicia*. O seu presidente relataba ao xornal *La Voz de Galicia* o seguinte acerca dos tractores:

“Empezaron a llegar en 1961 comprados a plazos. Créame usted que el empuje que tiene la mecanización en el Norte de Galicia en relación al resto de Galicia se debe en gran parte a esta Cooperativa. Hemos impuesto la mecanización en base a cobrar 60pts/hora a los socios, y a los no socios a 110pts/hora. Cobrábamos 60pts/hora cuando incluso organismos oficiales estaban cobrando 125pts/hora y algunos particulares hasta 200pts/hora”.
(Hemeroteca La Voz de Galicia. Edición do 21/04/1965).

Porén, a cooperativa acabaría entrando en quebra entre 1963 e 1964 a causa dunha disputa entre algúns socios e a Directiva da mesma. Mala xestión, desconfianza ou autoritarismo da Xunta Directiva eran as razóns esgrimidas por ambas partes. O resultado sería o embargo en 1965 dos 40 tractores en propiedade.

En calquera caso, estas formas cooperativas de compra e uso de maquinaria agrícola serían, como veremos máis adiante, minoritarias fronte á compra individual de tractores. Ademais, as fórmulas da Ditadura como as *Hermandades*, COSA, UTECO ou GSC acabarían rematando co propio réxime, dando paso a unha transformación e adaptación dos marcos legais de cooperativismo de uso de maquinaria agrícola ao contexto democrático.

³⁸² Fonte: Adjudicaciones de tractores. DGA. (11. 1.07, 61/3521) AGA.

4.1.3. A frustración dos técnicos: os porqués.

Xa deixamos entre ver ata o de agora algúns dos porqués detrás da compra dos tractores. Nomeadamente, para aumentar a produción ou facer do traballo algo máis cómodo e de prestixio. Mais estas razóns non se entenderían en toda a súa dimensión sen ter en conta o factor variable da disposición do traballo familiar. Factor este último que Cardesín eleva a una posición dominante para explicar as formas, dimensións e direccións das producións agrarias familiares (1992: 100-102).

Tido en conta o factor dominante, entenderíase mellor os sentidos da moto-mecanización para intensificar e aumentar a produción. Obxectivos que non tiñan por que ir collidos da man. Por exemplo, podía-se moto-mecanizar só co obxectivo de intensificar a produción por unidade para atender precisamente a falta de traballo familiar. Unha situación que atopamos na aldea de Nocedo, na Baña, e que se repite en tantos outros exemplos ao longo do territorio galego. A saber: a comezos dos anos oitenta a casa de Amaro estaba composta por unha muller viúva, un matrimonio de mediana idade e tres fillas. Dúas delas recentemente casadas e co obxectivo de emigrar. Por outra banda, a terceira filla aínda non podía traballar por ser unha meniña, mais co tempo, acabaría casando igualmente para fóra. Nese contexto, a moto-mecanización para a intensificación do traballo sen aumentar a produción era un obxectivo buscado polo matrimonio de mediana idade que ficaba na casa xunto coa viúva. Sen expectativas a longo prazo para continuar coa explotación, o aumento da produción non interesaba ao matrimonio, polo que lles basta con mercar un tractor de segunda man en 1986 para cubrir tan só o traballo das fillas emigradas, á vez que completan os ingresos da casa coa pensión da viúva. Desa forma consolidábanse cunha explotación básica de entre 4 e 6 vacas de leite que pechan dez anos despois³⁸³.

O mesmo ocorre nos exemplos que Díaz Geda enumera dentro da lóxica do aforro de traballo (2013: 224-238). Algúns concretos, por exemplo, no análise de Fidalgo Santamariña que fai no seu traballo de campo no Concello de Friol (Lugo), entre 1980 e 1981. Alí, sen ter actuado a concentración parcelaria como en Nocedo, e sen especialización leiteira, as casas embárcanse igualmente na compra de maquinaria para afrontar a perda de traballo familiar na emigración, e non tanto buscando un aumento da produción. O que si habería, apunta Fidalgo, sería unha intensificación da produción nas parcelas, cousa que se

³⁸³ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

aprecia pola redución do número de terras traballadas unha vez moto-mecanizadas as labores. Neste caso, facer o traballo moito máis agradecido aparece como unha motivación a ter en conta (Fidalgo Santamariña, 1987: 101-103). O exemplo de Fidalgo lévanos a afirmar que a moto-mecanización non require necesariamente dunha base territorial ou dun número de vacas determinado. Bastaba, como analiza Cardesín, das decisións reprodutivas dos grupos domésticos tendo en conta a dispoñibilidade de traballo familiar nas casas da freguesía de San Martiño (1992: 116-124).

Por outra banda, as casas labregas que si buscaban aumentar a produción, ademais de intensificar o traballo, adoitaban ser casas con proxectos de futuro a máis longo prazo. Sobre todo, trátase de matrimonios novos e con fillos ou perspectiva de telos que puideran quedarse coa explotación trala súa xubilación. Dous exemplos atopámoslos na Baña nos casos de Claudio da freguesía de Santo Antón, e de Mario na freguesía da Laiosa. No caso de Claudio, este era o penúltimo máis novo de cinco irmás. Os seus irmáns máis vellos emigran ao estranxeiro. Outro irmán, maila única irmá que tiña cásanse para fóra da casa, ao igual que o fai o outro irmán máis novo ca el. Claudio quédase así na casa familiar. Onde contrae matrimonio e dirixe xunto coa súa muller os investimentos na súa explotacións para intensificar e aumentar a produción. Ao igual ca el, Mario da freguesía da Laiosa sería outro exemplo similar. Tendo irmáns que casan para fóra, el é o único que fica na casa xunto coa súa muller. Dende entón, emigra a Suíza de forma estacional. Cando comeza a ter fillos embárcase nun proxecto de investimentos e endebedamentos temporais tanto para intensificar como aumentar a produción da súa explotación. Neste contexto, cabe sinalar, o endebedamento non sería cousa mal vista, como sinala o propio Mario a pesar do risco. Cóntanolo así ao redor das reformas que facía na súa casa e na súa explotación.

“Amañei a primeira fase da casa que era botarlle, sacarlle os teitos, as placas debaixo xa non, que eran de ladrillo, que xa lla botaran meus pais, pero a de arriba era de madeira. Entonces houbo que sacar teito de madeira, placa de madeira e botarlle todo un hormigón e darlle un adementamento á casa. Iso fui o primeiro. E despois, pedindo un crédito, amais a pasta que eu tiña, fixen esa cuadra, amais comprei o tractor. Isto xa, o ano que eu vin pa aquí. Non sei si no mesmo ano pero o ano seguinte. Alí xa tiña muitas vacas, aquilo xa non tal e amais había que seguir medrando. Que non era.....había que facer máis cousas. Entonces iso xa fui cando fixemos a cuadra para 40 vacas”³⁸⁴.

³⁸⁴ Entrevista a Mario. Feita por Bruno Esperante (22/11/2018).

O caso de Mario da Laiosa reproducécese noutros tantos casos en Galiza. De feito, encaixa perfectamente co grupo dos emigrantes estacionais que invisten os aforros na casa, e que identifica Sixirei no seu traballo de campo para a freguesía de Xavestre, Concello de Trazo (Coruña) (Sixirei Paredes, 1982: 108-109). No caso de Mario, efectivamente casa e convértese durante anos nun emigrante estacional, que vai investindo os aforros e as vacacións de inverno para ir construíndo e arranxando a explotación. Aos poucos vai metendo bloque de formigón e construíndo as fosas do xurro. Aproveita a maiores para asistir a cursos de formación agraria que se organizaban sobre ensilado, muxido, limpeza ou praderías por parte do SEA. Durante os once anos que bota emigrado en Suíza nunca desconecta do traballo agrario da casa³⁸⁵.

Este tipo de familias labregas que se especializan na produción leiteira e invisten grandes cantidades de diñeiro na intensificación e aumento da produción, non adoitan atoparse entre as casas máis grandes da freguesía. Aquí entra en discusión o que xa temos denominamos como o paradoxo da casa grande. Un caso paradigmático témolo na aldea de Nocedo, na freguesía de San Lois, na Baña. A casa da Coxa era das máis fortes do lugar, con boas propiedades, panadería e taberna a comezos do século XX. Porén, para finais dos anos oitenta e noventa acaba sendo abandonada polos seus membros que na maioría emigran³⁸⁶. Díaz Geda razoa sobre este paradoxo das casas fortes baseándose nos traballos de Fernández de Rota y Montaner, xunto con Irimia Fernández (1998). Os decididos, segundo Díaz Geda, non adoitan atoparse entre os labregos máis ricos da freguesía, mais tampouco entre os caseiros e bodegueiros. De feito, resulta interesante a percepción que os labregos medios que apostaron pola especialización teñen das casas fortes que, contando con todo o necesario para triunfar, optaron por estratexias de reprodución que os levaron a abandonar a casa da aldea. De aí que as casas fortes viñeran abaixo, independentemente de que os seus membros triunfase fóra da comunidade labrega (Díaz Geda, 2013: 234-235), (Fernández Rota y Montier e Irimia Fernández, 1998: 30-33).

Mais tampouco cumpre idealizar en exceso os porqués enfocados só nos proxectos de intensificación e aumento do traballo agrario. Outros motivos detrás do tractor eran as disputas polo prestixio na comunidade, cousa que no fondo tamén tiña relación coas

³⁸⁵ Entrevista a Mario. Feita por Bruno Esperante (22/11/2018).

³⁸⁶ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

produccións e as posicións sociais das casas na comunidade. Ao respecto, Sixirei no seu traballo de campo na freguesía de Xavestre, en Trazo, compatibilizaba o prestixio coa necesidade de cubrir o traballo que deixan os mozos da freguesía cando emigraban (Sixirei Paredes, 1982: 93). Mais o prestixio, como dicimos, percutía en última instancia a decisión de atrevese pola innovación. Vexámolo por exemplo no caso que nos contaba o axente de extensión de Negreira:

“...En Landeira trouxeron un tractor pra varios do lugar. No lugar había dous líderes. Un era Dorido Forján Mayo que aínda vive ten agora 98 anos e outro era Grille, un tal Grille que ten aínda agora 3 ou 4 fillos veterinarios. O grupo deles, generalmente liderados por Grille, trouxeron un tractor, non sei que tractor foi, por suposto despois do de Fabeiro. (...) O Grille, o grupo que estaba dacordo con el trouxeron un tractor. Entón Dourido non quería ser menos ca eles. Había a rivalidade entre Dourido e el. Entón Dourido trasladouse a Lugo a comprar un tractor. Comprouno el e o cuñado entre dous. Comprárono e pagárono. Resulta que chegou Dourido e...(...) díxolle ó que vendiu o tractor: -Uste sabe conducir o tractor? -No, pero eu non teño problema. Uste ponme un chofer, eu sento detrás del, miro como fai, e tan pronto sepa como se fai e xa collo o tractor e...E así fixo o de Lugo que o que quería era vendelo e púxolle un condutor del e saliu de Lugo por Guntín e, cando viñan por Palas de Rei, aparécelle a policía de tráfico e parouno e claro, el iba sentado no guardabarros e parouno e díxolle o guarda: -E uste como coño vai aí? -E díxolle Dourido: -Coño é meu carallo, e pagueino e como non o vou a levar? E total que Dourido puxéronlle a denuncia e chegou e pasaba por Negreira el, cando chegou a Negreira xa conducía el, xa despedira ao do tractor. E chegou a Negreira todo chulo no tractor e meteuno rapidamente no garaxe, meteuno no taller que tiña e foise pa cama todo cheo, porque era tanto como Grille. Tiña un tractor igual ca el. Pero o carallo e que ao día seguinte viñeron as consecuencias. Quixo sacar o tractor e non foi capaz. E tuvo que tirar cunha coluna do garaxe para sacalo. El agora non o quere reconocer pero acordomo eu que mo contou el e fui así que sacou o tractor. Pero, o peor e que ao pouco rato chegoulle a denuncia de tráfico, e foime a agencia de extensión e presentoume a denuncia e dinxenlle eu: -Pero coño pero tu, viñas conducindo tí? -No eu non viña conducindo. Pois eu díxenlle pois ti non te preocupes, fíxenlle o descargo e claro a denuncia tuvo que pagala o dono do condutor que era o que viña conducindo e pagoulla e fíxolle unha descarga e non pagou nada. Pero o home o que máis lle jodía é que o Guarda Civil ou a policía de tráfico lle dixera como vai uste aí...si é meu carallo que o acabo de comprar. Todo cheo”³⁸⁷.

Como acabamos de ler, a introdución de tecnoloxías por imitación ou prestixio estaban á orde do día para explicar os porqués da adaptación de tractores. Mais como analiza Iturra, tamén había escepticismo e rexeitamento frontal a esas novidades (1988: 43-44). En concreto, porque a introdución de tecnoloxías como a do tractor poñía en cuestión o ordenamento corrente das relacións sociais nas comunidades. Cousa, que non todas as casas estaban pola labor de modificar. Por exemplo, non todas as casas podían nin estaban

³⁸⁷ Entrevista a Amador Rodríguez. Feita por Bruno Esperante (12/05/2017).

interesadas en mercar tractores para enclaustrar ás mulleres nas cociñas das casa³⁸⁸. De feito, todo o contrario. Na aldea de Nocedo, na Baña, eran varias as familias nas que as mulleres dirixían a produción agraria. Tal é o exemplo das casas de Amaro, ou de Sens. Cuestión que ratifica por outra parte O'Neill para a súa aldea en Tras os Montes, en Portugal. Alí, as mulleres, coa excepción das pertencentes ás casas máis abastadas, traballaban conxuntamente cos homes nas tarefas agrícolas. Rapazas e mulleres dirixían as xuntas dos bois, sachaban, labraban na terra e conducían no tractor se facía falta (1984: 151).

Mais tamén é certo que a introdución destas tecnoloxías había que poñelas en relación coa derrota moral e cultural do campo pola cidade. Se como sinalaba O'Neill, o traballo do campo non era considerado deshonoroso nin para homes nin para mulleres (1984: 150-151), Díaz Geda comenta por outra parte como a moto-mecanización tiña tamén un fondo simbólico claro. Comprábase os tractores para facer do traballo algo menos escravo, mais tamén algo menos agrario (2013: 227). Exemplos paradigmáticos desta cuestión recóllíanse en artigos de época como en Ballester Pareja (1966), ou González, P. (1976). No primeiro caso contemplábase ao tractor como un ben mixto de produción e consumo, no que a miúdo as decisións debatíanse entre mercar un tractor ou unha nova televisión (1966: 112)³⁸⁹. No segundo caso, tíñase presente que as persoas non rexeitaban tanto o esforzo físico do traballo, como un estilo de vida tradicionalmente rural³⁹⁰. E apuntaba:

“Es muy posible que inicialmente el joven agricultor esté haciendo una asimilación de ambos conceptos: trabajo mecanizado-estilo de vida urbano” (González, P., 1976: 141).

Os porqués dos tractores podía explicarse pois no ámbito dos sentimentos e das percepcións construídas sobre o traballo no campo. Relacións de prestixio, de sentimentos de superioridade ou inferioridade na comunidade labrega, á cal, non convén idealizar para comprender precisamente estes movementos. Nese ámbito tamén se enmarcan as experiencias traumáticas que nos contan algunhas testemuñas. A decisión de mercar un

³⁸⁸ Sobre a masculinización do traballo agrario e a liberación da muller, tamén se pode ler en Díaz Geda (2013: 241-242).

³⁸⁹ Mesma idea discutida para a introdución de tractores na agricultura familiar en Suecia. Por Carin Martiin na sesión: “From Rural Progress to Agricultural Modernisation: 1918-1960”. Rural History Conference, Lovaina-Bélxica 2017.

³⁹⁰ Sobre as auto-percepcións, e as percepcións construídas do rural sobre o urbano, e viceversa, así como as implicacións de relacións dominantes entre elas no Reino Unido en Williams (2001).

tractor facilitábase pola convencemento final de deixar unhas formas de vida atrás. Por exemplo, como nos conta Mario na freguesía da Laiosa, na Baña, sobre a decisión de seu pai para desprenderse dos cabalos da casa.

“Había un cabalo aquí na casa. O que pasa e que cando eu nacín tivera un problema de ter que salir un día a un médico, porque había que ir a Don Minguitos a Negreira (...). Desde aquí hasta Negreira a cabalo. (...) Tuvera que ir ali, houbera un problema, non sei si era de amígdalas ou de outra cousa. Eu estaba moi mal e chuvia....era un día destes de inverno que temblaba todo. Naquel tempo. E íbamos aí a través do monte cara Baña tirando cara Negreira. E fôramos eu, meu pai metérame alá debaixo dun encerado que era eso, unha peza de pelexo que había por alí que cubría á xente pa que non te mollaras. E entonces levábame así alí acubicadiño debaixo do da encerada e máis el a cabalo. Pa ir a Negreira a cabalo e a chegar alí a pasar o río, con calquera cousa que se lle cruzou diante, tiroume, tiroume, tirounos aos dous. Asustouse e tirounos, e entonces eu tuven que tivemos que volver pa casa e tal e meu pai vendiuno. A raíz deso vendiuno. Non quixo saber máis nada de cabalos”³⁹¹.

En definitiva, a moto-mecanización tivo un variado elenco de factores que explican os porqués da súa introdución no campo. Uns de orde puramente económica, para aumentar ou intensificar o traballo agrario que se debilitaba pola marcha dos máis novos á emigración. Outros, polos motivos que manifestaba o informe do Banco Mundial de 1966, cando certamente se escandalizaban por observar como se mercaban tractores como seguro contra a falta de man de obra, e non co propósito de reducir os custos de produción (Díaz Geadá: 2013: 226). Xa logo, tamén conta os factores socioculturais de prestixio, ou de identidade cultural máis urbana ou menos rural. Ligado a todo iso, os factores que apunta Soto. É dicir, moto-mecanizar as explotacións para traballar menos e reducir a percepción da auto-explotación por parte das comunidades labregas (Soto, 2006: 449).

4.1.4. Os primeiros tractores a través do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola.

Neste derradeiro punto do apartado, imos analizar polo concreto, mais alá dos pioneiros e das motivacións detrás da moto-mecanización, o impacto real dos tractores en Galiza nun estadio cronolóxico temperán como o de 1945 a 1955. Isto é posible, sobre todo, grazas ao análise do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA). Así, unha primeira clasificación dos tractores vémolos na seguinte táboa.

³⁹¹ Entrevista a Mario. Feita por Bruno Esperante (22/11/2018).

Táboa 63. Número de tractores inscritos nos Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola de Galiza. Entre 1945 e 1955.				
Provincia	Tractores para o Estado	Tractores inscritos para persoas	Tractores para empresas privadas	Total tractores inscritos
A Coruña	14	18	1	33
Lugo	14	8	-	22
Ourense	10	3	1	14
Pontevedra	9	12	2	23
Total, Galiza	47	41	4	92

Fonte: ROMA. Xunta de Galiza.

Os datos do rexistro permítenos facer unha aproximación máis detallada tanto dos suxeitos, como dos axentes implicados na introdución de tractores. En liñas xerais, o maior número de inscricións atópase na Coruña, seguido de Pontevedra, Lugo e Ourense. Por outra banda, e como era de esperar dado o estadio cronolóxico temperán, o Estado sitúase como o destino maioritario das inscricións de tractores no conxunto galego, aínda que non así nos casos da Coruña e Pontevedra. Só en Lugo e Ourense se inscriben menos tractores destinados á propietarios que a institucións do Estado. Por último, case de xeito anecdótico son as inscricións a algunhas empresas privadas.

O análise das inscricións a distintas institucións do Estado permítenos coñecer algúns detalles sobre as orientacións produtivas e a dirección das políticas agrarias do momento en cada zona. Por exemplo, na Coruña hai unha maior presenza de inscrición de tractores destinados a institucións e servizos implicados na investigación e innovación en pratenses. Sexa o caso da *Estación de Praticultura y Cultivos de Vega*, localizada na Granxa Agrícola da Coruña; ou ben os catro tractores inscritos tanto no *Servicio de Divulgación de Pratenses*, así como no *Servicio de Semillas Pratenses*; ámbolos dous servizos incluídos no *Plan Agrícola de Galicia* de 1946.

Moto-mecanización, pratenses e orientación gandeira refórzanse na Coruña coas seguintes dúas inscricións en 1954 a nome do *Jefe Provincial de Ganadería* da Coruña. Como no resto das provincias galegas terá presenza igualmente o *Patrimonio Forestal do Estado*, responsable das políticas forestais da Ditadura neses anos e nos vindeiros, así como outros rexistros de tractores a servizos de formación. Tal é o caso das dúas inscricións á *Escuela Provincial de Agricultura*. Por último, a COSA da provincia tamén inscribe tres tractores.

Táboa 64. Inscripción de tractores destinados a institución do Estado na Coruña 1945-1955.	
Ano	Institución
1946	Estación de Praticultura y Cultivos de Vega
1948	Servicio de Divulgación de Pratenses (Plan Agrícola de Galicia)
1948	Servicio de Semillas Pratenses (Plan Agrícola de Galicia)
1949	Servicio de Divulgación de Pratenses (Plan Agrícola de Galicia)
1949	Servicio de Semillas Pratenses (Plan Agrícola de Galicia)
1951	Patrimonio Forestal del Estado
1954	Escuela Provincial de Agricultura
1954	Escuela Provincial de Agricultura
1954	Jefe Provincial de Ganadería de Coruña
1954	Jefe Provincial de Ganadería de Coruña
1954	Cámara Oficial Sindical Agraria
1954	Cámara Oficial Sindical Agraria
1954	Cámara Oficial Sindical Agraria
1954	Patrimonio Forestal del Estado

Fonte: ROMA. Xunta de Galiza.

O caso das inscricións en Lugo destacarían as inscricións de ata tres tractores a nome da Deputación. Estes serían usados nos seus terreos de Castro de Rei. En segundo lugar, aparece o *Patrimonio Forestal del Estado*, seguido de tres tractores para a COSA provincial. Por último, sendo tractores para a UTECO e o *Plan Agrícola de Galicia* destinado para a Pobra de Brollón, e o *Centro de Enseñanza Media y Profesional* localizado en Mondoñedo.

Táboa 65. Inscricións de tractores destinados a institucións do Estado en Lugo 1945-1955.	
Ano	Institución
1949	Deputación de Lugo
1949	Deputación de Lugo
1951	Plan Agrícola de Galicia
1951	Cámara Oficial Sindical Agraria
1952	Cámara Oficial Sindical Agraria
1952	Cámara Oficial Sindical Agraria
1952	Unión Territorial de Cooperativas del Campo
1953	Patrimonio Forestal del Estado
1953	Patrimonio Forestal del Estado
1953	Patrimonio Forestal del Estado
1953	Patrimonio Forestal del Estado
1954	Deputación de Lugo
1955	Centro de Enseñanza Media y Profesional
1955	Patrimonio Forestal del Estado

Fonte: ROMA. Xunta de Galiza.

O caso das inscricións en Ourense destacan dúas especializacións produtivas. Por unha parte a presenza do *Patrimonio Forestal del Estado* e, por outra parte, a inscrición de tractores a servizos vinculados coa produción da pataca en Xinzo de Limia. Fora o caso a

inscrición a nome do *Ingeniero Director para la Siembra*, así como ao propio *Servicio de Siembre de Patata*, como parte da *Delegación de Galicia*.

Táboa 66. Inscricións de tractores destinados a institucións do Estado en Ourense 1945-1955.	
Ano	Institución
1946	Ingeniero Director para la Siembra
1949	Servicio Siembra de Patata (Delegación Galicia)
1952	Patrimonio Forestal del Estado
1952	Patrimonio Forestal del Estado
1952	Patrimonio Forestal del Estado
1952	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Centro Regional de Enseñanza Media y Profesional

Fonte: ROMA. Xunta de Galiza.

Por último, no caso das inscricións en Pontevedra volve a destacar, pero desta vez en solitario o *Patrimonio Forestal del Estado*, seguido de tan só dúas únicas inscricións ao *Servicio de Mejora de las Explotaciones*, na Estrada e ao *Centro Regional de Enseñanza de Lourizán*.

Táboa 67. Inscricións de tractores destinados a institucións do Estado en Pontevedra 1945-1955.	
Ano	Institución
1951	Servicio de Mejora de las Explotaciones
1954	Patrimonio Forestal del Estado
1954	Patrimonio Forestal del Estado
1954	Patrimonio Forestal del Estado
1954	Patrimonio Forestal del Estado
1954	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Patrimonio Forestal del Estado
1955	Centro Regional de Enseñanza

Fonte: ROMA. Xunta de Galiza.

Agora, nunha análise conxunto a escala galega da totalidade de tractores inscritos a organismos do Estado. O resultado sería o seguinte:

Táboa 68. Inscricións segundo tipoloxía das institucións do Estado en Galiza 1945-1955.	
Número de inscricións	Destino tractores.
21	Patrimonio Forestal del Estado.
10	Diputaciones, COSA e UTECO.
5	Servizos do Plan Agrícola de Galicia.

5	Formación e ensinanza ³⁹² .
3	Ingenieros jefes de Ganadería y de Siembra de Patata.
3	Outras institucións e servizos de investigación ³⁹³ .
47	Total

Fonte: ROMA. Xunta de Galiza.

En primeiro lugar, destaca a importancia das inscricións de tractores destinados a reforzar as políticas forestais a través do *Patrimonio Forestal del Estado* cun total de 21 inscricións. A continuación, destaca o grupo formado polos tractores destinados a Deputacións, COSA e UTECO. Máis homoxéneo é o grupo formado polos tractores destinados tanto a servizos relacionados co *Plan Agrícola de Galicia*, como tamén a aqueloutros destinados a servizos e institucións de formación e ensinanza. Algúns dos tractores relacionados con estes servizos inscribíense por exemplo o 3 de setembro de 1948, a nome da *Sociedad de Divulgación Praticultura*, adscrito ao *Plan Agrícola de Galicia*. O tractor, modelo CASE-VA, de 21cv sería destinado a varias fincas sen determinar da Granxa Agrícola da Coruña.

Por último, estimamos oportuno dividir os grupos dos tractores inscritos expresamente a nome dos enxeñeiros xefes a cargo tanto de gandería na Coruña, como da sementeira da pataca en Ourense. O último grupo estaría conformado por variadas institucións precedentes á propia Ditadura, tal é o caso da *Estación de Praticultura de la Granja Agrícola da Coruña*, así como o *Servicio de Mejora de las Explotaciones* e a *Delegación de Galicia do Servicio de Siembra de Patata*.

As inscricións destinadas ás COSA, UTECO e Deputacións podemos rastrexalas ademais a través dos concurso específicos de adxudicación de tractores que destina a tales institucións en 1949. No mesmo, atopamos as solicitudes da Deputación de Lugo que tramita unha solicitude dun tractor para a *Granja Gaioso Castro* (Castro de Rei). Nesa finca, de 300 hectáreas en total, con 100 hectáreas cultivadas solicítase a nome de José María Dadín Tenreiro, a adxudicación dun tractor para substituír ao vello *Caterpillar* de 35cv que posuían. Solicitábase pola contra, a concesión dun tractor británico modelo *Allis Chalmers* de 30cv,

³⁹² Incluímos dous tractores da Escuela Provincial de Agricultura (Oleiros-Coruña), e os tres tractores para cada Centro de Enseñanza Media y Profesional (Lugo, Ourense e Pontevedra).

³⁹³ Incluímos os tractores do Servicio de Mejora de las Explotaciones (Pontevedra), Servicio siembra de patata de la Delegación Galicia (Ourense) e por último o tractor da Estación de Praticultura y Cultivos de Vega (Coruña).

aínda que tamén admitirían modelos *CASE*, *McCormick* ou *Deering*. Finalmente, as limitación das que falabamos do POAT neste capítulo aparecen nesta adxudicación, pois a DGA acaba adxudicando unha marca non solicitada. Trataríase do tractor *John Deere* modelo “A” destinado á Deputación de Lugo, xunto tamén ás Deputacións das provincias de Madrid e Girona. No mesmo concurso, adxudícanse tamén tractores ás COSA de Toledo, Ciudad Real, Lleida e Valladolid. As UTECO tamén participarían do mesmo concurso. Un exemplo do limitado destes concursos témolo a través da concesión dun tractor á UTECO de León. Outorgábaselle un modelo *CASE*, de potencia comprendida entre os 24 e 35cv para o uso dos asociados que, segundo a UTECO de León, manifestaban ser un total de 325 cooperativas locais, coa suma de 31,000 afiliados e 23,000 hectáreas manexadas por tan só un tractor³⁹⁴.

A vinculación entre introdución de tractores e especializacións produtivas acentúase analizando as inscricións de tractores a empresas. En Ourense, inscríbese un tractor a unha empresa de produción de pataca *Agrícola Ganadera Antelana S.A.* En Pontevedra, inscríbese un tractor a una empresa da rama industrial de serradoiros. Tal é o caso da *Compañía Anónima de Serreríos del río Miño*. Por último, outro tractor inscríbese en Pontevedra á empresa farmacéutica *Zeltia S.A.* en 1946, e outro último na Coruña á empresa *S.A. Cros*, relacionada coa industria química da cidade en 1955.

Para rematar con este apartado, tan só nos resta analizar os suxeitos a través do ROMA. Cabería destacar unha serie de rasgos que comparten os suxeitos analizados. Un deses é o feito de rexistrar máis dun tractor nun curto período de tempo. Isto, seguramente se explicaría por varios motivos. En primeiro lugar, pola capacidade de consumo que se lle presupón aos suxeitos que rexistran tractores neste estadio tan temperán do cambio tecnolóxico. Xa se ten sinalado neste sentido o caro que supuña a adquisición dun tractor, incluso nos Estados Unidos ata ben entrado a década dos cincuenta. En segundo lugar, quizais debido a maior taxa de amortización do tractor. Cuestión que podería acelerarse debido ao uso experimental que se lle podería dar, así como tamén ao maior e máis rápido desenvolvemento técnico do tractor neses anos. De feito, ao longo deste capítulo xa se ten sinalado á substitución de tractores por manifestar o desfase técnica dos anteriores.

³⁹⁴ Adjudicación tractores a UTECO, COSA y Diputaciones. Ministerio de Agricultura. (11. 1.3, 61/1809) AGA.

Finalmente, tampouco deberíamos descartar que o factor anterior estivera reforzado polas melloras acumulativas e a experiencia de uso.

Se imos ao concreto, vemos como en 1946 rexistran tractores dous propietarios na Coruña. Un, Francisco Blanco Estévez, quen rexistra un primeiro tractor para a súa finca da Cerdeira, (Curtis). Sería un modelo *Fordson* de 30cv con vesadoiro, gradas e un repartidor de abono. Neste caso, temos ademais a data de retiro do tractor, polo que nos proporciona unha idea da vida útil ou da xestión destas tecnoloxías por parte dos seus donos. O *Fordson* causa baixa en 1970 por non solicitar o propietario a renovación do mesmo. Outro propietario sería Gabriel Nieto Nieto, quen rexistra o 28 de xuño de 1946 un primeiro tractor para a finca de Monte Cabredo, (Betanzos). Trátase dun *Caterpillar* eiruga de 22cv cun arado Brabant e grada canadense. Un terceiro propietario rexistra igualmente dous tractores, coas mesmas características en 1949. Sería o propietario José María Daporta González, quen rexistra un tractor para Sar, (Santiago de Compostela). Trataríase dun *Caterpillar* de 25,5cv. En ámbolos tres casos rexistran segundos tractores o 21 de xullo de 1949 destinados para as mesmas fincas e coas mesmas características técnicas e aparellos. Por esta razón, non descartamos que se trate dunha duplicidade administrativa no rexistro e non, a alta de segundos tractores idénticos en propiedade. No caso de José María tería un terceiro tractor rexistrado en 1954. Desta vez, dun modelo distinto.

Xa para rematar, en Lugo, identificamos a Enrique García Valiña, quen rexistra o primeiro tractor en 1951 e, o segundo, en 1953. Ambos destinados a Guntín (Lugo). Outra cuestión a remarcar no rexistro sería a presenza de mulleres como titulares dos tractores. Cuestión importante no contexto da situación social da muller no franquismo. Identificamos en Lugo cidade a María del Carmen Quiroga quen rexistra un tractor en 1949. En Redondela, Pontevedra rexistra en 1954 un tractor María Feijóo Alfaya. No mesmo ano e para rematar, rexistra en Culleredo, na Coruña outro tractor María del Carmen Pazos y Paz. En tódolos casos, necesitaríase un análise pormenorizado para comprender a situación destes rexistros. Dende logo deberían tratarse de familias de nivel económico, aínda que isto afecta de igual forma aos homes que rexistran tractores nesta etapa. Para o caso das mulleres, o feito de rexistrar tractores podería ser por ser viúvas, únicas herdeiras, ou cabeza de explotación tanto por se tiña emigrado ao home, ou por que este estaba inscrito noutro negocio ou profesión.

*O pai arou os seus eidos
co vello arado román,
co vello arado de pau
os fillos non ararán.*

*¡Eu hei de ser tractorista!
¡Co meu tractor tractoeiro
erguerei a miña meda
e encherei o cabaceiro...!*

*¡Co meu tractor hei arar,
sementar e recoller...!
¡Farei sucos como fíos
que han de ser cousa de ver!*

*O meu tractor tractoeiro
terá forza de xigante:
¡nen cen parellas de bois
lle porán o pé diante!*

Manuel María, “O Tractor”, 1978.

4.2. O que, o onde e o como.

Pasamos agora a reflexionar acerca do que, do onde e do como da moto-mecanización na agricultura. É dicir, describiremos a tipoloxía dos tractores e a súa distribución xeográfica, adaptada, as máis das veces aos requirimentos agro-ambientais. Deteremos tamén a atención á forma e maneira concreta na que adquirían e pagaban os tractores, así como as lóxicas que seguían as casas para mercar tractores novos ou de segunda man. Por último, as estratexias de venda da maquinaria, tamén nos interesou, xunto co mantemento das mesmas, uso de combustibles e reparacións para entender a forma na que se mantiñan a moto-mecanización das explotacións.

4.2.1. Que tractores mercaban?

Como vimos ata o de agora, os pioneiros e casas fortes que mercaban tractores a través do POAT, ou ben por medio de subvencións do GSC, adoitaban mercar tractores novos e de importación. Isto, sobre todo porque a industria española de tractores aínda non lograba

abastecer ao mercado interno de demanda. Cando un tractor oficial era concedido, ou ben cando unha casa mercaba un tractor novo, os servizo das empresas de venda de maquinaria adoitaban cubrir todo o proceso da entrega do tractor. Cando isto ocorría, os tractores chegaban no camiión da empresa distribuidora con todo tipo de recambios no seu interior. O condutor facía á vez de mecánico e asistía polo camiión aos clientes da empresa para proporcionar recambios ou solucionar dúbidas sobre o correcto manexo de tal apeiro ou de tal tractor. Cando se trataba dunha compra nova, o condutor-mecánico da empresa distribuidora probáballe o tractor, pónodo en marcha e usando o enganche hidráulico cos apeiros adquiridos³⁹⁵.

No caso dos que mercaban tractores de segunda man, podían facelo porque non lles interesaba gastar máis diñeiro na compra dun novo, ou porque non podían acceder a outro tractor novo de mellor calidade e maior prestixio. Por exemplo, para o primeiro caso temos á Casa de Amaro na aldea de Nocedo, freguesía de San Lois, na Baña, onde ao matrimonio de mediana idade, e coas fillas emigradas, bastáballe cun *John Deere* de segunda man mercado entre 1986 e 1987. Neste caso aplícase, aplicábaselle o que dicía Cardesín para a freguesía de San Martiño, en Lugo; que cando as expectativas da casa se ennegrecían pola próxima xubilación e peche da explotación, non había razóns para seguir investindo. A compra dun tractor novo nunca chegaba a realizarse (1992: 119). Mais pola contra, si había plans de futuro e diñeiro con que facelo, as casas preferían sempre tractores novos. De feito, Javier Cancela cóntanos a experiencia de seu pai no Concello de Tordoia (A Coruña) á fronte do taller mecánico que rexentaba. Nos oitenta, comentaba, vendían moi facilmente todas as segadoras usadas que traían en camiións dende Polonia. Vendíanse por centos. Ora ben, coas explotacións máis especializadas nos noventa, case ninguén mercaba xa unha máquina polaca por moi barata que fose. Reducíanse as explotacións e aumentaba a calidade da maquinaria vendida³⁹⁶.

O resto da maquinaria agrícola mercábase de moi distinta forma. Por exemplo, Mario da Laiosa, na Baña, contábanos como mercaban a rotativa en sociedade con outros veciños da aldea. A cisterna do xurro facíase cuns da freguesía veciña, mais o tractor, seguía preferíndose de titularidade individual, así como tamén o cargador da herba xa a finais dos

³⁹⁵ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

³⁹⁶ Entrevista a Javier Cancela. Feita por Bruno Esperante (23/07/2018)

oitenta e na década dos noventa. O resto, como os sarillos de estender a herba eran todas en sociedade³⁹⁷.

Mais volvendo ao tractor, para o responsable de vendas de *John Deere Ibérica S. A.* en Galiza entre 1979 e 1984, Eloy Galván, en Galiza precisamente era onde se “*chatarreaban*” os tractores de segunda man do resto da península. Segundo nos conta, vendíase moito tractor novo, mais por cada tractor novo que se vendía, os concesionarios dábanlle saída a tres usados procedentes de Toledo, Sevilla ou Zamora. Había un auténtico mercado creado por tratantes de maquinaria usada e demandantes desta. Ao seu ver, as razóns atopábanse en que as labores agrícolas en Galiza eran moi suaves. Bastaba cun tractor de 50cv para traballar cunha segadora que requirise 20cv de potencia. Os remolques, apuntaban, en Galiza ían cargados de herba e pouco máis...³⁹⁸

Os tractores usados eran sen lugar a dúbidas a principal competencia das empresas de produción de tractores e das propias distribuidoras oficiais. De feito, o mercado de maquinaria agrícola usada constituía ás veces, máis da metade do volume de negocio de pequenas distribuidoras que compaxinaba a distribución oficial coa distribución de tractores usados. Os mecánicos locais e ferreiros eran os que adoitaban mover grandes cantidades de tractores usados nalgúñas comarcas como nas de Xallas ou Barcala³⁹⁹. De novo, na aldea de Nocado traballa un mozo mecánico orixinal de Mazaricos que casara para a casa de Amaro. Formárase como aprendiz no taller de José Pose, na vila de Santa Comba, e convertérase con posterioridade nun intermediario para a venda de tractores usados procedentes do taller en distintas freguesías da contorna⁴⁰⁰. Outro caso era o de Manuel Cancela, quen no Concello de Tordoia (A Coruña), tiña un pequeno taller mecánico de automóbiles e tractores que monta en 1971. Ao principio só facía reparacións, mais pronto comezou a fabricar algúns aparellos, entre eles, un axitador de xurro. Non obstante, o

³⁹⁷ Entrevista a Mario. Feita por Bruno Esperante (22/11/2018)

³⁹⁸ Entrevista a Eloy Galván. Feita por Bruno Esperante (18/09/2018)

³⁹⁹ Tal é o caso de Luciano Pena, un vendedor de maquinaria agrícola de Carballo (A Coruña) e que o xornal *La Voz de Galicia* entrevistaba o 16/06/2018, cando tiña 73 anos. Na entrevista, Luciano Pena da conta da súa experiencia como vendedor de maquinaria agrícola e tractores nos anos dende os anos setenta. Data de consulta (24/09/2019)

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/carballo/2018/06/16/span-langglnon-hai-curro-francia-onde-non-buscaramos-tractor-comprarspan/0003_201806C16C12993.htm

⁴⁰⁰ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Tráballo de campo (2018, 2019).

verdadero negocio de Manuel Cancela sería a venda de maquinaria de segunda man vida de Holanda ou de Polonia. O seu fillo, Javier Cancela contábanolo así:

“Tiñamos as dúas opcións. Vendíamos a venta directa, máis a talleres tamén. Traémolas usadas e vendíanse como estaban e despois os talleres reparábanas. Pero era... Aquí era inviable comprar unha máquina desas novas. Non había, a economía non estaba preparada para facerlle frente a unha inversión ganadeira unha máquina desas. E alí xa eran vellas. Incluso se cargaban nos camións cortándose para aforrar no transporte. Botábamos día e pico para descargar un camión de máquinas. Todas en trozos e metidas como nun puzzle. E bueno aquilo era, pero que chegaban os camións e había cola de xente a espera de máquinas. Fora un boom tremendo, tanto segadoras como.... En todo. Fora un boom”⁴⁰¹.

Mercar un tractor novo ou de segunda man dependía das estratexias de reprodución da casa nun futuro a corto e medio prazo. Se ben, a tipoloxía do tractor tamén podía depender do tamaño da explotación, ou das súas características. Por exemplo, estaban aquelas explotacións que se decantaban por tractores articulados tipo *Agria* ou *Lander*, este último fabricado en Zaragoza. Tratábanse de explotacións pequenas intensivas da zona da costa de Pontevedra sobre todo, así como a zona sur da mesma provincia, onde se chegaron a vender grandes cantidades do modelo *Lander*⁴⁰². Estes tractores tiñan a vantaxe técnica de ser moi difíciles de envorcar, polo que eran ideais para zonas con moita pendente, como por exemplo os vales especializados na produción vitivinícola⁴⁰³.

4.2.2. Como pagaban os tractores?

Examinemos agora a maneira na que pagaban os tractores. Para iso, necesariamente temos que preguntarnos polas fontes de ingresos das casas e, como xa levamos visto nos casos de estudo locais, teremos que atender tanto á especialización leiteira, como ás oportunidades da emigración, dispoñibilidade de subvencións ou créditos oficiais, xunto co aumento dos salarios nos sectores industriais e servizos e a posibilidade de compatibilizalo coa agricultura a tempo parcial. A combinación total ou parcial destes factores tería moito a ver coas posibilidades das explotacións para financiar os cambios tecnolóxicos necesarios.

Na aldea de Nocedo, na freguesía de San Lois, na Baña, a chegada dos tractores e o seu pago dáse por unha combinación entre as posibilidades da emigración, os salarios obtidos

⁴⁰¹ Entrevista a Javier Cancela. Feita por Bruno Esperante (23/07/2018)

⁴⁰² Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴⁰³ Entrevista a Eloy Galván. Feita por Bruno Esperante (18/09/2018)

fóra das explotacións e, tamén, polos ingresos obtidos da venda de leite. Para fins dos anos setenta, a empresa *Nestlé* poñíalles un centro de frío común para varias casas a finais dos anos setenta⁴⁰⁴. Nese contexto, a experiencia concreta da Casa de Amaro interésanos para expoñer un exemplo. Alí, os cartos das fillas na emigración, a corta duns pinos no monte e os aforros derivados da produción leiteira financiaban a compra dun tractor de segunda man pagado en man en dous ou tres prazos. Polo xeral, non se fiaban do endebedamento nin do “*papeleo*” das subvencións⁴⁰⁵. Quizais, porque tampouco o necesitaban, dada as estratexias reprodutivas da casa. Ademais, a especialización leiteira proporcionaba un marco regular de importantes ingresos á explotacións que, como veremos máis adiante, tampouco cumpriría sobrevalorar. Cardesín, de feito, no seu traballo de campo en San Martiño, diría que sería un tanto difícil de explicar a moto-mecanización só coas vendas da explotación para o seu financiamento. Cuestión máis certa aínda, tendo en conta que a partir de 1985 a maquinaria agrícola deixaría de estar fortemente subvencionada (1992: 103).

O caso da Casa de Amaro ilustra perfectamente a diversificación de estratexias das que fala Cardesín para a freguesía de San Martiño. Alí, afirma, a amortización dos custes descansaba a miúdo sobre o conxunto dos ingresos do grupo doméstico. É dicir, tanto das persoas que vivían na casa e podían aportar un salario de fóra da explotación, como dos familiares emigrados. De feito, os ingresos pola produción agro-gandeira serían só unha parte dos ingresos totais percibidos polas casas de San Martiño. En concreto, algo menos do 50%. Polo demais, os salarios percibidos, mais tamén as pensións dos e das xubiladas, concreta Cardesín, representarían igualmente outra importante fonte de ingresos que chegaría a representar incluso 1/3 dos ingresos totais. “*Aiqui o máis rentable sería poñer unha granxa de vellos*”, dicían os informantes de Cardesín. E é que as pensións eran ganancias case netas, dada a baixa capacidade de consumo dos vellos. De feito, as pensións, segundo Cardesín, financiaban as compras de maquinaria nas casas dos matrimonios de xente nova (1992: 89, 103)⁴⁰⁶.

⁴⁰⁴ Os centros de frío viñan parcialmente subvencionados polo grupo Nestlé. O resto dos custes de instalación do centro, como a man de obra e os materiais para a construción do caseto onde se gardaba o centro, correrían a conta das casas involucradas. As excepcións, na aldea de Nocedo, serían as casas fortes da Patricia ou do Galán que xa dispuñan dun centro de frío propio. Fonte: Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

⁴⁰⁵ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

⁴⁰⁶ Cardesín outórgalle unha importancia fundamental ao cobro de pensións que cubrían unhas necesidades de consumo austeras e reforzaban polo tanto a capacidade de aforro das familias que viven ou non necesariamente

Un número importante das casas labregas facíanse cun tractor sen recorrer a ningún mecanismo de financiamento nin a ningún servizo do Estado. De feito, o medo ou rexeitamento do “papeleo” tamén o atopaba Cardesín en San Martiño. Neste sentido, analizaba como algunhas casas da freguesía fachendeaban de non teren pedido nunca un crédito (1992: 107). Con respecto a isto, algúns lamentos típicos que se podían atopar na literatura da época podémolos ver, neste caso, no exemplo da Revista de Economía de Galicia de 1960, citada por Díaz Geda:

“El campesino prefiere las garras concretas del vecino prestamista a las abstractas del banco y aún del propio Crédito Agrícola del Estado. El campesino teme a los papeles y teme más todavía a las ventanillas (...) Hay en Galicia una palabra que hace temblar toda la intimidad rural y es la de empeñarse.” (Díaz Geda, 2013: 129).

Se ben, adoitábase esconder nestas declaracións unha incapacidade do Estado, empeñado en que o cambio tecnolóxicos transcorrese polos instrumentos de financiamento deseñados para elo. Mais na realidade, os propios programas de subvencións para a compra de maquinaria adoeían ás veces da corrupción e polo tanto, da ineficacia dos propios instrumentos do Estado. Así o expresa de feito un comerciante de maquinaria en Ribadavia:

“Vendéronse moitas máquinas e inda se venderá moitas máis porque hai moita xente pedíndoas; o que pasa é que o agricultor hai que ir a por él e solo si tuvera unha pequena subvención. Non regalarlle o diñeiro pero houbo unha época que inda eu saquei unha pequena subvención de cento e pico mil pts. Para algún cliente que comprou o tractor. Voulle decir: fun un día facerlle unha visita ó presidente da Deputación (...) e resulta que cando me enseñou a lista para once millóns de pts. que viñeran e houbo quen se levou a dous e a tres millóns de pts. Cando non os podían levar porque eso era para o agricultor e non para empresas organizadas e de moita solvencia! Eu oíra esto do jefe de Pascuali que eran os que lle vendía a Coren-Uteco porque tiñan na Deputación un brazo dereito e despois eles facían intercambios con estes cartos; despois Coren compraban camións con estes cartos”⁴⁰⁷. (Díaz Geda, 2013: 230).

Por outra parte, as casas que si recorrían aos mecanismos de financiamento ou ás institucións do Estado para a adquisición de tractores, adoitaban ser como xa vimos, casas

con eles. De feito, que durmiran sos, non significa que viviran sos. A casa como lugar residencial induciría a erro neste caso, polo que habería que falar de grupo doméstico no que se tecen redes de transferencias de traballo e recursos. Por exemplo, a duns xubilados con fillas nunha cidade e que lle prestasen traballo agrario puntual na casa, a cambio de que os vellos aportaran algo da súa pensión para o pago dos estudos dos fillos, ou para levar alimentos da aldea á cidade a custe 0. Os vellos a cambio recibirían coidados e atención ata que non puideran valerse por eles mesmos. Momento no que esperaban vivir coas fillas na cidade (Cardesín, 1992: P.119-121).

⁴⁰⁷ Entrevista a M.C.G., nado en Ribadavia (Ourense) en 1933. Realizada por Raúl Soutelo (12/01/1996).

cunha decidida especialización leiteira. De novo, a existencia dun matrimonio novo e con proxección no futuro a medio e longo prazo resultaba clave para entender as razóns detrás destes movementos. Un exemplo no Concello da Baña, témolo no caso de Claudio, da freguesía de Santo Antón.

“...había créditos para comprar esa maquinaria, que esa maquinaria comprouse toda con créditos do IRYDA que o IRYDA tiña unha oficina en Negreira e tiña aí dúas eeehh... Un era un sociólogo e outro era un agrónomo, que eran os que diríamos que facían os plans de viabilidade das explotacións, non?. Ías alí e dicíalles: -Oes quero compra un tractor. -Bueno, pois vamos a ver o que tes, amais o que podes facere (...) E despois aí o primeiro tractor comprámolo cun crédito claro. Do IRYDA. Eles o consorcio tiñano cun banco que non me recorda o nome, que non tiña sucursal aquí, que non era a Caixa Galicia nin o Pastor. Era outro banco que diríamos que o Estado traballaba con el que tiña a oficina en Santiago. (...) E logo ese banco redistribuíu os pagos porque eu facía os pagos na Caixa, que eu os pagos non iba facelos a Santiago. Pero había unha rede que era todo dependente e diríamos que había un prolecto que diríamos que facía un plan integral. Facíanche o estudio de viabilidad, dábanche esa formación a través do curso da PPO, e máis facilitábanche o crédito”⁴⁰⁸.

Estas casas decididas pola especialización leiteira podían obter nos anos setenta os beneficios da innovación no momento oportuno. Ademais, a emigración duns significaba a oportunidade doutros. Sobre todo e por exemplo, pola diminución da presión sobre a terra e o abaratamento dos custes de arrendamento de terras entre veciños. De novo, Claudio de Santo Antón contábanos as súas impresións sobre o negocio do leite nos setenta.

“Unha veciña daqui, unha veciña miña, amais un señor de Val do Dubra, bueno casáronse. Eran mozos e marcharon pa Suiza. Entonces claro, Suiza daquela era....diríamos a Venezuela e mailo Uruguai daqui...era a América deeeehhh... Entonces eu viña de Santiago, e vin con ese matrimonio que viñan de vacacións, eehhh... e dixo: -Coño, non sei que fas aquí porque mira en Suiza gánase moitos cartos e tal e non sei que e non sei cuanto e bueno. Eu como fun sempre moito da terra dixer: -Bueno ho, cartos aghora tamén se ghanan aquí... -E que vas ghanar ho! Muxindo aí unhas vacas e tal... -Bueno, eu este mes cobreí 35,000 pesetas de leite e non creo que vós en Suiza faghades moito máis. - 35,000 pesetas de leite? Eses son moitos cartos. Coño son moitos cartos pero cobreí 35,000 pts de leite e claro. Unha xente que marchou pa Suiza, catro ou cinco anos antes porque esto era unha auténtica miseria e de repente pois aquí empezouse a funcionar”.

A especialización leiteira na que se embarcaba a casa de Claudio permitíanlle mercar un tractor de seu aos poucos anos de casar. Concretamente, un Renault 86 de 56cv, con carro, 2 arados e fresadora procedente da empresa de distribución DYPSA por 425,000pts en 1973. Pouco despois facíase cunha muxidora propia e cunha cisterna partillada con 9 veciños. A

⁴⁰⁸ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

compra da segadora viría en 1975 e, xa daquela, Claudio diversificaba a produción da súa explotación ao vender cuchos con mellora xenética.

“Usábamos o carro e o tractor de transporte tamén, ir á feira. Eu iba á feira a Santa Comba. Levaban animais para vender á feira, no carro, e a xente contigo no tractor que xa tiña cabina e xa non chovía por ti. (...) Eu vendín moitas becerras, moitas na feira de Santa Comba. Eu levaba becerras frisonas, porque empezamos moi cedo con mellora xenética. Fomos aí dos pioneiros e entonces xa chegabas a Santa Comba con dúas becerrañas, mui ben cuidadiñas e mui ben bonitas e vendíalas mui ben vendidas e viñas pa casa xa con cartos e a xente peleabase por elas. Eso funcionounos mui ben.

-P: E como era iso da mellora xenética?

-R: *A mellora xenética era a través da inseminación artificial. Pasouse dos touros de monta natural como en Nocedo, na casa de (Galán). Nós íbamos ata o Coucieiro ata Val do Dubra ata a casa onde naciu meu avó, e tamén había en Lañas...Logo empezou a inseminación artificial e xa viñan os veterinarios, facer a inseminación artificial. (...) Logo ibas a Santiago e xa empezaban cos catálogos, e vías aqueles toros e xa empezaron os pedigrís, e xa vías máis ou menos de que iba e tiñas a ilusión por mellorar”⁴⁰⁹.*

Outros exemplos de mellora das explotacións e compra de maquinaria a cargo de créditos do IRYDA, témolos fóra da comarca de Barcala. Por exemplo, na freguesía luguesa de Vilamartín Grande, Concello de Barreiros. Elías, nome ficticio do entrevistado na tese de Díaz Geadá, fora un dos primeiros da súa freguesía, unha vez executada a parcelaria a mediados dos setenta, da cal, por certo, fora obxector por non incluíren o monte. Mais unha vez feita, Elías xuntouse con outros veciños para formar unha Sociedade Agraria de Transformación (SAT), a través da cal solicitaron unha subvención ao IRYDA para financiar e comprar maquinaria e tractores, chegando a vender logo ata 700 litros de leite ao día (Díaz Geadá, 2013: 235). Outro exemplo de modernización e compra de tractores con créditos, obtémolo na mariña lucense, freguesía de Celeiros de Mariñaos, no Concello de Barreiros. Neste caso, Díaz Geadá entrevistaba a experiencia modernizadora dun veciño.

“Entonces empezaban os da Extensión Agraria a explicarnos cousas pero claro, había que facer cuadra, había que renovar o gado, era gado do país o que tiñamos, de leite e carne, non había gado frisón, pero o principal impedimento que había era o diñeiro, non había tela marinera, non había nada, non había cartos e unha cuadra costaba cartos. Entonces viñeron un señor que era de, xa non me acordo, chamábase (...), era alto, el era da cousa da Agraria, do Ministerio de Agricultura, pa dar créditos, pa poder empezar a funcionar con cuadras algo máis modernas, as que tiñamos eran cortes que se estraban con molido. Entonces había que presentar pa que che deran un crédito unhos avales, e eses avales non eran outra cousa cá propiedá que tiñas, entonces veu varios días, todos os que estábamos interesados neso, enseñarlle as escrituras das propiedades (...) Déronme un crédito de 300,000 pesetas, coas cuales fixen a cuadra e cando tuvo feita viñeron os técnicos revisala pá súa aprobación, foi aprobada, e logo despois déronme unha

⁴⁰⁹ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

subvención de 105,000 pesetas a fondo perdido que fun cobrala a Lugo, mui ben. (...) Cheguei a vender moito leite. Daquela o leite, os primeiros anos tiña bon precio, dábatche beneficio, despois fun traballando, traballando e aforrando e comprei un tractor, eso xa non foi a crédito, era un tractor pequeno, un motocultor, pero xa vin que era pouca cousa, e un día díxome (dono da tenda de maquinaria) teño aquí un tractor moi bon pa ti e recólloche o que tés, el quería o ancho pa el e o estreito pa min (...) pero amañamos. Máis tarde faciame falta unha segadora porque pá gadaña xa era moito o que había que facer, e comprei unha segadora, e logo detrás da segadora fun pouco a pouco, veu o autocargador e veu o resto da maquinaria. E ganaban cartos, eu ganaba cartos daquela, pero tamén non é como hoi (...) eu cando tiña as vacas facía tódolos procesos: labraba o maíz, araba as terras, fresaba as terras, segaba a herba pa seco e metíamola nosotros. Se queríamos ver algún beneficio tiñamos que facelo así, pero se teño que pagar por todo o que dixen...”. (Díaz Geada, 2013: 236).

As experiencias modernizadoras que acabamos de ver, beneficiaríanse precisamente da súa orientación produtiva para obter cada vez máis mellores condicións en créditos e programas de mellora. Ademais, a decisión de aumentar a produción da explotación posibilitaba por si só un aumento da capacidade de auto-financiamento acorde ao aumento dos beneficios da explotación. De feito, na freguesía de San Martiño, dicía Cardesín, sería as tres explotacións de “alto nivel”, as únicas que terían capacidade suficiente de financiamento, independentemente dos ingresos que os membros das casas puideran traer en concepto de salario ou pensión (1992:105).

Por outra banda, xunto cunha maior capacidade de produción, a mellora cualitativa da produción deixaría en boa posición a estas explotacións perante o mercado, quen as beneficiaría mediante primas pagadas polas centrais leiteiras nos prezos finais do leite en función da súa riqueza en graxa, proteínas ou a súa pureza bacteriolóxica. Finalmente, e completando o circuíto, Cardesín remarca que esta mellora daría como resultado maiores ingresos á explotación, cuestión que acababa derivando nunha maior posibilidade para diversificar estratexias cara ramas especialmente lucrativas. Así, o traballo coa maquinaria adquirida para casas de fóra resultaba altamente unha actividade altamente lucrativa. A casa Alberto, por exemplo, amortizaba en dous anos o alto custe dunha empacadora de herba soamente traballando con ela a particulares (Cardesín, 1992:106-107).

4.2.3. As estratexias de venda.

Vexamos agora as estratexias de venda de maquinaria e dos tractores, e as formas nas que as familias determinaban en última instancia, a súa elección dentro da oferta tecnolóxica dispoñible.

Para as empresas de distribución de maquinaria, un primeiro factor a ter en conta sería o da especialización da oferta de tractores segundo o tipo de agricultura. Por exemplo, non era o mesmo vender maquinaria na montaña da Fonsagrada (Lugo), que no Val de Barcala especializado en leite a través da Cooperativa Feiraco. Contábao así José Alonso, un axente distribuidor de tractores da empresa DYPSA en Santiago de Compostela durante os anos setenta, oitenta e noventa.

“Nosoutros lógicamente o vendedor con todos os datos que traía, de visitar os clientes da zona, xuntamente cos que aportaba o colaborador ou avisador máis os estudos que facía nosoutros por zonas, porque había zonas que xa había cooperativas coma a de FEIRACO, ou a de Arzúa ou outras máis que xa digamos iban pedindo eles mesmos solicitaban a información, xa non tiñamos que ir nós a eles, porque eran zonas por decilo así máis desenvolvidas. Realmente xa pedían eles a oferta. Na feira ou na casa directamente”⁴¹⁰.

As diferenzas entre agriculturas de especialización leiteira ou de carne era moi evidentes para os vendedores de maquinaria.

“En general as explotacións que eran de carne pois eh...nosoutros tiñamos menos posibilidades de venda que nas explotacións de leite. Vendíamos máis nas explotacións leiteiras. Nas explotacións de carne vendíamos menos. (...) Digamos que nos centrábase en todas aquelas explotacións leiteiras que a parte de ofrecer o tractor xa ofrecías tamén a ordeñadora, ou como unha explotación leiteira necesita unha gran cantida de forraje pois xa ibas encamiñándolle a que fixera unha elevación de agua e regara os prados que tiña secos ou que fixera un rego por aspersión, ou que xa como xa necesitan máis cantida de pienso, xa lle vas falando tamén dun muiño triturador e unha mezcladora....Entonces digamos que eso é pola propia indiosicrancia do agricultor xa ibas dedicándolle vender ás explotacións de leite”⁴¹¹.

Máis alá da produción de leite ou carne, as empresas tamén vendían maquinaria especializada na recollida da pataca. Especialmente, nas agriculturas especializadas como nas explotacións da Comarca da Limia (Ourense). Noutros casos, nas agriculturas de viño como na Comarca do Ribeiro (Ourense), vendíanse máis tractores articulados para adaptarse ás características dos terrazos e das viñas da zona. Unha experiencia de venda de maquinaria nesa zona podémola ler a continuación.

“Nós íbamos sabendo daquil señor que tiña os bois e viamos como podíamos introducirmos naquela persona, enseñábase a máquina, levábase e probábase facéndolle estas demostracións e ó empezar a meter dous tractores onde tuveran bois, empezaban a vender os bois

⁴¹⁰ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴¹¹ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

porque xa non lle era rentable e quedouse toda zona sin bois. Fun eu o promotor deso case, introducindo os tractores e carrocetas na zona da Carballeda (...). Nós vendemos tractores para a zona nosa do Ribeiro, a zona da montaña (Pazo de Arenteiro, Salón, Boborás, a Almuzara), a de Carballiño e Dacón, O S. Amaro, Cenlle, Eiras e Barbantes. No aiuntamiento de Carballeda si hai cen tractores sesenta ou setenta vendinos eu, os da Abelenda e Muimenta case todos igual cós de Vilar de Condes e Vilariño. Despoi xa vendeuse moito eiquí na Arnoia hasta Cortegada, Refoxos, Louredo. Vendéronse algúns tamén de segunda mau para a provincia de Pontevedra. (...) E inda hai moita xente pendiente de comprar máquinas, e de segunda man que agora non teño e hai que buscarlles solucións de salir a fora conseguir tractores pequenos, inda andan sobre setecentas mil pts. Un tractor de segunda mau de trinta cabalos ou en novecentas mil co arado e o remolque; sin tracción que si vai ca tracción e a fresa xa vai a un millón duascenas mil pts. Pero vállele un novo dous millóns de pts. E co remolque e tal casi lle vai ós tres! En cambio para un traballo casero, porque para poder salir a traballar na nosa zona prautro señor xa non hai porque estes deixan as fincas, estanse desmoronando todo como xa lle dixen antes.

-P: Entón vostedes iban xa directamente onda alguén que tivera bois?

-R: Si, eu iba ós domingos ó pueblo e vías ou algún preguntábache xa e un dos factores que nos deu moita ventaxa na venta foi ó venderlles unha máquina soluciónábaslle rápido calquer problema que tiña a máquina e estabas xunto del; despois foi cando empezaron as granxas de Uteco e estas máquinas foron unha ventaxa daquel para sacaren o purín. Ó tempo foron cento e pico de granxas e había algunha granxa que tiña hasta dous tractores. Despois ise purín había granxeiros que o vendían para enterralo nas viñas e tiña moito valor⁴¹². (Díaz Geada, 2013: 230).

A xestión da información sobre a oferta dispoñible convertíase nun factor esencial para o triunfo das estratexias de venda. As empresas de produción e distribución de tractores facían chegar ata os niveis locais as súas redes de oferta, despregando distintas técnicas de vendas en colaboración moitas veces coas institucións do Estado. Contábo así José Alonso, un axente distribuidor de tractores da empresa DYPSA en Santiago de Compostela durante os anos setenta, oitenta e noventa.


“Había que demostrarlle unha gran confianza ao agricultor, había que ir ben moi ben acompañado tanto por un bon concesionario como con referencias porque o agricultor despois da cantidade de paus que lle pegaron, era desconfiado por natureza. Desconfiaba todo, desconfiaba que o tractor non fora bon, desconfiaba que os consumos non foran bos, desconfiaba que o tractor se avariaban...entonces había que ir moi ben acompañado con moita información e moitos datos para que digamos que tomara a decision de compra”⁴¹³.

A miúdo, as empresas de distribución servíanse dos seus propios compradores para usalos como os mellores reclamos e referencias para vender máis produtos. Coñecíanse como “avisadores-colaboradores”, pioneiros que constituían a mellor publicidade para as súas empresas e servizos. Xunto estes, as empresas recorrían tamén numerosas feiras do país para

⁴¹² Entrevista realizada o 12/01/1996 do historiador Raúl Soutelo a M. C. G, nado en Ribadabia en 1933.

⁴¹³ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

oferta e darlle publicidade aos tractores e ao resto de maquinaria. No mapa, algunhas das grandes e pequenas feiras nas que tiña presenza a empresa DYPSA ao longo da década dos oitenta.



Imaxe 18. Feiras nas que tiña presenza a empresa DYPSA. Entre 1980 e 1990⁴¹⁴.

Nas feiras, os labregos pedían a información de distintos modelos e logo tomaban unha decisión na que se involucraba un bo número de factores: prezo, calidade, servizo técnico, repostos, amizade co vendedor, amizade co colaborador, distancia co concesionario, ou co taller técnico, facilidades para o financiamento, gusto estético... As feiras constituían o mellor escaparate das empresas que tentaban concentrar alí a maior oferta dispoñible que, durante a década dos sesenta non era suficiente para cubrir a demanda existente. Cousa distinta ocorría cara fins dos setenta e oitenta, cando a oferta superaba á demanda e as estratexias de venda tiñan que refinarse para chamar a atención do comprador. Había que explicar as vantaxes, os extras ou o menor consumo do modelo propio perante a competencia.

⁴¹⁴ Teño que agradecer de novo ao xeógrafo Rubén Fajín polas tardes que botou comigo para axudarme a facer os mapas. A información do mapa responde á entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

“O boca a boca nos agricultores funcionaba muchísimo. Porque xa che digo que era onde se captaba o 50 ou máis do 50% eran nas feiras. Nas feiras comentábase que marca era mellor atendida, cal tiña mellor servicio técnico, cal tiña mellor servicio de recambios, en cal che trataban mellor, porque dixerche tamén que facíamos a financiación. A veces o agricultor tiña un apuro e pedía un aplazamiento dun pago. Entonces si a empresa tiña a capacidade para renovarche ese pago, digamos que era un punto de apoio tamén para vender”⁴¹⁵.

As feiras continuaban sendo non só o centro da actividade económica labrega, senón que constituían auténticos centros da vida social das comunidades. As grandes empresas tecnolóxicas como *Renault*, a nivel local e por medio das súas distribuidoras coñecían perfectamente o xeito máis adecuado de achegarse aos labradores.



Imaxe 19. Xantando no polbo encima de tractores Lander. Día da empresa de DYPSA Entre 1979⁴¹⁶.

Nas feiras, non só se levan tódalas mercadorías a vender, senón que tamén é o lugar onde se continúan adquirindo os principais *inputs* industriais para a agricultura. Sobre todo continúan funcionando de escaparate para as novidades tecnolóxicas. Nelas organizábanse tamén as demostracións:

⁴¹⁵ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴¹⁶ VIVANCOS PUENTE, J.J. Fotografías de Díaz y Prieto. Colección fotográfica 1940-1996. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

“Nalgunhas si, (...) En muitas delas, nas máis grandes facíanse demostracións. Como na feira de Silleda por exemplo, feira de San Froilán recordo de colocar unha mini fábrica de piensos alí co seu muiño triturador coa súa mezcladora, acórdome perfectamente. Eso dependía dos días que durara”⁴¹⁷.

Outra das claves nas estratexias de venda de maquinaria agrícola por parte das empresas eran as redes de tratantes e asistencia técnica que construían perfectamente repartidos polo territorio.



Imaxe 20. Aspecto dos almacéns de recambios oficiais de Renault da empresa DYPSA en Lugo. 1981⁴¹⁸.

Os tratantes-vendedoras non tiñan por que ter unha necesaria formación en estratexias de venda. Lembremos neste punto a función do mozo mecánico que casara cunha das fillas da casa de Amaro, en Nocedo, e logo actuaba de intermediario para a venda de tractores de segunda man e arranxados procedentes dun taller de Santa Comba⁴¹⁹. A este tipo de suxeitos, só se lles requiría boas habilidades de comunicación, relacións humanas, seriedade e formalidade nos tratos e nas entregas e proporcionar sempre ao comprador un

⁴¹⁷ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴¹⁸ VIVANCOS PUENTE, J.J. Fotografías de Díaz y Prieto. Colección fotográfica 1940-1996. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

⁴¹⁹ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

pouquiño máis do prometido no contrato. Desta forma buscábase que o comprador fose o mellor avisador para os futuros clientes da empresa⁴²⁰.

Os grupos de distribución de maquinaria máis grandes chegaban a ter comerciais distribuídos polo territorio a cargo de distintas comarcas do país. En última instancia, podían estar subordinados a responsables territoriais de vendas. Por exemplo, sabemos que o grupo *John Deere Ibérica* tiña responsables territoriais de vendas en todo o Estado. Para Galiza de 1979 e 1984 ese responsable era Eloy Galván, quen elaboraba informes mensuais á empresa en Madrid para informar do que ocorría no seu territorio. Estes axentes tiñan un bo coñecemento do mercado a nivel local, polo que se transloce dos informes que analizamos. Neles, recollíase información do estado das colleitas anuais, evolución do clima e outras novidades, como conflitos polos prezos do leite, que puideran afectar ás economías labregas. Por suposto, tamén analizaban á competencia, proporcionando información sobre vendas propias e alleas, así como as queixas ou as observacións favorables da demanda sobre as novidades técnicas dos tractores propios ou da competencia⁴²¹. De igual xeito, informaban das feiras que se celebraban, xa que cada vendedor comarcal tiña as súas feiras asignadas nas que informaban do ambiente e da competencia. Tódolos vendedores tiñan tamén a súa lista de talleres mecánicos de confianza e colaboradores-avisadores onde aparecían ás veces os técnicos do Estado como os axentes do SEA, ou monitores do PPO. Non faltaban tampouco nas redes de colaboración os traballadores de caixas rurais locais. Un caso paradigmático sería por exemplo o do funcionamento da Caixa Rural de Lugo e súa relación coa empresa Durán Maquinaria⁴²². Noutros casos, eran os propios axentes de seguros os que completaban a rede de contactos dos distribuidores de maquinaria. Eles eran os encargados de facer os seguros básicos obrigatorios aos compradores dos tractores. Aínda que nestes casos adoitaban facer só seguros básicos, sendo raro os seguros a terceiros ou a todo risco⁴²³.

⁴²⁰ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴²¹ Fonte: Informes de Eloy Galván. Jefe Territorial de John Deere Ibérica S.A. en Galicia. Do 23 de novembro de 1979 ao 24 de xuño de 1983. Tamén en: Entrevista a Eloy Galván. Realizada por Bruno Esperante (18/09/2018).

⁴²² A Caixa Rural Galega ten a súa orixe na Caja Rural provincial de Lugo fundada en 1966. Era a continuación da Caja Central Cooperativa de Ahorros y Préstamos, da UTECO provincial de Lugo. Dende 1966 en diante dedícanse á concesión de créditos ao rural para mercar tractores, apeiros e outras necesidades das explotacións. Un dos seus socios sería Antonio Durán, quen rexentaba un negocio de transportes ata que funda a empresa de distribución de maquinaria agrícola en 1993 (López Marcos e Veiga Izaguirre, 2016: 169-175).

⁴²³ Entrevista a José Alonso. Feita por Bruno Esperante (26/01/2018).

Por último, as facilidades para a asistencia técnica, recambios e incluso acceso aos combustibles resultaba un factor significativo para o triunfo das vendas de maquinaria nunha zona. Ademais, a chegada dos tractores afectara sobre todo á funcionalidade dos vellos ferreiros locais nas comunidades labregas. Anteriormente estiveran ligados ao soporte técnico dos vesos, fabricación de sachadoras, ou arranxos das máquinas de mallar. Da súa importancia na comunidade eran ben coñecedora as empresas de distribución. Por tal razón, confiábase a miúdo neles para garantir unha asistencia técnica e reparación da maquinaria vendida.

Por outra parte, o mercado de tractores sabía que para consolidar a introdución de tractores na agricultura, necesitaba fomentar a instalación dunha infraestrutura que apoiara a chegada dos tractores⁴²⁴. De feito, a dispoñibilidade destes servizos chegaba a ser un factor clave para a compra ou non dun tractor. Claudio da freguesía de Santo Antón, na Baña, cóntanolo así.

“A Díaz y Prieto íbamos aos recambios. Ao ghasoe íbamos a Portomouro que había alí un surtidor de ghasoe. E despois o que era a mecánica íbamos a Santiago e eles viñan aquí, desprazábanse aquí, que aínda non había teléfono, que había que ir en coche de línea que viña de Fisterra e íbas dicirlle: -Oe ven aquí que lle pasa isto ao tractor. Ou senón levábase alá que estamos a 20km de Santiago. Surtidor habíao en Portomouro e en Negreira pero a nós quedábase máis cerca en Portomouro”⁴²⁵.

Achegar pois aos núcleos rurais os aceites, reparacións e combustibles necesarios para os tractores foi outra das facianas do proceso de moto-mecanización na agricultura. Servizos que tamén ofrecían as cooperativas que se ían creando ao longo dos anos sesenta e setenta. Un último caso, por exemplo, na cooperativa Feiraco, quen abría estacións de servizos de combustibles para a maquinaria agrícola, taller e reposición de aceites e todo tipo de ferramentas necesarias para a reparación de avarías.

⁴²⁴ Revista Rural. Nº1, 1961. BNE.

⁴²⁵ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

“Em Fontelas (...) noivo ou noiva é apreciado não tanto por ser detentor de grandes quantidades de terra, mas sobretudo pela sua reputação de bom trabalhador ou camponês sério e responsável; o trabalho é uma qualidade vital que pode pesar mais do que outras formas de riqueza. O sistema de produção de Fontelas baseia-se, essencialmente, no trabalho intensivo e não na afluência de grande capital. Eis a razão por que no auge da colheita nunca há suficientes braços disponíveis”.

Política matrimonial labrega.
(O’Neill, 1984: 160).

4.3. Terra, traballo e capital. Os cambios no traballo labrego.

Trataremos agora de explicar os principais cambios e transformacións que experimenta o traballo labrego producidos pola moto-mecanización na agricultura. Comezaremos centrándonos ao redor das formas nas que aprendían a manexar e utilizar o tractor. De seguido, analizaremos tamén os cambios estruturais na agricultura que antecederon, acompañaron, ou sucederon á chegada dos tractores e da moto-mecanización. Concretamente, a relación da concentración parcelaria coa moto-mecanización. Por último, examinaremos as transformacións do traballo agrario e a súa organización ante as transformacións que experimentan as explotacións coa introdución dos tractores. O obxectivo, en definitiva, será o de analizar os cambios e transformacións que a moto-mecanización provoca na correlación entre os factores básicos da terra, do traballo e do capital.

4.3.1. Como aprendían a manexar os tractores?

Dende a crise agraria de finais do século XIX tíñase comprobado a eficacia e necesidade da promoción dos cambios tecnolóxicos a través do reforzamento dos sistemas de coñecemento e innovación estatal. Os fertilizantes ou a nova maquinaria requirían de coñecementos regrados e codificados, polo que moitos Estados europeos interveñen

decisivamente na creación das granxas agrícolas, cátedras, campos de demostración e experimentación locais (Fernández Prieto, 1992: 107-108). De feito, no Concello da Baña existía dende 1911 ata 1939 un campo de demostración local dependente da Granxa Agrícola da Coruña. Segundo Liñares Giraut, a difusión de vesos, abonos químicos e outras innovacións na comarca de Barcala, foran froito do traballo do campo ao longo do período. Porén, para os anos corenta pechábase polo cambio de rumbo das políticas de transferencias de innovacións da Ditadura, así como pola precariedade na que sumiron os orzamentos destinados a estes campos, tal e como xa vimos no capítulo terceiro. Desta forma deixábase só nas mans das persoas pioneiras, a innovación inicial que vimos cos tractores (1986: 112-113).

Mais ao marxe da acción do Estado, as propias comunidades labregas seguían traballando cun forte compoñente de saber facer cotiá, ou en inglés: *learning by doing*. Díaz Geada menciona o concepto “*metis*” de Scott (1998), co que se pretende captar o amplo espectro de coñecementos, habilidades e intelixencia adquirida en constante diálogo coas transformacións do medio social e natural. Un coñecemento baseado na experiencia que require dunha longa aprendizaxe práctica e dunha constante interacción co outro e co ámbito social e espacial que con el se comparte (Díaz Geada, 2013: 27). Definición anterior que nós retrotráenos ao concepto de prácticas tradicionais usado por Iturra para definir o conxunto de técnicas produtivas e relacións sociais froito da práctica labrega. Unhas prácticas transmitidas de xeración en xeración por vía oral, non reguladas nin aprendidas en ningunha escola nin nas letras (1988:45).

As comunidades labregas viñan adaptándose a distintos contextos tecnolóxicos e a distintas situacións do mercado a través, mais non só, da cultura popular coa que innovaban, reparaban e modificaban máquinas e todo tipo de trebellos mecánicos motorizados ou eléctricos que necesitasen na súa produción. Un exemplo claro obtémolo na maneira na que viñan manexando as máquinas de mallar dende comezos do século XX (Fernández Prieto, 2000: 261). No caso dos tractores, o primeiro contacto que as comunidades labregas podían ter con eles era ou ben a través da formación militar obrigatoria⁴²⁶, ou ben a través da chegada dalgún tractor á comunidade da man dunha casa forte ou persoa pioneira. Cando isto

⁴²⁶ Sabemos que dende os anos corenta ata os anos sesenta, o exército organizaba cursos de tractoristas ao marxe doutras institucións do Estado.

acontecía, o traballo realizado polo tractor, en arrendo, ao resto das casas do lugar bastaba para que o resto da comunidade fose familiarizándose co manexo básico dun tractor. Cuestión que se reforzaba a través dos tradicionais rituais de socialización e prestixio dentro das comunidades labregas. Así, as formas de coñecer os manexos dun tractor non distaban moito das vellas formas coas que se coñecían as posibilidades dun novo veso. É dicir, a través das competicións improvisadas nos transcurso de tarefas agrícolas, tal é como relataba para os vesos en Portugal o antropólogo Joaquim Pais (1996)⁴²⁷. Para o tractor, Iturra descríbete a través das experiencias dun pioneiro de Vilatuxe. Alí, a veciñanza rodeaba expectante as aradas experimentais que un veciño facía cun tractor. Reloxos en man, controlaban o tempo que lle custaba realizar tal ou cal tarefa. Durante varios meses, relata Iturra, os veciños seguían de preto os tractores, comentando e debatendo nas tabernas a súa evolución como se fose un espectáculo público (1988: 45). Anos diante, estes rituais chegarían a ter incluso os seus propios concursos de arada ou de aparcamento do remolque precisamente na Baña, na nosa zona de estudo⁴²⁸.

Outra forma de aprender a manexar os tractores viría da man das propias empresas de distribución de maquinaria agrícola. Cuestión que se acentúa pola delegación consciente que o Estado facía desa materia, polo menos, durante os anos cincuenta e sesenta. Un exemplo paradigmático en Galiza era o da empresa de distribución de Andrés Conde Medín, quen dispuña dunhas instalacións propias no Concello de Guitiriz (Lugo). Os labregos valoraban moito a compra dos tractores no seu grupo distribuidor, *Auto Avión S. A.*, debido ás facilidades que obtiñan para formarse como tractoristas nos cursos que alí se celebraban.

⁴²⁷ Sobre os rituais de competición na comunidade labrega e a súa relación co aprendizaxe no manexo de tecnoloxías como o arado, en Irlanda aínda se manteñen con certa popularidade os Ploughing Match. Por outra banda, en Portugal resulta moi interesante o seguinte relato do antropólogo Joaquim Pais Brito sobre agricultura e rituais de competición, sociabilidade e aprendizaxe: “A comida farta e melhorada, o vinho a discrição e uma euforia resultante do ajuntamento e do próprio sentimento de solidariedade, de coesão entre vizinhos que lhe dá corpo, recobria a dureza desse trabalho dum ludismo muito sensível, em que se exaltavam certos valores estéticos do próprio trabalho, designadamente a realização duma lavra com regos muito direitos, estimulando os homens a se exibirem-se no manejo e condução do arado. Não era raro, o fim da lavoura transformava-se mesmo numa competição desordenada. O vencedor era celebrado depondo-se um ramo de árvore em cima da carreta do arado, decorado com flores e certos mimos alimentares -bolachas, chocolates, rebuçadas, figos secos, etc.- que o herói da lavoura empunhava e exhibia, levantando-o no ar, no meio da aclamação dos circunstantes, distribuído depois por todos aquelas guloseimas” (Brito Pais, 1996: 176).

⁴²⁸ Sobre as competicións de tractores no Concello da Baña, cabe destacar a popularidade dos concursos de arada con tractor e aparcamento do remolque. Competicións que se celebraban entre 1984 e 1986 facéndose coincidir coa festividade á honra de San Cidre Labrador. Fonte: Cultura e Festexos (3.9. 183) Arquivo Municipal da Baña.

Entre outras cousas, aprendían a rozar montes para cultivar prados artificiais, así como nocións básicas de arada e facilidades para obter micro créditos nas Caixas de Aforro asociadas á empresa distribuidora⁴²⁹.

Grupos como *Auto Avión* integrábanse noutros cursos de formación e demostración que organizaban os grupos produtores de tractores. Por exemplo, a *Gran Caravana Ebro-Fordson 1963* celebrada no mes de xullo no Concello de Ordes (A Coruña). Este concurso era ademais parte da estratexia de publicidade de *Ebro* e *Fordson* a nivel do Estado. Neste tipo de concursos só podían participar os posuidores de tractores das marcas *Ebro*, *Super Ebro* e *Fordson*. A parte da competición, faríanse demostracións por parte de distintos técnicos das empresas para demostras as posibilidades da maquinaria exposta⁴³⁰.

Outro caso era o da empresa luguesa DYPESA. Neste caso organizaba xornadas para o manexo da maquinaria. Esta empresa tiña os campos de demostración en Castro Ribeiras de Lea, no Concello de Castro de Rei (Lugo) un pobo coñecido polo plan de colonización alí executado⁴³¹. Durante un día a empresa reunía aos seus distribuidores, colaboradores e futuros clientes para ensinar as capacidades dos distintos tractores e apeiros en venda. Os cursos adoitábanse organizar na primavera, xusto antes do comezo das labores de sega e do rastrexo. Por outra banda, os programas de formación relacionados co muxido ou a moenda facíanse no outono ou no inverno. Por último, outra alternativa para as empresas, ao marxe das feiras e das xornadas concretas, sería o uso que fan das explotacións dalgún colaborador próximo á empresa⁴³².

⁴²⁹ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

⁴³⁰ No mesmo, daríase un primeiro premio de 10,000pts ao gañador, 6,000pts ao segundo, 4,000pts ao terceiro, 2,000pts ao cuarto e 1,000pts ao quinto clasificado. Fonte: Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia (24/07/1963).

⁴³¹ Sobre a política agraria e a zona de colonización da Terra Chá (1954-1973) en Cardesín (1987).

⁴³² Entrevista a José Alonso. Realizada por Bruno Esperante (26/01/2018).



Imaxe 21. Demostración de maquinaria agrícola da empresa DYPSA. 1980⁴³³.



Imaxe 22. Demostración do traballo dun auto-cargador de herba, xunto cun tractor Renault comercializado DYPSA. 1980⁴³⁴.

⁴³³ VIVANCOS PUENTE, J.J. Fotografías de Díaz y Prieto. Colección fotográfica 1940-1996. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

⁴³⁴ VIVANCOS PUENTE, J.J. Fotografías de Díaz y Prieto. Colección fotográfica 1940-1996. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Amáis do mercado, o Estado aínda que inicialmente ausente, acabou involucrándose na formación de tractoristas en Galiza a través de varias ramas e vías de actuación. Cabería destacar sobre todo, a participación das COSA, así como sobre todo dos cursos do SEA e do PPO nos anos setenta e oitenta⁴³⁵.

No referido ás actividades das COSA provinciais, en realidade os cursos organizados de formación eran máis ben exhibicións e competicións de arada e manexo dos tractores. Organizaban por exemplo os *Concursos Nacionais de Tractoristas*, que se entendían moito mellor no contexto da chegada dos créditos americanos nos anos cincuenta. Como xa vimos. Polo demais, estes cursos seguíronse organizando ao longo dos anos sesenta con un indubidable carácter festivo, sendo parte da propaganda sobre o discurso modernizador e revolucionario que sacaría do atraso ás agriculturas no Estado. Por exemplo, os cursos provinciais das COSA, eran como o celebrado en 1954 na *Granja Agrícola* da Coruña, onde só tomarían parte da competición seis concursantes para realizar probas de arada, puntuándose a rectitude do primeiro rego e a velocidade no tempo de labor. Os premios aos gañadores serían de 500pts ao gañador, 250pts ao segundo, e 100pts ao terceiro clasificado⁴³⁶. Estes concursos formaban parte dos *Concursos Provinciais de Tractoristas* que, finalmente, tiña unha gran final que se facía coincidir durante a celebración da *Feria Internacional del Campo* en Madrid. Do mesmo xeito, tamén se organizaban anualmente dende 1954, os *Campeonatos Nacionales de Arada*, onde participaban os gañadores das distintas rexións do Estado⁴³⁷. Neste tipo de concursos participaban ademais as empresas de distribución de tractores, xunto con todo o aparato político do réxime para seren utilizadas de escaparate propagandístico do réxime. Os premios, como os entregados no *III Concurso Provincial da Coruña* de 1963, eran outorgados cos seguintes nomes: *Copa del Gobernador Civil*, *Copa*

⁴³⁵ Máis puntuais aínda, e sobre todo moi específicos e especializados eran os cursos de formación de tractoristas organizados polos centros de innovación agraria, como por exemplo os cursos de capacitación agraria no Concello de Barreiros (Lugo) en 1968 e 1971, ou ben os do Centro de Capacitación Agraria de Benquerencia de 1983, ou o do centro de Monforte de Lemos en 1984. Fonte: Hemeroteca de La Voz de Galicia nas edicións (21/05/1968), (26/02/1971), (11/12/1983), (30/03/1984).

⁴³⁶ Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia (01/06/1964).

⁴³⁷ A rexión norte formada polas provincias de Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense, Oviedo, Santander, Bizkaia e Gipuzkoa. Fonte: Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia (05/03/1972)

*del Jefe Provincial del Movimiento, Copa de la UTECO, Copa de la COSA, así como tamén Copa Finanzauto S. A. e, incluso, Copa de la Granja Escuela de Andrés Conde Vázquez*⁴³⁸.

Mais serían o SEA e sobre todo o PPO, as institucións do Estado máis implicadas nos programas de formación técnica dos novos medios de produción. No caso do SEA, as labores dos axentes comarcais era a de acompañar e influenciar determinados cambios tecnolóxicos para industrializar as explotacións, a través dunha substitución clara duns coñecementos por outros. Loxicamente e como xa temos visto, as casas máis decididas pola especialización leiteira eran as máis interesadas en buscar a información sobre os distintos cursos do SEA para formarse nas novas técnicas de produción. Un exemplo xa o vimos con Mario da freguesía da Laiosa, na Baña, quen á volta da súa emigración estacional en Suíza, aproveitaba todos os invernos para asistir aos cursos de formación agraria que se organizaban nos locais sociais da súa freguesía ou do Concello⁴³⁹. Era alí, onde tomaban consciencia da necesidade de formarse, intensificar a produción e mercar tractores⁴⁴⁰.

Mais na realidade, o SEA non se centraba en exceso nos cursos de formación e manexo de tractores, tal e como vimos no Capítulo terceiro. A relación do servizo co proceso de moto-mecanización viña máis ligado ás tarefas de apoio e asesoramento administrativo, tales como a xestión das inscricións no rexistro de maquinaria agrícola, as baixas, ou a xestión de multas. Unha das claves parece estar pois no acompañamento participante que facían os axentes do SEA no ámbito local. Cando se organizaban seráns de cine, ou charlas de distinto tipo, o SEA adoitaba convidar a distribuidores de maquinaria agrícola para presentar as últimas novidades á venda. Eventos organizados ademais nos teleclubes, como espazos de socialización paradigmáticos nos que a Ditadura depositara unha enorme confianza para

⁴³⁸ Distintos concurso celebrados pode localizarse na Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia nas edicións: 12/05/1964), (07/05/1968) e (14/04/1970). Igualmente na hemeroteca do xornal La Noche, N°11 de 1964.

Data de consulta (24/09/2019):

https://biblioteca.galiciana.gal/gl/catalogo_imagenes/grupo.cmd?path=1238920&idImagen=12322934&idBusqueda=18268&posicion=4&presentacion=pagina&fbclid=IwAR3W79ZeDuS5_vgU7OdKRQ5qGoHyGYLnsO9X0q-Dq7HGtooEhQ3meVnzJUE

⁴³⁹ Entrevista a Mario. Realizada por Bruno Esperante (22/11/2018).

⁴⁴⁰ Por exemplo na seguinte experiencia que lle conta un entrevistado a Díaz Geada: “A situación requería que non se podía estar sujeto ó rendimento de dúas ou tres vacas. Era antirrentable, eso non daba para o sustento dunha familia, entóns considerouse que había que aumentar o número de vacas, porque tamén así nolo dician os de Extensión Agraria, sempre estaban un pouco ó noso lado e íbamos recollendo aquilo que nos parecía correcto e deixábase outras cousas que nos trataban de impoñer que non tiñan moito que ver coa nosa economía. Entóns a xente foise mentalizando, e todas as grandes explotacións que hai aquí, por distinguilas un pouco, grandes non son tampouco, pero, taban xa mentalizados un pouco do cursillo que se fixera aquí no grupo escolar” (2013: 237).

servir de canles de comunicación coas comunidades labregas. Neles, escribían os xornais e revistas de época, organizábanse todo tipo de cursos do SEA, do PPO, charlas do IRYDA, da *Sección Feminina* ou das *Cátedras Ambulantes*⁴⁴¹. José Alonso, o distribuidor de maquinaria da empresa DYPSA, contaba así a súa experiencia nas charlas que tiña impartido.

*“A partir dos anos 70 despois empezou o asesoramento xa as agrupacións, ós barrios, ás aldeas, á formación de cooperativas promovidos fundamentalmente polos agentes de extensión agraria. Os agentes de extensión agraria foron os que realmente crearon as cooperativas que existen en Galicia hoy”*⁴⁴².

Máis especificamente apuntaba:

*“Nosotros incluso temos ido a muitas reunións nocturnas das charlas que daban os agentes de extensión agraria e ao acabar el coa súa parte pra formar a cooperativa dabámonos nosoutros as explicacións pertinentes da maquinaria agrícola que podían incorporar. Entonces, fundamentalmente aí foi cando comezou a compra conjunta de cisternas, de empacadoras, de cosechadoras, de rastrillos extendedores, volteadores e acondicionadores de herba”*⁴⁴³.

Cando a incorporación de tractores comezou a acelerarse nas aldeas cara a década dos setenta, tal como vimos na freguesía de San Lois, na da Laiosa, ou na de Santo Antón no Concello da Baña; o Estado centralizou e impulsou a formación de tractoristas nos cursos do PPO. Un programa de formación que xa analizamos no capítulo da agricultura industrial, e que sen dúbida tería un enorme importancia xunto coa labor que xa viña desenvolvendo o SEA no eido da formación agrícola.

Os cursos para tractoristas non tiñan unha periodicidade preestablecida. Dende que se organizaron os primeiros na provincia de Burgos en 1965, os cursos en Galiza comezarían un ano despois. O primeiro deste tipo na provincia da Coruña, clausurábase no Concello de Brión (A Coruña), logo de tres meses de curso en agosto de 1966. En Lugo no mesmo ano, o primeiro cursos sería no Concello de Viveiro. Amais dos tractoristas, habería cursos de gandaría, vaqueiros-leiteiros, conservación de maquinaria agrícola etc. A duración dos cursos era de tres meses, e seis horas diarias onde adoitaban asistir uns 25 alumnos. No caso dos cursos de tractoristas, os obxectivos era capacitar no manexo do tractor e outras máquinas necesarias para unha explotación básica, así como ensinar uns coñecementos mínimos de

⁴⁴¹ Revista Díaz y Prieto. Nº 3. BNE.

⁴⁴² Entrevista a José Alonso. Realizada por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴⁴³ Entrevista a José Alonso. Realizada por Bruno Esperante (26/01/2018).

conservación e reparación básica das máquinas. Todo o equipamento e maquinaria dos cursos era propiedade da propia axencia do PPO⁴⁴⁴.

Unha das claves destes cursos, ao igual que anteriormente cos cursos do SEA, era a estreita relación que mantiñan cos distribuidores de maquinaria agrícola. Aproveitábanse os cursos para convidar a un axente distribuidor e información aos participantes. Claudio da freguesía de Santo Antón, na Baña, contábo así.

“Os agentes iban de casa en casa. E viña un e ofrecíache un EBRO e negociabas. E viña outro e tal. Por que compramos nós un Renault? Porque o noso tiña un cambio sincronizado. Cambiaba andando. Os outros tiñan que cambiar parando. A través do cursillo do PPO consultábase cos monitores que vivían en Santa Comba e cando compramos o tractor preguntábase: -Oes mira este tractor. Que recordome da frase que nos dixo o tipo, o Manolo Fernández era castellano, de Valladolid ou algo, e outro Alfonso Gutierrez de Lugo. Eran os técnicos da PPO. E fomos consultar con eles. Manolo díxolle: Ese é un gran tractor pero hai que cuidalo muito. É delicado. Os outros eran tractores máis robustos...”⁴⁴⁵

Os cursos de tractoristas e conservación de maquinaria agrícola que organizaba o PPO íanse repartindo por toda a xeografía galega. Cerceda, Teo e Rianxo na Coruña, Monforte de Lemos ou o Saviñao en Lugo, así como en Trasvías ou Xinzo de Limia en Ourense... O PPO non actuaba de forma illada, senón que se coordinaba con todo o aparato do Estado en materia de políticas agrarias. Ben fora a oficina da *Concentración Parcelaria y Ordenación Rural*, o *SEA* ou a *Jefatura Agronómica Provincial*.

No caso de Lugo e para facernos unha idea, o xerente provincial saínte do PPO, Norberto Mansilla Cabello, comentaba que dende 1966 ata 1970 organizáranse uns 155 cursos formando un total de 2,832 alumnos⁴⁴⁶. A importancia destes cursos non se pode subestimar, dado que probablemente tiñan máis peso que as actividades do SEA no campo do ensino no manexo de maquinaria agrícola. Xunto a isto, eran tamén actividades cunha relación moi estreita coas casas de venta e distribución de maquinaria agrícola⁴⁴⁷. Claudio da freguesía da Laiosa, na Baña, lembraba así o que supuña participar nun curso do PPO:

“-P: como te apuntabas a un curso da PPO?”

⁴⁴⁴ Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia. Edicións (28/08/1966), (22/11/1966), (20/12/1967), (01/03/1968), (24/04/1968), (17/06/1970), (10/10/1970).

⁴⁴⁵ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

⁴⁴⁶ Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia (10/10/1970).

⁴⁴⁷ Entrevista a José Alonso. Realizada por Bruno Esperante (26/01/2018).

-R: *A través da oficina que tiñan en Negreira do IRYDA. Ibas alí por propio interés. Baixábamos nun coche que facía a ruta á feira a Negreira. A oficina estaba aberta o domingo e ibas alí, vías, e oes, este curso interésame. Ademais levaba consigo que facías o curso de conducire. O que é o teórico. O práctico tiñas que ir facelo a unha auto-escuela. (...) Conde Medín facía unha cousa básica pa....catro cousiñas básicas de todo pa conducir un tractor. Eeeeh.....saber o que era un Stop, máis eso.....pero nós fomos examinados polos de tráfico (...).*

-P: *O práctico fixéchelo en Negreira?*

-R: *Na Baña, que o cursillo foi na Baña que onde era agora o campo de fútbol. Alí facíamos o que era todo o manejo de maquinaria. Como se manejaba unha grade, ou como se desmontaba un motor, como tal, como se botaba o aceite, como se cambiaba o aceite.*

-P: *De quen era o tractor das prácticas?*

-R: *Era do organismo, da PPO.*

-P: *Erades moitos alumnos?*

-R: *Eramos entorno a por encima de 20 eeeeh... 20 ou 30 de todo o concello da Baña. (...) Eu que tiña 23 anos, había tamén homes de 60 anos. (...) Houbera xa outros cursos organizados por eles pero xa moito máis relacionados coa agricultura. Tema das patatas, as primeiras praderas que se implantaba nese outro curso e que eu era aínda un rapaz. (...) Diríamos que era o que son agora por poñer un exemplo os cursos de 200 horas, que eran unhas cousas básicas elementales de primeiros coñecementos que non había ningún. Eu non sabía o que era a....bueno a terra, eu sabía o que era a terra, que sabíamos o número das terras, pero non tiña máis coñecemento do que era a terra, non?*

-P: *Pero sabías traballar coas vacas?*

-R: *Si, traballar coas vacas si, traballar coas vacas si, pero alí foi xusto onde empesamos a motorización da terra. Eso foi a finais do 72 e a principios do 73 compramos un tractor. Un tractor pa tres veciños, tres socios.*

-P: *Quen erades?*

-R: *Pois eran dous primos, unha prima máis un primo, aquí da aldea. E compramos un tractor xa daquela. Era un Renault, un Renault 86, un tractor de 56cv, cun carro, 2 arados e 1 fresadora.*

-P: *Dous arados por que?*

-R: *Bueno diríamos que un arado de vertedera e outro roturador. Un gancho.*

-P: *A quen lle comprachedes o tractor?*

-R: *Ese tractor comprámosllo a unha empresa de Lugo que tiña unha sucursal en Santiago que se chamaba Díaz y Prieto”⁴⁴⁸.*

Estes cursos acabarían tendo unha longa vixencia durante os anos setenta, e incluso, continuaron logo do final da Ditadura para converterse a comezos dos anos oitenta en parte do *Instituto Nacional de Empleo (INEM)*. Sen grandes modificacións, os novos cursos do INEM foron incluídos no *Plan de Formación Ocupacional Rural*. Polo xeral, mantivéronse sen transformacións de consideración, continuando a organizarse por todo o territorio galego para a formación de labregos en gandeiros en períodos de tres ou catro meses de curso intensivo⁴⁴⁹.

⁴⁴⁸ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

⁴⁴⁹ Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia nas seguintes edicións (24/12/1985), (28/09/1986) e (21/10/1987)

4.3.2. Concentrar, motorizar e rozar.

Cando o primeiro tractor chegou da man de Antonio Fabeiro en 1959 ao Concello de Negreira (A Coruña), o axente de extensión local Amador Rodríguez comentaría así para que labores foi destinado.

*“O primeiro tractor veu con dobre finalidade. Unha a de rozar o monte do Gorgal e facer praderas.
-P: Porque antes que está a toxo ou a xestas?
-R: A toxo, a toxo...era toxo. Fui das primeiras praderas que se fixeron. E despois trocar o millo para ensilar.
-P: Pero entonces xa ensilaban?
-R: Si, o millo si. Xa ensilaba xa incluso herba.
-P: Pero en silo como se ensila hoxe?
-R: Si, máis ou menos como se ensila hoxe. Non como agora porque era... Porque agora ensilan en calquera sitio, pero daquela había que facer uns depósitos que lle chamaban silo-zanjas e que os subvencionaba o Plan Agrícola de Galicia. E xa empezou daquela época do 63 ou do 64 no Gorgal”⁴⁵⁰.*

No resto do traballo de campo que realizamos repítese unha lembranza similar. Coa chegada dos primeiros tractores sucedeu un traballo rápido de rozado dos montes da contorna. Un rozado que se facía co uso dunha grada de dentes que se adoitaba vender co tractor e que servía para arrancar de raíz as toxeiros e xesteiras. Hai que lembrar ademais, que no contexto da dos tractores, actuaban tamén as políticas forestais do PFE sobre os montes en man común. Os cambios acontecidos, pois, nas aldeas, ían acompañados dunha forte conflictividade⁴⁵¹. Deste xeito, todos os cambios relatados pasaron a formar parte da memoria colectiva de moitas aldeas en Galiza, ao lembraren como chegaban os primeiros tractores ás aldeas. Na Baña, Claudio de Santo Antón lembra así.

“Eso foi automaticamente de chegar o tractor. É subirse ao tractor e rozar monte, e rozar e rozar. (...) De pasar de toxo a pradeira pero bueno, iso foi visto e no visto. (...) Iso foi o cambio total de eliminar monte e facer establos novos. Facere fosas para o xurro. Pasou o purín a facer de abono e que o toxo que logo traducíase a esterco fíu cambiado polo purín. Incorporouse o purín e deixouse de ir ao toxo...”⁴⁵².

⁴⁵⁰ Entrevista a Amador Rodríguez. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

⁴⁵¹ Entre febreiro de 1960 e xullo de 1961 reproducíase no Concello da Baña un conflito provocado pola proposta do PFE ao Concello para a repoboación dos montes que se crían de man común de Santa Mariña, Cabanas e Silvariño. En total sumaban unhas 3,600 hectáreas dos tres montes. Os consorcios serían paralizados de forma indefinida ante a protesta veciñal. Fonte: Repoboacións forestais dos Montes Santa Mariña, Silvariño, Cabanas e outros. 3.2. 166, 10) Arquivo Municipal do Concello da Baña. Por outra banda, para saber máis sobre a conflictividade social e os montes veciñais en man común en (Freire Cedeira, 2014).

⁴⁵² Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

Rozados os montes e desfeitas as agras, cultivábanse encima delas as pradarias artificiais. Todo, dentro dun contexto no que ás lóxicas concretas da moto-mecanización, incluído as súas contradicións e erros, que os houbo, por parte das propias comunidades labregas quedaban ocultas detrás do forte relato revolucionario da modernización. As transformacións percibíanse como unha forza inevitable, amparadas polas agresivas políticas interventoras do Estado nos ámbitos locais. Por exemplo, as da concentración que acentuaban transformando os sustentos de moitas casas labregas que descoñecían a calidade das novas terras que lles outorgaban. Algúns destes problemas e rexeitamentos contrarios á concentración parcelaria eran os que sinalaba tamén González Vázquez no seu traballo. Cando os técnicos da concentración rozaban monte comunal de Santa Comba e Coristanco para cultivar prados artificiais, algunhas casas labregas cultivaban toxo ou xestas por encima, dado que seguían mantendo as formas de produción que requirían dos fertilizantes naturais. Ademais, as parcelas devoltas aos propietarios ás veces eran demasiado grandes para afrontar o seu traballo cos medios técnicos dispoñibles (González Vázquez, 1997: 36). Cousa que tamén relata na súa memoria o axente do SEA de Negreira.

“A xente de Pesadaira, (...) chegou un momento no que non tiñan con que meter e dicían: “E eu agora como vou a labrar eso si eu teño 5 vacas e 1 arado”. Normalmente romano eh... e tal, é imposible, e el tiña seguramente 60 ferrados de terra e déronlle 300 de monte roturado. Eso era unha barbaridá. Superior as capacidades deles. (...) Entonces o tema é que chegaronnos á agencia e que solución lle dábamos nós? Entón a solución que lle demos que se me ocorreu a min é que foran a Betanzos a comprar semente de toxo, á feira de Betanzos, que vendían alí, vendíase moito toxo e o sementaran pola noite. E así fixeron. Nunca jamás houbo tan bo toxo na zona esa de Pesadoira que desde entonces. O mellor toxo que hubo porque claro, alí roturáronlle e despois botáronlle toxo”⁴⁵³.

Os problemas da concentración parcelaria devían de experiencias como as anteriormente descritas. As transformacións do agro-ecosistema era radicais e máis rápidas que a capacidade de cambio das casas. Por exemplo, na freguesía de San Lois, a veciñanza lembraba como se abría paso rapidamente monte arborado nas partes altas do val de Nocedo. Nas agras xa inexistentes, abríanse as novas estradas da concentración que cruzaban a aldea. Os camiños vellos desaparecían ao ritmo que marcaban a chegada dos tractores. Por

⁴⁵³ Entrevista a Amador Rodríguez. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2017).

desaparecer, desaparecía ata o ordenamento dos cultivos, e abandonábase o trigo, o liño ou o centeo, á vez que se vendían os grandes rabaños de ovellas⁴⁵⁴.

Na freguesía da Laiosa, Mario era un neno cando a concentración chegou á súa aldea de Vilariño. Alí quedara todo concentrado, terras de labor e de monte. Non como noutras freguesías veciñas que se negaran a concentrar o monte. Na súa casa, engade, tiñan ao menos 110 leiras que sumaban unhas 13ha. en total. De 110 leiras pasou logo a só 10 parcelas que sumaban a mesma extensión de 13 ha. Coa concentración perdéronse outras tantas leiras pequenas, daquelas das que só se lembraba o seu avó, aínda que este, como estivera no Brasil tanto tempo, ao igual ca seu pai, xa non tiveran tempo de identificar as numerosas *gichas* dun ferrado, ou aqueloutras duns cuartillos que xa ninguén sabía delas. A concentración remataba coa anterior orde agraria da aldea. Todo cheo de corredoiras, valos polos medios das fincas, arrós e zonas onde botar o arado. Despois da concentración a xente comezou a botar pradarias, mercaban as vacas de leite que dando uns 40l/día, xa daba máis que todo o lugar xunto.

Sobre os traballos da concentración, Mario aínda se lembra do impresionante que resultaba ver as pesadas máquinas arrancando carballos vellos e achando valados centenarios:

“Eu acórdome de andaren por aí co equipos que me chamaba moito a atención que andaban cuns jalons aí pintados de rojo e blanco. As picas grandes aí de 2 metros e pico e tal e unha cinta medindo por aí cun equipo de xente que andaban por aquí polas aghras e eu era pequeniño. Deso si que me acorda. Acórdame máis deso que do que me pasou onte...e acórdame tamén cando viñeron as máquinas. Aquelo pa min era un mundo....viñeron as máquinas rompendo os camiños por aquí por debaixo da nosa eira, aí por baixo pasa un camiño, e eu mirar para aquilo e a máquina botaba....non había carballos, nin cachopos nin ostias, aquilo era....acórdome de todo eso”⁴⁵⁵.

Concentrada a freguesía da Laiosa, o pai de Mario merca o primeiro tractor da aldea, xusto cando botaban a estrada moderna, aínda que só fose para facer chegar as modernas máquinas do SNCP ao lugar. Dende entón, seu pai dedícase case en exclusiva a ser tractorista. Primeiro, acabando de perfilar co tractor novo as novas leiras que deixaban só marcadas os do SNCP. Cun arado e unha grada de dentes acababa de desfacer os valados que quedaban, arrancando pinos e achando na terra das fincas, para logo facerlle a milleira e virarlle a terra

⁴⁵⁴ Entrevista a María Manuela. Realizada por Susana Mayo (1993).

⁴⁵⁵ Entrevista a Mario. Realizada por Bruno Esperante (22/11/2018).

a tódolos veciños dos lugares da freguesía propia e máis. Traballaba día e noite e, por suposto, dábanlle o xantar en tódolos lugares⁴⁵⁶.

4.3.3. Sobre as transformacións do traballo labrego:

Outra das cuestións que nos interesa analizar son as transformacións do traballo labrego ao moto-mecanizar as explotacións. Neste sentido, quizais un dos cambios máis directos e evidentes era a substitución dos animais de tiro polo tractor. Cuestión que tiña unhas fondas repercusións á hora de organizar o traballo familiar, e a produción da explotación. Ademais, a venda dos bois, de telos, constituía un punto clave na compra dos tractores.

“Si muchas veces dicían, bueno estamos pensando en facer esto, porque vamos a desprendernos dos bois, pois na primavera, ou vamos a telos ata o inverno e despois do inverno véndelos para carne e entón xa estamos pensando en si podemos facer este traballo cun tractor ou ter máis vacas de leite por exemplo. Si, eso claro, era unha das, unhas cousas. (...) En general eu creo que en canto vían que o tractor lle facía o traballo dos bois pois mellor, máis cómodos, máis rápido, máis eficiente, pois xa se desfacían, desprendíanse inmediatamente. No, eso foi unha transición rápida eh, osea que habrá casos particulares pero vamos...”⁴⁵⁷.

Sen dúbida, un dos resultados da moto-mecanización foi a depreciación dos animais de tiro. A depresión na que se estaban sumindo eses animais, xa levaba sendo dende había décadas un motivo de debate nos xornais⁴⁵⁸. A comezos dos anos cincuenta, nun artigo de *La Voz de Galicia* titulado: “*De Sol a Sol. Una época que se va*”, escribíase o seguinte:

“Miles de caballos se alinean en el campo de la feria. Grandes y pequeños, domésticos y salvajes, esperaban paciente turno para cambiar de dueño, aunque sin resultado. (...) El tractor acabó con la utilidad de los caballos. Me refiero a su utilidad en vivo. (...) Pero lástima que los tractores no nazcan en el monte”⁴⁵⁹.

⁴⁵⁶ Entrevista a Mario. Realizada por Bruno Esperante (22/11/2018).

⁴⁵⁷ Entrevista a José Alonso. Realizada por Bruno Esperante (26/01/2018).

⁴⁵⁸ Xa en 1936, o veterinario Rof Codina escribía en *La Voz de Galicia*, na súa sección titulada “Galicia Agrícola-Ganadera” o seguinte: “A medida que el motor mecánico ha ido perfeccionándose (...) los motores de sangre, caballo, mulo, asno, han sufrido un gran quebranto. (...) La mayor perturbación ha tenido lugar en la producción del caballo de silla y tiro de lujo, cuya demanda y empleo ha ido disminuyendo a la par que se ha generalizado el automóvil, el camión y el tractor”. Fonte: Hemeroteca virtual de *La Voz de Galicia* (09/02/1936).

⁴⁵⁹ Hemeroteca virtual *La Voz de Galicia* (20/10/1954).

Na mesma liña temática, e na mesma sección, mais dez anos despois seguíase reflexionando ao redor dos cambios da economía labrega no tránsito da tracción animal pola motora.

“Uno piensa que en este plan, sostener una vaca va a dejar de ser un negocio. Porque si es cierto que la vaca, como instrumento de trabajo, rinde menos que un tractor, también es cierto que el tractor no en todas las fincas es necesario –resulta antieconómico mientras la concentración parcelaria no sea una total realidad-, y sobre todo, es mas cierto aún que cuando el tractor se hace viejo no puede liquidarse en bistecs, como venía ocurriendo con la vaca, y que mientras trabaja, por mucho que se apriete no da una sola gota de leche. Ni una ternera, o su equivalente: un tractorcito. Mientras que a la vaca el campesino de minifundio le extraía una doble renta, que al parecer se quiebra ahora por el lado más insospechado: el ganadero. Y no se sabe si le interesará tan solo como tractor”⁴⁶⁰.

En Galiza, ao falar de animal de traballo había que falar de vacas. Cuestión que cumpre aclarar dado o dominio da mula, do burro ou do cabalo en tantas agriculturas ibéricas ou da Europa atlántica. Ademais, no primeiro terzo do século XX víñanse seleccionando en Galiza razas de vaca poli-funcionais. É dicir, que deran carne, leite, cría e forza de traballo. Dentro destas características, a raza loura galega era moi prezada pola súa capacidade de traballo, mais había espazo tamén para outros cruces e razas como as cachenas ou limiás⁴⁶¹. Por poñer un exemplo, dos 35 propietarios que declaraban gando en propiedade na aldea de Nocedo, na freguesía de San Lois en 1946, só 4 declaraban ter un cabalo ou besta en propiedade, e só o quinto propietario declaraba en propiedade un burro⁴⁶². Estes animais, aínda que minoritarios fronte ás vacas, eran prezados para traballos especializados. Por exemplo as mulas, aptas para carrexar pedra nas canteiras, ou para sortear as pendentes esaxeradas. Porén, as vacas podían aportar case a metade da forza de traballo da que aportaba unha mula, e ademais producía leite, carne e cría. A vaca aceptaba tamén aceptaba pastos de menor calidade que o cabalo, polo que tamén era máis fácil de alimentar, pese á maior velocidade e resistencia dos cabalos e bestas⁴⁶³.

⁴⁶⁰ Hemeroteca virtual de La Voz de Galicia (19/03/1964).

⁴⁶¹ Para saber máis sobre selección de razas gandeiras en Galiza no século XX en Conde Gómez (2015) e Otero Rodríguez (2017).

⁴⁶² Juntas de Información Agrícola do 11 de febreiro de 1946 (3.2 nº 166) Arquivo do Concello da Baña.

⁴⁶³ Fonte: Informe de marzo de 1967 feito pola comisión de agricultura, grupo: factores de produción; subgrupo: gando de labor. II Plan de Desarrollo Económico y Social. (11. 1.30, 61/13.133) AGA.



Imaxe 23. Burro cargando na herba en Viveiro (Lugo) 1980⁴⁶⁴.

O tractor substituínos a todos, proceso facilitado ademais pola especialización leiteira e a introdución da raza frisoa (Otero, 2017). Estas vacas especializadas non estaban pensadas para traballar. Non obstante, que o proceso foi ás veces caótico, gradual e desequilibrado demostrano as seguintes fotografías da mesma labor, mais con distintas disponibilidades tecnolóxicas en espazos separados por pouco máis de 15km a pe.

⁴⁶⁴ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.



Imaxe 24. Cargando na herba seca en Aranga (A Coruña) 1980⁴⁶⁵.



Imaxe 25. Cargando na herba seca en Guitiriz (Lugo) 1980⁴⁶⁶.

⁴⁶⁵ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

⁴⁶⁶ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

Nas fotografías anteriores vese perfectamente a que nos referimos coa redución do traballo necesario para a realización dunha mesma tarefa agrícola. Ademais, a fotografías válennos para lembrar que a moto-mecanización, tal é como recoñecía Cardesín, recuperaba forza de traballo. É dicir, que si un home de sesenta anos xa non podía carrexar herba ao ritmo dunha persoa nova. O home de sesenta anos si podía cubrir o traballo de varias persoas novas cun auto-cargador (Cardesín, 1992: 102). Ademais, o traballo moto-mecanizado facíase cun ritmo distinto, cuestión que xunto coa liberación do traballo familiar supuña unha modificaba enorme da maneira na que concibían o tempo as propias comunidades labregas. Os ciclos agrícolas e polo tanto as festividades asociadas a elas cambiaban a ritmo dos tractores. As festas polo final da malla desaparecía, dado que agora o tractor segaba e mallaba o cereal moito máis rápido e sen necesidade do traballo de veciños. Sobre estas transformacións, o antro antropólogo norteamericano *Shutes* recollía as impresións dos gandeiros nunha freguesía do Condado de *Kerry* (Irlanda) en 1976. Alí, como nos casos da especialización leiteira na Baña (A Coruña) ou en Castro de Rei (Lugo), as agriculturas de *mixed farming* viñeran experimentando unhas importantes transformacións no camiño da *dairy farming specialization*⁴⁶⁷. Os gandeiros de *Kerry* tiñan impresións moi similares ás acontecidas en Galiza.

“The thing now is that, with more and more of the silage being done by contract, and little or no tillage and the silage being self-feeding, and the milking being done in parlours and the calves being sold off as sucks (1 month old), and no workmen about the places, and the sons off at school or playing football all the time, the farmer’s life has become very monotonous. Oh, I have more free time in the winter, alright. Not much to do, really, but the rest of the year is very busy and hard and monotonous. Not much to break up to work. Except for the calving in the spring and the usual carry-on about the weather, it is all milking. It is nearly the same every day, and there is no break from it”. (Shutes, T.M., 1989: 189)

Para Shutes, o interesante da moto-mecanización do traballo labrego non eran tanto os problemas económicos, senón os que provocaba no ámbito social e cultural. O gandeiro irlandés láíase do traballo monótono no que se converteron as tarefas da explotación na primavera. As novas formas de produción requirían tempo atrás de altos investimentos en gasto de traballo familiar e colectivo para manter os niveis de autoconsumo. Mais coa moto-

⁴⁶⁷ Outro dos motivos porque comparamos a freguesía do Condado de Kerry, coas freguesías mencionadas era polo similar das especializacións produtivas. En ambos casos, os ingresos das freguesías viñan da venda do gando, sendo o diñeiro percibido pola venda do leite moi pequeno e limitado en comparación. Nese contexto, ademais, calquera persoa da freguesía dependía moito do traballo en común. (Shutes, T.M., 1989: 189).

mecanización, os gandeiros que entrevista quéixanse dun traballo solitario, dado que a moto-mecanización reducía o gasto de traballo familiar ata límites absolutos. Xa non necesitarían máis dos membros do grupo doméstico, como diría Cardesín, nin tampouco da veciñanza, nin tan se queira dos traballadores asalariados.

“There are no workmen in the parish at the moment, and not likely to be any. There is no farm with a workman now. That day is gone. On a farm like this, 55 acres, in my grandfather’s day, there would have been at least two, plus the neighbors. Which means that it has gone back to a very serious situation because the farmer has huge assets now, and as well as having to manage these assets, he has to work harder with little help. He is a slave. Whereas people with no assets are living quite coortably and they do nothing. I think that is a terrible bad trend”. (Shutes, T.M., 1989: 191)

Certo que no caso irlandés, tiñan un problema engadido na falta de traballadores asalariados. Cousa que polo do momento, non sucedía nos casos galegos. Mais os problemas para atopar traballadores en *Kerry*, eran polo mesmo motivo que acontecía en Galiza. O auxe dos salarios nas cidades, e as oportunidades da emigración comezaban a baleirar as aldeas.

Outro dos problemas que citan os entrevistados por Shutes, tiñan a ver cos maiores requirimentos formativos do cambio tecnolóxico. Xa non bastaba, ou resultaba insuficiente continuar traballando coas experiencias cotiñas e as prácticas populares.

“We’ve gone in to dairying and dairying is the only thing that is going on and most of the farms have got milking parlours, which means it is a one-man job. On a lot of the farms around here, the farmer himself runs the show completely. And with the way education is, a lot of the younger people are not helping out at all. Even if they wanted to, there is not much for them to do or learn. They are not learning any apprenticeship skills” (Shutes, T.M., 1989: 191).

A liberación do traballo familiar re-configuraba entón os roles dos membros da familia aquí e acolá. Co tempo, os fillos e as fillas xa non traballarían na explotación aínda que quixeran, dado os altos requirimentos técnicos e formativos da explotación. De igual forma, a moto-mecanización tamén modificaba as necesidades do traballo colectivo. Os propios traballos en común como a malla comezaron a desaparecer. Na seguinte foto vemos un tractor *Ebro Super 55* xunto coa clásica malladora galega *Campeva*.



Imaxe 26. Mallando no trigo en Monfero (A Coruña) 1981⁴⁶⁸.

A malladora como a que se ve na fotografía arrendábase, non caso de non tela en propiedade, en base a un pago en pesetas/hora de traballo. Ocorría o mesmo no caso dos primeiros tractores que chegaban ás aldeas a fins da década dos cincuenta e dos sesenta. Tanto os organismos oficiais, como cooperativas ou particulares privados arrendaban o traballo do tractor en pesetas/hora. Cuestión que podía ser, ou ben outra fonte de ingresos para o propietario do tractor, ou unha importante partida de gasto por arrendo de maquinaria para os que non podían permitirse a innovación (Cardesín, 1992:105-106).

En calquera caso, os distintos ritmos e desequilibrios provocados pola introdución da maquinaria moto-mecanizada, reflectíanse nas enormes variacións de cada casa á hora de organizar o traballo. Cousa que vemos na aldea de Nocado, ao preguntar pola data aproximada da introdución de tractores. Moitas das casas da aldea bañense permanecerían ata ben avanzado os anos oitenta, e incluso nos noventa sen un tractor propio. Nese caso, recorrían ao arrendamento⁴⁶⁹. O mesmo relata O'Neill para a aldea de Fontelas, en Tras os

⁴⁶⁸ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

⁴⁶⁹ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019). Ver en anexos a táboa IV.

Montes (Portugal). Alí conta como as primeiras debulladoras mecánicas eran alugadas primeiro de fóra da aldea. Coa chegada dos primeiros tractores á aldea, o primeiro en 1965 e o outros dous en 1970, estes foron equipados con malladoras. Estas usábanse primeiro polos donos dos tractores e só logo se deixaban para parentes e amigos íntimos. A seguir, os veciños que podían alugar as máquina, mais inevitablemente, outras casas non alcanzaban a tempo a posibilidade do alugar as malladoras e víanse polo tanto na obrigadas da sega e malla manual (1984: 149-150).

Estas diferenzas estaba á orde do día nas aldeas en Galiza. Namentres algunhas usaban arados de pau, outras usaban vesadoiros de ferro, e outras podían labrar as terras máis duras do monte con tractores. E insistimos en que os cambios tecnolóxicos non se daban só pola posibilidade económica, senón pola eficiencia dos resultados. Por exemplo, algunhas actividades como o sementado do millo, ou o sachado do mesmo quedarían só longamente mecanizadas. Neses casos, o tractor non facía o traballo nin máis rápido nin con mellores resultados.



Imaxe 27. Paisanos co arado de pau, e co caldeiro do abono ou da cal en Castro Caldelas (Ourense) 1978⁴⁷⁰.

⁴⁷⁰ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.



Imaxe 28. Vesando cun modelo posiblemente “Ideal” de vesadoiro único en Vilalba (Lugo) 1979⁴⁷¹.



Imaxe 29. Sachando no millo coa vaca frisoa. No Concello de Abegondo (A Coruña) 1980⁴⁷².

⁴⁷¹ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

⁴⁷² LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.



Imaxe 30. Sementando no millo en Abegondo (A Coruña) 1980⁴⁷³.



Imaxe 31. Segadora con tractor segando na avea no en Monfero (A Coruña) 1981⁴⁷⁴.

⁴⁷³ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

⁴⁷⁴ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

Como acabamos de ver nas fotos, os saltos tecnolóxicos, temporais e xeográficos aparentemente desordenados estaban á orde do día. E aínda que a moto-mecanización transformaba de forma clara todo o sistema produtivo das comunidades labregas, tal e como apunta O'Neill para Tras os Montes, en realidade non lograba suplantar radicalmente as técnicas e tecnoloxías como o fouciño ou a gadaña. E isto, a pesares de tratar de convencer os paisanos de Fontelas. Mais do que si se daban conta as comunidades labregas, era das perdas culturais asociadas á introdución de tecnoloxías que remataban con certas formas, mais non con todas, do traballo colectivo. Por exemplo, nas décadas centrais do cambio tecnolóxico da agricultura industrial consolidábanse outras tarefas como o ensilado, ou o empacado de herba que mantiñan os rascos festivos da antiga malla⁴⁷⁵.

O ensilado, por exemplo, foi unha das innovacións en alimento para o gando máis destacados do período para o mantemento do gando estabulado. Cando se comezou a ensinar nos anos sesenta facíase en forma de silos depositados en aberturas no chan. Mais non se tardou en facer os silos en superficie tempo despois. Para elaboralos, as casas organizan o calendario de quendas para aproveitar ao máximo as axudas da veciñanza. Deste xeito, na data elixida a veciñanza repartíase por grupos e agros para cortar a herba e cargala, a falta de auto-cargadores. Os que dispuñan deles recollían a herba con menos necesidade de traballo. En calquera dos dous casos, os tractores recollían a herba e facían as procesións polas estradas ata chegar ao lugar do ensilado onde se procedía a súa descarga. De novo, os rituais de prestixio encubertos na competencia por ser dos primeiros en rematar coa sega mesturábase no traballo do día. Ao estender a herba, aparecían os nenos e as nenas do lugar para brincar e, de paso, achandar na herba na que previamente se tiña botado o sal gordo e se preparaba así a superficie para a seguinte descarga.

O proceso de ensilado estivo tamén neses anos suxeito a certas innovacións mecánicas, tal é como nos conta Javier Cancela, cando nos relata como seu pai, dono dun

⁴⁷⁵ De novo, para Fontelas en Tras os Montes, (Portugal) O'Neill relata como a malla era un traballo penoso e que ocupaba os días máis quentes e longos do ano. A tarefa tiña entón o seu propio folclore, conformada por toda unha serie de cantigas cantadas por tódalas malladoras/es ou segadores/as. A miúdo estes grupos de traballadores retábanse uns a outros dende os lugares de traballo, intercambiándose así réplicas, ou cantigas ao desafío, tal como cita O'Neill, dende uns outeiros e agras a outros. Porén, coa introdución da debulladora mecánica os vellos do lugar queixábanse últimamente da redución dos grupos de traballo, ou tamén chamados "camaradas" para a sega. Dicían eles que estes grupos eran máis alegres, e que os segadores mostraban espíritos máis competitivos. Hoxe, apenas lembraban fragmentos desas vellas cancións (O'Neill, 1984: 152-153).

taller mecánico no Concello de Tordoia, trataba de introducir máquinas para estender a herba nos silos, coa conseguente redución de forza de traballo nesa labor.

“...despois había unha necesida que aí xa foi un antes e un despois no tema dos silos que, para facer os silos chegaba o autocargador descargaba a herba, facíase a man tamén. Con 5 ou 6 ou 10 personas cunha galleta extendíase a herba e outra pisábaa. E tábase facendo totalmente manual. Viu algo en Alemania ou en Holanda cuns discos para extender e tal e colliu un pouco a idea, pero claro, para aquí non valían porque aquí os autocargadores non picaban a herba casi nada, e iba a herba casi enteira, e enrollábase e aínda trouxera un e non funcionaba. Despois facía falta tractores de moita máis potencia e non había e, a media de potencia podía ser de 60 ou 70cv, simple tracción, dobre, e non valían para ese tipo de máquina nin funcionaba ben porque o tamaño da herba, do picado, era moi grande. Empezou a facer unhas pruebas, fixemos nós aquí unha máquina, probámola e empezou a ir un pouco ben e fixemos uns cambios e despois fixemos tamén 3 máquinas. Puxémolas a traballar 1 ano e iban ben, e ao seguinte ano fixemos 90 máquinas. E vendémolas por teléfono. Aquelo era...sacábano das mans, e o seguinte ano fixemos 300 e pico máquinas.”⁴⁷⁶

Ir á herba converteuse nun dos traballos máis importantes no novo contexto. Por esta razón, a introdución das moto-segadoras das marcas *Bertolini* ou *CBS*, constituíron sen lugar a dúbidas outra das grandes transformacións no traballo das explotacións. Coa moto-segadora enganchada ao tractor, xa bastaban como moito tres persoas para encher o carro de herba.



Imaxe 32. Segando a herba coa moto-segadora nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña) 1986⁴⁷⁷.

⁴⁷⁶ Entrevista a Javier Cancela. Realizada por Bruno Esperante (23/07/2018).

⁴⁷⁷ LLOVERAS VILAMANYÀ e PIÑEIRO ANDIÓN.: Una visión fotográfica de la agricultura tradicional gallega (1978-1986). Edicions i Publicacions Universitat de Lleida, 2014.

O volume de negocio das mesmas chegou a ser extremadamente relevante tanto para as empresas de distribución, como para as necesidades produtivas de forraxe das explotacións. Nisto, as explotacións leiteiras tiñan moito de responsabilidade. Nas zonas de alta especialización leiteira como na Baña, as vacas louras íanse vendendo ao longo da década dos setenta, e as explotacións dependendo de cada caso ía consolidando unha produción de 10, ou 20 ou 30 vacas ou máis. Chegaban tamén os primeiros centros de frío á aldea. As casas máis modestas comezaban compartíndoo, mais co tempo case todas acabarían tendo un centro de frío propio. Polo menos, nas casas da aldea de Nocedo, na freguesía de San Lois. As cisternas de xurro eran outras das protagonistas do momento, dada a necesidade de xestión do xurro ante un modelo de gandaría estabulada e intensiva. Construíanse para iso as cuadras modernas de grellas, e reducíase o pastoreo ao máximo, aumentando a dependencia dos pensos e concentrados⁴⁷⁸.



Imaxe 33. Cisterna de xurro con sistema de aspersión por tubo. Marca Anvaso S.A. Unha empresa con participación de DYPSA. 1976⁴⁷⁹.

⁴⁷⁸ Na entrevista mantida con Eloy Galván, traballador de John Deere Ibérica nos anos setenta e responsable de vendas en Galiza dende 1979 a 1984, contábanos como a mediados dos setenta apreciábase un auténtico ir e vir de carne e leite dende Galiza cara a meseta e, dende alí, especialmente dende zonas como Ciudad Real, chegaban de volta camiións cheos de alfalfa, palla e millo. Entrevista a Eloy Galván. Realizada por Bruno Esperante (18/09/2018).

⁴⁷⁹ VIVANCOS PUENTE, J.J. Colección fotográfica 1940-1996. Fotografías de Díaz y Prieto. Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

En definitiva, o traballo labrego tíñase transformado enormemente. Sobre todo, na redución do gasto de traballo, mais tamén na equipa básica dunha explotación. Xunto coas moto-segadoras, indispensables, a maquinaria para unha explotación de leite de oito ou dez vacas nos oitenta, requiría polo xeral dun tractor de potencia media duns 45 ou 60cv, xunto cun remolque dun eixo, arado de vertedura xiratoria, grada de púas, xunto coa propiedade ou a posta en común da fresadora e a cisterna do xurro⁴⁸⁰.



⁴⁸⁰ Entrevista a José Alonso. Realizada por Bruno Esperante (26/01/2018).

*“Eu tampouco quero quedar solo eh.
Por mui ben que me vaia, eu non quero quedar solo.
Por mui grande que sea a explotación, ao final que pasa?
Que queda un aquí e outro en San Antón
e temos que facer señales de fume para saber onde estamos?”.*

Mario da freguesía da Laiosa. A Baña.

4.4. O atraso da modernización.

Unha das maiores preocupacións actuais da veciñanza da aldea de Nocedo, mais tamén da Baña é o problema da perda de poboación das súas aldeas. O que resultou do coñecido proceso da modernización resultou ser un atraso para as condicións de vida nese rural. Por ese motivo, neste último punto quixémosnos centrar nos efectos que tivo a motomecanización nos anos oitenta e noventa nas agriculturas familiares. Unhas décadas marcadas por un cambio político-institucional considerable, dada a desaparición do marco autoritario da Ditadura e o asentamento da democracia, a autonomía de Galiza e a integración do Estado español na CEE en 1986. No aspecto das condicións de mercado, tampouco hai moita dúbida en sinalar os efectos da Política Agraria Común (PAC), na regulación da produción leiteira dende 1993 como un dos principais problemas ao que se enfrontaron as explotacións leiteiras nos anos noventa. Ademais, cumpriría ter en conta que a niveis de cambio tecnolóxico, a terceira onda da industrialización á que pertence a expansión do tractor, estaría xa esgotada nalgunhas das agriculturas máis adiantada, en termos tecnolóxicos, do mundo. Como alternativa, unha cuarta onda da industrialización comezaría a definirse en base ao uso da robótica, electrónica e á chegada da internet á agricultura.

4.4.1. Moto-mecanización e división do traballo.

Unha das principais características das explotacións gandeiras máis intensamente capitalizadas estivo ligada á cuestión da *externalización* dos servizos de maquinaria agrícola.

Na realidade, non era unha novidade dos anos oitenta e noventa, xa que dende o comezo mesmo da introdución de tractores recorríase ao traballo contratado, como xa vimos, de tractoristas que respondía a unha estratexia innovadora das casas máis modestas para suplir o factor do traballo limitado sen ter que asumir o alto investimento dun tractor. Isto, como xa sinalamos, tiña especial sentido nas explotacións nas que non había expectativas de futuro a medio e longo prazo, e no que o peche da explotación estaba próximo coa xubilación dos titulares⁴⁸¹. Pola contra, Cardesín na freguesía de San Martiño afirmaba que as casas de nivel medio e alto tendían a reducir a cero os custes do arrendamento de maquinaria nos anos oitenta. Neses casos, había casas que mercaban a maquinaria sabendo que a ían amortizar precisamente en arrendo a outras casas menores. De feito, eran os propios fillos das casas de nivel alto de San Martiño, os que adoitaban constituír algunhas das empresas de servizo da contorna. Estas empresas inicialmente cubrían as labores de maior gasto de traballo. Por exemplo, o empacado. De feito, en San Martiño só se rexistraban 4 empacadoras para 23 explotacións en 1988. Unha sería propiedade dunha explotación de nivel baixo de 13 explotacións en total; outra das de nivel medio de 7 explotacións e, por último, 2 de nivel alto de 3 explotacións en total (Cardesín, 1992: 104-107).

O problema desta *externalización* de servizos era que na realidade só representa un paso máis nos niveis de dependencia do capital para levar adiante o traballo dunha explotación. Ademais, afondábase en novas formas de división do traballo nas explotacións dado os niveis máis altos de formación que se requirían para manexar toda a maquinaria necesaria. Divisións que de novo reflectíanse con dez anos de antelación nas testemuñas de Shutes para a súa freguesía no condado de *Kerry* (Irlanda).

“Silage is now done by everyone and is almost totally managed by the contractor. Doing it yourself is really not on because of the amount of equipment that you would need now to do it well and because of the lack of labor and time for the farmer. We make the booking for the contractor in advance, usually the same fellows all the time, except for some fellows that might get jumpy and move around a bit. The contract silage makers are now so sophisticated. They come into the place with equipment that cost around 100,000 quid and are able to cut up to forty acres of grass in one day. They get up to forty Irish pounds and acre for the service, but we just could not do it

⁴⁸¹ Xa vimos na táboa 62 como unha gran parte das casas de Nocedo non tiveron o primeiro tractor ata despois do ano 2000. Cando o mercaron, fixérono para outras labores ao marxe dunha explotación gandeira. Polo demais, o resto das casas que mantiñan explotacións sen tractor servíanse da contratación dos servizo do tractor da casa de Galán. Ou ben doutra casa de fóra de Nocedo. Fonte: Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

as well or as fast ourselves. Only a few farmers around here still cut their own". (Shutes, T.M., 1989: 195)

A cada vez maior especialización técnica da produción esixía investimentos máis altos e diversificados en capital por parte das explotacións. Por esta razón, e pola determinada organización do traballo das explotacións leiteiras, as casas preferían contratar os servizos dunha empresa de maquinaria para facer o ensilado. Segundo *Shutes*, en Irlanda as empresas de servizo usábanse, sobre todo, logo das transformacións que experimenta a agricultura irlandesa intensificando e aumentando a produción no coñecido "*boom period*" dos anos de 1977 e 1980 (Shutes, T.M, 1989: 194). Porén, a *externalización* dos servizos tampouco proporciona ningunha seguridade completa ás explotacións xa que perdían o control parcial ou total de determinadas fases do proceso produtivo. Cousa que podían provocar desequilibrios ou des-coordinacións. De novo, as testemuñas logradas por *Shutes* volven a resultarnos relevantes para o caso galego.

"Just now it is a pretty nice setup for those that use the contractors and all, if they have low overheads. If they haven't borrowings, they are doing nicely. But a lot of people did build up during the boom time and now they are caught with the debt. Also, even those who are doing nicely are so dependent upon the co-op and the contractor that, when the bad weather comes for more than one year, they suffer massive losses in income that can't be made up anywhere. They get into debt whether they want to or not. So, there are many farmers who would seem to be going very well here, but in actual fact they are not going very well at all. They are going no place, only catching up with the debt from the past bad years". (Shutes, T.M., 1989: 196).

Xa en Galiza, os economistas Pereira Sánchez e Vence Deza constataron que a partir de 1990 aumentaba efectivamente o gasto das explotacións na adquisición de servizos. Concretamente, a partida máis importante de gastos serían os de veterinaria, mais irían seguidos en segunda posición polas contratacións de maquinaria e equipo co correspondente traballo (Pereira Sánchez e Vence Deza, 2017: 22). As razóns desta situación habería que poñela en relación, segundo Pereira e Vence, no contexto de apertura comercial das agriculturas no Estado español coa integración deste na CEE. Unha situación de maior competencia e exposición ao libre mercado, levaría ás explotacións a unha busca da redución de gastos fixos e a súa substitucións por outros de carácter variable, como por exemplo, a contratación de maquinaria para a realización de labores agrarias concretas. Outro factor importante, sinalan, serían os de carácter social. É dicir, a contratación de empresas de

servizos para obter horarios de traballo regulares e con períodos de folgar polo verán (Pereira Sánchez e Vence Deza, 2017: 19-20).

Mais fronte ás empresas de servizos, unha alternativa que xa viña dende finais dos anos setenta eran as cooperativas de uso de maquinaria agrícola. Concretamente, a súa orixe estaba ligada á eliminación do aparato sindical do franquismo no *Decreto-Ley* 31/1977 polo que se eliminaba a obriga de sindicarse e mudábase o nome dos vellos *Grupos Sindicales de Colonización (GSC)* polas novas *Sociedades de Transformación Agraria (SAT)*. Se ben, ata 1981 non se desenvolven os estatutos e regulamentos do seu funcionamento. Dende entón, as SAT convértense nos referentes cooperativistas para ás agriculturas do Estado. Aínda que o Censo de 1982 non mostrase un uso excesivo deste tipo de organizacións para o uso de tractores.

	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Propiedade	38,1	64,5	35,4	20,7	38,1
Cooperativa ou SAT	1,7	1,4	0,5	0,5	1,1
Empresas de servizo ou outras explotacións	60,2	34,1	64,1	78,8	60,8
Total	100	100	100	100	100
% do total sobre o nº de explotacións censadas	51,1	45,7	25,1	51,5	44,2

Táboa de elaboración propia a partir de (Soto, 2006: 447).

Na conformación dunha SAT podíase declarar o uso de tractores e maquinaria agrícola como obxecto social prioritario. Outra alternativa similar xa nos anos noventa para Galiza devíña da Lei autonómica 5/1998 de Cooperativas⁴⁸² polas que se podían crear Cooperativas Agrarias onde igualmente o uso de maquinaria entre os seus socios fora o obxecto social prioritario. Neste caso, estas cooperativas tamén serían denominadas Cooperativas de Utilización de Maquinaria Agrícola (CUMA)⁴⁸³.

⁴⁸² 30 de decembro 1998 (DOGA, nº 251).

⁴⁸³ No marco do Estado tiveron desenvolvemento destacado no País Vasco e Navarra. A nivel internacional xa tiñan unha ampla traxectoria en Francia dende a posguerra da Segunda Guerra Mundial. Alí, o goberno de Charles de Gaulle, co ministro de agricultura Tanguy Prigent aprobaban as bases legais para o futuro desenvolvemento das cooperativas de uso agrícola en 1946. Fórmulas cooperativas con amplo uso tamén en Portugal, Bélxica ou Italia. Vairas fontes en: Agro-alimentarias Cooperativas. (Data da consulta 23/09/2019) en: <http://www.agro-alimentarias.coop/ficheros/doc/01416.pdf>

Outro enlace en Revista Aropecuaria. Agricultura: (Data da consulta 23/09/2019) en: http://www.revistaagricultura.com/economia/economia/cumas-un-modelo-comunitario-poco-comun-en-espana_9142_39_11391_0_1_in.html#lightbox%5B9142%5D/1/

Sobre os peches e as emigracións.

A década dos noventa caracterízase polo declive claro do sector agrario en Galiza. Depresión que se acompaña cunha transformación do marco político-institucional e de mercado. Concretamente, debido á integración do Estado español na CEE e a aplicación das regras do mercado europeo a través da PAC, e a instauración das cotas de produción leiteiras dende 1993. Nese contexto, a agricultura en Galiza afonda na integración co marco europeo, onde cuns niveis de competitividade máis elevados, amplas explotacións gandeiras saen prexudicadas polas peores condicións estruturais da súa produción. A isto, habería que sumarlle ademais os efectos negativos que o relato modernizador tiña sobre as propias comunidades labregas. Marcadamente, a consolidación cultural de estilos de vida urbanos como algo atractivo e, en contraposición, a vida rural percibida como porca, atrasada ou escrava. Sen dúbida, este factor facilitaba a toma de decisións da mocidade para abandonar o rural. Ademais, os maiores salarios que podían atopar nos empregos da cidade, ou no estranxeiro axudaban a entender o fenómeno do éxodo rural.

Para á veciñanza da aldea de Nocedo, na freguesía de San Lois, a década dos noventa significa o peche da práctica totalidade das explotacións leiteiras que había dende os anos setenta. Das 24 casas con vacas que había no lugar en 1980, superaron pouco máis de 5 o cambio de século. Destas, só as casas de Sens e de Onésimo superaron a primeira década do novo século e, na actualidade, só se mantén a de Onésimo en funcionamento, mais co horizonte posto no curto prazo no peche da explotación por xubilación. Ao longo das últimas décadas o exemplo da casa de Amaro volve a ser clarificador do sucedido. As fillas do matrimonio que emigraran nos anos oitenta volven a fins dos noventa para facerse con empregos no téxtil, ou na limpeza nas vilas veciñas. O matrimonio a cargo da explotación levaba xa anos sen investimentos novos porque tampouco os necesitaban. Así, pechan a explotación trala súa xubilación en 1997⁴⁸⁴. Como neste caso, a maioría das casas da aldea, da freguesía e do Concello da Baña. A consecuencia desta situación é unha rápida caída da poboación empregada e residente no lugar. Desta forma, o principal problema da Baña convértese no decrecemento da poboación dende as 8,000 persoas dos anos setenta ata as pouco máis de 4,000 para o ano 2010. Caída que se mantén nos seguintes anos ata ameazar na actualidade con baixar das 3,000 persoas censadas en todo o concello.

⁴⁸⁴ Diálogos mantidos con Lola, Rebeca e Manolo. Traballo de campo (2018, 2019).

O predominante nestas freguesías agora son as denominadas agriculturas invisibles (Carreira e Carral, 2014: 176). Para Cardesín son agriculturas marxinais mantidas por xubilados que continúan cunha produción agraria sen dirixila cara o mercado, senón cara o consumo do grupo doméstico (1992: 118-119). Neste contexto, a ruína das casas no sentido de Cardesín, non hai que enténdelo só nun nivel económico literal. Mais ben, a ruína devén da desaparición ou debilitación do lugar da casa dentro da comunidade labrega debido á marcha dos seus membros.



Imaxe 34. Unha muller manexa un Ebro 350 por unha estrada do Concello da Baña (A Coruña) 1997⁴⁸⁵.

No medio deste proceso xeneralizado de decrecemento da poboación, o peche dunhas explotacións significan as oportunidades doutras (Cardesón, 1992: 124). Tal é caso por exemplo da casa de Mario, na freguesía da Laiosa. Dende que casou non parou de aumentar o número de vacas en muxido. Comezou coas 13 herdadas de seu pais e súa nai, e rápido pasou ás 20, logo ás 40 e ultimamente andaba sobre as 100 cabezas de gando. En canto á súa base territorial, das 13ha en propiedade, logrou traballar ata un total de 40ha, sendo a

⁴⁸⁵ IGLESIAS RAMOS, J.: A Baña. Imaxes de onte. Lembranzas de hoxe. (1993-2005). Compromiso por Galicia da Baña.

diferenza terras en arrendo coa veciñanza⁴⁸⁶. Non obstante, a supervivencia da explotación lígase no futuro á posibilidade dunha sucesión á algún dos fillos da casa. Senón, o obxectivo da explotación consistirá nun decrecemento ordenado. Deixan de investir en innovacións de medio e longo prazo e recorren cada vez máis a empresas de servizos para realizar as tarefas agrícolas. Coa xubilación, liquidan a explotación vendendo as vacas e a cota do leite cando a habían. Co tempo, as cuadras acabarán converténdose en segundos comedores das casas, símbolo inequívoco da cultura post-rural en Galiza⁴⁸⁷.

No casa de Claudio en Santo Antón, a evolución da explotación tamén foi un continuo crecemento dende os anos setenta. O aumento do número de vacas e os investimentos fixéronse gradualmente ao longo dos anos setenta e oitenta. Ao mesmo tempo, fóronse facendo en arrendo coas terras das demais explotacións que ían pechando pola contorna. Para os anos noventa, Claudio xubilase e sucédeo á fronte da explotación o seu fillo maior que, con formación universitaria, continúa intensificando e pondo ao día a explotación con máis de 40 vacas. Porén, os investimentos da explotación xa non consisten en moto-mecanizar o traballo, dado que o último tractor que mercaron nos oitenta bástalle e sóbralle para levar a diante as tarefas básicas da explotación⁴⁸⁸. Ademais, dende a chegada da PAC os investimentos diríxense a mercar cota de produción leiteira para ter sempre marxe de mellora. Outro dos últimos cambios na explotación consiste na redución de prados artificiais e prados a millo, para substituílos por monte arborado. Preferentemente eucalipto dado os rápidos retornos que lles proporciona á explotación. A cambio, hai un aumento no gasto en pensos e concentrado, así como en servizos de asesoramento gandeiro, melloras nutricionais, xenéticas e servizos veterinarios⁴⁸⁹.

Como vemos, a moto-mecanización deixa de estar no centro dos investimentos en innovación nas explotacións nos anos noventa. Basicamente porque se completa o cambio

⁴⁸⁶ Entrevista a Mario. Realizada por Bruno Esperante (22/11/2018).

⁴⁸⁷ Algúns análises sobre as novas formas patrimoniais da Galiza post-rural en (Ayán e Gago, 2012). Outras formas patrimoniais ligadas á recuperación de maquinaria agrícola (Esperante, 2016).

⁴⁸⁸ Ademais, as explotacións especializadas adoitaban conservar os tractores vellos unha vez amortizados en 5 ou 8 anos de traballo. Non o vendía porque o diñeiro que podían sacar por el era mínimo e, pola contra, sempre se podía usar na casa para complementar o traballo nas xornadas puntas. De igual forma, podían usalo como substituto temporal por si o tractor principal fallaba. Este motivo, e non outro, era o motivo ás veces dos números elevados de tractores, ou do elevado índice de cabalos de potencia por hectárea que moitas veces superaban ao que aconsellaría a técnica. Fonte: Fonte: Nº 1. Febreiro 1970. Boletín de Difusión Interna. Grupo Nacional de Fabricantes de Tractores, Motocultores y Maquinaria Agrícola. BNE.

⁴⁸⁹ Entrevista a Claudio. Realizada por Bruno Esperante (12/05/2019).

tecnolóxico nas décadas anteriores. Ocorre isto tanto para as explotacións máis especializadas como, sobre todo e con máis razón, para as explotacións que pasan a ser agriculturas invisibles. Polo xeral, os investimentos dos anos noventa en diante irán dirixidos á mellora da calidade do leite producido, á contratación de traballadores asalariados para ter vacacións e horarios “normais”, ou ao cumprimento cos requisitos ambientais cada vez máis presentes na lexislación que lles afecta.

Esta situación provoca o afundimento definitivo do mercado de tractores na década dos noventa, como xa temos visto no capítulo anterior. Cuestión que ademais acentúase co encarecemento da maquinaria polo fin dos programas de subvencións dos oitenta. Javier Cancela na súa empresa de Tordoia, confirma a caída completa do mercado de maquinaria usada para comezos dos anos noventa. Tanto, que seu pai remata co negocio que tan bos réditos lle dera de venta de máquinas usadas vidas de Polonia, Holanda e Alemaña. Abandonaban deste xeito o negocio da maquinaria de segunda man e especialízanse exclusivamente na distribución e fabricación doutra maquinaria auxiliar⁴⁹⁰. O mercado cambia, e fano tamén as explotacións. Mais os criterios de selección tecnolóxica non mudan tanto como se podería pensar. As motivacións culturais seguen estando á orde do día nas explotacións máis avanzadas.

“Agora mesmo a compra de tractores nos últimos anos en Galicia, o nivel de calidade do tractor, de acabados e de extras e muito mais elevado que no resto de España. Sobre todo co sur. (...) O usuario do tractor é o dono. No sur son empleados. Compran un tractor con aire acondicionado, a cabina básica, nada de suspensión, nada. E agora en Galicia estanse vendendo tractores Fendt último modelo....cunhas cousas que non se están vendendo no resto de España. Conozo un pouco do resto do mercado de España e quizás Cataluña, hai bo material. Pero ti vas a Andalucía, a Extremadura ou Ciudad Real e o nivel de tractores que hai alí é muito máis baixo porque a maioría son grandes fincas onde hai empleados e compran tractores moito máis básicos. (...) E a veces teño dito que locura que tal...pero tamén comprendo que se botan toda a vida e sobre todo o leite, que é un traballo que hai que dedicarlle os trescentos e pico días do ano, non tes un fin de semana libre nin nada. Polo menos permitirche cando vas ao campo ou así, ir nun tractor muy cómodo, que poidas disfrutar del, e como ter unha moto ou ter outro vicio. Quizais che

⁴⁹⁰ Entrevista a Javier Cancela. Realizada por Bruno Esperante (23/07/2018). De novo, Shutes consegue un relato dun informante no Condado de Kerry (Irlanda), no que describe un movemento similar da caída do mercado de tractores logo do “irish boom period” de 1977 a 1980. O relato segue así: “There would probably have been more expansion except that, in the past few years, fellows around here have gone very cautious, you know. Tractor sales in 1978 here in Kerry were booming; now they would be lucky to sell 25-50 new tractor in a year. New tractors are just not there anymore. Farmers can’t afford it. And likewise, with the central roadways, building, and concreting: totally stopped. A lot of the building went on during the boom times of the late 1970s, and most of the work was done then. It was like the in thing, you know. But all of that has stopped and a lot of fellows who had it done are hard pressed for cash because they have had to pay back the loans during the hard times of the 1980s”. (Shutes, T.M., 1989: 196).

chegara un tractor muito máis pequeno. Seguramente que si, pero ser o usuario final polo menos, ter a satisfacción de dicir: traballo tantas horas, ir cómodo, ir nun tractor última tecnología. E si, témolo comentado moitas veces con distribuidores e tal. Galicia agora mesmo estanse metendo tractores top. E no outro resto de España no ”⁴⁹¹.

Como se pode percibir, a organización do traballo familiar, mais que asalariado, segue marcando diferenzas á hora de definir as innovacións nas explotacións. Seleccións tecnolóxicas que mesturan tanto motivacións económicas como sociais e culturais. Faciano hai cincuenta anos e segue a ocorre agora. Si o veciño mercaba un tractor de 90cv ti mercabas outro maior para preguntarche despois si o tractor che viraba na eira.



⁴⁹¹ Entrevista a Javier Cancela. Realizada por Bruno Esperante (23/07/2018).



CONCLUSIONS

Here we present a description of the main conclusions reached throughout this research trip. At the beginning, our research questions were simple. How had moto-mechanization⁴⁹² occurred in agriculture? When and at what rates? With what innovation policies? Under what market conditions? However, shortly after we went further, and we asked ourselves other questions. Who had benefited socially from the moto-mechanization? Who had it hurt? Who had been excluded from the process and why? All right. These were the questions that guided the four chapters of this thesis.

In the first chapter we analyze moto-mechanization policies within the framework of the technological paradigm of agrarian fascism, from 1939-1963. This is certainly a complex and difficult paradigm to define, since it stems from a radical break with the political-institutional, market, and societal framework prior to the Spanish Civil War. It is also defined by its own weakness, from out of the fascist defeat in World War II. The paradigm of agrarian fascism is not successful also because other problems originating in the Dictatorship's internal policies, like the conflict between Falangists and Catholics over the control of agrarian policies arises. Finally, agrarian fascism policies end up being abandoned by the Dictatorship once political and economic pacts are signed with the United States in the nineteen fifties.

A main policy of technological change in agrarian fascism is defined by the control of the supply of tractors of the *Programa Oficial de Adjudicación de Tractores (POAT)*. This serves as a fundamental instrument of State policy for directing technological change in agriculture. Its operation must be understood in the context of the State intervening in market and society in the forties, taking into account the obvious difficulty of the State and the market to import or produce tractors and meet the existing demand throughout those years.

⁴⁹² Translation note: We use "moto-mechanization" to refer to the motorization of machines. For example, the old threshing machines with draught animal that since the Second World War are motorized with engines. The same for the plows used first with draught animals and later by tractors. So "moto-mechanization" defines the substitution process of draught animals into engines in the agriculture machines.

Additionally, the POAT can be better understood as part of the responses to autarky economy, since the program is used to motorize grain agriculture that the State considers to be key in achieving their objectives. Thus, it is a policy that follows a clear direction, benefiting large and medium-sized grain farmers. This focus coincides with the return to the large owner-innovator, in much the style of the nineteenth century, as the preferred beneficiary of the Spanish State's innovation policies since 1939. In fact, between 1947 and 1955, the State finances 70% of tractor grants with advantageous credits, so that technological change was cheaper for large and medium-sized owners than for small farms who were left out of the program. This is seen to clearly when the conditions of the loans are analyzed, and almost all owners with less than 50 hectares were excluded. And not only that, the POAT also favored grain producers who gave greater shares of wheat to the *Servicio Nacional del Trigo* (SNT), as well as to olive or rice farmers.

